



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X leislatura
Serie Pleno
Número 57

Sesión plenaria
24 de xaneiro de 2018

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (continuación.)

Punto 3. Proposicións non de lei

3.1 3072 (10/PNP-000272)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación de saturación que padecen os servizos de urxencias dos centros hospitalarios, así como de atención primaria, do Sergas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 48, do 19.01.2017

3.2 6769 (10/PNP-000597)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique e seis deputados/as máis

Sobre a continuación polo Goberno galego co desenvolvemento de actuacións para a posta en común con outras rexións e frotas pesqueiras das experiencias e dos coñecementos obtidos en relación coa problemática dos descartes, con especial atención á súa refundición e ao traslado á Comisión Europea das demandas para a adaptación da normativa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 92, do 29.03.2017

3.3 20352 (10/PNP-001513)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir o dereito do alumnado con trastorno do espectro do autismo a unha educación inclusiva no sistema público de ensinanza

Publicación da iniciativa, BOPG nº 219, do 29.11.2017

3.4 20698 (10/PNP-001542)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e once deputados/as máis

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia tendentes á construción dun centro de saúde no edificio do mercado da Santa Lucía, no barrio da Falperra, na cidade da Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 222, do 04.12.2017

3.5 20708 (10/PNP-001543)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e seis deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia destinadas á realización de campañas de concienciación e sensibilización sobre a violencia de xénero no ámbito rural

Publicación da iniciativa, BOPG nº 222, do 04.12.2017

3.6 21105 (10/PNP-001586)**Grupo Parlamentario de En Marea****Vázquez Verao, Paula**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar a accesibilidade en todas as áreas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 226, do 14.12.2017

3.7 21276 (10/PNP-001599)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de transvasamento de auga do río Verdugo ao encoro de Eiras que está a tramitar Augas de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 229, do 19.12.2017

3.8 21534 (10/PNP-001615)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio**

Sobre a elaboración e remisión polo Goberno galego ao Parlamento de Galicia dun plan de actuacións e medidas concretas destinadas a afrontar as dificultades que presenta o sector pesqueiro para propiciar o seu relevo xeracional

Publicación da iniciativa, BOPG nº 229, do 19.12.2017

Punto 4. Interpelacións**4.1 20803 (10/INT-000695)****Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa suba das tarifas nas peaxes da AP-9

Publicación da iniciativa, BOPG nº 223, do 05.12.2017

4.2 21744 (10/INT-000741)**Grupo Parlamentario de En Marea****Vázquez Verao, Paula e trece deputados/as máis**

Sobre a política da Xunta en materia de servizos sociais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 236, do 10.01.2018

4.3 22065 (10/INT-000748)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela**

Sobre os problemas producidos pola saturación dos servizos de urxencias dos hospitais ante o aumento dos casos de gripe

Publicación da iniciativa, BOPG nº 236, do 10.01.2018

Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

5.1 23049 (10/POPX-000067)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do impulso diante do Goberno central dunha axenda para Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 241, do 17.01.2018

5.2 23105 (10/POPX-000068)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre a avaliación do Goberno galego en relación coas recentes decisións do Goberno central que afectan as finanzas das comunidades autónomas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 241, do 17.01.2018

5.3 23171 (10/POPX-000069)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre o alcance temporal das políticas de recortes que ocasionan colapsos e saturación nos servizos de urxencias dos hospitais galegos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 241, do 17.01.2018

Punto 6. Preguntas ao Goberno

6.1 21844 (10/POP-002573)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e catorce deputados/as máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia con respecto ás estacións intermodais e as datas previstas para a súa realización

Publicación da iniciativa, BOPG nº 236, do 10.01.2018

6.2 22170 (10/POP-002633)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da seguridade das novas pasarelas da ponte de Rande

Publicación da iniciativa, BOPG nº 236, do 10.01.2018

6.3 23170 (10/PUP-000138)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco e dous deputados/as máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da suspensión cautelar das sondaxes mineiras e demais labores que está a realizar a empresa Sociedad Cobre San Rafael nos concellos de Touro e do Pino, mentres non se garanta o abastecemento de auga na zona

Publicación da iniciativa, BOPG nº 241, do 17.01.2018

6.4 23165 (10/PUP-000135)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre as xestións realizadas pola Xunta de Galicia desde o 17 de outubro de 2017 para garantir a viabilidade e a continuidade da empresa Maderas Iglesias, S.A., na zona sur da provincia de Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 241, do 17.01.2018

6.5 20307 (10/POP-002413)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Burgo López, María de la Concepción e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para recuperar as dúas pías medievais pertencentes á igrexa de San Xián de Moraime, no concello de Muxía

Publicación da iniciativa, BOPG nº 215, do 22.11.2017

6.6 21728 (10/POP-002549)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Villoslada, Juan Manuel e catro deputados/as máis**

Sobre as medidas que ten previsto adoptar o Goberno galego para preservar o patrimonio artístico, documental e bibliográfico do Centro Gallego de Buenos Aires

Publicación da iniciativa, BOPG nº 234, do 29.12.2017

6.7 21996 (10/POP-002610)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis**

Sobre as medidas que adoptou ou prevé adoptar a Xunta de Galicia para garantir a titularidade galega do patrimonio cultural do Centro Galego de Bos Aires así como para a súa protección e posta en valor

Publicación da iniciativa, BOPG nº 236, do 10.01.2018

6.8 22681 (10/PUP-000133)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Arias Rodríguez, Raquel e sete deputados/as máis**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da situación actual do Centro Galego de Bos Aires

Publicación da iniciativa, BOPG nº 241, do 17.01.2018

6.9 16918 (10/POP-002128)**Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do recoñecemento das competencias profesionais e a formación necesaria para a adquisición do título de técnico ou técnica superior en Electromedicina Clínica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 182, do 27.09.2017

6.10 21610 (10/POP-002541)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a información proporcionada pola Xunta de Galicia en relación cos convenios subscritos polo Sergas cunha empresa fabricante de equipos médicos e especializada en tecnoloxía

Publicación da iniciativa, BOPG nº 234, do 29.12.2017

6.11 23168 (10/PUP-000136) (C.E. 23191)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e dous deputados/as máis

Sobre as razóns do Goberno galego para acordar a redución do número de camas no novo edificio do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 241, do 17.01.2018

6.12 23169 (10/PUP-000137)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e seis deputados/as máis

Sobre a situación a día de hoxe e as medidas adoptadas polo Goberno galego para afrontar a epidemia de gripe nos centros hospitalarios

Publicación da iniciativa, BOPG nº 241, do 17.01.2018

SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego respecto do impulso diante do Goberno central dunha axenda para Galicia. (Punto quinto da orde do día)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 15.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 16.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 17.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 19.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a avaliación do Goberno galego en relación coas recentes decisións do Goberno central que afectan as finanzas das comunidades autónomas. (Punto quinto da orde do día)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S)*. (Páx. 20.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 21.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S)*. (Páx. 23.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 24.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre o alcance temporal das políticas de recortes que ocasionan colapsos e saturación nos servizos de urxencias dos hospitais galegos. (Punto quinto da orde do día)

Intervención do autor: *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 26.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 27.)

Réplica do autor: *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 28.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 30.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e once deputados/as máis, sobre as actuacións da Xunta de Galicia tendentes á construción dun centro de saúde no edificio do mercado da Santa Lucía, no barrio da Falperra, na cidade da Coruña. (Punto terceiro da orde do día)

O señor presidente anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 31.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Trenor López (P). (Páx. 32.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sra. Solla Fernández (EM). (Páx. 35.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 37.) e Sr. Díaz Villoslada (S). (Páx. 38.)

O señor Trenor López (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 41.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Luisa Pierres López e seis deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia destinadas á realización de campañas de concienciación e sensibilización sobre a violencia de xénero no ámbito rural. (Punto terceiro da orde do día)

O señor presidente anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 42.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Pierres López (S). (Páx. 43.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 46.) e Sra. García Míguez (P) (Páx. 48.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Quinteiro Araújo (EM). (Páx. 51.)

A señora Pierres López (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 52.)

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Vázquez Verao, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar a accesibilidade en todas as áreas. (Punto terceiro da orde do día)

O señor presidente anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 53.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Vázquez Verao (EM). (Páx. 55.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Blanco Rodríguez (S) (Páx. 58.) e Sra. Rodríguez-Vispo Rodríguez (P). (Páx. 60.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Prado Cores (BNG). (Páx. 62.)

A señora Vázquez Verao (EM) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 64.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de transvasamento de auga do río Verdugo ao encoro de Eiras que está a tramitar Augas de Galicia. (Punto terceiro da orde do día)

O señor presidente anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 65.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 66.)*

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Vilán Lorenzo (S). (Páx. 69.)*

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Cal Ogando (EM) (Páx. 71.) e Sr. Pazos Couñago (P). (Páx. 73.)*

O señor Bará Torres (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 75.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Dolores Toja Suárez e D. Julio Torrado Quintela, sobre a elaboración e remisión polo Goberno galego ao Parlamento de Galicia dun plan de actuacións e medidas concretas destinadas a afrontar as dificultades que presenta o sector pesqueiro para propiciar o seu relevo xeracional. (Punto terceiro da orde do día)

O señor presidente anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 77.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Toja Suárez (S). (Páx. 77.)*

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 81.) e Sra. Egerique Mosquera (P). (Páx. 83.)*

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Merlo Lorenzo (EM). (Páx. 84.)*

A señora Toja Suárez (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 86.)

Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación de saturación que padecen os servizos de urxencias dos centros hospitalarios, así como de atención primaria, do Sergas: *rexeitada por 30 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención. (Páx. 88.)*

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Carlos Enrique López Crespo e seis deputados/as máis, sobre a continuación polo Goberno galego co desenvolvemento de actuacións para a posta en común con outras rexións e frotas pes-

queiras das experiencias e dos coñecementos obtidos en relación coa problemática dos descartes, con especial atención á súa refundición e ao traslado á Comisión Europea das demandas para a adaptación da normativa: *aprobada por 38 votos a favor, 18 en contra e 12 abstencións.* (Páx. 88.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda e D^a Luca Chao Pérez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir o dereito do alumnado con trastorno do espectro do autismo a unha educación inclusiva no sistema público de ensinanza: *rexeitada por 30 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 88.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e once deputados/as máis, sobre as actuacións da Xunta de Galicia tendentes á construción dun centro de saúde no edificio do mercado da Santa Lucía, no barrio da Falperra, na cidade da Coruña: *aprobada por 38 votos a favor, 12 en contra e 18 abstencións.* (Páx. 89.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Luisa Pierres López e seis deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia destinadas á realización de campañas de concienciación e sensibilización sobre a violencia de xénero no ámbito rural: *aprobado por 68 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 89.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Vázquez Verao, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar a accesibilidade en todas as áreas: *rexeitado por 30 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 90.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de transvasamento de auga do río Verdugo ao encoro de Eiras que está a tramitar Augas de Galicia: *rexeitada por 18 votos a favor, 38 en contra e 12 abstencións.* (Páx. 90.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Dolores Toja Suárez e D. Julio Torrado Quintela, sobre a elaboración e remisión polo Goberno galego ao Parlamento de Galicia dun plan de actuacións e medidas concretas destinadas a afrontar as dificultades que presenta o sector pesqueiro para propiciar o seu relevo xeracional: *rexeitado por 30 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.*(Páx. 91.)

Declaración institucional

O señor presidente le a declaración institucional en relación coas vítimas do Holocausto acordada por todos os grupos parlamentarios. (Páx. 91.)

Interpelación do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e D. Marcos Cal Ogando, sobre a política do Goberno galego en relación coa suba das tarifas nas peaxes da AP-9. (Punto cuarto da orde do día)

Intervención do autor: *Sr. Lago Peñas (EM)*. (Páx. 92.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 95.)

Réplica do autor: *Sr. Lago Peñas (EM)*. (Páx. 97.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 99.)

Interpelación de D^a Paula Vázquez Verao e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre a política da Xunta en materia de servizos sociais. (Punto cuarto da orde do día)

Intervención da autora: *Sra. Vázquez Verao (EM)*. (Páx. 101.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela)*. (Páx. 105.)

Réplica da autora: *Sra. Vázquez Verao (EM)*. (Páx. 108.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela)*. (Páx. 109.)

O señor presidente comunica unha modificación no desenvolvemento da sesión plenaria. (Páx. 111.)

Suspéndese a sesión ás tres e once minutos da tarde e retómase ás catro e media.

Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os problemas producidos pola saturación dos servizos de urxencias dos hospitais ante o aumento dos casos de gripe. (Punto cuarto da orde do día)

Intervención do autor: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 111.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 116.)

Réplica do autor: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 119.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 121.)

Pregunta de D. Francisco Casal Vidal e dous deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da suspensión cautelar das sondaxes mineiras e demais labores que está a realizar a empresa Sociedad Cobre San Rafael nos concellos de Touro e do Pino, mentres non se garanta o abastecemento de auga na zona. (Punto sexto da orde do día)

Intervención do autor: *Sr. Casal Vidal (EM)*. (Páx. 123.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 125.)

Réplica do autor: *Sr. Casal Vidal (EM)*. (Páx. 126.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 126.)

Pregunta de D. Martín Fernández Prado e catorce deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia con respecto ás estacións intermodais e as datas previstas para a súa realización. (Punto sexto da orde do día)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Prado (P)*. (Páx. 127.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 128.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Prado (P)*. (Páx. 129.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 130.)

Pregunta de D. Marcos Cal Ogando, do G. P. de En Marea, sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da seguridade das novas pasarelas da ponte de Rande. (Punto sexto da orde do día)

Intervención do autor: *Sr. Cal Ogando (EM)*. (Páx. 131.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 132.)

Réplica do autor: *Sr. Cal Ogando (EM)*. (Páx. 133.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 134.)

Pregunta de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as xestións realizadas pola Xunta de Galicia desde o 17 de outubro de 2017 para garantir a viabilidade e a continuidade da empresa Maderas Iglesias, S. A., na zona sur da provincia de Pontevedra. (Punto sexto da orde do día)

Intervención do autor: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 135.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 137.)

Réplica do autor: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 138.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 139.)

Pregunta de D^a María de la Concepción Burgo López e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para recuperar as dúas pías medievais pertencentes á igrexa de San Xián de Moraimo, no concello de Muxía. (Punto sexto da orde do día)

Intervención da autora: *Sra. Burgo López (S)*. (Páx. 140.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 141.)

Réplica da autora: *Sra. Burgo López (S)*. (Páx. 142.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 143.)

Debate acumulado das seguintes preguntas

Pregunta de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e catro deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que ten previsto adoptar o Goberno galego para preservar o patrimonio artístico, documental e bibliográfico do Centro Gallego de Buenos Aires. (Punto sexto da orde do día)

Pregunta de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que adoptou ou prevé adoptar a Xunta de Galicia para garantir a titularidade galega do patrimonio cultural do Centro Galego de Bos Aires, así como para a súa protección e posta en valor. (Punto sexto da orde do día)

Pregunta de D^a Raquel Arias Rodríguez e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto da situación actual do Centro Galego de Bos Aires. (Punto sexto da orde do día)

Intervención dos autores: *Sr. Díaz Villoslada (S)* (Páx. 144.), *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 146.) e *Sra. Arias Rodríguez (P)*. (Páx. 147.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 148.)

Réplica dos autores *Sr. Díaz Villoslada (S)* (Páx. 150.), *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 151.) e *Sra. Arias Rodríguez (P)*. (Páx. 152.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 153.)

Pregunta de D^a Eva Solla Fernández, do G. P. de En Marea, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do recoñecemento das competencias profesionais e a formación necesaria para a adquisición do título de técnico ou técnica superior en Electromedicina Clínica. (Punto sexto da orde do día)

Intervención da autora: *Sra. Solla Fernández (EM)*. (Páx. 154.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 155.)

Réplica da autora: *Sra. Solla Fernández (EM)*. (Páx. 156.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 157.)

Pregunta de D^a Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns do Goberno galego para acordar a redución do número de camas no novo edificio do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense. (Punto sexto da orde do día)

Intervención da autora: *Sra. Blanco Rodríguez (S)*. (Páx. 158.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuiña)*. (Páx. 159.)

Réplica da autora: *Sra. Blanco Rodríguez (S)*. (Páx. 160.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuiña)*. (Páx. 161.)

Pregunta de D^a Eva Solla Fernández, do G. P. de En Marea, sobre a información proporcionada pola Xunta de Galicia en relación cos convenios subscritos polo Sergas cunha empresa fabricante de equipos médicos e especializada en tecnoloxía. (Punto sexto da orde do día)

Intervención da autora: *Sra. Solla Fernández (EM)*. (Páx. 162.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 163.)

Réplica da autora: *Sra. Solla Fernández (EM)*. (Páx. 165.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 165.)

Pregunta de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a situación a día de hoxe e as medidas adoptadas polo Goberno galego para afrontar a epidemia de gripe nos centros hospitalarios. (Punto sexto da orde do día)

Intervención do autor: *Sr. Núñez Centeno (P)*. (Páx. 166.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 167.)

Réplica do autor: *Sr. Núñez Centeno (P)*. (Páx. 169.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 170.)

Remata a sesión ás sete e vinte e seis minutos do serán.

Retómase a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Reiniciamos a sesión co punto quinto da orde do día, que se corresponde co de preguntas para resposta oral do presidente da Xunta.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego respecto do impulso diante do Goberno central dunha axenda para Galicia

O señor PRESIDENTE: Comezamos coa pregunta de dona Ana Belén Pontón Modeló, portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi bo día.

Señor Feijóo, permítame que lle resuma en tres titulares algúns dos seus últimos logros: «As peaxes da AP-9 subirán o dobre que en España e cruzala custará 23 euros», «Cinco-centas empresas galegas xa fabrican en Portugal», «O corredor atlántico conectará con Aragón e Navarra tras o portazo a Galiza»; é dicir, o corredor atlántico pasará por Madrid, por Zaragoza, pero non pasará nin por Vigo nin pola Coruña; todo moi lóxico e todo moi atlántico, ¡sí, señor! (*Aplausos.*)

E é tan notoria a irrelevancia á que nos conduce que, despois do seu minitour madrileño, presentounos como un grande éxito rebaixas fiscais para o Xacobeo, que veñen existindo desde o ano 1993. A verdade é que é vostede un fenómeno.

Pero, por se isto fose pouca mofa, resulta que onte o seu ministro de Fomento deulle luz verde para que nos suba, aínda máis, as peaxes aos galegos e ás galegas. Parecería un chiste de Gila se non fora porque esa suba das peaxes, esas peaxes da AP-9, son unha estafa que cada día soportan vinte mil usuarios nun país no que temos os segundos salarios máis baixos de todo o Estado.

Señor Feijóo, o BNG leva meses propoñéndolle que impulse unha axenda galega, pero non ten ningunha. E, visto todo o que está pasando, pois só podemos chegar a unha conclusión: vostede non ten unha axenda galega, ten unha axenda en contra de Galiza, en contra dos galegos e das galegas, unha axenda que lle dita o Partido Popular de Madrid e que vostede executa ao pé da letra. (*Aplausos.*)

¿Vostede quere liquidar este país? Eu agardo que non, señor Feijóo. E por iso lle pido que non permita que o Estado lles siga tomando o pelo aos galegos e ás galegas e que impulse unha axenda de país. Unha axenda galega na que, en primeiro lugar, debe figurar un novo modelo de financiamento que nos garanta un financiamento xusto e suficiente para os nosos servizos públicos. En segundo lugar, en materia de dependencia, reclámelle ao señor Montoro os 150 millóns de euros que nos debe, porque hai case 13.000 dependentes que teñen dereito a unha axuda que non están recibindo. En terceiro lugar, a modernización a activar

a transferencia da AP-9, porque o que ninguén entende é que Rajoy teña 4.000 millóns de euros para rescatar as radiais madrileñas e cero para rescatarnos os galegos e galegas dunhas peaxes na AP-9, unha AP-9 que está requeteamortizada.

E, por último, señor Feijóo, tamén debe figurar nesa axenda a modernización do ferrocarril. Porque, mire, a este ritmo eu creo que o AVE vai chegar antes á Lúa que a Galiza... (*Murmurios.*), si, si. E non temos, fóra do que é A Coruña-Vigo, un tren moderno, temos un tren do século XIX. Mire, non temos nin AVE nin cercanías e, para máis mofa, non temos nin tren de mercadorías.

Nós, señor Feijóo, o que lle dicimos é que xa está ben, que vostede debe de reaccionar e poñer en marcha unha axenda de país, que significa empezar a defender os intereses de Galiza e deixar de comportarse como un subordinado de Rajoy.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, empezamos mal se a vostede o único que lle interesan son os titulares ou os escasos aplausos do seu escaso grupo parlamentario. A min dende logo o que me preocupa —como é lóxico— é o meu país, e por iso vou seguir traballando.

Pregúntame vostede se teño previsto impulsar unha axenda galega da política na que traballamos. ¡Por suposto, señoría! A miña axenda é intentar responder ás necesidades dos galegos. Outra cousa é se me pregunta se vou impulsar a axenda galega do BNG. Se me pregunta iso, señoría, teño que dicirlle que non. Que non porque, cando teño que escoller entre a axenda galega do BNG e a axenda galega do grupo maioritario, comprenderá vostede que os galegos nunca me perdoarían que impulsara a axenda galega que ten menos apoios en toda Galicia. Comprenderá vostede que nisto non consiste o goberno; ao contrario, nisto consiste facer ao revés do que lle interesa a Galicia. Por iso vostede probablemente nas reunións do seu escaso grupo parlamentario logre algúns aplausos.

Fala de tarifas eléctricas propias, fala dun sistema de financiamento onde Galicia perda como mínimo 1.000 millóns de euros —pero hai que copiar os vascos—, fala de por que non a independencia de Galicia —como hai que copiar o ilustre admirado político polo nacionalismo galego señor Puigdemont—. Fala vostede, en definitiva, de que agora si, agora o BNG cambiou de opinión e quere a transferencia das autoestradas. Vostede votaba que non no ano 2007, pero agora vostedes están cambiando de opinión.

Mire, señoría, seguro que a aplauden porque a súa axenda é a máis simple do mundo, a de sempre: hai que buscar sempre un inimigo e culpalo de todos os males, je xa está! Esa é a axenda do BNG. E, polo que vexo, non soamente non rectifican senón que afondan nela.

Señoría, di vostede: titulares. As peaxes subiron, pero non explica quen subiu as peaxes. A peaxe conxelouse no ano 2016, conxelouse no ano 2017. A peaxe sobe agora, porque hai que subila conforme o IPC, pero sobe a peaxe agora fundamentalmente porque se fixeron unhas infraestruturas que o Goberno socialista —do que vostedes eran socios— decidiu financeiro coa peaxe dos galegos. Iso non o explica.

Di vostede que o corredor atlántico resulta que agora vai pasar por outras comunidades autónomas. Pero non di vostede que o feito de que o corredor atlántico non fora incluído *ab initio* cos portos da Coruña e de Vigo fora como consecuencia dun acordo do Partido Socialista —vostedes apoiaban ese goberno— en relación e co acordo en Bruxelas. Non di vostede que agora imos rectificar ese acordo que rompeu os intereses de Galicia. Iso non o di.

Di vostede: ¿que cousas conseguimos?, que se o Xacobeo xa sempre tivo beneficios fiscais. Nunca o Xacobeo tivo beneficios fiscais durante tres anos. Pero a vostede dálle igual, como deixaron un Xacobeo que non tiña nin preparado o primeiro acto, simplemente porque non crían nel ou simplemente porque a conselleira do BNG que tiña as competencias do Xacobeo non falaba co presidente da Xunta do Bipartito.

Di vostede o que lle peta. Di vostede que agora van subir as peaxes. Non, señoría, o que onte acordamos é devolver a equidade ás peaxes en Galicia e que a xente de Redondela-Vigo/Vigo-Redondela non pague unha peaxe que era a máis cara da autoestrada do Atlántico. Esa é a gran diferenza entre vostedes e nós.

Por iso, señoría, cando fala vostede de autopista a estes rapaces —que, por certo, saúdo— dun instituto da Coruña, non lles di vostede que nós aforramos 400 millóns de euros que deixamos de pagar en peaxes co presuposto de Galicia a unha autoestrada estatal...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...que vostedes aplaudían coas dúas mans. Pagaban as peaxes a unha autoestrada estatal e aínda encima me di a min se defendo os intereses de Galicia.

Mire, señoría, deixe vostede de buscar o aplauso escaso dos seus e pónase a traballar polo país. Eu creo que é bo que traballe polo país. A ideoloxía nunca pode estar por riba dos intereses do país. Así que, señora Pontón, déixese vostede de titulares e empece a traballar polo país.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Ben, señor Feijóo, efectivamente, empezamos mal. E empezamos mal porque vostede segue facendo de oposición da oposición. Oxalá se lle dera tan

ben defender os intereses de Galiza como facerlle de oposición ao BNG, sería unha gran noticia para este país. *(Aplausos.)*

E mire, eu creo que só alguén que está en Babia pode dicir que onte non se acordou unha nova suba das peaxes para este país. O que nos ten que aclarar é se esa nova suba a propuxo a súa conselleira ou se foi unha imposición do Ministerio. Porque, desde logo, hai alternativas a subirlles a peaxe aos galegos e ás galegas. Hai unha primeira alternativa que significa que por unha vez pensen en Galiza e non nos beneficios de Audasa, porque, se o ano pasado tivo 46 millóns de euros de beneficio, está claro que hai marxe para baixar as peaxes no noso país. ¿E vostede que está defendendo: o interese dos galegos e das galegas ou que Audasa siga tendo beneficios multimillonarios? Está claro, señor Feijóo, de que lado está vostede.

E tamén podería aproveitar e dicirlle ao seu xefe, o señor Rajoy, que se ten recursos, que imos pagar entre todos e todas, para rescatar as radiais madrileñas, ben pode figurar na lista de autoestradas que hai que rescatar a AP-9, porque iso significaría levantar unha carga, unha auténtica estafa legalizada, aos galegos e ás galegas. O problema, señor Feijóo, é que vostede non o pode defender, porque iso non forma parte da axenda que lle está marcando o seu partido desde Madrid e que está facendo que aos galegos e ás galegas se nos trate como cidadáns de segunda. Porque aquí, mentres os demais levan décadas desfrutando do AVE, o único que temos é un tren que nalgunhas partes do noso territorio cae a cachos e que están desmantelando.

Explíquenos, señor Feijóo, por que o Ministerio inviste no FEVE en Cantabria e en Asturias e en Galiza o que está facendo é desmantelar o servizo, por que os demais teñen AVE desde hai décadas e aquí seguimos agardando. Desde logo, isto é unha tomadura de pelo, e iso é o que lle debería de preocupar a vostede como presidente deste país.

E mire, unha mentira repetida mil veces segue sendo unha mentira. E quero recordarlle que foi o Partido Popular en Bruxelas, con Grandes á cabeza, quen votou en contra de que Vigo entrara na primeira división dos portos europeos, *(Aplausos.)* mentres o BNG estaba en Bruxelas defendendo que Vigo entrara aí. E agora o que temos, como guinda dos seus grandes logros, señor Feijóo, é que, mentres nos din que Galiza ten que quedar excluída do corredor atlántico, resulta que o ministro do Partido Popular en Madrid di que era unha inxustiza histórica que Zaragoza e Pamplona non formaran parte dese corredor.

O problema, señor Feijóo, é que vostede non está defendendo os intereses deste país...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...está actuando como un subordinado do señor Rajoy, e así nos vai, perdendo e perdendo oportunidades.

Reaccione, porque os galegos e galegas merecen un presidente que nos defenda. Lémbrolle que por iso lle pagan os galegos e as galegas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Peche desta pregunta, señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, a historia, por moito que fale, non se vai modificar. Vostede votou a favor de que lle pagásemos todos os galegos a Audasa, sen límite de tráfico, polo levantamento da peaxe de Rande e A Barcala. Vostede votou a favor, eu votei en contra. Esa é a gran diferenza entre un nacionalismo de boquilla e un compromiso co país efectivo, real e pragmático.

Vostede formaba parte da alianza dun goberno que fixo obras na autoestrada do Atlántico a cambio de incrementar as peaxes, e eu formo parte dun goberno que se opón a que sigamos coas peaxes facendo as obras da autoestrada do Atlántico e que se financien con presupostos do Estado. Esa é a historia. A historia, señoría, é que este goberno conseguiu que Galicia afo-rre 400 millóns de euros de presupostos autonómicos para financiar as peaxes dunha au-toestrada estatal, cousa que vostedes estaban gastando a unha media de 7 millóns de euros cada ano para financiar unha peaxe dunha autoestrada estatal. Si, vostedes, que formaron parte do Goberno bipartito, que subscribiu ese acordo ata o 2048.

Señora Pontón, no *Diario de Sesións* consta o seu voto en contra da transferencia da autoes-trada. (*Murmurios.*) Se quere vostede comparar as infraestruturas e os investimentos do Es-tado e vostede está moi contenta porque en Cantabria e en Asturias se fan moitos investimentos no ferrocarril, ¿por que non fala vostede cos presidentes de Cantabria e de Asturias? E pregúntelle se prefiren os investimentos do ferrocarril en Galicia ou os que se fan nesas comunidades autónomas.

Señora Pontón, como vostede non está por aí, non se entera nin do que pensan os demais. Vostede cre que Galicia é unha habitación pechada onde non se pode nin entrar nin saír. Como vostedes tampouco están en Europa, nin sequera saben que foi un goberno do Partido Popular o que conseguiu que Vigo conectase co resto da rede de ferrocarril transeuropea. (*Aplausos.*) Nin sen entera diso, é que lle dá igual, lle dá igual.

Por darlle igual, señoría, a vostede danlle igual os acordos que asumimos na última reunión con tres ministros en Madrid, dálle exactamente igual, ¡que máis lle dá! ¡Que máis lle dá que o Centro de Investigación de Lourizán sexa o centro nacional de investigación do cas-taño! ¡Que máis lle dá que abramos un centro de referencia nacional en Santiago para a dis-capacidade! ¡Que máis lle dá que os balnearios teñan máis prazas do Imsero este inverno!, e xa as levamos incrementando nos últimos anos. ¡Que máis lle dá que se vaia publicar un decreto para concretar a orixe do leite en cada territorio de España! ¡Que máis lle dá que si-gamos traballando por conseguir o maior contrato de fragatas nunca pechado en Galicia! Imos ver se o conseguimos, señora Pontón; non lle digo que o teñamos conseguido, dígolle que como presidente da Xunta ese é o meu compromiso cos estaleiros de Fene e Ferrol. (*Aplausos.*)

¡Que máis lle dá!, señoría, se vostede vive noutra época, se vostede vive nada máis e nada menos, sorprendentemente, que o que veu defender aquí esta semana, na última proposta do BNG, sen dúbida intelixentísima, é romper a caixa única da Seguridade Social e que Galicia pague as súas pensións e que Galicia se independice para efectos da Seguridade Social, no

conxunto da Seguridade Social de España. Pero, señora Pontón, ¿de verdade que vostede nos quere levar a este desfiladeiro de disparates económicos e financeiros da Comunidade Autónoma?

Señora Pontón, non ten vostede ningunha axenda propia. Vostede quere o sistema de cupo porque o teñen os vascos, vostede quere o independentismo catalán porque xa o propoñen os secesionistas cataláns. Vostedes non teñen nin axenda propia nin nacionalismo propio. Vostedes teñen un nacionalismo de corta e pega.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor. (*Murmurios.*)

Silencio, por favor. Remate.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Non o dubide, señora Pontón: o meu nivel de exixencia co Goberno de Madrid é dúas veces superior á exixencia do BNG e do PSOE co Goberno de Zapatero. Non teña vostede ningunha dúbida. Aos feitos me remito.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a avaliación do Goberno galego en relación coas recentes decisións do Goberno central que afectan ás finanzas das comunidades autónomas

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Señor Núñez Feijóo, nas últimas semanas tiveron lugar dúas decisións discrecionais e unilaterais do Goberno do señor Rajoy que representan na nosa opinión un problema para Galicia e ademais significan unha ruptura da lealdade institucional que é normal nun Estado como o noso. E non lle estou falando do corredor atlántico de mercancías. Estoulle falando, por exemplo, de que esqueceron prorrogar o imposto de patrimonio, e que, de seguir sen esa prórroga, Galicia perderá 71 millóns de euros que ten hoxe incluídos no seu orzamento para o ano 2018. A prórroga podía terse feito por decreto, pero o señor Montoro simplemente non a fixo. Hoxe non está vixente o imposto de patrimonio en España e, por tanto, tampouco en Galicia.

E, por outra parte, como vostede sabe xa, o Ministerio de Facenda recalculou as entregas a conta, é dicir, as transferencias efectivas de recursos ás comunidades autónomas para este ano 2018, o que significa 321 millóns de euros menos que as que comunicou o Ministerio de Facenda no mes de xullo e que están por tanto nos orzamentos do 2018; faltan 321 millóns de euros neses orzamentos. Así, desaparece todo o incremento de ingresos, toda a marxe orzamentaria nos orzamentos de 2018, que aprobamos hai escasamente un mes. Sen deca-tarse, o señor Montoro reformou completamente os seus orzamentos e devaluou o papel do Parlamento.

E, por certo, onte o señor conselleiro esqueceuse de comentar na súa comparecencia estes temas, debe ser que non son importantes. Eu non o entendo, pero debe ser o meu papanatismo intelectual que me impide chegar ata aí. *(Aplausos.)*

Na nosa opinión trátase dunha decisión discrecional do señor Montoro, discrecional porque podía ter feito outra cousa, porque non está obrigado legalmente. O imposto de patrimonio prorrogouse o ano pasado por decreto, este ano non o fixo simplemente porque non quixo. As entregas a conta, a subida das entregas a conta depende unicamente do ciclo económico, non depende de cambios legais no orzamento. Por tanto, poderían manterse as entregas a conta comunicadas no mes de xullo, e é unha deslealdade comunicar ese cambio cando xa están aprobados os orzamentos das comunidades autónomas.

O Ministerio non actúa por capricho, o Ministerio actúa seguindo unha senda. Trátase de condicionar a negociación do financiamento autonómico, trátase de maximizar os apoios a eses orzamentos que o señor Montoro ten gardados no caixón, porque nin os seus socios preferentes do PNV están dispostos a apoialos neste momento.

Entendo o que fai o Ministerio, o que non entendo é o que fai vostede. O que non comprendo é a pasividade e a submisión da Xunta de Galicia diante destes fenómenos que lles están custando agora —é posible resolvelo— 400 millóns de euros aos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2018. Non vexo que levantase a voz, que nesa entrevista co señor Montoro isto fose un asunto central a tratar, que, en fin, ocasionase dor de cabeza ao ministro de Facenda con estes temas.

E esa pasividade compromete a nosa posición futura na negociación do financiamento autonómico, señor Núñez Feijóo, que é un asunto central para as próximas décadas, como onte dicía o conselleiro —e eu coincido—.

¿Que pensa facer? ¿Vai reclamar eses 400 millóns? ¿Vai declararse insubmisio dalgunha forma? ¿Vai axustar os gastos? ¿Simplemente vai presentar unha modificación do orzamento de 2018 nesta Cámara, como fixo o ano pasado en situación inversa? ¿Que pensa facer a partir de agora nesta situación?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Efectivamente, na reunión co señor Montoro falamos de bastantes cousas, unha delas —xa lla comentaba á portavoz do BNG— conseguir que este ano xacobeo sexa o primeiro ano, de todos os celebrados, que teñamos tres anos de bonificacións fiscais. Falamos sen dúbida do contrato máis importante que poida ter Fene-Ferrol nos últimos anos, que son as fragatas

e que darían emprego e estabilidade a esa comarca durante os dez próximos anos. Falamos do financiamento autonómico, como é lóxico, do calendario, da periodicidade, e falamos dos presupostos, señor Leiceaga. Esa é a miña responsabilidade e creo que esas responsabilidades vostede as comparte.

Quero tranquilizado en relación con esas dúbidas que vostede plantexa. Algunhas delas non deixan de sorprendeme, porque sabe vostede que o plantexamento que vostede acaba de facer de patrimonio iso no primeiro curso de Dereito Financeiro e Tributario xa nolo ensinan.

Señoría, sobre a prórroga das entregas a conta, quero dicirlle que a tranquilidade debe de ser a tónica desta comunidade autónoma, e por iso lla traslado ao portavoz e ao seu grupo.

Non é a primeira vez que, ante presupostos prorrogados, as entregas a conta quedan condicionadas a novos presupostos. Ocorreu no ano 2017, como vostede recordará: os presupostos aprobáronse a mediados do ano 2017 e non tivemos as liquidacións que se veñen entregar e considerar entregas a conta ata unha vez aprobado o presuposto. Ese é o modelo que imos seguir no ano 2018: imos na nova Lei de orzamentos incluír as entregas a conta.

Quero dicirlle que, mentres non se aprobe a Lei de orzamentos do Estado, temos capacidade financeira para seguir executando a totalidade do presuposto, temos capacidade financeira para seguir pagando mellor que a inmensa maioría das comunidades autónomas as nosas atencións aos provedores, e, por suposto, no caso de que o Partido Socialista volva outra vez non querer os presupostos do Estado, aínda que vostede despois me fai responsable a min, o cal é sorprendente. Eu comprendo as súas incertezas. O que non podo aceptar, como é natural, é que vostede pertenza a un partido que o que quere é que non haxa presupostos do Estado.

Pero, en fin, contradicións á parte, nas que viven de forma constante, quero dicirlle que sempre quedaría a posibilidade dun real decreto lei. E, por suposto, se non houbera presuposto no 2018, non teña vostede ningunha dúbida de que nós plantexaríamos un real decreto lei para aprobar as entregas a conta.

Sobre o patrimonio, sorpréndeme, señor Leiceaga. Sabe vostede que o patrimonio que imos recibir no ano 2018 xa está devengado, porque os galegos imos ter que pagar o imposto do patrimonio do ano 2017. E, polo tanto, non hai ningún perigo para o imposto de patrimonio no actual presuposto do ano 2018 da Xunta de Galicia. E sabe vostede que temos todo o ano 2018 para volver prorrogar o imposto de patrimonio. Señor Leiceaga, ¿que foi o que lle pasou nesa explicación?

En todo caso, vendo o que fan os socialistas noutras comunidades autónomas, agora volve estar de moda aquilo de «baixar impostos é de esquerdas». Mire o que fixo a súa colega en Andalucía, mire o que acaba de facer o seu colega en Estremadura, por certo, coa abstención de Podemos. (*Murmurios.*)

Por tanto, señoría, eu creo que debemos de falar disto e de moitas outras cousas, pero o que queda claro é que os 70 millóns de euros de ingresos de imposto de patrimonio no presuposto do ano 2018 da Xunta de Galicia están blindados...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...haxa ou non haxa Lei de presupostos, haxa ou non haxa prórroga do real decreto do imposto de patrimonio en España. Señor Leiceaga, espero tranquilizalo e espero que esta explicación o tranquilice.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Eu o que creo é que vostede está intentando levar esta discusión a un debate que é outro diferente, que xa tivemos hai un mes, que é o debate da súa política impositiva, que eu considero que é un fracaso porque está facendo regalos pero non impulsando as reformas que Galicia necesita.

Pero o debate hoxe é doutro tipo: o debate é se a súa pasividade en relación con estes e outros temas está fortalecendo e deteriorando a nosa posición negociadora e neste xeito comprometendo o futuro, a calidade e a sostibilidade dos servizos públicos e, por tanto, do benestar dos galegos.

Fíxese. Vostedes, ao renunciar ao déficit autorizado e presumir de cerrar os orzamentos do ano 2017 en consolidación fiscal, están dicindo que deixaron de gastar aproximadamente 250 millóns de euros que tiñan a posibilidade de gastar. Ao presumir da baixada de impostos, están dicindo que sobran os recursos. Cando fan unha xestión tan ineficiente de programas finalistas como a iniciativa de garantía xuvenil ou outros, están dicíndolles a todas as outras administracións, en fin, que en realidade Galicia vive nun mar de abundancia e que por algunha estraña razón hai moitos galegos que non se dan conta disto pero é a súa cegueira.

O problema non é a xestión do señor Feijóo. Iso é o que lles están dicindo ao conxunto das administracións, e ao Goberno central tamén, ás outras comunidades autónomas: que a Galicia lle sobran os recursos que ten hoxe, en relación sobre todo co seu proxecto, señor Núñez Feijóo. E ¿como vai reclamar na negociación do financiamento autonómico recursos a maiores se lles está dicindo cos seus feitos que lle sobran hoxe os recursos? Esa súa estratexia está comprometendo os recursos do futuro.

Cando non está disposto a facer nada para que o señor Montoro rectifique fronte á redución das entregas a conta ou a falla de prórroga do imposto de patrimonio, cando non está disposto a facer nada, ¿que está dicindo? Cando cala fronte á discriminación que supoñen os mecanismos extraordinarios de financiamento, ¿que está dicindo? Cando permite que pasen os meses sen que haxa un novo sistema de financiamento autonómico que reforce a nosa sostibilidade financeira, ¿que está dicindo? ¿Sabe que parece? Que está declarando unha tregua, que en vez de sacar a bandeira azul e branca está sacando só a bandeira branca. E isto é un problema. A franxa azul desapareceu da súa bandeira, señor Feijóo, e iso non deixa de ser un problema. E Galicia ten que ser un problema para que nos tomen en serio. Dentro da

lei, con lealdade institucional, defendendo valores básicos como a igualdade de trato a todos os cidadáns, pero temos que ser unha dor de cabeza para que nos tomen en serio. Unha tregua para pelexar polo trono dun líder que está á baixa...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: ... en vez dunha pelexa dura polos intereses de Galicia. Iso é o que parece, señor Feijóo. Ten vostede que convencernos de que non é así. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Peche da pregunta, señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Leiceaga, ¿vostede cre que é un regalo que o 99,4 % dos galegos non pagase un imposto de sucesións o pasado ano?, ¿vostede cre que iso é un regalo? Ben, formas distintas de entender as política tributarias entre o seu grupo e o noso. Hai deputados do seu grupo que están dicindo que si, que é un regalo. ¿Quere dicirse, polo tanto, que cando baixa un imposto de sucesións en Andalucía, iso é un regalo? ¡Ah!, ¿non baixaron o imposto de sucesións? Falen entre vostedes e a ver se se poñen de acordo.

Estremadura acaba de baixar o imposto de sucesións, coa abstención de Podemos. Fíxese vostede se é intelixente todo este cambio de política fiscal e tributaria. Seguro que aquí as Mareas de Podemos dirán outra cousa. ¡Que máis dá!, se, polo que vexo, aquí cada un pode dicir o que lle peta e despois ao saír de aquí di unha cousa distinta e noutra cámara vota distinto do que dixo nesta, e aínda encima nin sequera saben o que votan en cada cámara, pero en fin...

Fala vostede de por que non incrementamos o déficit e ás Mareas de Podemos preocúpaas que teñamos moita débeda. Pero ¿de verdade que a esquerda ten algunha proposta alternativa a esta política sensata, presupostaria, económica, do actual Goberno da Xunta de Galicia? Di vostede: ¿por que non gastan máis? E onte os economistas das Mareas diciánnos: vostedes están moi endebedados. Pero ¿de verdade vostedes cren que o país os vai tomar en serio? ¿Que queren? ¿Que sigamos endebedando os galegos para que o Goberno viva mellor? ¿Quere que os galegos sigamos pagando cada vez máis débeda pública e cada vez máis intereses da débeda pública para que o Goberno poida gastar máis ou, polo contrario, o que se nos pide é que administremos o diñeiro — que non é noso, que é dos galegos — e fagamos unha comunidade autónoma solvente para agora e para o futuro? Esa é a nosa proposta, señor Leiceaga.

Galicia é a comunidade autónoma onde menos se incrementou a débeda pública dende o ano 2009. Os galegos déronnos dúas maiorías absolutas consecutivas dende o ano 2009 — no ano 2012 e no ano 2016 — por esta política económica, e imos seguir.

A débeda que ten un galego con cargo á Comunidade Autónoma non é menor: son 4.000 euros por galego, pero son 6.000 euros menos que o resto dos españois; un catalán, de media, ten 10.300 euros de débeda, 6.000 euros máis que un galego; un valenciano, 9.000 euros de débeda, 5.000 euros máis que un galego; un señor de Baleares, case 8.000 euros de débeda, o dobre que un galego; e un señor de Castela-A Mancha, 7.000 euros de débeda, 2.000 máis que un galego.

Polo tanto, señoría, ¿de que se nos acusa? ¿De incrementar a débeda?, ¿de cumprir o déficit? Nós imos seguir diminuindo a porcentaxe de débeda sobre o PIB, imos seguir cumprindo o déficit ata o déficit cero e imos equilibrar as contas de Galicia, para que nunca volvamos asumir un goberno do que en canto tomou posesión a súa débeda era superior á media das comunidades autónomas e aínda encima nos deixaron unha débeda oculta de 2.000 millóns de euros.

Sabe vostede, señoría, que, ademais de cumprir a débeda e cumprir o déficit, temos que facer outra cousa, que é cumprir a regra de gasto. Se nós fixeramos o que vostede nos acaba de propoñer, que é seguir incrementando o gasto, estaríamos incumprindo a regra de gasto. Non é unha normativa española, é unha normativa europea. Supoño que vostede disto tamén sabe.

Polo tanto, señor Leiceaga, eu non podo estar de acordo cos seus reproches. Eu estou de acordo coa súa intranquilidade sobre as entregas a conta, xa lle contestei cal é a nosa posición, pero co seu reproche da nosa política económica e presupostaria, non.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Non podo aceptar os seus reproches de que non haxa presuposto do Estado, porque vostedes non queren que haxa presupostos do Estado. Non, non, non queren. E a pregunta, señor Leiceaga — así entre vostede e mais eu —, é: ¿que gaña Galicia con que non haxa presuposto do Estado? ¿Que gaña o conxunto dos españois con que non haxa presuposto de Estado? E eu atreveríame a engadir: ¿que gaña o Partido Socialista Obreiro Español en seguir bloqueando as contas públicas do Estado?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ¿A que non gaña nada, señor Leiceaga? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

Ben, a proposta do Partido Socialista, en directo, é que teñamos maioría absoluta. *(Murmurios.)* Señoría, se os españois o escoitaran a vostede con tanta nitidez, teríamos a mesma maioría absoluta que temos en Galicia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre o alcance temporal das políticas de recortes que ocasionan colapsos e saturación nos servizos de urxencias dos hospitais galegos

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Bos días.

Moitas grazas, señor presidente.

Señor Núñez, se fose vostede á pública para ser atendido de urxencias, tería que estar sentado escoitando outra xente laiarse, queixarse polas súas doenzas, algunha xente desencaixada da dor, tería que estar vendo as camillas entrar e saír, un rebumbio de nenos talvez chorando ou correndo polos pasillos.

¿Sabe vostede —e esta é a primeira pregunta— canto tempo tería que estar vostede nesa situación para ser atendido en urxencias? Xa llo digo eu: entre seis e oito horas. ¿A que non o sabía? Non, non o sabía. ¿Como ía saber o que pasa no servizo de urxencias da pública? Pois que está colapsado, e si está colapsado, como está colapsado o sistema sanitario galego, por unha gripe, si, pero non é pola gripe A nin é pola gripe B, é pola gripe PP, que é unha doenza diferente que aqueixa a mala xestión do sistema público galego, pero que, afortunadamente, xa está desenvolvendo bos anticorpos contra ela. É o seu desgobierno quen está facendo colapsar non as urxencias senón o sistema sanitario público.

No que vai de inverno vostede demostrou ser o peor xestor posible dos intereses públicos de Galicia, empezando pola vaga de lumes, acabando pola AP-9 e, desde logo, no caso concreto que nos ocupa, sendo un pésimo xestor da sanidade pública galega.

A situación das urxencias é sintomática dun mal funcionamento de todo o sistema sanitario galego, que ten como causa principal desa doenza os recortes en gasto público e de persoal. Dende que vostede goberna, eliminaron —non desapareceron, eliminaron— 1.795 prazas de persoal sanitario (1.154 en atención primaria e 641 en hospitais). Eliminaron —non desapareceron, eliminaron— 513 prazas de persoal médico, case dous médicos por concello (392 en atención primaria e 121 en hospitais), ademais de 184 prazas de enfermería, xente que podía estar traballando a día de hoxe se vostedes quixesen.

O Partido Popular está desmantelando o sistema de atención primaria, cando este debería de estar atendendo o 95 % dos casos que teñen que ver coa sanidade. Cando se desmantela a atención primaria, as listas de espera para unha simple consulta dispáranse, non días, incluso semanas, e a xente, desesperada, mancada, dorida, vai a urxencias para poñer fin a esta dor. É unha decisión humana inevitable buscar remedio á súa dor, ocasionada por unha decisión política incomprensible: a de recortar a saúde da xente.

As prioridades do PP non coinciden coas prioridades da xente, e isto é unha realidade que vostede non pode manipular, porque a xente ve cos seus propios ollos e sente co seu propio corpo cando ten que ir ao Sergas. Por iso ten vostede soliviantados as asociacións de pa-

cientes, os sindicatos profesionais, as plataformas cidadás, incluso as xefaturas de servizo. E por iso días coma hoxe haberá concentracións en defensa da sanidade pública, ás que En Marea, evidentemente, acudirán, e acudirán igual que moitísima xente que os votou e está decepcionada con vostedes. ¿Por que? Porque nos quitan a saúde, señor Feijóo.

En decembro, vostede pediu desculpas polo colapso das urxencias. Agora, ademais de desculparse, tal vez podería facer algo. ¿Que é o que vai facer vostede para evitar a saturación das urxencias? Se non ve os pacientes nos corredores, se non escoita as queixas da xente que está esperando, tal vez estea vostede cego e xordo; nese caso, fágao mirar. Pida vez no especialista e, se tarda moito en darlle cita, vaia por urxencias, que hai cousas que non poden esperar. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Grazas, señor presidente.

Hai que recoñecer, señoría, que cada día se supera vostede, sobre todo en simpatía *(Risos.)*; o que pasa é que hai que ensaiar máis para ter un pouco de graza, señor Villares. *(Risos.)*

Pero, realmente, eu pensei que esta pregunta a ía utilizar para pedir desculpas dos disparates que dixó na última en relación co hospital da Mariña, pero vostede continúa. Continúa engrosando os momentos históricos do *Diario de Sesións* cada vez que o portavoz actual das Mareas de Podemos fala da sanidade pública, ou dende o máis absoluto descoñecemento —opción 1— ou dende a máis absoluta manipulación e demagogia —opción 2—; non sei exactamente cal coller, pero calquera das dúas sería correcta.

Mire, eu non podo dicir o que me pete, en primeiro lugar porque vai en contra da miña conciencia; en segundo lugar, porque vai en contra da miña propia biografía; e, en terceiro lugar, porque represento os galegos no Goberno. E por iso vou intentar explicar que é o que fixemos.

Como o resto dos servizos de saúde das comunidades autónomas, se vostede collera a hermeroteca, chegaría á conclusión de que os vascos, os andaluces, os cataláns, os mallorquinos, os madrileños, os navarros, todos queren desmantelar o sistema sanitario público, todos. Todos queren desmantelar o sistema sanitario público, incluso onde vostedes cogobernan. Pero dá igual.

Miren, o primeiro que fixemos foi chamar a atención aos cidadáns que están en poboación de risco para que se vacinen. E conseguimos que case o 57 % dos maiores de 65 anos colleran e puxeran a vacina contra a gripe. Investimos dous millóns de euros nesta vacina.

O segundo que fixemos foi, por suposto, incrementar a actividade ambulatoria, a dos puntos de atención continuada e dos centros de saúde. Incrementamos a atención un 30 % de media diaria, porque no ano 2017 a media eran 4.200 urxencias en todos os PAC e dende o 25 de

decembro ata o 17 de xaneiro deste ano 2018 subiron a 5.333, un 30 % máis. Por certo, no 93 % de todas esas urxencias os pacientes volveron á súa casa, só o 7 % ingresaron.

O terceiro que fixemos foi, por suposto, contratar persoal. Ante todo ese disparate que vostede di de persoal, mire, soamente nestes vinte e tres días contratamos 3.141 persoas. Só en vinte e tres días: 336 médicos, 2.435 persoal de enfermería e resto de persoal sanitario e 470 persoal non sanitario.

O cuarto que fixemos foi habilitar camas, porque temos camas e as habilitamos; en total, 415 camas máis durante vinte e tres días: 35 camas na Coruña, 42 en Santiago, 38 en Ferrol, en Verín-O Barco-Ourense 135, 20 en Pontevedra e O Salnés, 145 en Vigo.

Señoría, isto é o que fixemos. ¿Pero vostede se cre que nós queremos dismantelar as urxencias cando o que estimamos e o que estamos facendo é incrementar os servizos de urxencias? Na Coruña incrementámolo por tres; no Salnés incrementámolo por tres; en Vigo duplicamos o Servizo de Urxencias do Hospital Álvaro Cunqueiro, sumado ao Hospital Xeral-Cíes anterior e ao Hospital do Meixoeiro; estamos, dentro dos proxectos de ampliación no Montecelo e en Ferrol, ampliando as urxencias; e no Barbanza, ampliando as urxencias.

Entón, exactamente, ¿de que se nos acusa? ¿Acúsasenos de seguir facendo hospitais novos?, ¿de seguir ampliando os hospitais?, ¿de seguir facendo centros de saúde?, ¿de seguir comprando tecnoloxía?

Mañá, no Consello da Xunta imos tomar unha decisión: os centros de saúde que imos facer nesta lexislatura ata o ano 2020. Son vinte centros de saúde, vinte centros de saúde. ¿Que lle parece, señor Villares? Un centro de saúde máis na Coruña, un centro de saúde máis en Vigo, un centro de saúde integral máis en Lugo, un centro de saúde máis en Moaña, un centro de saúde en Cangas, un centro de saúde na Estrada, un centro de saúde no Milladoiro; así ata vinte.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Exactamente, ¿que é o que estamos dismantelando? ¿Sabe o que estamos dismantelando, señoría? A demagogia e a manipulación.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Señor Feijóo, que vostede recoñeza agora que nos últimos días están contratando persoal e abrindo camas é un recoñecemento expreso do fracaso da súa política sanitaria ata este momento. *(Aplausos.)* ¡Claro! Pero está ben, algún recoñecemento de cando en cando vén moi ben.

De todas maneiras, o colapso das urxencias non é consecuencia da falta puntual de persoal en urxencias, é consecuencia dunha falta de dotación suficiente de medios persoais e materiais no conxunto do sistema sanitario, que é o que provoca que a xente, ante unha demora que non pode soportar máis pola dor que sofre nas súas propias carnes, ten que ir ao servizo de urxencias a ver se lla remedian. Este é o problema, este é o drama que ten a xente cando se enfronta ao sistema sanitario e non ve aceptada a súa demanda no sistema de atención primaria, que ten que ir ás urxencias por isto.

E, ademais, ten que ir, e os datos está aí e son teimudos, a pesar de que vostede presuma dos seus medios. Resulta que, na opinión deste gran xestor que é Feijóo, unha redución do gasto real en sanidade desde que vostede goberna dun 18,3 % non son recortes, non son recortes nin en medios persoais nin en medios materiais.

Pero vaíamos ao concreto, que é o que entende todo o mundo: camas e médicos. Despois de pasar polo trámite das urxencias, esa falta de persoal sanitario —lembramos: 513 médicos e médicas menos e 134 prazas de enfermería menos e menos camas— impide ingresar correctamente os doentes, que quedan horas ou días amoreados.

Son informacións destes propios días. A día de onte en Santiago, 30 doentes pendentes de ser hospitalizados, hacinados nos corredores, por falta de prazas para ser internados; no Meixoeiro, de Vigo, 22 persoas, o cal os levou a vostedes a por fin entrar en razón e abrir todos os recursos existentes no Meixoeiro; en Ourense, os traballadores e as traballadoras pechadas no propio hospital —que non será por gusto— para demandar máis medios e máis persoal para atender as necesidades do propio hospital; e así por toda Galicia.

Porque vostede di que hai recursos abondos, pero debe ser unha nova modalidade de internamento que inventou aquí o conselleiro: o internamento sen cama, inventada por este conselleiro, este que dixo que as camas eran importantes nos hoteis pero non nos hospitais. Porque, desde que vostede goberna —e son datos oficiais do Instituto Galego de Estatística; consúlteo se quere—, Galicia pasou de dispoñer de 10.581 camas a 9.758. Hai unha evolución, que é ben evidente, das camas no sistema público galego, que a pode ver calquera que se achegue á sanidade pública. Pero, claro, para iso hai que achegarse á sanidade pública.

Mentres todo isto pasa, plantas enteiras de hospitais permanecen pechadas, persoal cualificado permanece nas súas casas cando podía estar traballando. Non é que precaricen as súas condicións laborais, que é o que acaba vostede de demostrar mediante esa exhibición de cifras...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...senón que están precarizando a nosa saúde. Defrauda vostede a toda a cidadanía que o votou. A xente séntese enganada por un Partido Popular, porque houbo persoas que os votaron e vostede agora nin sequera é capaz de lles garantir unha asistencia sanitaria nun tempo razoable.

¿Que clase de gobernante é vostede? Faga como en decembro: pida desculpas. Pero, ademais de pedir desculpas nesta ocasión, dote de máis camas hospitalarias e dote de máis medios

para ter unha administración pública, unha administración sanitaria eficaz e atender e garantir un dereito fundamental da xente como é a sanidade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Peche da pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Grazas, señor presidente.

Mire, Manual de xestión hospitalaria, que debería vostede consultar de vez en cando ou polo menos enterarse de que existe. Hai algúns principios básicos que acaban de ser rotos pola súa improvisación na xestión hospitalaria.

Señor Villares, ¿vostede ten algunha experiencia na sanidade pública do país? ¿Sabe vostede algo disto? Debería vostede, cando menos, dicir que o mesmo que lles fai aos papeis das vacinas en Europa non lles fagan vostedes aos papeis da sanidade pública en Galicia (*Aplausos.*) Non colla ese argumentario, señor Villares, porque vai mal.

Mire, señor Villares, se vostede soubera que a cirurxía maior ambulatoria xa é superior á cirurxía programada, non falaría vostede deste xeito, pero probablemente non saiba nin o que é a cirurxía maior ambulatoria nin o que é a cirurxía programada. Pero ten vostede posibilidades de aprender para a próxima sesión.

Mire, a espera media en Galicia cando nós chegamos era de 67 días, en xuño era de 62; baixamos un 7,3 %. Na prioridade 1, para patoloxías urxentes, cando chegamos era de 38 días e agora é de 15; baixamos un 60 %. Nesa sanidade pública que vostede desprestixia de forma constante, estamos facendo 19.000 intervencións cirúrxicas máis cada ano e nada máis e nada menos que 400.000 consultas máis cada ano. E vostede séguea desprestixiando.

Vexo que non leu vostede a carta que hoxe publican os médicos en defensa da sanidade pública do hospital da Coruña e que piden que se deixe de facer demagogia xa, que estamos ante unha das mellores sanidades e ante un dos mellores hospitais de España. (*Aplausos.*) Lea vostede o que opinan os profesionais e así terá algunha información ao respecto.

Mire, señoría, vostede nin sequera sabe que o seu país, que é o meu, sexa o cuarto servizo de saúde con menor espera media para operarse en España. Nin sequera o celebra. Considera que ese é un dato negativo. Non son datos nosos, son datos do Ministerio de Sanidade. Madrid, País Vasco, Asturias e nós. Esa é a cabeza da diminución da lista de espera nos últimos anos.

E en consultas un galego espera vinte días menos que a media dun español, en consulta hospitalaria, e en intervención cirúrxicas corenta e dous días menos de espera que a media do resto dos españois. A vostede iso dálle igual, ¡que máis lle dá!

Estamos investindo 700 millóns de euros en hospitais, estamos ampliando todos os servizos de urxencia dos hospitais galegos.

¿Que ten habido problemas puntuais nos hospitais galegos? Si, por suposto, como no resto dos hospitais españois e no resto de Europa occidental.

Non sei se se enterou do que pasou onte cun rapaz en Baleares, que chamou ao 112 e non o atenderon, dicindo que crían que era unha broma. Imaxine vostede que pasa isto en Galicia. ¿Que pasa? ¿Que en Baleares vostedes presiden o Parlamento e aí non se desmantela a sanidade pública? Como vostedes presiden o Parlamento en Baleares, cando un rapaz chama e cae automaticamente nunha rúa porque no 112 o toman de broma, eu non estou culpando a sanidade pública de Baleares; ao contrario; estou dicindo que non se pode manipular e facer demagogia en contra dos sistemas sanitarios públicos do país. *(Aplausos.)* Estou dicindo iso, señoría.

Pero o certo e verdade é que acaban de saír por exemplo os datos de transplantes. Galicia, entre as catro comunidades autónomas con maiores transplantes de España; o hospital da Coruña, o cuarto hospital en transplantes máis importantes de España; faise un transplante por cada día e medio; en Galicia estamos facendo case un transplante cada día.

Vostede trouxo a esta Cámara a ignominia de que diminuíamos e negabamos os tratamentos da hepatite C. *(Murmurios.)* ¿Sabe cantos transplantes de fígado fixemos? 105 transplantes hepáticos. As calumnias son capaces de imputar, pero a xustiza é capaz de absolver. *(Aplausos.)* Esa é a gran diferenza entre os que cremos na xustiza e os que non.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Villares, que vostede diga que non se atende as persoas que van aos hospitais é un insulto á verdade, pero, ademais, é un insulto a todos os profesionais da sanidade pública.

Non se pode acusar este goberno de que haxa moita xente na gripe e ao tempo dicirle que non se vacine. *(Murmurios.)* Mire, non me fale máis de recortes. Os maiores recortes que plantexou o seu partido é dicir «non» ás vacinas; ese é o maior recorte e o maior disparate que a sanidade pública mundial está disposta a escoitar dun partido político.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Continuamos co desenrolo do pleno, coas proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e once deputados/as máis, sobre as actuacións da Xunta de Galicia tendentes á construción dun centro de saúde no edificio do mercado da Santa Lucía, no barrio da Falperra, na cidade da Coruña

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario de En Marea.

(O G. P. de En Marea, por iniciativa da súa deputada Eva Solla Fernández, ao abeiro do artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 20698 (10/PNP-001542).

Emenda de substitución:

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a seguir traballando para facer realidade a dotación dun novo Centro de Saúde para o contorno do barrio, nun espazo adecuado que satisfaga as condicións necesarias tanto para a Xunta como para o Concello.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Moitas grazas, presidente.

Un saúdo aos nenos do Puga Ramón, que están a saír e son da miña cidade.

Hoxe, ademais, a primeira iniciativa desta mañá vai ser tamén sobre A Coruña. Eu alégrome de que o señor Villares quede, porque imos falar de sanidade, e é unha boa cousa que vaia aprendendo e que vexa tamén as necesidades que temos na Coruña e que eles están a bloquear de forma sistemática. *(Aplausos.)*

As miñas primeiras verbas quero que sexan para saudar e para agradecer o traballo exemplar dos veciños da Falperra, un barrio da miña cidade, que non queren nada máis que o que xa teñen outros: un centro de saúde, para ter unha prestación sanitaria óptima. Son vostedes, señores, un exemplo de civismo e de auténtica participación, unha participación sincera que xorde da necesidade duns veciños, non como esa participación que é tutelada polos partidos políticos, organizada con firmantes que están untados con cartos públicos, con contratos, con adxudicacións e agora ademais xa coñecemos outra modalidade, que é a da compra de inmobles aos seus afíns. *(Murmurios.)*

Eu entendo que as cousas que afectan os veciños da cidade lles fan moitísima graza, e eu supoño que os contratos cos que se lucran os firmantes tamén lles fan moitísima graza. E a última noticia, que di... *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

O señor TRENOR LÓPEZ: Señores, o pasado luns 20 de novembro trouxeron vostedes a este Parlamento máis de 3.200 firmas para solicitar aos grupos que estamos neste Parlamento que instasen o Concello da Marea a deixar de bloquear a construción dun centro de saúde no edificio do mercado de Santa Lucía. Vostedes entregaron un escrito a todos os grupos no que defenden a necesidade de dispoñer dun espazo adecuado para construír o centro de saúde no actual edificio do mercado de Santa Lucía, xa que consideran que é a ubicación máis indicada para dar resposta ás necesidades do seu barrio, e é un espazo con fácil acceso e cunha comunicación directa e sen barreiras desde o exterior do edificio.

Tamén denunciaron os veciños a actitude do alcalde da Coruña de seguir enfrontando os veciños, marxinando o barrio e rexeitando o diálogo que dende o primeiro momento amosou cos veciños e coas outras administracións.

Por todo iso, vostedes presentaron máis de 3.200 firmas que avalan a necesidade de acometer a reforma do actual mercado de Santa Lucía de forma inmediata. E, ademais, vostedes tamén piden que haxa acordo e consenso.

O que está a ocorrer na Coruña non é a primeira vez que se trata nesta Cámara. Xa houbo un posicionamento do Parlamento de Galicia sobre o centro de saúde do barrio da Falperra. E ¿que fixo o goberno de En Marea? Desprezar o mandato democrático dos galegos.

Señores de En Marea, vostedes só defenden a democracia e o resultado das votacións cando teñen vostedes maioría, cando as votacións serven para respaldar o que vostedes fan. O que está a ocorrer na Coruña... (*Murmurios.*) Failles moitísima graza. Failles moitísima graza desprezar as maiorías acadadas neste Parlamento. Non se preocupen, nós tamén tomaremos nota do respecto que vostedes teñen dos acordos deste Parlamento.

O que está a ocorrer na miña cidade é un absurdo que moi poucas persoas entenden: un goberno local que pon todos os obstáculos posibles para que as outras administracións non melloren a vida dos cidadáns desa cidade. Dá igual que sexan infraestruturas que melloren o acceso á cidade, dá igual que se trate de plans e equipamentos para impulsar o transporte colectivo, dá igual que sexa un centro de saúde ou un programa para axudar os afectados polos desafiuamentos. Vostedes, os da Marea, sempre, sempre o van bloquear.

Miren, aquí falamos das urxencias. A grande obra de mellora das urxencias do hospital público da Coruña non se tería feito se vostedes gobernarán na Coruña hai seis anos. Fíxose porque vostedes non estaban no concello para poder bloquear ese grande investimento.

Falaba do absurdo, e o absurdo é que unha administración queira mellorar a vida dos veciños e un alcalde bloquee esa mellora. E, ademais, encima non son capaces de dar unha explicación de por que non queren que se fagan esas melloras. Cando se bloquean proxectos millonarios doutras administracións, se prexudican milleiros de persoas, milleiros de veciños, e un non é capaz de dar explicacións, a única explicación lóxica é que se están a priorizar os intereses particulares en lugar dos do conxunto das coruñesas e dos coruñeses. Antes pensabamos que estes intereses eran ideolóxicos; agora sabemos, agora sospeitamos, que son por cuestións de negocio.

E, miren, o exemplo de todo este absurdo é o que está a ocorrer no centro de Santa Lucía. E permítanme que lles faga un pequeno repaso do que alí ocorreu.

A necesidade de mellora dos espazos nos que actualmente se presta asistencia sanitaria de atención primaria no centro de saúde da rúa Federico Tapia motivou que no 2014 se formalizara un protocolo de cooperación entre a Xunta de Galicia e o Concello da Coruña. Nese protocolo establecéronse as bases para o estudo de usos sanitarios no recinto do mercado de Santa Lucía, que é de titularidade municipal. O estudo concluíu que esa era a localización

máis apropiada pola súa proximidade ao actual centro de saúde, pola dispoñibilidade de espazos nese recinto, polo apoio que había por parte dos veciños a esa mellora e pola compatibilidade para manter os postos de traballo dos praceiros. E, ademais, conseguíase rehabilitar un espazo moi degradado e dinamizar o corazón dun barrio. Ata aí, todo normal. Hai unha necesidade para mellorar a asistencia sanitaria dos veciños e as administracións parece que queren solucionalo. Pero o problema xorde cando Xulio Ferreiro empeza dende o minuto un a enganar, a mentir, a confundir e a facer propostas absurdas coa única finalidade de bloquear a construción do centro de saúde. Dende o primeiro momento —e levan xa tres anos— púxose en marcha unha campaña de enganar, de absurdos, unha campaña de desinformación.

Primeiro dicían que mantiñan o proxecto inicial mentres que estaban a actuar en sentido contrario. Fíxose público que obrigaran a empresa concesionaria a facer obras que nunca se realizaron. Anularon o concurso de ideas para a reforma. E mentiron dicindo que o Concello xa fixera a cesión dese espazo á Xunta de Galicia. Mentiron e seguen mentindo, porque aínda non aclararon ese aspecto.

O segundo paso desa campaña de desinformación foi propoñer que o centro de saúde en vez de facerse en horizontal se fixera en vertical. Nun edificio de oito plantas, eles querían dedicar as últimas catro plantas para construír un centro de saúde; 6 metros por 25 é o espazo que ofrecía o Concello da Coruña. ¡Un absurdo! En vez de mellorar a asistencia sanitaria, obviamente ía ser bastante peor.

Despois chega outra ocorrencia: propoñen unha parcela a máis dun quilómetro noutro barrio, cunha forte pendente e que ademais se está a utilizar como espazo verde. Obviamente, os veciños, en contra; o Sergas, en contra. E, ademais, o Sergas ten que recordarlle ao Concello da Coruña que realizar este investimento non é un capricho da Administración, que é unha necesidade para mellorar as prestacións sanitarias, os servizos sanitarios dos cidadáns.

Pero é que a última ocorrencia, o último acto desta campaña de intoxicación e desinformación que leva a cabo o Concello da Coruña, ocorreu hai un mes. O xefe de gabinete do alcalde acompaña a este a unha reunión co conselleiro de Sanidade. Nesa reunión o Concello comprométese a enviar un estudo de forma urxente para facer viable que se compatibilicen os usos de Santa Lucía. Dese estudo non sabemos absolutamente nada, e, ademais, o acordo incúmptreo ao día seguinte. Non pasaran nin 24 horas e o alcalde, nun medio de comunicación, di que o estudo —que ninguén coñece— di que non se pode facer aí. E inventa outra ubicación. Esta vez di que si, que é a perfecta. Non coñecen os veciños, non coñecemos os partidos políticos e non coñece tampouco a Administración sanitaria cal é esa terceira e última ocorrencia do Concello da Coruña.

Señorías, falo de campaña de desinformación e de confusión porque, logo de ter vostedes os veciños mareados, logo de vostedes marear tamén a Administración sanitaria facendo estudo da viabilidade das súas propostas, facendo tamén estudos vostedes e contratando os seus amiguíños a través de asistencias técnicas, e publicándoas na prensa, na súa prensa amiga, para manter a farsa, e logo de mentir e darlles falsas esperanzas aos praceiros, logo de todo

isto, En Marea licita un proxecto para reformar o edificio; licitación que se fixo pola porta de atrás, sen ningún tipo de diálogo e que impide a construción do centro de saúde...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...do mercado de Santa Lucía.

Negáronse vostedes a recibir os representantes veciñais porque non lles gusta escoitar o que non queren escoitar. Presumen vostedes de participación cidadá, pero só é un paripé para facer o que vostedes queren e encima ter xente que os aplauda. ¿De que proceso participativo cidadán saíu a idea desta última proposta? ¿De que proposta participativa cidadá saíu o de construílo en vertical, ou de levalo a máis dun quilómetro de distancia?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ¿Con quen o consultaron? ¿Explicáronllo vostedes aos veciños? ¿Explicáronllo vostedes aos praceiros?

E xa para rematar...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...os veciños exigen un cambio de actitude do alcalde, que os escoite e que colabore con lealdade coa Xunta de Galicia.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor TRENOR LÓPEZ: Poden ser vostedes palmeiros e reféns dos despropósitos da Marea Atlántica ou poden estar vostedes do lado dos veciños.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Rematou o seu tempo.

O señor TRENOR LÓPEZ: Son vostedes os que teñen que decidir. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Trenor.

Intervención dos grupos parlamentarios. *(Pausa.)*

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Solla Fernández.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Recoméndolle —así, xa que non nos escoita ninguén— que se relaxe, señor Trenor. Nótase que perden bastante vostedes con esa perda dos gobernos municipais —só lles queda Ourense das grandes cidades— e toman ao pé da letra o que lles manda o xefe. Fan ben, seguramente é o que teñen que facer, pero bueno, en fin..., non todo vale. *(Aplausos.)* Por un

momento pensei que estaban falando de vostedes cando falaba da prensa amiga, dos amigos e de todas esas cousas.

Bueno, señor Trenor, se queremos falar dos compromisos da Xunta de Galicia co Concello da Coruña, poderíamos falar do que sucede co colexio de Novo Mesoiro, co que sucede coa fachada litoral, co que sucede coa estación intermodal e cos retrasos cos que vostedes levaron o proxecto — felizmente agora parece que hai acordo —, coa indiferenza que vostedes mostran ante a necesidade da área metropolitana, coa redución case dun 30 % dos orzamentos da Xunta de Galicia dedicados á cidade da Coruña neste exercicio de 2018. Sen embargo, señor Trenor, nós non estamos aquí para trasladar o debate que vostedes teñen incapacidade de facer no Concello da Coruña. Onte o señor Fernández Prado — que ademais de concelleiro é deputado — trasladaba nesta Cámara que non se podía vir aquí facer campaña electoral das municipais. Hoxe fixo vostede unha intervención exacerbada, á par que lamentable, porque a precampaña das eleccións municipais, que trasladaba o señor Prado que aínda non empezara, efectivamente, non comezou. E vostedes deberían empezar a tomar en serio os asuntos de sanidade. Eu pediríalle a mesma vehemencia cando falamos, por exemplo, doutros centros paralizados, como pode ser o centro do Hío, que leva con terreos moitos anos; ou de moitos outros dos diferentes concellos que gobernan partidos de todas as cores.

Acaba vostede, ademais, de trasladar aquí unha serie de asuntos, e a min gustaríame que preparasen un pouco máis as iniciativas. Porque, evidentemente, a ampliación do hospital da Coruña ou das súas urxencias non depende de ningún goberno municipal, non dependeu en ningún momento. Dá igual quen estivese gobernando. É responsabilidade da Consellería de Sanidade, quen ten a titularidade. E hai, evidentemente, un problema, que acabamos de trasladar aquí, da ausencia de persoal suficiente nas urxencias no hospital da Coruña. Vostedes na Coruña manteñen unha planta completa pechada no Abente y Lago e outra planta completa pechada no Materno dende hai varios anos, mentres existe unha evidente necesidade de camas na cidade, algo que se obxectivou en todos os colapsos, e nas camillas que se acumulan neses maravillosos pasillos da súa ampliación.

Pero, falando en concreto deste tema do centro de saúde, xa comentamos na Comisión de Sanidade que, efectivamente, hai unha necesidade evidente dunha mellora sobre o centro actual, que queda pequeno, que está nunhas condicións que xa non son as axeitadas. E aí coincidimos, falámolo na propia Comisión. Sen embargo, señor portavoz do Partido Popular, vostede, que di que non coñece non sei que estudos, paréceme que o que non ten é ningún tipo de comunicación coa Consellería de Sanidade. E é unha magoa, porque seguramente o señor Almuíña aínda estea por aí detrás e pode explicarlle o diálogo que está mantendo a Xunta de Galicia co Concello da Coruña. É bastante lamentable, señor Trenor, que, cando xa está bastante avanzado o diálogo e seguramente en moi pouco tempo se vai poder anunciar algún tipo de medida para solucionar estas diferenzas que existían entre a Xunta e o Concello, vostedes veñan traer este asunto aquí simplemente para intentar rascar algún tipo de voto para as municipais. Puido tamén facer a señora candidata a iniciativa. Decidiron que a facía vostede. Bueno, o que sexa, pero a realidade é que a vostedes o que menos lles interesa é a saúde das veciñas e dos veciños da Coruña; en primeiro lugar, porque manteñen os recortes de profesionais, porque teñen como teñen os servizos, non só as urxencias senón — quero lembralo — tamén está esa eliminación dunha xinecóloga no centro de orientación

familiar do Ventorrillo, a situación do centro de saúde do Ventorrillo, as denuncias que este mesmo grupo fixo de como estaban os profesionais neses centros de saúde. Porque foron os propios profesionais os que acudiron a eses medios de comunicación, a eses que si, en moitas ocasións, reciben as súas subvencións. E agora, sen embargo, pretenden utilizar un tema, que evidentemente afecta a saúde dun barrio, para intentar rascar algún voto e recuperar eses concellos que vostedes perderon pola súa mala xestión.

A realidade é que, cando a Xunta de Galicia e o Concello están traballando, vostedes —o Grupo Parlamentario Popular— fan caso omiso dese traballo. E non queren saber nada porque o único que interesa é utilizar os dereitos dos veciños para intentar arañar algún voto. Debería vostede preguntarlle ao seu conselleiro de Sanidade —porque é bastante lamentable que o propio Partido Popular non se entenda co seu propio goberno—, que é o que está negociando co Concello da Coruña unha solución.

Eu non vou entrar nesa loita ridícula, que vostedes teñen que dar, se queren, nos debates municipais. E trasládolle que se poñan a traballar e que traian propostas concretas, porque non escoitei nin unha soa proposta pola súa banda, nin en comisión nin en pleno; nada máis que a necesidade de utilizar un tema, xa que —repito— a vostede o que non lle interesa é a saúde dos veciños, o que si lle interesa é o interese do seu partido en ter algún voto máis nas vindeiras municipais.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Solla.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

E moi bo día aos veciños que nos acompañan desde a tribuna.

Teño que empezar dicindo, señor Trenor, señor deputado do Partido Popular, que non sei se vostede está practicando para ser candidato nas eleccións municipais ao Concello da Coruña, pero confúndese un pouco de foro, confúndese un pouco de foro. E dígolle isto porque, desde logo, ao BNG nos sorprende onde vostede se instalou. Podíamos dicir aquilo de «consellos vendo que para min non teño». Vostede vén aquí facendo un exercicio de diálogo entre administracións, de transparencia, de escoitar os veciños, cando este hemisiciclo é testemuña continuada de que o Partido Popular, cando traemos este tipo de cuestións, sistematicamente se posiciona en contra. Danlle igual as sinaturas que avalen as propostas, dálle igual a necesidade das actuacións que vostedes non teñen en conta. Entón, se isto significa que van cambiar de posición e que, cando hai unha demanda, como neste caso, respaldada por veciños e veciñas, por cidadanía, por colectivos, van empezar a ser permeables e iso vai ser un elemento de peso á hora de atendelas, pois benvidos sexan a esa posición.

Desde logo, no BNG sorpréndenos a posición do Partido Popular, que ten a sanidade pública nunha posición de acoso e derrubamento cando vota sistematicamente en contra das iniciativas que traemos a este Parlamento para que se proceda á construción de centros de saúde prometidos, comprometidos, necesarios, demandados, con acordos plenarios unánimes, con recollida de sinaturas, con colectivos demandando. Vostedes o que fan é caso omiso desas cuestións. E sorpréndenos cando a Xunta de Galiza, que nos orzamentos para o ano 2018 contempla unha partida de apenas 8 millóns de euros para a construción dos centros de saúde múltiples que son necesarios no país e para a súa reparación, pois non inclúira unha partida para a construción do centro de saúde de Santa Lucía. Non, non a contemplou, non. Non, desde logo, nunha cantidade necesaria. E sorpréndenos, porque o BNG, que tamén se preocupa e ocupa deste tema, que nos preocupa e ocupa desde hai tempo, presentamos emendas aos orzamentos da Xunta no ano 2016, presentámolas nos orzamentos de 2017, presentámolas nos orzamentos deste ano 2018. E o Partido Popular votou sistematicamente en contra, votou en contra sempre desas emendas.

E eu tamén lles pido que non xoguen, e que esa petición que vostede fixo e lle fai ao goberno do Concello da Coruña, de que non engane os veciños, que vostedes tampouco o fagan, que non lles digan que non pasa nada por non ir partidas nos orzamentos e que logo teñen aí unha partida de continxencias e que se pode tirar dela. Claro, pero iso sería aplicable a todas as cuestións con nomes e apelidos que vostedes meten nos orzamentos e que logo non executan. ¿Por que neste caso non teñen esa vontade? Pois a verdade é que deberían vostedes explicalo.

Dende logo, é evidente que estamos diante dunha cuestión de falta de vontade política. É unha evidencia que se lle saca máis rédito ao desencontro, sácanlle máis rédito a non solucionar o problema que realmente a solucionalo, pois, mentres se fai ruído e se está nos xornais, non se acorda e non se soluciona.

Eu, dende logo, o que pido é que os veciños e veciñas do barrio da Falperra —que levan demandando a necesidade dun centro de saúde no barrio porque, evidentemente, o ambulatorio de Federico Tapias cae literalmente a cachos e necesita literalmente que se solucione— non sexan os paganos desta situación, que non estean no medio dun xogo dun fogo cruzado, e que non sexan os que paguen as consecuencias.

Eu, dende logo, tamén boto en falta que o Partido Popular non teña esta mesma vehemencia ao defender as necesidades sanitarias doutros barrios da Coruña, como é o caso de Novo Mesoiro. O BNG trouxo en varias ocasións a iniciativa para que se lles dea resposta ás súas necesidades e o Partido Popular votou en contra. Igual será porque a solución das necesidades do barrio de Novo Mesoiro só dependen da Xunta de Galiza. E, como só dependen da Xunta de Galiza, non dá pé a lume cruzado, non dá pé a estar nese xogo entretido de botarlles a culpa a outros, e aí o Partido Popular vota en contra.

E eu, para rematar, lémbrolles que as responsabilidades e as competencias en sanidade son única e exclusivamente da Xunta de Galiza, única e exclusivamente da Xunta de Galiza. E se realmente hai un concello que non colabora, insisto, ten que colaborar. A responsabilidade é da Xunta de Galiza, co cal, se hai unha necesidade e non atopa esa colaboración, déanlle resposta porque son...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...os únicos que teñen a competencia. Co cal, o BNG vai seguir apoiando que se faga un centro de saúde no barrio porque é necesario para darlles resposta ás necesidades sanitarias, pero tamén por unha cuestión que non é menor, que é dinamizar un barrio, dinamizar un comercio, cuestión pola que o Partido Popular, desde logo, non se caracteriza, nin por ter apoiado nin por apostar por un modelo que dinamice as cidades e os barrios. Desde logo, non é a súa aposta.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: Congratúlome de que neste caso sexa así. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, o señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Grazas, señor presidente.

Creo que serei breve, señor Trenor, porque por esta intervención tan exacerbada que fixo na presentación desta iniciativa —e todos os coruñeses e todas as coruñesas estamos na cidade— dá a impresión de que só vostede ou só vostedes representan a cidadanía da Coruña. Entón chama a atención esta intervención destas características.

Quería saudar tamén os veciños da Falperra, por suposto, porque realmente estamos asistindo a unha partida non sei se de ping pong ou a un «pim, pam, pum» permanente entre o Partido Popular na Coruña e a Consellería de Sanidade. Ás veces —como se dicía nalgunha intervención anterior— non se sabe ben se hai confusión ou non entre as intervencións do Partido Popular na Coruña e, neste caso, a Consellería de Sanidade —é dicir, temos ás veces esa certa confusión na cidade, e o goberno municipal— sobre a ubicación, efectivamente, no edificio do mercado de Santa Lucía, no pleno centro da cidade, dun novo centro de saúde que conviva coas instalacións do mercado.

Levamos demasiados días, levamos demasiadas semanas, eu diría que xa levamos todo este mandato municipal —e incluso o anterior mandato municipal, precisamente do Partido Popular—, sen que a Consellería de Sanidade e o Goberno municipal acaden o necesario acordo e dean unha solución clara ás demandas dos veciños e comerciantes do barrio da Falperra, como ao conxunto de usuarios do actual centro de saúde de Federico Tapia, que, como ben se dicía, cae a trozos.

Asistimos cada día a un xogo partidario, a un xogo absolutamente partidista, entre o PP e o Goberno municipal a ver quen sae coa súa, cando son as necesidades, por un lado, de revitalización económica do mercado pero, por outra parte, de mellor asistencia sanitaria as únicas claves que se deben resolver. Que é perentoria a necesidade de actualizar e, sobre todo, de revitalizar o mercado de Santa Lucía é absolutamente indubidable.

O centro de saúde debe ubicarse, con base en criterios técnicos de accesibilidade e asistenciais, os criterios que determine precisamente o Sergas, no lugar dispoñible que mellor sirva ao conxunto de usuarios do actual centro de Federico Tapia. Se non pode ser tecnicamente no mesmo edificio do mercado, asígnese unha parcela na zona de influencia. Por suposto, non no Paseo das Pontes, porque é unha situación absolutamente absurda, pero asígnese sen máis demora xa unha parcela axeitada.

Como tamén se comentaba nunha ocasión nestes días, parece ser que deberíamos na Coruña dispoñer dos informes técnicos do arquitecto autor do proxecto do mercado, etc., para coñecer as posibilidades de compatibilidade ou non do centro de saúde co mercado e, precisamente, coñecer cal vai ser a decisión técnica e asistencial por parte da Consellería de Sanidade. ¿Ou vai ter que ser a señora Mato quen veña dar a solución ao conselleiro de Sanidade en precampaña electoral? Porque parece que é do que estamos a falar, ¿non?

Recordábase nunha intervención tamén —e sábeno os veciños da Falperra— que o Partido Popular no proxecto de orzamentos de 2018 non consignou nin un euro para o centro de saúde en Santa Lucía, ¡nin un euro! O Grupo Parlamentario Socialista si que tamén presentou unha emenda, que foi radicalmente rexeitada polo Partido Popular e, polo tanto, non entrou nos orzamentos, para levar a adiante este novo equipamento sanitario na Coruña. Á primeira hora, o presidente Feijóo prometía que mañá, no Consello da Xunta, se van anunciar vinte novos centros de saúde. Esperemos que este equipamento estea claramente delimitado nese acordo do Consello da Xunta.

Pero, señor Trenor, eu creo que deberían facer un pouco de autocrítica —un pouco de autocrítica nunca vai de máis—, porque eu diría que, señores e señoras do Partido Popular na Coruña, cun mandato municipal —o anterior gobernando na Xunta e estando no Goberno central—, se facemos un relato dos asuntos que na Coruña non avanzan precisamente pola incapacidade ou polo bloqueo institucional a que se somete a cidade por parte do Partido Popular, poderíamos non rematar. Leo algún deles: a situación da fábrica de armas, da que falaremos nalgunha ocasión; o tema eu diría que case impresentable de deslealdade coa cidade na fachada portuaria interior; a situación de Alcoa, as posibilidades de futuro de Alcoa; a ría do Burgo; o enlace ferroviario de Punta Langosteira; o carril-bus, desmontado; o tranvía, desmontado; as polideportivas da Sardiñeira, de Elviña e de Agra 1 nunha situación calamitosa; os colapsos no CHUAC; e eu podo recordar perfectísimamente —porque podemos recordar todos os coruñeses— como baleiraron de contido realmente a rede de museos científicos, a rede de centros cívicos e a rede de bibliotecas.

Por favor, señores do Partido Popular na Coruña, fagan autocrítica da súa capacidade de goberno, da súa capacidade de xestión.

Esta é a herdanza que os coruñeses e as coruñesas estamos recibindo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: ...das formas de gobernar, ou de non gobernar, as institucións por parte do Partido Popular polo que respecta á cidade da Coruña.

Nós absterémonos nesta proposición non de lei que presentan porque o que estamos reclamando todos na Coruña, todos os usuarios do centro de saúde de Federico Tapia e tamén os veciños da Falperra, é que se tome un acordo dunha vez entre a Consellería de Sanidade e o Goberno municipal. E os veciños da Falperra e o resto de veciños usuarios do centro de saúde así o reclaman.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Villoslada.

Por parte do grupo parlamentario autor da proposición non de lei, ten a palabra o señor Trenor López.

O señor TRENOR LÓPEZ: Si, señor Villoslada. Eu alégrome de que vostede anunciara que se vai abster con isto. O PSOE leva absténdose no que se refire á cidade da Coruña moitos anos. Non vou ser eu o que diga nada do Partido Socialista da Coruña. Xa o din vostedes, xa son vostedes mesmos os que fan autocrítica, unha autocrítica penso que bastante realista. E alégrome de que hoxe vostede fixera polo menos un amago dalgunhas das cuestións que nos preocupan aos coruñeses. O que me dá un pouco máis de pena é que vostede siga absténdose, siga sen posicionarse nin a favor nin en contra, e sigan vostedes nesa fase de equidistancia, de apoiar un goberno da Marea e logo, ao mellor, nun día que un se levanta un pouco tal, facer unha pequena crítica. A realidade é que o goberno da Marea está aí, e o goberno da Marea bloquea todos estes proxectos; proxectos que incluso algúns deles vostedes firmaron, proxectos que vostedes propuxeron e proxectos que vostedes acordaron e que agora están a revisar quizais porque lles teñen bastante medo a estes da Marea. Da mesma forma, vostedes teñen medo quizais a que o señor Martínez os cese, ou que acabe con este xoguete que teñen vostedes entre mans, cando son incapaces de falar coas agrupacións ou cos compañeiros doutros municipios.

Pero, mire, vostedes o que fixeron hoxe aquí foi unha falta de respecto aos veciños. Vostedes insinuaron que os veciños facían esta recollida de firmas e que tiñan isto porque estaban a facerlle o xogo ao Partido Popular, que non lles preocupaba aos veciños, que non tiñan necesidades sanitarias, senón que o único que os movía era sacar a Marea, ou afastar o señor Ferreiro. Vostedes están a insultar e a restarlles dignidade aos veciños da Falperra, que recolleron 3.200 firmas.

O peor de todo isto é que o bloqueo e os obstáculos ás outras administracións, señor Villoslada, non son unha anécdota. Vostede fixo aquí un relatorio de cuestións que vostedes acordaron e modificaron, e tamén de cuestións que están bloqueadas por parte do Goberno municipal. Mire, mentres que en Vigo e en Santiago teñen os seus accesos mellorados, e inaugurados hai escasamente unhas semanas, na Coruña aínda non temos nin sequera o proxecto de mellora de acceso da nosa cidade —bloqueado pola Marea—. Mentres que en Santiago, Vigo e Ourense van iniciar este ano as súas intermodais, na Coruña non temos nin sequera o proxecto. Non o temos, e vostede sábeo. Debería ser un pouco máis honrado co resto dos parlamentarios e co resto dos cidadáns, debería explicar por que está paralizada a intermodal da Coruña. Vostede debería recordar aquí que o ano pasado se adxudicou por

400.000 euros a redacción dun proxecto e que, nada máis obter o proxecto, a Marea botouno para atrás. Feito coas súas propias propostas, feito coas súas propias propostas. Pero a vostede iso non lle importa, vostede non vai vir aquí dicir nada en contra de Ferreiro, non vai dicilo. Porque vostedes aínda pensan que, se Ferreiro baixa un pouco e vostedes soben un pouquiño, ao mellor, o papel que fan vostedes...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...despois pasa a facelo Ferreiro. Non vai ser así, vostedes van ir á metade, como mínimo, de escanos dos que teñen agora alí.

Pero non só iso, non só iso, tamén pasa co plan de vivendas baleiras, bloqueado. Haino en Santiago, haino en Ferrol, pero na Coruña non o hai porque A Marea Atlántica e tamén o Bloque consideran que atender as persoas afectadas polos desafuzamentos non é unha prioridade. É máis importante comprar inmobles aos afíns da Marea.

E tamén está o transporte metropolitano, que vostedes bloquearon. Co cal, señor Villoslada, cando fale vostede da área metropolitana, non fale...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...dos chiringuitos e dos estudos dos que se benefician os seus afíns, senón fale máis ben dos servizos dos que se pode beneficiar a cidadanía.

Todo isto ten consecuencias, ¡claro que si!, consecuencias. Mentres que no resto de Galicia o paro baixa un 10 %, na Coruña estamos no 6 %, catro puntos de diferenza. Ese é o custo que ten o seu apoio, o apoio do Partido Socialista, á Marea.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor. Xa excedeu o tempo.

A emenda...

O señor TRENOR LÓPEZ: Xa, para rematar, nós o único que facemos é traer a esta Cámara unha reclamación e unha reivindicación dos veciños, veciños aos que vostedes lles faltaron ao respecto. ¡Alá vostedes coa súa conciencia!

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Trenor.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Luisa Pierres López e seis deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia destinadas á realización de campañas de concienciación e sensibilización sobre a violencia de xénero no ámbito rural

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentáronse dúas emendas, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada María Ángeles García Míguez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débase engadir ao texto da parte resolutiva o seguinte punto:

«5. Afondar nas actuacións coordinadas e en colaboración coas asociacións de veciños/as, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños/as de Galicia na prevención e na sensibilización da violencia de xénero para contribuír á detección dun delito en moitos casos invisible, que en numerosas ocasións ten lugar na intimidade dos fogares, e no que a colaboración de todos os axentes, entidades e persoas é clave para ofrecer axuda ás vítimas.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Engadir un novo punto 5 co seguinte texto:

«5. Elaborar no primeiro trimestre de 2018, para o seu debate no Parlamento Galego, unha diagnose da situación e carencias dos servizos públicos, con especial atención aos de igualdade, para planificar a súa comarcalización e mellora de accesibilidade e dotación até o ano 2020.»)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Pierres López.

A señora PIERRES LÓPEZ: Grazas, presidente.

Bos días a todas e todos.

Antes de nada, quero saudar a quen hoxe nos acompañan na tribuna, as presidentas das asociacións de mulleres rurais Agra e Os Hórreos, de Muros, así como a presidenta de Fademur-Galicia. Benvidas e grazas polos datos que aportastes e que sustentan boa parte desta iniciativa.

Quería comezar comentando como en toda sociedade atopamos exemplos de costumes moitas veces ancestrais que, vistos desde o presente, co cambio dos códigos sociais, dos avances en dereitos e co propio progreso social, consideramos pouco axeitados, inapropiados. E incluso nos sorprende que nun pasado recente foran ben vistos.

No ano 1791, Olimpia de Gouges publicaba a Declaración dos dereitos da muller e da cidadá, en clara contestación á contradición evidente que se deu tras o triunfo da Revolución Francesa en 1789, unha revolución que baseaba a súa xustificación na idea universal da igualdade natural e política dos seres humanos — *liberté, égalité, fraternité*— pero que negaba o acceso

das mulleres, a metade da poboación, aos dereitos políticos, o que en realidade significaba negar a súa liberdade e igualdade respecto do resto dos individuos. O texto de Olimpia foi unha das manifestacións primeiras en prol da igualdade e custaríalle, anos máis tarde, a vida. E, chegados ao noso tempo, seguimos falando de conquistar a igualdade plena, unha igualdade que dificilmente se conquiará se son moitas e moitos as/os que non son capaces de recoñecer cuestións tan básicas como o que é a violencia de xénero.

Eu non dubido que, ante ese texto de Olimpia, a estrañeza de moitos homes e mulleres ante o porqué desa tolería, de querer ampliar o ámbito da muller fóra do fogar, ou de concederlle o dereito a votar, a exercer política, a non adicarse plenamente aos seus fillos, repito, a estrañeza social, debeu ser xeneralizada e maioritaria. E isto explícase polo contexto. Hoxe aquí, neste Parlamento e na rúa, vivimos outro tipo de estrañeza, aquela que leva á maior parte da poboación a afirmar automaticamente que homes e mulleres somos iguais pero, sen embargo, vive e vivimos con naturalidade anestesiada a existencia da brecha salarial, ou o papel da muller como principal cuidadora dos fillos e dos maiores, ou a violencia contra homes e mulleres por unha razón de xénero.

Se na Revolución Francesa a *égalité* foi só para uns respecto dos outros e deixou de lado as mulleres, hoxe en día os dereitos son tamén máis para uns que para outras. A historia é o que ten: que sempre se volve cíclica. Somos uns espectadores dun contexto que nos segue a sobrepasar, e non actuar fainos cómplices, por iso a iniciativa de hoxe.

Como Olimpia fixo no seu día, nós entendemos que a mensaxe que nos toca dar é, primeiramente, clarificar os termos, non deixar espazo ás dúbidas. Temos que desterrar os costumes aprendidos dende pequenos, educar en igualdade, alertar e sancionar aqueles comportamentos que se afasten do respecto aos dereitos das mulleres e do seu trato en igualdade.

No pasado ano asistimos a datos moi reveladores que a moitos e moitas nos deixaron altamente preocupados, como que un de cada catro xoves ve normal a violencia de xénero na parella. A violencia machista segue sendo un problema de primeira orde en España, pero a percepción da súa gravidade non a acompaña, polo menos non entre moitos xoves. Novecentas mulleres morreron en quince anos por violencia de xénero, e dende a percepción dun 20 % dos xoves considérase normal e exaxerado que isto sexa motivo de preocupación tamén pola clase política. Estes son os resultados do barómetro de 2017 do Proxecto Scopio, elaborado polo Centro Reina Sofía, sobre adolescencia e xuventude.

Pero tamén en novembro de 2017 a asociación Fademur publicou unha enquisa sobre a percepción da sociedade galega sobre a realidade das mulleres rurais galegas, especialmente sobre a incidencia da violencia de xénero no ámbito rural. E na mesma tamén atopamos eses datos reveladores que nos volven dar un toque de atención. Hai un que se pode entender como preocupante, especialmente polo que implica na planificación das campañas, medidas e accións de prevención contra a violencia de xénero. Ao seren consultadas, case a metade das persoas responden erroneamente cando se lles pregunta o que é violencia de xénero. Só o 55 % ten claro o concepto, considerándoa como aquela violencia física, sexual e psicolóxica cara a homes e mulleres exercida polas súas parellas ou ex-parellas. Esta falta de compren-

sión do concepto significa que algo se está facendo mal nas campañas ou programas de información sobre a violencia, especialmente cando non se entende que os homes son tamén vítimas da violencia e que isto non é só un problema de mulleres. Un 20 % das mulleres asasinadas no pasado ano residían no rural, sendo un 61,81 % das mulleres do rural as que din que no seu medio non hai información suficiente para abordar o tratamento da violencia de xénero. Só catro de cada dez din coñecer algún tipo de campaña sobre violencia de xénero.

E tendo en conta todos estes datos e moitos outros que se reflicten tanto nesta enquisa como na do Centro Reina Sofía, ante as porcentaxes significativas de xente que segue a ter conceptos errados sobre o que é e non é violencia de xénero, e ante a importancia de incidir tamén no ámbito rural, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia sentiuse na obriga de presentar hoxe esta proposición; unha iniciativa que non ten outro fin que conseguir encauzar mellor os esforzos e recursos que se dedican á loita contra a violencia de xénero. E digo «encauzar» por cuestións como a que aconteceu coa polémica xerada este ano ante a campaña do 25N, unha campaña que o propio grupo do Goberno ten defendido en repetidas ocasións pero que as propias ponentes que acudiron á Comisión de Igualdade —expertas en periodismo, lingüistas, filósofas e antropólogas—, ante a pregunta das parlamentarias sobre a súa opinión respecto da mesma, todas —e hai que dicilo, todas elas— a consideraron con rotundidade un erro absoluto no seu plantexamento, na mensaxe e incluso polo feito de confundila coa campaña do 8 de marzo, debilitando, se cabe aínda máis, a imaxe da muller.

Non queremos facer máis polémica sobre este tema, pero si queremos que precisamente as polémicas deste tipo se poidan evitar. É necesario que en cada momento quen governe teña presente a importancia das mensaxes, da influencia das palabras, dos conceptos e das imaxes. Menosprezar isto é menosprezar o poder da publicidade e dos expertos en comunicación e imaxe, e o medido das súas decisións e intencións.

Por iso instamos a que se revisen os criterios e conceptos básicos nos que teñen que incidir as campañas de concienciación e sensibilización sobre a violencia de xénero, e a que se promovan tamén ferramentas de obtención de información, como son as enquisas de opinión previa e posteriormente a cada campaña, para poder así dirixilas e enfocalas do modo máis eficaz á cidadanía. Hai que escoitar a xente, detectar as carencias e as gretas da comprensión social da desigualdade, e, en función desa información, levar a cabo estas campañas que incidan neses aspectos e conseguir así unha maior efectividade dos recursos. E para que isto non caia en papel mollado é preciso habilitar unha partida orzamentaria específica para o seu desenvolvemento anual.

Toca ter éxito, é o momento, non duns senón de todas e de todos. Temos a capacidade, a oportunidade e a posición privilexiada para darlle a volta a esta situación. E hai que incidir na difusión das campañas nas zonas rurais, especialmente nos concellos máis pequenos, por ser onde se teñen demostrado menos eficaces. E fagamos tamén seguimento dos resultados. Se este ano son catro mulleres de cada dez as que son coñecedoras dalgunha campaña contra a violencia, que para o ano sexan máis pero nunca menos.

Non esquezamos que estas campañas teñen que chegar aos máis xoves promovéndoas entre os distintos cursos de formación de profesorado, así como nos de alumnado, nos centros

educativos, aqueles centrados en traballar para erradicar a tolerancia ante as diferentes manifestacións da violencia de xénero desmontando falsos conceptos. Da enquisa do Centro Reina Sofía extráese o dato de que, cando os xoves aluden á violencia de xénero, acostuman referirse a condutas explicitamente violentas. Aspectos como vixiar o móbil, controlar a parella e os celos non os inclúen dentro da violencia. E, o que é peor, moitos réstanlles importancia, porque din que esta situación, segundo as súas verbas, sempre existiu.

Esa naturalización do control, do que é normal por ser habitual e a de exercer a limitación das liberdades é a que nos debe alertar enormemente. Somos coñecedores de que existe algún tipo de curso e de talleres formativos deste tipo, pero sexamos realistas: os mozos e mozas reciben información e un bombardeo continuo de mensaxes machistas, sen seren conscientes moitas veces do contido implícito desas mensaxes. E fano a golpe de televisión, de Whatsapp, de Twitter, de Instagram. Nun milesegundo unha mensaxe é interesadamente transmitida. E nós, tristemente, levamos o ritmo das tartarugas. Para chegar a impartir un taller dunha hora nunha aula dun centro educativo pasamos un proceso de meses ou anos.

Temos que reflexionar moito sobre este tema. A inmediatez da información por un lado non se está a contrarrestar coa mesma rapidez polo outro. Estamos a combater unha guerra de dardos con globos como escudos. Ou fortalecemos os escudos e as técnicas de achegarnos aos xoves, controlando as mensaxes dende a orixe e introducindo as mensaxes nas súas propias canles de comunicación, ou pouco imos conseguir nesta loita, que non é local, ten unha dimensión global e difícil de atallar soamente dende minicursos ou talleres dentro dos centros educativos.

Por todo este reto que temos por diante e por dar pasos na boa dirección, agardamos que todos os grupos consideren esta iniciativa que hoxe presentamos e teñan a ben apoiála.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Pierres.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Bo día.

Quero agradecer tamén, en primeiro lugar, ás organizacións que nos acompañan hoxe na tribuna o seu inxente traballo de todos os días do ano para cubrir moitas veces as carencias que a Administración aínda a ten.

A respecto da iniciativa do Partido Socialista, independentemente dalgunha cuestión de matiz, podemos dicir desde o Bloque Nacionalista Galego que concordamos en xeral co seu espírito e con moitas das cuestións nas que incide. Por exemplo, na formación do profesorado hai poucos meses aprobamos unha proposición non de lei nesta mesma Cámara por iniciativa do noso grupo, ou a respecto da cuestión dos orzamentos pois temos insistido bastante niso, malia o pouco caso e entendemento que conseguimos deste lado da bancada. Xa

non vou dar hoxe os datos de execución orzamentaria nin de modificación de créditos en negativo —que minoraron os créditos orixinais, por exemplo, de 2016, que é un exercicio xa pechado— porque xa o repetín tantas veces que me aburre a min mesma escoitalo. E vemos que non hai ningún tipo de rectificación por parte do Partido Popular.

E aí vén a nosa primeira preocupación a respecto desta iniciativa: agardemos que o Partido Popular a acepte pero que faga algo, que se faga realidade. Porque estamos un pouco aburridos e aburridos desde o BNG de aprobar iniciativas de orientación xeral para buscar un consenso co Partido Popular e que as desoian absolutamente. Polo tanto, agardemos que esta iniciativa teña outro destino, tanto na súa votación como que logo acabe chegando a unha execución práctica.

Falaba a voceira do Partido Socialista da última campaña da Xunta do 25 de novembro, e creo que a todos e a todas, aínda que non me centrarei moito nela, pois nos deixou claro que é necesario non só revisar a quen se dirixe e como se dirixen esas campañas senón tamén revisar, na súa elaboración, como se artellan e que se fagan con criterios nos que se estableza unha diagnose previa, unha avaliación rigorosa e se eviten cuestións deste tipo. Ademais, máis grave que o erro para min é que a día de hoxe non houbo ningún tipo de rectificación nin de corrección, senón que a Xunta e a Secretaría Xeral de Igualdade se pecharon en si mesmas crendo que por ter maioría absoluta xa fan automaticamente ben todo.

Polo tanto, nós pensamos que esa non é a liña de traballo, que cada un dos euros que se destinan do erario público a unha cuestión tan fundamental coma esta debe ter aínda máis seguimento que calquera outro tipo de campaña publicitaria e demais. Polo tanto, insistir en estudos de campo previos, en estudos de carácter obxectivo, como algúns dos que se mencionan, como as enquisas previas e posteriores, sempre será positivo.

Para mostra, un botón. Precisamente, falando de formación de profesorado, eu insistía no exemplo que había a través dun programa da Deputación da Coruña para desenvolver o programa «Suprime o control» nos centros de estudo, que se fixo en 2016 e 2017 e que se está a elaborar tamén durante este mesmo ano. Houbo un traballo previo que permitiu adaptar e modular a campaña, que permitiu ter un marco con base no que deseñar o modelo de obradoiro, a súa avaliación, o manual do programa socioeducativo, as actividades paralelas, o asesoramento vía mensaxería instantánea, os encontros con familias, a participación da comunidade educativa, e mellorar dun ano para outro os obxectivos e o intento de alcance da campaña. Seguramente ano a ano se descubran cousiñas que mellorar, pero desde logo, a priori, o marco no que se xestou é moito máis ambicioso do que parece que son algúns dos programas da Xunta de Galiza.

Pero á hora de falar especificamente da cuestión que nos trae hoxe, hai algo que nos preocupa: que a emenda do Partido Popular insiste en afondar na relación co movemento veciñal, na liña de colaboración coa Xunta de Galiza e demais. E o primeiro que quero dicir é que, desde o Bloque Nacionalista Galego consideramos que esa é unha pata fundamental, é unha pata fundamental da sociedade. Ese tipo de mecanismos permítenos chegar a un público máis amplo, permite facer un traballo polo miúdo, se iso se planifica ben e demais. Agora ben, discrepamos un pouco en que igual «afondar», precisamente nesta semana, sexa a

mellor palabra, máis aínda cando continuamos —non só asociacións como Si, Hai Saída, de Lugo, senón tamén as organizacións políticas— esperando algún tipo de aclaración por parte da Xunta de Galiza —e espero que a voceira do Partido Popular poida desmentir e aclarar esta cuestión— sobre se este anuncio ten algún só euro do erario público da Xunta de Galiza. (*Aplausos.*) Este anuncio é dunha excursión que organiza o Concello de Mondoñedo, que non está gobernado nin por «papanatistas» socialistas nin por «radicalistas» nacionalistas nin por esas «Mareas de Podemos». (*A señora Presas Bergantiños amosa un papel desde a tribuna de oradores.*) Organiza unha excursión —que a excursión é o que protagoniza o fundamental do cartaz—, e, se imos á letra pequena, inclúese unha charla de prevención sobre a violencia machista á par que un xantar de callos, tenreira asada con patacas, ensalada, postre caseiro, pan, viño e café, e unha visita a un centro comercial tamén.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Eu agardo que isto sexa financiado, en todo caso, polo lecer do propio concello, e que, se hai algún só euro da Administración da Xunta de Galiza, da Secretaría Xeral de Igualdade, se exixa unha rectificación. Porque, desde logo, entendemos que non é a forma de deseñar as campañas, que non é a forma de quitarlle, ademais, protagonismo, sensibilidade e valor a algo tan importante como a violencia de xénero. E, desde logo, se se destinan os orzamentos da Secretaría Xeral de Igualdade a este tipo de cuestións, pois teñen un uso que non se está nin avaliando previamente nin posteriormente, e deberíámolo ter un pouquiño máis en conta.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

Por parte do Grupo Popular, ten a palabra a señora García Míguez.

A señora GARCÍA MÍGUEZ: Bos días.

Para comezar a miña intervención, non deixa de abraiarme que veña dar exemplo o Bloque Nacionalista Galego, lembrando como o señor Anxo Quintana levaba 5.000 mulleres a bailar con elas a Silleda dentro das súas campañas contra a violencia de xénero. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Ese si é un bo exemplo, un bo exemplo de traballo contra a violencia de xénero. Tampouco quero falar na miña intervención de que é unha mágoa falar de determinadas campañas que hai dous meses se puxeron en marcha, hai dous meses.

Creo que dende o 25 de novembro ata o día de hoxe, por desgraza, en Galicia vivimos acontecementos dramáticos. E por respecto aos pais e ás familias, e eu cero que á sociedade en xeral, non debemos de falar de temas menores, senón de temas que deben facernos sumar, xuntar esforzos contra a violencia de xénero, veñan de onde veñan, veñan de quen veñan. E o xeito sempre é intentando, dende logo, facelo o mellor posible.

Dende logo, xa para comezar, eu quero informalos, e xa llelo anuncio, de que nós imos apoiar a súa proposta, porque hai iniciativas que se están levando a cabo por parte da Xunta de Ga-

licia no traballo de concienciación e sensibilización no medio rural. Hai un orzamento específico para isto, e non soamente o traballo no medio rural, senón tamén na formación do profesorado e no alumnado. Nós imos máis alá, e queremos impulsar tamén esta concienciación, esta sensibilización, a toda a veciñanza, aos veciños e ás veciñas galegas.

Respecto de Fademur e das outras asociacións, benvidas ao Parlamento de Galicia. Dende logo, todos sabemos do seu traballo, da colaboración que teñen, cun convenio e a través dunha subvención, coa Secretaría Xeral de Igualdade. Noraboa por ese traballo que están a facer con mulleres en risco de exclusión social. Como ben saben as acompañantes que están aquí no Parlamento, Fademur está facendo un traballo importante, concretamente con mulleres vítimas de violencia de xénero, con mulleres que viven nas zonas do rural, afastadas da poboación, con mulleres que teñen un ingreso de 2,5 menos do Iprem, con mulleres maiores, desempregadas, con mulleres de baixa cualificación; en definitiva, con mulleres en risco de exclusión social. Non soamente Fademur recibe esta subvención, senón tamén outras entidades, concretamente son 94, e 67 delas traballan no ámbito especificamente rural para a atención a estas mulleres en situación de especial vulnerabilidade.

Non soamente esas entidades, as asociacións, levan a cabo este labor tan importante no rural, senón tamén os concellos de Galicia. A través da Secretaria Xeral de Igualdade, todos os concellos adheridos á Rede de entidades locais contra a violencia de xénero levan a cabo actividades dun xeito totalmente gratuíto, financiadas pola Secretaría Xeral de Igualdade, que tocan un pouco todos os eidos de actuación importantes dentro do que é a prevención e a sensibilización contra a violencia de xénero: o contexto dixital, hai cursos de defensa persoal que leva a cabo persoal da Federación Galega de Loita, un programa específico para mulleres maiores, tamén hai terapia familiar para nenos e nenas que sofren directa ou indirectamente a violencia de xénero, charlas informativas contra a trata de seres humanos e a explotación sexual, charlas de prevención e sensibilización contra a violencia de xénero impartidas polo persoal do Centro de Recuperación Integral de Santiago de Compostela, diferentes exposicións e tamén actividades lúdico-recreativas.

Como ven, o rural, non soamente a través das entidades senón tamén a través dos concellos, grazas á Secretaría Xeral de Igualdade, está cuberto.

Respecto da formación do profesorado e do alumnado, como ben saben, os currículos educativos dos nenos e das nenas galegas teñen como materia transversal a igualdade e a prevención de violencia de xénero. ¿Que dicirlles respecto do profesorado? Hai en marcha, está en vigor, o primeiro Plan de actuación educativa en igualdade 2016-2020, polo que máis de 20.000 profesores o pasado ano recibiron 2.800 actividades formativas. Este ano son 7.000 mestras e mestres galegos os que están levando a cabo esta formación. O pasado ano foron 6.000, co cal máis de 13.000 profesores na nosa comunidade autónoma están recibindo esta formación.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora GARCÍA MÍGUEZ: Nós queremos ir máis alá, dar un salto cualitativo —vou rematando, presidente —, falar de conciencia social, de que deixe de ser dun ámbito familiar, do

ámbito privado, e que pase a ser un problema de todos e de todas. E por iso se impulsa dende a Xunta de Galicia, dende o Colexio Oficial de Administradores de Fincas e dende a Asociación Española de Auditores Sociolaborais, o apoio e o impulso aos veciños, ás veciñas, a través das comunidades de propietarios e propietarias, a unha campaña de prevención e detección a través de 30.000 trípticos que se están repartindo por todas as provincias galegas a través da veciñanza.

Esperemos que se sumen á nosa iniciativa. Nós sumámonos á súa porque cremos que é positiva, porque cremos que temos que dar exemplo, e máis dende o Parlamento de Galicia, contra a violencia de xénero.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora García Míguez.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Quinteiro Araújo.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas, presidente.

En primeiro lugar, tamén quería saudar as persoas que nos acompañan hoxe, e tamén recoñecer todo ese labor que fan, que, como xa se mencionou, en realidade vén suplir unha carencia que ten a Administración pública. Nós pensamos que ademais é fundamental que, para pór en marcha medidas efectivas e medidas que realmente se adecúen á nosa realidade, é imprescindible facer unha boa diagnose. E as enquisas entendemos que non son as suficientes, non hai unha análise pormenorizada que incorpore de xeito claro a perspectiva de xénero. De feito, eu penso que é unha reflexión necesaria que temos que facer. A maioría dos parámetros cos que analizamos a situación económica e a situación social do noso país están feitos dende unha visión exclusivamente androcéntrica, e a propia economía. Por iso agardo que esta iniciativa tamén sirva, aínda que non veña especificado, para reflexionar sobre esta cuestión e que o Goberno galego incorpore todas estas medidas tamén á hora de abordar as estatísticas.

Está practicamente todo dito, e os datos desta enquisa non deixan lugar a dúbidas. Volven corroborar que nos queda moitísimo por facer para erradicar as desigualdades de xénero. Por iso non concordamos co discurso, que foi carente de autocritica por parte do Partido Popular. Soamente dedicaron estes cinco minutos a facer propaganda. Porque é evidente que aínda queda moitísimo por facer.

Parécenos, ademais, especialmente necesaria esta enquisa, que atende a un contexto específico como o rural, porque é evidente que as violencias machistas adquiren unhas características e teñen unhas repercusións diferentes neste medio. Sabemos que é moito máis complexo, en moitas ocasións, denunciar dende as zonas rurais porque existen moitos menos recursos aos que acudir, e pensamos que hai que sinalalo.

Algún dato que nos parece moi significativo e que deixa esta enquisa —que tamén se mencionou pero que me parece chamativo e quería volver mencionalo— é que aínda non se aso-

cie de xeito maioritario a violencia de xénero só cara ás mulleres. Isto dá unha boa mostra de canto nos queda por concienciar e sensibilizar sobre a situación na que nos atopamos.

No tema das campañas, é unha evidencia que non están funcionando. Fai falla repensar o propio modelo das campañas. Por iso, esta iniciativa parécenos moi positiva, no sentido de que fan falla campañas que estean deseñadas de abaixo a arriba, coa participación das asociacións, coa participación dos colectivos, e que realmente estean imbricadas na sociedade galega, que non sexan unicamente unha repartición de panfletos e de carteis de maneira vertical, de arriba a abaixo. Porque necesitamos que as campañas sexan tomadas pola sociedade como propias para que realmente sexan levadas a cabo e que teñan resultados máis positivos. Sobre todo, porque hai que repensar que moitas veces nos centramos unicamente no máis visible, que é moi dramático, por suposto, os asasinatos —estannos matando—, os golpes, pero aínda non somos capaces de visibilizar e de concienciar sobre todas esas outras violencias, sobre a violencia económica, sobre a violencia simbólica, sobre o traballo reprodutivo —que segue caendo maioritariamente sobre as mulleres—. E tamén temos que pór o acento en visibilizar todas esas outras formas de opresión, de desigualdades que padecemos as mulleres.

Outro dato que sae nesta enquisa e que me parece destacable é que os motivos de non denunciar é a falta de resposta da Administración e a lentitude da xustiza. Quería mencionalo porque moitas veces penso que se ten unha actitude excesivamente paternalista, incluso condescendente, coas mulleres, afirmando que as mulleres teñen á súa disposición todos os recursos das administracións e todo ao seu servizo. Pois quizais deberíamos deixar de facer estas afirmacións categóricas e pararnos a reflexionar por que moitas mulleres non dan o paso. Por suposto, hai moitísimos motivos, non unicamente a resposta das administracións. Pero tamén, se hai mulleres que dan esta resposta nestas enquisas, debemos deixar de facer estas afirmacións e pararnos a pensar como mellorar para que as mulleres realmente se sintan seguras e poidan dar o paso en confianza.

Por exemplo, temos a necesidade de afrontar alternativas económicas, axudas ao alugamento social, casas de acollida, rendas, porque a dependencia económica segue sendo un factor fundamental en toda a sociedade, pero especialmente nas zonas rurais. Por iso temos que centrarnos tamén nesta parte dos recursos económicos para que as mulleres poidan dar estes pasos necesarios.

Como digo, por suposto, imos apoiar esta iniciativa. Cremos que dá un paso. Pero tamén quería incidir en que moitas veces aprobamos aquí iniciativas que despois non teñen correlato con accións concretas. Temos que dotarnos orzamentariamente e temos que facer un seguimento. Non serve de nada que aprobemos papeis, que aprobemos lexislacións e despois non poñamos en marcha medidas para rematar coas desigualdades.

Totalmente de acordo —e vou rematando, que xa non me queda tempo— co tema da educación. Para nós —repetímoloo moitas veces— a escola é un dos axentes fundamentais para promover a igualdade, e todas as iniciativas que se aproben neste sentido serán moi positivas.

As cifras son dramáticas, seguen matándonos. Por iso eu apelo a menos discursos autocompracentes, menos alegatos a prol da igualdade. E, por suposto, temos que estar todas e todos

na loita contra as violencias machistas. Pero precisamos recursos, precisamos moitas máis actuacións na loita contra esta lacra.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Quinteiro.

Ten a palabra o grupo autor da proposición non de lei, a señora Pierres López.

A señora PIERRES LÓPEZ: Grazas, presidente.

Agradezo o apoio dos diferentes grupos á iniciativa hoxe plantexada. E penso ademais que acadar consensos ao redor deste tema tan sensible e de incidencia no futuro de tantas mulleres, homes, nenas e nenos é de celebrar; tal vez sexan pasos, son pequenos, pero son necesarios.

En todo caso, ante as emendas dos diferentes grupos, imos aceptar a do Partido Popular, cunha lixeira modificación, na que se comprometen —e pedímoslles que se comprometan— a poñer en práctica a súa proposición durante o ano 2018. E basicamente porque entendo que é un compromiso de aportar máis do que xa tiñan pensado para este 2018. Estaremos vixiantes para que así sexa.

E no caso da emenda do Bloque Nacionalista Galego sentimos non poder aceptala, e basicamente porque entendemos que se afasta do motivo da iniciativa presente e que é motivo doutra diferente, que os invitamos en todo caso a presentar.

Antes falaba da responsabilidade que temos por diante para con todas e con todos. A loita pola igualdade non é un tema das mulleres —quedou claro— e implícanos a todos e todas. Estas palabras, que poden ser obvias xa neste Parlamento, hai que recalcalas unha e outra vez, especialmente porque existe un interese en enfrontar as mulleres cos homes e posicionar a loita feminista como unha agresión ou perda de dereitos dos homes. Clarifiquemos este concepto, clarifiquemos moitas outras cousas. Cando un home agride unha muller, está a exercer violencia de xénero; cando un home agride un home por ter relación cunha muller, este é vítima directa tamén desa violencia de xénero; cando un home agride un neno por ser fillo dunha muller, este está a exercer violencia de xénero; e cando un home agride un home por ser pai dunha muller, está a exercer violencia de xénero. Un 45 % da poboación —insisto— parece non ter clara esta cuestión tan básica. Como un 7 % da xente que cubriu a enquisa de Fademur non consideran a violación como unha acción violenta. Que esta iniciativa sirva para incidir nestas cuestións e mellorar a educación en igualdade.

E non perdamos de vista que as boas intencións non son excusas para xustificar o fracaso das accións que perseguen a igualdade, así como as boas intencións non son excusa para xustificar o financiamento de campañas ineficaces e mesmo contraproducentes. Detrás de todo isto hai responsabilidade, a de todas e a de todos. E é esa a que nos obriga, a uns, a exercer o noso labor de impulsar e propoñer a mellora das accións e iniciativas que consi-

deramos falidas — neste caso da eficacia das campañas — e, aos outros, a valorar e poñer en acción esas proposicións e iniciativas de mellora plantexadas.

Vostedes, señor García, teñen neste momento a obriga de conducir e nós de acenderlles os faros para que vexan con todas as ópticas posibles o que teñen enfronte. Esta é a oposición construtiva que pretendemos ser, aínda que ás veces lles teñamos que pedir que pisen o freo ou que cambien de rumbo. Se vostedes perden o rumbo, Galicia vai detrás, e ese é un luxo que non nos podemos permitir.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Pierres.

Pasamos á seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Vázquez Verao, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar a accesibilidade en todas as áreas

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e outra do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Noela Blanco Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 21105).

Emenda de modificación.

Na parte resolutiva da iniciativa débese substituír o contido dos puntos 1, 2 e 8 polos seguintes textos:

«1. Elaborar e publicar, a partir do 2018 e con periodicidade anual, unha orde de axudas destinada aos concellos para a adaptación das vías públicas substituíndo o lastrado por texturas e contrastes que faciliten a utilización por persoas con discapacidade visual, e establecendo como prioritario a rebaixa das ramplas das beiravías, a cota cero, e a substitución dos antigos semáforos por novos modelos sonoros.

2. Elaborar e publicar, a partir do 2018 e con periodicidade anual, unha orde de axudas para os concellos co obxectivo de poñer en marcha un plan de mellora do transporte público por estrada coa identificación das paradas de autobús con pictogramas, a adaptación dos itinerarios con pictogramas ou fotos representativas das zonas polas que pasa cada liña interior de autobuses, voz ou sinal acústica que anuncie a chegada dun bus á parada, e sinais e pantallas que expliquen as paradas ás que vai chegando o bus ao longo do seu traxecto.

8. Co obxectivo de fomentar a autonomía persoal e a promoción da accesibilidade, elaborar e publicar a partir do 2018 e con periodicidade anual, unha orde para a concesión de axudas destinada á mellora

da accesibilidade e a adaptación funcional da vivenda habitual das persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial.

8 bis. As axudas priorizarán ás familias con baixos recursos económicos.»)

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 21105 (10/PNP-001586).

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«1. Acordar coa FEGAMP un plan de adaptación das vías públicas de xeito que, a medida que cada administración titular dunha vía aborde a súa remodelación, na medida do posible e no marco das súas competencias, elaboren proxectos que non só cumpran os criterios de accesibilidade senón que se afronten con criterios que faciliten a utilización por persoas con discapacidade visual.

2. Promover a colaboración coa FEGAMP para que no Plan de Transporte Público de Galicia se puntúe a prestación de servizos con autobuses mellor adaptados (voz que anuncie a chegada dun bus á parada e voz e texto que expliquen as paradas ás que vai chegando o bus ao longo do seu percorrido) e que as administracións locais fagan o mesmo nos transportes da súa competencia.

3. Articular en colaboración coa FEGAMP un impulso á difusión que permita seguir aproveitando e mesmo incrementar o uso das axudas de rehabilitación co obxectivo de contribuír á eliminación das barreiras arquitectónicas dos edificios de vivendas.

4. Manter e reforzar a colaboración entre a Xunta de Galicia e a Organización Nacional de Cegos Españóis (ONCE) iniciada co convenio asinado en 2013 para garantir atención especializada a máis de 300 alumnas e alumnos con discapacidade visual en centros educativos de toda Galicia ao abeiro do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes.

5. Continuar ampliando, tal e como fixo ao longo dos últimos anos, o número de escolares atendidos polos convenios con diversas entidades sociais para prestar os servizos de transporte e comedor escolares adaptados.

6. Consolidar a aposta pola mellora do acceso á cultura por parte das persoas con discapacidade plasmada en iniciativas como o proxecto ‘En-Red-Arte’ iniciado no ano 2015.

7. Desenvolver o recentemente aprobado Plan de accesibilidade turística de Galicia e do Camiño de Santiago 2016-2019.

8. Proceder á oferta e convocatoria de máis prazas para persoas con discapacidade intelectual, noutros corpos de funcionarios e categorías laborais distintas ás actualmente realizadas, así como difundir

esta iniciativa entre as administracións locais de Galicia e a prestarlles colaboración para que poidan levar a cabo este proceso, co fin de acadar a condición de empregado público para estas persoas e facilitar a súa inserción laboral e autonomía persoal.

9. Manter as actuais bonificacións que, en relación ás persoas con discapacidade, se prevén no imposto sobre a renda das persoas físicas (polo nacemento ou adopción de fillos, polo coidado de fillos menores, polo alugamento da vivenda habitual), no imposto sobre sucesións e doazóns (redución por discapacidade), no imposto sobre transmisións patrimoniais (tipo de gravame reducido para a adquisición de vivenda habitual e dedución do cen por cento de ser nas áreas rurais), e, por último, no imposto sobre actos xurídicos documentados (tipo de gravame reducido para a adquisición de vivenda habitual e por constitución de préstamos hipotecarios destinados ao seu financiamento e dedución do cen por cento de ser nas áreas rurais).

10. Garantir o cumprimento efectivo do recente Decreto 129/2016, polo que se regula a atención á cidadanía no sector público autonómico de Galicia no que ten a ver co mantemento dun servizo de videointerpretación en lingua de signos coa finalidade de garantir a atención cidadá ás persoas xordas ou con discapacidade auditiva.

11. Manter o convenio co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia que dende o ano 2014 contempla un servizo de atención específica as mulleres con discapacidade auditiva vítimas de violencia de xénero.

12. Profundizar nas liñas de colaboración coas asociacións de mulleres con discapacidade no ámbito rural, co fin de achegar en todo o territorio programas de prevención e sensibilización contra a violencia de xénero no ámbito familiar.

13. Implantar unha aplicación móbil que permita a comunicación áxil e doada das persoas xordas cos servizos de emerxencia.»)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Pois comezo por esa idea tan necesaria que acaba de expoñer a voceira socialista: a loita pola igualdade non é só unha loita das mulleres, é unha loita do conxunto da sociedade. O mesmo, a loita pola accesibilidade universal, que é unha loita prioritaria para o conxunto da sociedade.

Desgraciadamente temos que traer de novo a este Parlamento poñer no foco o incumprimento da Lei de accesibilidade no noso país. Estamos a falar dunha norma galega de 2014, dun real decreto de 2013, que establecía que a día 4 de decembro de 2017 deberían estar aca-
dadas as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación en determinados produtos, servizos e contornos nunha serie de supostos.

Os prazos eran amplos, porque, a pesar de ser un real decreto de 2013, a Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade era de 2003. Seguro que co Grupo Popular mesmo nos imos poñer de acordo en numerosos puntos, pero é que no que hai que poñerse de acordo é en vontade política, e iso tradúcese en orzamentos. Porque a realidade é que chegou o 4 de de-

cembro do ano pasado e a lei non se desenvolveu nestes puntos, e fica aínda moito para acadar o obxectivo da accesibilidade universal.

Así, a día de hoxe continúa vixente o obxectivo marcado no preámbulo da lei galega: «é necesario seguir avanzando para conseguir unha sociedade inclusiva e accesible que garanta a autonomía das persoas, que evite a discriminación e que favoreza a igualdade de oportunidades para todos e todas» —engado eu: as cidadás—.

Estamos pois ante unha cuestión de dereitos, de dereitos básicos das persoas, porque precisamente un dos principios establecidos pola Convención sobre dereitos das persoas con discapacidade da ONU, ratificada polo Estado español xa en 2008, é a accesibilidade. ¿Cal é o obxectivo deste principio? Pois o obxectivo non é máis que garantir o dereito inalienable da autonomía persoal e da participación na vida en comunidade de todas as persoas, teñan as capacidades que teñan, porque todas somos diversas; accesibilidade universal que superou aquel concepto primeiro de considerar só as barreiras físicas e que engade unha ampla batería de medidas que ten que ver con adaptar todo tipo de espazos a todo tipo de diversidade das persoas.

Os recortes, non obstante, cebáronse con todas as persoas e precisamente tamén coas máis abandonadas xa tradicionalmente pola Administración, como son as persoas con diversidade funcional. A lei foi un avance, si, pero se non se cumpre e se non se pon o empeño necesario para que chegado o decembro pasado se puidera sequera cumprir —xa non digo todo— gran parte dos aspectos que quedan por desenvolver a lei, pois como di a delegada de Auxilia en Lugo: «moita lei, pero de nada nos serve»; moita lei, pero de nada nos serve se non se fai cumprir.

É certo que o feito de que coincidira o mantemento da crise social nos anos que debería terse desenvolvido a lei é un condicionante negativo para a mesma, pero por iso precisamente cumpría que a Administración asumira moito máis decididamente a aposta por poñer en marcha esta lei.

Se esta iniciativa serve para poñermonos de acordo na urxencia de medidas que melloren a accesibilidade no noso país, será un avance, sabemos que insuficiente, porque mesmo as propias medidas que rexistramos na nosa iniciativa son insuficientes. Mesmo poderíamos incluír algunha cuestión que rexistramos a posteriori sobre, no caso de existir as gasolineiras autoservizo, por exemplo, que se garantise a accesibilidade a estas. Pero, en fin, poñemos estas medidas sobre a mesa porque será un avance se conseguimos no vindeiro ano comprometermos con que se desenvolva a Lei de accesibilidade, polo menos nalgúns puntos.

Paso a desgranar aqueles que varias asociacións de Lugo sinalaron como os máis acuciantes, aplicados á cidade de Lugo, pero que se poden claramente aplicar a todas as cidades galegas e sobre todo ao rural do noso país.

En primeiro lugar, a cuestión das vivendas. É verdade que é un factor de falta de accesibilidade nas vivendas o gran volume de vivenda antiga no noso país. Así, o Colexio de Administradores de Fincas de Galicia valora que deben acometerse reformas en tres de cada catro

vivendas colectivas. Así —é verdade o que dicía antes—, a caída do poder adquisitivo das familias, e consecuentemente de moitas comunidades de propietarios, incide negativamente tamén nas posibilidades de mellorar a accesibilidade tanto dos espazos comúns como tamén impide a moitas persoas no propio fogar acometer reformas que lles permitan unha maior accesibilidade. As obras son —como saben— moi custosas, polo cal se precisaría un maior apoio da Administración. ¿Cal é o resultado? Pois o resultado dramático é que moitas persoas viven literalmente atrapadas na casa. O problema vaise agravar no noso país, porque é obvio que o avellentamento aumenta as necesidades futuras de accesibilidade.

Así, temos aí a Orde do 23 de agosto de 2017, que é a que aproba as bases para subvencións do Programa de instalación de ascensores e outros dispositivos de accesibilidade. ¿Pero que sucede con esta orde? O crédito de 2017 quedou esgotado a 5 de decembro. Para 2018 só se consigna un millón de euros, claramente insuficiente tendo en conta as grandes necesidades. Ademais, en conxunto, as políticas de vivenda da Xunta caeron dende 2009 a nivel xeral un 65 %.

Imos co transporte, que é tamén un eido no que se detectan graves carencias, non só no transporte adaptado. As organizacións sociais que traballan coa diversidade funcional destacan tamén a necesidade de mellorar a sinalización e información sobre o percorrido e as paradas, o que compete tanto á Xunta como ao concello.

Os problemas do transporte adaptado foron tamén obxecto de queixas e intervencións moitas veces na Valedoría do Pobo nos últimos anos, tanto no uso de servizos sociais, sanitarios ou educativos como na falta de adaptación dos transportes públicos. Aquí sinalamos, por exemplo, as verbas do presidente de Cogami, que cualifica de «pésima a accesibilidade do transporte urbano das cidades galegas, así como a falta de adaptación das paradas». Pero peor é aínda a situación do transporte interurbano, que esta mesma persoa cualifica como de terciromun-dista. E así —é certo— pódono comprobar subindo a algunha das liñas interurbanas.

Cómpre, polo tanto, un plan de mellora do transporte público, como propoñemos na iniciativa, entendendo —isto si o imos aceptar da emenda do Partido Popular— que, claro, cómpre metelo dentro do Plan de transporte de Galicia. Pero cómpre facer unha intervención específica, un plan específico sobre esta cuestión, porque é grave a situación de accesibilidade ao transporte colectivo, e tamén das paradas, por suposto.

En canto á accesibilidade a oficinas de servizos públicos, hai unha orde para que os concellos acometan obras de accesibilidade a edificios ou a espazos de uso público do 21 de xullo de 2017. Pero igualmente volvemos á cuestión dos cartos: unha dotación inferior a un millón de euros, claramente insuficiente tendo en conta as tremendas necesidades no eido da accesibilidade. Esta liña de axudas precisamente vai dirixida a numerosas actuacións que son necesarias nos nosos concellos para mellorar a accesibilidade, actuacións que precisan moitos máis fondos da Xunta en lugar, como se ten feito, de reducir as subvencións e convenios destinados a concellos en materia de vivenda.

De feito, as distintas asociacións que traballan coa diversidade funcional detectaron prioridades de accesibilidade que teñen que ver precisamente con este tipo de actuacións que contempla a orde. Pero as necesidades son tales que —como digo— os fondos son insuficientes.

Deste xeito —como xa dixen—, as prioridades en materia de accesibilidade na cidade de Lugo que sinalaron varias asociacións poden extrapolarse a calquera cidade. Por exemplo, nas vías públicas é imprescindible a mellora das ramplas e rematar coa política do adoquinado. As ramplas moitas veces teñen unha inclinación tal que non é posible que as usen persoas con cadeiras de rodas. E, por outra parte, os adoquíns, as lastras, son unha barreira moi infranqueable para persoas en cadeiras de rodas ou mesmo con caxatos.

Neste sentido temos un exemplo na propia entrada deste Parlamento. Dificilmente poderemos legislar se na nosa casa, na «casa común» —non está o presidente do Parlamento, pero deixámoslle recado para despois—, non melloramos a accesibilidade. E podíamos comezar porque nesta casa se garante a accesibilidade universal.

É tamén urxente retirar os postes eléctricos e de telefonía das vías públicas, que dificultan o acceso e incluso impiden o paso de moitas persoas, e para iso cómpre exixírllelo ás empresas. En canto á sinalización, pois os semáforos sonoros son inexistentes fóra de centros de cidades e vilas, polo que se debe avanzar na instalación dos mesmos no extrarradio das cidades e vilas e nos núcleos de poboación rural, ademais de mellorar os existentes.

Todas estas cuestións —sabémolo— son problema de distintas administracións con diversas cores políticas —xa nos adiantamos a esa cuestión, que pode ser un motivo de reproche—, pero é un problema de país; é un problema de país que temos a obriga de resolver e non deixar na invisibilidade e é un problema de país que require de orzamentos da Xunta e require axudas e programas específicos.

Museos, por exemplo. Unha investigación de 2016, coordinada dende a USC, baixo o título «Accesibilidade dos museos. Visións e perspectivas», determinou que en Galicia, mentres a accesibilidade física está totalmente regulada, a accesibilidade sensorial e cognitiva e os aspectos relativos á comunicación de contidos son practicamente inexistentes. Só o cumpre a rede museística provincial de Lugo. Temos aí un exemplo que se podería —debería— extrapolar a todos os que dependen da Xunta de Galicia.

En canto aos recursos turísticos, o mesmo, hai moito por avanzar. En canto a cinema, en canto a mellorar os recursos na CRTVG.

Polo tanto, o que propoñemos é actuar para que os dereitos non queden no papel. Teremos hoxe tamén unha interpelación sobre un informe que cualifica os dereitos sociais no noso país como dereitos de papel. Dereitos de papel tamén son os das persoas con diversidade funcional se non garantimos que se cumpra a lei e se non facemos que isto sexa unha realidade xa neste ano 2018. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vázquez Verao.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Blanco Rodríguez.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Moi bo día, señorías.

Permítanme que, en primeiro lugar, hoxe fagamos dende o Grupo Socialista un recoñecemento ás persoas, aos intérpretes de linguaxe de signos, que seguramente, con moitas dificultades nalgunhas ocasións, interpretan a nosa linguaxe. E tamén vaia unha crítica, ou completar o que dicía a señora Vázquez Verao, a respecto de que as comisións do Parlamento non se poden aínda seguir por ese sistema.

Afectados por barreiras arquitectónicas somos todos e todas ou podemos ser todos e todas nalgún momento. Non soamente falamos de persoas con diversidade funcional, senón tamén dos nosos maiores. Máis de 250.000 persoas maiores de 63 anos viven soas nos seus fogares, por dar un dato. E tamén aqueles casos de mobilidade reducida temporal por calquera tipo de lesión que seguramente tiveramos ao longo da nosa vida.

A accesibilidade non é unha manía, non é un capricho, non é algo voluntario, é unha necesidade, algo obrigatorio por lei, e é ademais unha porta á igualdade de oportunidades e senta unha base dunha sociedade máis digna, que é polo que todos e todas deberíamos estar traballando.

Está en vigor a Lei de accesibilidade do ano 2014, que se aprobou co único voto a favor do Partido Popular; o resto dos grupos da oposición abstivémonos, o PSdeG incluído; non foi tampouco un capricho esta abstención; dixémolo claramente daquela; non había dotación orzamentaria para poñela en marcha e xa daquela dicíamos que o que non son contas son contos. Nós hoxe, coa emenda que presentamos, o que pretendemos é reforzar as contas e non reforzar ese conto de lei que se puxo en vigor no ano 2014.

É por iso que o que pedimos na nosa emenda é unha orde de axudas anuais aos concellos, uns concellos afogados economicamente que teñen moitas dificultades para facer este tipo de reformas estruturais, e axudas para adaptación das vivendas, algo que é fundamental, ademais de para incidir na igualdade de oportunidades, tamén na autonomía persoal.

O Grupo Socialista ten traído moitas iniciativas en materia de discapacidade. Na Comisión 5ª non logramos chegar a ningún acordo ao respecto. É certo —e vaian por diante os meus parabéns á miña compañeira a señora Pierres— que si que o logrou na Comisión 2ª, como tamén é certo que son acordos en papel mollado, que nunca chegan a materializarse precisamente por esa falla de orzamento.

Están condicionando, polo tanto, os dereitos das persoas con diversidade funcional polas limitacións orzamentarias. Isto non o di soamente o Grupo Socialista; dino as entidades de discapacidade e a propia Valedora do Pobo, que nun informe tras outro volve incidir nesta cuestión. Esta é a área de política social que máis queixas recibe a Valedoría do Pobo pola conculcación —e cito textualmente— «dos dereitos das persoas con discapacidade» e esa falta de accesibilidade, que é o do que vimos hoxe falar.

A verdade é que o tempo nos deu a razón, porque rematou o prazo xa en que deberían estar adaptadas todas as infraestruturas, non o están, e isto é consecuencia desa falla de orzamentos, que non é máis que unha falla tamén de vontade política.

O máis grave de todos estes casos é que moitas das infraestruturas das que estamos a falar son de titularidade pública, co cal é unha clarísima responsabilidade da propia Administración autonómica.

Púxose aquí o exemplo de Lugo. Eu sei, señora Vázquez Verao, que vostede non pretendía facer un uso partidista da cidade de Lugo. Eu teño claro e é certo que veu vostede poñer un exemplo do que os socialistas nos sentimos particularmente orgullosos e orgullosas, coas súas eivas, que estou segura de que tamén queda moito por facer, pois é a primeira deputación que ten un premio á iniciativa institucional, que llo deu a propia Cogami, como destino turístico máis accesible de todas as cidades de España, unha mención especial da propia Comisión Europea polo enfoque inclusivo ante a discapacidade. Queda moito por facer en Lugo e en todas as cidades e as vilas da comunidade autónoma galega, pero —repetimos— é unha cuestión de vontade política, é unha cuestión orzamentaria, e por iso esperamos que En Marea acepte a emenda do PSdeG.

E, dende logo, nós —e xa para rematar— consideramos a accesibilidade un factor clave para a inclusión social. Por iso a verdade é que nos gustaría que hoxe esta iniciativa saíra adiante.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Blanco.

Por parte do Grupo Parlamentario Popular ten a palabra a señora Rodríguez-Vispo.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Grazas, señor presidente.

Bos días, señoras e señores deputados.

É certo, señora Vázquez Verao, que a participación plena na sociedade das persoas que teñen algún tipo de diversidade funcional está claramente influída pola accesibilidade. Iso non o negamos ninguén. E nós tamén sabemos que dende logo todas as persoas que pertencemos aos grupos parlamentarios que estamos neste Parlamento estamos totalmente sensibilizadas con este tema e dispostas a facer todo o que está na nosa man para sumar e non restar.

Nós tamén estamos sempre dispostos a chegar a acordos —e citábao a señora Blanco— coa señora Pierres, que presentou por certo unha iniciativa moi razoable e moi realista, polo que non dubidamos dende o Grupo Popular apoiála nese mesmo momento. Pero cando as propostas que se traen pois —non quero ferir sensibilidades— son pouco realistas ou moi difíciles de executar, ponnos nunha situación moi difícil para poder votalas a favor.

Señores da Marea, non é só que a Xunta de Galicia non estea en condicións de poder abarcar todo o que vostedes piden na súa proposta, é que tampouco vostedes serían capaces se se presentara esa mesma proposta nos concellos onde vostedes gobernan, referidas por suposto ás competencias municipais. Dificilmente poderían vostedes, por exemplo, adaptar as vías públicas de titularidade municipal aos requisitos que aquí piden. De feito, falouse da cidade de Lugo, pero na cidade da Coruña, onde vostedes gobernan, non impulsaron ningún novo

proxecto de eliminación de barreiras arquitectónicas. O Goberno do Grupo Popular deixoulles dous proxectos feitos que quedaron en tramitación e a día de hoxe están paralizados por erros na xestión. Tampouco creo que puideran garantir a accesibilidade universal en seis meses de todos os museos da cidade da Coruña, porque aínda non comezaron nin polo primeiro.

Polo tanto, señora Vázquez Verao, é moi fácil vir aquí e pedirlle á Xunta que faga o que vostedes non son capaces de facer nos concellos en que gobernan; e é fácil, pero eu creo que non é serio, porque este é un tema moi serio. E vostedes, se esta mesma iniciativa se presentara nos plenos das cidades onde gobernan, terían que votar que non, señora Vázquez Verao.

Nós, non obstante, o que lles pedimos na emenda é precisamente o contrario: que os concellos tamén se impliquen e colaboren coa Xunta de Galicia naquilo que si se está a facer, que é moito, e, como dicía vostede —e ten toda a razón—, seguir avanzando neste tema, pero seguir avanzando todos xuntos: a Xunta, os concellos, todas as administracións implicadas.

Pedimos, por exemplo, que en cada proxecto de remodelación dunha estrada, sexa municipal ou autonómica, se contemplen criterios de accesibilidade, non só física, senón tamén sensorial; que a licitación do transporte —do que vostede falou— se puntúe naquelas empresas que teñen servizos de autobuses adaptados. Por certo, a Xunta xa o está a facer co servizo de taxis adaptados con axudas da Consellería de Infraestruturas, sen axudas do concello. Pedimos que se difundan e incluso se incrementen as axudas —do que vostede tamén falou— para a eliminación de barreiras nas vivendas. E pedimos tamén que os concellos imiten a Xunta en algo que, por exemplo, este Parlamento xa fixo, que foi convocar prazas de emprego público específicas para persoas con discapacidade intelectual. O mesmo conselleiro de Fazenda aquí estivo neste hemiciclo e ofreceu a asistencia da Xunta a calquera concello que se interesara por facelo. ¿E sabe vostede, señora Vázquez Verao, cantos concellos se interesaron? Cero, ningún concello se interesou; de feito, sacaron prazas nas OPE de Pontevedra e da Coruña hai pouco e non contemplan ningunha praza para discapacidade intelectual; ou sexa, que dan exemplo. Vostedes podían neste tema imitar a Xunta, que foi, segundo un diario deste mesmo mes, récord histórico no 2017, con 5.328 contratos a persoas con discapacidade; publicábase nun xornal neste mesmo mes. Polo tanto, nós non pedimos en ningún caso que a Xunta non asuma responsabilidades, senón responsabilidade compartida.

Noutros temas dos que falan, non sei se coñecen o que se está facendo. Falan das emerxencias, onde dende 2014 as persoas xordas xa poden contar co 112 a través de SMS. Piden que se implante unha aplicación, que nós tamén o pedimos.

Falan do turismo, pero falan agora, despois de que a Xunta aprobara o primeiro plan de accesibilidade no turismo, do que falou en Fitur na semana pasada o xerente do Plan Xacobeo, con Cogami, que falaban do turismo accesible de Galicia. Do mesmo xeito que na propia Administración se regulan por decreto as oficinas de atención da Xunta, un servizo de vídeointerpretación para as persoas xordas, ou as queixas e suxestións que as persoas cegas fagan por teléfono, que sexan tramitadas, igual que as que as persoas videntes fagan por escrito. Isto é moi importante.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Xa remato, señor presidente.

Un decreto que, por certo, desenvolve unha lei de garantía de calidade dos servizos e que vostedes votaron en contra.

Podía dicirlles moitísimas máis cousas. Presentamos unha emenda con 13 puntos nos que nos gustaría chegar a moitos acordos.

E para rematar, porque non teño tempo, dicirlles que piden cousas imposibles, que nin vos-tes mesmos fan onde gobernan. Nós pedimos que vaíamos ao terreo do posible, do que se pode ir facendo, na busca dunha maior accesibilidade e dunha maior integración das persoas con discapacidade. Vostedes elixen: ou quedar co titular ou seguir avanzando.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez-Vispo.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Estamos falando hoxe aquí dunha iniciativa que fala de dereitos e fala de dereitos recoñecidos en textos legais. E dicía a deputada do Partido Popular que acaba de intervir que todos e todas estamos sensibilizados con esta cuestión, mais hai unha realidade: que, ademais de estar sensibilizadas, os partidos que sustentan o Goberno, como é o caso do Partido Popular, que sustenta o Goberno da Xunta, ademais de estar sensibilizados, que é bo e é premisa básica, logo teñen que trasladar esa sensibilidade xa non en obriga, senón en cumprir as leis. É dicir, aquí non estamos todos en igualdade de condicións, non todos temos as mesmas responsabilidades. Uns estamos sensibilizados, presentamos iniciativas, impulsamos, pero logo hai a responsabilidade, e a responsabilidade é do Goberno da Xunta, que ten que efectivizar as leis. Porque, claro, igual é que o Partido Popular todos os días vemos nos titulares que a lei está para cumprirse, pero igual son as leis que lle convén ao Partido Popular, que logo ao mellor hai outras que non lle convén tanto e entón poden non cumprirse.

E, entón, estamos falando dun tema no que hai unha lexislación, e hai unha lexislación con prazos, e un dos prazos era que o 4 de decembro do ano 2017 os edificios públicos e demais tiñan que estar adaptados, e non se cumpríu. Porque, ademais de facer as leis, logo hai que dotalas de orzamento para que se poidan verificar en medidas concretas.

E o pleno exercicio dos dereitos dos cidadáns, das persoas con discapacidade, está supeditado en gran parte ao cumprimento do presuposto previo, que é que ten que ser posible o acceso ao uso e ao desfrute nos conxuntos, nos contornos, nos bens, aos produtos e servizos dunha sociedade. Comporta ese dereito á accesibilidade universal a superación de todo tipo de barreiras. E normalmente, cando pensamos en accesibilidade universal, pensamos normalmente en persoas con algún tipo de discapacidade ou diversidade funcional, mais tamén é

preciso para as persoas maiores. Eu teño que lembrar que en Galiza case o 25 % da nosa poboación ten máis de 65 anos e desas case o 9 % —o 8,76 %— teñen máis de 80 anos, co cal hai tamén unha realidade poboacional demográfica en Galiza que fai máis necesaria se cabe esa necesaria accesibilidade. E logo a isto temos que engadir as incapacidades sobrevidas, ben sexa por unha lesión, por un accidente, por unha doenza ou incluso algo tan normal como ter que ir con carriños de bebé ou outro tipo de cuestións.

Entón, o primeiro que nos salta á cabeza cando falamos de accesibilidade son as barreiras arquitectónicas, e a todos nos vén á cabeza a dificultade para salvar escaleiras, para pasar por sitios estreitos, para deambular por un espazo longo onde non hai definidos ao longo do traxecto ningún sitio para parar —e isto convértese entón en insalvable, ese traxecto, para moitas persoas—, ou abrir ou pechar portas que teñen retorno para moitas persoas que teñen que ir en cadeiras de rodas —por exemplo, é imposible acceder a eses espazos— ou dispositivos electrónicos que precisan de ter por exemplo hábiles as mans. Entón, estamos falando dun abano físico moi importante.

Mais tamén a isto hai que engadir outros moitos tipos de diversidades, como as sensoriais, pola vista, polo oído, para persoas con autismo, que necesitan de pictogramas; é dicir, que estamos a falar dun abano tremendamente importante.

Son, polo tanto, moitos e complexos ámbitos nos que hai que actuar, e é evidente que o primeiro paso para actuar é tomar a decisión de que iso sexa unha prioridade, e entón por iso empezaba dicindo que era moi bo que teñamos sensibilidade coa cuestión, pero moito mellor é que, despois de mostrar unanimidades, despois de ter consenso arredor da necesidade de implementar medidas, estas teñen que verificarse e teñen que converterse en accións concretas a desenvolver e teñen que converterse en orzamentos. E iso é o que, realmente, non se está a facer.

Hai unha forte chamada de atención, fundamentalmente polas asociacións de persoas con discapacidade, que van ter que recrudecer as súas actuacións, as súas demandas, as súas mobilizacións, para que se deixe esa laxitude á hora das cuestións contempladas en lexislación, dereitos humanos, lexislación do Estado, adhesión a tratados internacionais e logo a leis galegas —falamos de leis galegas—, que se convertan en realidade. Porque están tamén un pouco cansados e cansadas de agardar como moitas desas leis quedan en papel mollado...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...e só serven para presumir da actividade lexislativa, para dicir que hai unha lexislación que nós aprobamos, pero que logo ven como pasa ano tras ano e as prioridades van por outro lado.

Por iso, apoiamos esta iniciativa, que, efectivamente, podía complementarse con moitísimos outros apartados. Por iso o BNG non fixo emenda, porque sería moi complicado meter absolutamente todo, e agardamos que dende logo a iniciativa ou a emenda que presenta o Partido Popular, que é intentar poñer aquí todas as cousas que están facendo e en moitos casos

que non ten nada que ver coa accesibilidade, unha especie de recordatorio, non leve a que quede outra vez en papel mollado. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Si, por suposto, xa avancei ao inicio que as tarefas que poñemos nesta iniciativa son transversais, administracións e transversais a cores políticas, non agochamos iso. Pero non admitimos que sexan unha utopía, son obxectivos que deben garantirse para garantir dereitos. O único prazo que poñemos son eses seis meses no tema dos museos, si, pero ímolo retirar e imos poñer o prazo que pon o Partido Popular. Porque o Partido Popular aprobou a Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020. Poñemos o prazo de 2020. Non o consideremos utopía cando a propia Xunta o considera como a data na que debería estar acadado este obxectivo —liña estratéxica 1—: asegurar a accesibilidade universal das persoas con discapacidade aos ámbitos físico, social, económico, político e cultural para o pleno exercicio dos seus dereitos e liberdades fundamentais. É un obxectivo para 2020. Se o prazo de seis meses é unha utopía, poñamos o do 2020, pero que non sexa unha utopía é que se dote de orzamentos, porque a realidade é outra realidade, que moitas desas medidas que viñan na Estratexia galega sobre discapacidade non foron desenvoltas, algunhas foron minimamente e outras pois nin se fixeron. ¿Onde está o impulso á extensión dos semáforos sonoros e con indicación de tempo en todos os concellos de Galicia, mecanismos que garantan un transporte adaptado ás persoas con discapacidade que o precisen para asegurar o acceso a calquera servizo, eliminación das discriminacións por razóns xeográficas...?, ¡tanto que avanzar neste eido!

En fin, poñamos entón prazos: 2020. Nós estamos dispostas a buscar un acordo, aceptando das emendas do PSdeG a necesidade de explicitar que a Xunta publique anualmente ordes de axuda —non bianuais como agora, senón anuais— específicas para os concellos. Recollemos a necesidade, si, do Partido Popular, que pide colaboración por parte dos concellos. Asumimos pois o punto presentado polo PSdeG como o punto 8.8.bis, asumímolos plenamente. Esta transacción pasareina integramente despois aos Servizos da Cámara. E do Partido Popular aceptamos, se queren, todos os puntos do 7 ao 13, estamos de acordo. Buscamos unha transacción que garanta plasmar, e por escrito, todas estas necesidades, quitando esa cuestión de seis meses, poñéndoas no horizonte 2020. Pero fágase e fágase con plans.

Quedoume na exposición de motivos sinalar a cuestión das persoas xordocegas, que seguen tendo moitas dificultades para a comunicación coa Administración, así como tamén as persoas xordas ou cegas —aínda non está garantida a accesibilidade universal—, ou a maior vulnerabilidade que teñen as mulleres con discapacidade ao perder as capacidades de accesibilidade universal a todos os servizos.

Así que poñámonos de acordo en superar non só as barreiras visibles senón tamén as invisibles dos prexuízos e da falta de empatía, que nos leva a que non estea plenamente integrada a Estratexia de accesibilidade universal en todas as actuacións. E xa que agora está o presidente, lémbrolle os recados que lles deixamos en materia de accesibilidade aos grupos

neste debate, tanto a eliminación do lastrado na entrada do Parlamento, que é moi dificultoso para persoas en cadeira de rodas pasar por alí, como a necesidade de que as comisións estean tamén en lingua de signos. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.

Se nos fai chegar esa transacción, agradecemosllo.

Tamén estamos no tema da accesibilidade, como xa anunciei o outro día, que vai haber un plan director, precisamente, para modificar esa dificultade que existe.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de transvasamento de auga do río Verdugo ao encoro de Eiras que está a tramitar Augas de Galicia

O señor PRESIDENTE: Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Patricia Vilán Lorenzo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 21276).

Emenda de modificación.

O punto 1 da parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

<<1. Desenvolver o Plan de seca no primeiro trimestre deste ano 2018 e, co fin de evitar improvisacións, que recolla medidas específicas e definidas, cun protocolo de actuación coordinado entre todos os axentes con competencias e cunha demanda ao Goberno do Estado para a activación de idénticas medidas para a demarcación hidrográfica Miño-Sil.>>

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Luís Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 21276 [10/PNP-001599].

Emenda de substitución.

Substituír o punto 1 polo seguinte texto:

<<1. Paralizar e desbotar o proxecto de transvasamento de auga do río Verdugo á tubaxe que abastece a ETAP do Souto en Vigo.>>

Emenda de adición.

Engadir como punto 4:

<<4. Acometer, en colaboración co Goberno do Estado e o Concello de Vigo, a realización de obras de ampliación e modernización da ETAP do Casal.>>

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, señor presidente.

Moi bo día.

Quixera comezar dándolle a benvida á representación da Plataforma en Defensa do Río Verdugo e tamén aos representantes dos concellos de Ponte Caldelas e Soutomaior, que nos acompañan hoxe neste pleno, e tamén felicitálos pola súa loita exemplar en defensa do río Verdugo e por poñer sobre a mesa alternativas viábeis e sustentábeis para resolver este problema do abastecemento de auga.

Porque hoxe vimos falar aquí de varias cuestións. En primeiro lugar, queremos dar o debate sobre o transvasamento, que, en realidade, podemos dicir que é un bombeo, como medida concreta, analizando todos os pros e os contras e as consecuencias ambientais e tamén socioeconómicas que ten esta obra.

Pensamos tamén que é o momento de dar un debate serio e sosegado sobre o abastecemento de auga a Vigo e á súa comarca, sobre a cantidade de auga necesaria e que se consome, e tamén sobre a calidade da auga, unha proposta construtiva que traemos aquí para superar a confrontación e para acadar acordos que permitan resolver problemas pendentes, por certo, problemas que son perfectamente coñecidos desde hai polo menos quince anos.

E podemos dicir, polo tanto, que o obxectivo principal desta proposta é traballar en favor de Vigo e da súa área xeográfica para resolver este problema pendente. Porque hai que recoñecer, en primeiro lugar, que hai un problema, que é un problema complexo, mais que é un problema que ten solución, que hai solucións.

E máis alá desta confrontación, que se está convertendo nunha confrontación tamén partidista, pensamos que hai que dar un debate serio, un debate rigoroso, sobre a necesidade dunha nova cultura da auga. Este é o problema de fondo que hai que afrontar e que hai que resolver. Temos que ir a un cambio de modelo que dea resposta a ese problema cíclico da seca e a posíbel agudización que se vai producir nos próximos anos como consecuencia do cambio climático.

Estamos a falar, polo tanto, dunha política e dunha cultura da auga que coide os recursos, os ríos, as bacías, e neste caso as concas do río Oitavén e do río Verdugo, que son fonte dunha inmensa riqueza —ecolóxica, paisaxística, social e económica— que hai que preservar. Hai que, desde logo, xestionar de maneira racional, eficiente e sustentábel eses recursos cunha actuación que comprometa toda a sociedade e todas as administracións, tamén cumprindo a Directiva europea da auga e esa lei que se aprobou no 2006 de conservación, protección e mellora dos ríos galegos, que parece ser que agora a teñen aí gardada nun caixón.

Como dixeran, temos que partir dunha realidade absolutamente contrastada. Primeiro, o carácter cíclico dos problemas da seca, que se dan en toda a demarcación hidrográfica de Galiza-costa e especialmente no chamado sistema 1 —que é do que estamos a falar—, o que

ten que ver coa ría de Vigo e a ría de Baiona. Repetiuse este problema nos anos 2011, 2012 e 2015, e no 2017, recentemente, como vimos, e antes xa houbera outros problemas.

Tamén do recoñecemento do coñecemento, cando menos desde hai unha década, nas redes de subministración desde Eiras aos concellos que abastece, que son Soutomaior, Redondela, Vigo, O Porriño, Moaña e Cangas e outros concellos tamén que se abastecen a partir do Porriño.

Hai problemas na tubaxe de abastecemento, que ten 27 quilómetros, e o propio Concello de Vigo, xa hai catro anos, advertiu da necesidade de facer obras, valoradas en máis de 5,5 millóns de euros, para mellorar esta tubaxe.

Tamén hai problemas na rede de distribución de Vigo, que ten máis de mil quilómetros de tubaxes, que ten carencias, porque é unha rede obsoleta, anticuada, que ten boa parte das súas tuberías con materiais como fibrocemento ou fundición e outras máis modernas, pero que están dando problemas, sobre todo que teñen que ver coa calidade da auga, como vimos nestas últimas semanas no caso de Canido e noutras parroquias de Vigo.

E tamén é coñecida, desde hai tempo, a necesidade, a urxencia de mellorar a estación potabilizadora do Casal, en Vigo, e fálase xa desde o ano 2004 desta necesidade. Houbo proxectos, anteprojectos, informes que falaban duns investimentos de 20 millóns de euros. E son —como dicimos— investimentos que hai que compartir, non son problemas só dun concello, porque esta rede abastece moitos concellos e é un problema xeral e colectivo.

Con respecto ao transvasamento, en primeiro lugar, a nosa iniciativa era de decembro. Cambiaron as circunstancias desde aquela ata agora; entre outras cuestións, cambiouse a alerta por prealerta, volveuse ao estado de prealerta.

Polo tanto, nós o que pedimos nesta iniciativa, superado o debate da urxencia da obra —penso que co encoro de Eiras na súa máxima capacidade non ten sentido, e así o recoñeceu o propio Goberno, plantexar a realización desta obra por urxencia—, é ir ao debate sobre a necesidade —nós cremos que a non necesidade— de abordar esta obra, por certo, que foi unha medida xa desbotada no pasado, cando menos no ano 2012 pola propia Augas de Galicia e pola Consellería de Medio Ambiente polo seu impacto ambiental. Esa foi a razón de que no ano 2012 se desbotase esta medida, polo seu impacto ecolóxico, porque parece razoable que se toma esta medida cando o río ten menos caudal; entón, as consecuencias son, desde logo, moi graves e catastróficas.

E, ademais, a propia Administración di que é a última medida a considerar e que antes deberían aplicarse diversas medias contempladas no propio plan de seca do ano 2013, tanto as medidas para o estado de prealerta, que se decretou, neste caso, xa en setembro do ano 2016, e que non se aplicaron as medidas previstas aí.

Polo tanto, non se pode ir a unha medida extrema sen aplicar previamente outras, como as que falan de control de usos, de concienciación cidadá, de ordenanzas municipais, de detección de fugas, de redución de perdas na rede, ou as medidas tamén contempladas na

alerta decretada o 2 de outubro de 2017, que fala de limitacións de usos e modificación da estrutura tarifaria —por certo, un debate que ten que ver co pacto local da auga, que está aí tamén aparcado, aínda que hai recomendacións por parte desa comisión técnica—, cortes horarios e restrición de usos, transvasamento con medios móbiles. É dicir, que hai moitas outras medidas que non se aplicaron e polo tanto que non xustifican un transvasamento como o que se plantexa aquí.

E hai, dende logo, outras cuestións que están tamén pendentes, como ese propio pacto local da auga, que xa foi iniciado e asinado no ano 2013 e pasaron catro anos e non vemos tampouco resultados, a pesar de que houbo tamén acordos neste Parlamento para impulsar ese pacto local da auga.

Hai unha eiva, unha deficiencia clarísima de participación a respecto deste tema. Ten que ser un asunto de corresponsabilidade de toda a sociedade e das institucións. E a Lei de augas previa no ano 2010 a creación do consello para o uso sustentable da auga, que está tamén aí gardado nun caixón. Non hai interese en someter este tema a un verdadeiro debate público, aberto, transparente, onde se plantexen todas as necesidades e tamén todas as posibles solucións.

E, por conseguinte, nós traemos aquí unha proposta que pretende poñer sobre a mesa solucións, solucións para o río Verdugo e solucións tamén para o concello de Vigo e para toda a súa área, actuacións que non son medidas puntuais, medidas que podemos considerar parches, medidas de urxencia, senón que son actuacións integrais e con visión de futuro.

A primeira cuestión é desbotar o transvasamento, e por iso nós fixemos unha modificación na redacción, tamén corrixindo un erro —porque realmente un transvasamento é un bombeo que vai á tubaxe, que non vai ao encoro de Eiras—, polo seu impacto negativo, polo seu impacto negativo ambiental sobre o río, sobre a biodiversidade que acolle o río, e tamén polo seu impacto socioeconómico, tamén por toda a economía que vive do río e do fondo da ría de Vigo, sobre todo as actividades pesqueiras e marisqueiras, que son moitas familias que viven do río e da ría; tamén polo seu rexeitamento social maioritario, como se puxo de manifesto nos últimos meses, e tamén polo posicionamento contrario dos concellos afectados por esta obra. Por certo, Ponte Caldelas, Soutomaior, Pontevedra, mesmo A Lama —o alcalde da Lama tamén se posicionou en contra—, gobernados por distintos partidos políticos; é dicir, que aí hai un acordo absolutamente claro a respecto do rexeitamento desta obra.

En segundo lugar, o que pedimos é, para resolver os problemas que ten Vigo e que ten a súa área, que son coñecidos, como dixen, un plan de investimentos, que ten que estar compartido pola Xunta, pola Administración do Estado e polo Concello de Vigo, porque é un problema que afecta tamén a Moaña, a Cangas, a Redondela, ao Porriño, a Soutomaior, a outros concellos, e polo tanto débese abordar conxuntamente, para a mellora da eficiencia do sistema de abastecemento de auga a toda esa área, co obxecto de reducir as perdas producidas por fugas e por roturas, que se considera que están por riba do 30 %, que é basicamente a mesma cantidade de auga que se perde por roturas e por perdas a que se conseguiría con ese transvasamento. Polo tanto, o prioritario debe ser resolver ese problema de toda a auga que se despilfarra, e non están os tempos como para tirar a auga polos camiños.

En segundo lugar, a ampliación e modernización da potabilizadora do Casal, en Vigo, que debe ser unha obra tamén compartida, porque abastece tamén a Moaña e mais a Cangas. Xa o propio Concello e a propia Xunta recoñeceron hai máis de cinco anos a incapacidade, a insuficiencia, a falta de tecnoloxía para poder procesar e tratar a auga, sobre todo cando baixa duns certos niveis, cando está por debaixo do 40 % ou o 35 % no encoro.

E tamén pedimos a necesidade, como dixen, dun pacto social, institucional, máis amplo para abordar esta cuestión, para falar de racionalización e uso sustentábel da auga, de aforro, de redución de consumo, de reutilización, de evitar baldeos e regos de zonas verdes con auga depurada, revisión da estrutura tarifaria —non ten sentido que pague o mesmo quen consume 5 metros cúbicos que quen consome 15—, premiar o aforro, penalizar o uso abusivo, diferenciar consumo doméstico e consumo industrial, e, sobre todo, tamén aprender de experiencias positivas, que hai moitas de cidades que aínda medrando en poboación, como Zaragoza, reduciron un terzo o seu consumo; ou cidades tamén como Pontevedra, que fixeron os seus deberes e que teñen perdas por debaixo do 5 % na súa rede de distribución de auga.

Polo tanto, a conclusión é que esta iniciativa ten dous obxectivos que son perfectamente complementarios: salvagardar o río Verdugo, protexer ese ben, esa riqueza que temos no río...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...toda a súa diversidade, toda a riqueza que produce, e, en segundo lugar, garantir o abastecemento con auga —e auga de calidade— a Vigo e aos concellos da súa área.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Non poden facer manifestacións os invitados do público. Grazas. Estábame dirixindo aos invitados do público, que non está permitido na tribuna facer manifestacións. É unha advertencia que está recollida na nosa normativa.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Eu tamén quero saudar os membros da asociación, os veciños de Ponte Caldelas e os meus conveciños ás veces de Soutomaior, en concreto de Arcade.

A verdade é que hai tempo que o Goberno do señor Feijóo decidiu que había que acadar mellores resultados na provincia de Pontevedra; o fin é claro: é recuperar a Deputación, e válelle calquera forma e válelle calquera escusa para poder chegar a este fin, xa sexa a fusión no seu día de Cerdedo e Cotobade, para poder algún día modificar os partidos xudiciais; xa sexa ese acordo en Sanxenxo para darlle de novo a alcaldía a Telmo Martín; xa sexa mediante

unha moción de censura en Oia, en Pontecesures, en Tui; e xa sexa a través da seca e esta potenciación dun transvasamento entre o río Verdugo e o río Oitavén, urxente, para encher de auga o encoro de Eiras. Así, o señor Rueda pode chegar á provincia de Pontevedra e dicir que el é o campión que lle deu a auga a Vigo, grazas a este transvasamento, incluso máis campión que o propio alcalde Abel Caballero.

Claro, o problema está en que o Goberno non contaba con certas cousas que ocorren e que ás veces non controla. Controla moito pero non o controla todo. Ás veces non é capaz de controlar a presión veciñal, nunca é capaz de controlar a meteoroloxía, evidentemente —comezou a chover—, e tampouco foi capaz de controlar o seu alcalde de Soutomaior, que se deu conta da presión veciñal en Soutomaior e tamén protestou e dixo que non estaba a favor do transvasamento; e, entón, o Goberno parou o procedemento de urxencia.

Previsión ante a seca, loita contra o cambio climático. Nada de nada de nada. Levamos cada pouco tempo períodos de seca que se acercan máis no tempo; a última, moi preocupante, entre mediados do ano 2016 e finais do ano que acaba de rematar; as dúas concas, Galicia costa e Miño-Sil, primeiro en prealerta e logo en alerta, pero tamén a do Douro e a do Cantábrico occidental, que pasan por Galicia. O plan de seca é de 2013, vese que moi ben non funciona, non ten orzamento. A oficina técnica da seca o que fixo dende logo non chegou para moito, e a coordinación con outras demarcacións hidrográficas, non só a do Miño-Sil, é esperpéntica, tan esperpéntica que cando a Consellería do Medio Rural establecía bases para axudas para garantir a subministración de auga ás explotacións gandeiras esqueceuse dos concellos afectados pola conca do Cantábrico occidental e logo tivo que sacar un novo decreto rectificando o anterior, porque se esquecera de que existía na nosa comunidade autónoma esta demarcación hidrográfica.

Vostedes levan case trinta e un anos gobernando na nosa Comunidade Autónoma, vostedes deberían repensar xa dende o inicio, dende a súa orixe, a súa política da auga, vostedes deberían adoptar xa medidas de prevención fronte á seca, xestionar o contorno das correntes de auga, respectar os caudais ecolóxicos, xestionar o uso diario de auga de consumo —comezando polos edificios públicos, por exemplo os que son da súa propiedade—, sectorizar as redes de abastecemento, usar técnicas avanzadas en busca de fugas, regular a presión da rede en función da demanda, dar prioridade aos procesos de potabilización, reutilizar a auga e poñer en marcha axudas para o agro, traballar coas empresas e os grandes consumidores para mellorar a súa ratio de gasto, elaborar campañas de concienciación para os consumidores finais e tamén prever obras que intercomunique as concas, pero non esperar ao período de seca máis grave da última década, xustamente, para potenciar un transvasamento que lles dea réditos políticos.

Todas estas medidas deberían estar definidas no plan de seca, cun protocolo coordinado, tamén cos concellos, e cunha demanda ao Goberno do Estado para que na demarcación hidrográfica Miño-Sil se faga o mesmo. E vostedes deberían presentar xa unha lei de transición hidrolóxica para Galicia, en vez de que a conselleira de Medio Ambiente se adique ás súas labouras na candidatura do Concello da Coruña.

Levamos pedindo estas medidas esta lexislatura, a anterior lexislatura, as outras; vostedes sempre votan en contra. Hai un plan de seca, un plan de risco de inundacións, un plan hidrolóxico que non serven para cumprir as súas finalidades, non cumpren os seus obxectivos.

O orzamento da Xunta para o ano 2018 non orza absolutamente nada para a seca, e a única campaña para fomentar o aforro e a eficiencia no consumo de auga foi esta (*A señora Vilán Lorenzo mostra unha fotografía*), con animais exóticos —guepardos, elefantes, leóns...—; poderían traer, como dicía a miña compañeira de Ourense, as ovellas que están pastando, intentando pastar nos encoros que non teñen auga en Ourense, porque non hai pastos.

Vostedes o que buscaban con isto era réditos electorais, e nós entendemos que o debate vai moito máis alá, é moito máis serio que enfrontar poboacións polo río Verdugo.

No seu momento propuxemos unha emenda de substitución no punto primeiro á proposición non de lei do BNG; como logo houbo isto que está fóra do Regulamento, unha autoemenda, non puidemos facer unha emenda á autoemenda, porque o Regulamento non nos dá esa posibilidade; en todo caso, mantemos a nosa emenda de substitución e pedímoslle ao grupo parlamentario propoñente que permita a votación por puntos a este grupo parlamentario.

Pola nosa banda, nada máis. Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Cal.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Bo día, un saúdo especial para os membros da plataforma e conveciños tamén dalgunha maneira, porque eu son da Lama e teño moi bos recordos da miña infancia e da miña xuventude no río Verdugo e téñolle un afecto especial.

Vaia por diante que imos dar apoio, como non pode ser doutra maneira, a esta iniciativa que trae hoxe o Bloque Nacionalista Galego, unha iniciativa, como xa comentou Luís Bará, rexistrada nun momento no que había unha declaración de urxencia, que aínda que agora xa non é tal a iniciativa segue en total vixencia, e consideramos que máis aínda, porque agora se pode facer un debate moito máis sosegado.

No seu momento xa nos pareceu unha medida irracional —e así o manifestamos—; manter no tempo a declaración de urxencia xa nos pareceu totalmente irresponsable, cando non había condicións para manter no tempo esa declaración de urxencia.

A auga é un ben moi prezado, escaso, cada vez máis, nada novo, aínda que, coñecendo os asesores do Partido Popular, supoñemos que terán dúbidas a este respecto.

Por outra banda, entendemos que non se pode utilizar o acceso á auga para facer campaña, non se pode utilizar isto para facer batalla política e agochar as deficiencias na xestión.

O transvasamento do río Verdugo debe ser considerado o último recurso despois de poñer en marcha todas as medidas para mellorar a eficiencia, cousa que evidentemente non se estivo a facer. Non se fixo nada, chegouse á situación de emerxencia, lanzouse a ocorrencia, e a botarse as culpas entre administracións para agochar que non se tiñan feitos os deberes.

Antes tan sequera de falar da posibilidade dun transvasamento, temos que falar de conservación do ciclo da auga e da eficiencia na xestión e uso, cuestións das que ninguén se preocupou, e despois chegan as ocorrencias para salvar a cara e facer campaña.

Propuxeron o transvasamento para que pareza que teñen a situación controlada, que a Administración está aí para resolver os problemas, cando a realidade é que o problema chegou porque a Administración non estivo aí e non fixo os seus deberes.

Temos varios problemas na xestión e uso da auga no actual contexto climático, contexto ao que chegamos tamén pola inacción diante do neoliberalismo salvaxe que destrúe todo por onde pasa. Cambio climático que o Partido Popular tratou de agochar ata que non houbo máis remedio que aceptar que cando fai calor unha mañá de decembro ou cando pasamos ano e medio practicamente sen precipitacións o cambio climático chega á porta da casa e todo o mundo o ve.

Sabemos que ao neoliberalismo salvaxe, ao que lle gusta a desregularización, non lle vai ben que se controle, que haxa controis ambientais sobre estes temas. O seu modelo é incompatible coa vida, o seu modelo é incompatible co medio ambiente.

Preguntámonos como é posible que nos colla por sorpresa unha situación como á que chegamos en decembro. ¿Como é posible que non se movese nin un só dedo xa non digo antes senón cando menos durante todo o ano pasado, no que apenas houbo precipitacións e se podía prever unha situación como a que estaba? Non se pode non estar facendo absolutamente nada e cando chega o momento de alarma social chegar como *el gran salvador* a pretender facer unha obra enormemente agresiva co medio ambiente e que posiblemente non resolvera o problema tampouco a medio e longo prazo, que precisa outro tipo de actuacións. Un proxecto de tales magnitudes en todo o seu concepto, como é o transvasamento, non se pode plantexar desde a improvisación e a urxencia de quen non ten feitos os deberes. Xa hai ben tempo que se precisa practicar medidas reais de aforro de auga, abandonar a falla de previsión e realizar accións encamiñadas ao uso sostible e razoable da auga.

En definitiva, non podemos atrasar máis as necesarias medidas para a boa xestión deste prezado recurso, que non se pode substituír por ocorrencias de urxencia, que, en definitiva, se utilizan como cortinas de fume para agochar as deficiencias na xestión, enganando a cidadanía, e que non solventan o problema a medio e longo prazo, provocando agresións ao medio, poñendo en risco os sectores produtivos, moi dependentes do río, onde debemos destacar as posibles afeccións ao banco marisqueiro da desembocadura. Xógase con lume cando se utiliza esta cuestión responsabilizando dunha administración a outra, cando é evidente que todas as administracións teñen moitísimo campo de mellora e moito que facer antes de plantexar un transvasamento.

Supoño que non fai falta recordar que, sen auga, é imposible a vida e que todos os esforzos para preservar estes recursos son poucos, e que canto antes comecemos a buscar solucións e a poñer en práctica as medidas necesarias será moito mellor para todos.

E, por último, tamén me gustaría falar da necesidade de facilitar a recuperación da xestión da auga por parte dos concellos. As concesionarias están a ter unha amplísima marxe de beneficio que ben sería utilizalo para mellorar a eficiencia da auga.

Pola nosa banda, máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Cal.

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, señor presidente.

Saudar tamén os convidados que veñen da comarca. E precisamente na comarca permitirán e entenderán por que hoxe Redondela é unha vila un pouco máis xusta. E por iso eu quero comezar agradecendo ao Goberno de Alberto Núñez Feijóo o anuncio que se fixo onte de que vai finalizar a discriminatoria peaxe de Rande, que os redondeláns e toda a comarca leva sufrindo once anos grazas á indiferenza naquel momento do Goberno bipartito e do señor Zapatero. (*Aplausos.*)

Pasando ao tema, eu teño que dicir que non podemos apoiar esta improvisada iniciativa, por dous motivos. Primeiro, porque se nos pide que fagamos uns estudos que xa están feitos e que levaron a tomar unha decisión por vía de urxencia no seu momento, e que agora, desaparecida a emerxencia, se tramita por vía ordinaria. Desaparecida a urxencia porque choveu, señora Vilán, non por presión popular, ¡é que choveu! Hai cousas que, efectivamente, non controla ningún goberno. E por iso imos tramitala pola vía ordinaria e imos pedir que se faga con consenso, porque absolutamente todas as propostas son matizables e estas tamén.

En segundo lugar, porque desbotar esa actuación suporía condenar moitos cidadáns a que a subministración de auga potable dependa exclusivamente do Goberno municipal máis irresponsable e demagóxico da historia da cidade de Vigo. E como nós non imos confundir o Goberno coa cidade e cos cidadáns, pois cremos que hai que colaborar en garantir un abastecemento axeitado a unha zona tan importante, porque aínda cando esa competencia sexa exclusivamente municipal —léase a Lei de bases do réxime local— o Goberno sempre colaborou cos concellos no abastecemento de auga, especialmente cos pequenos, tamén o vai facer co Concello de Vigo, cando este deixe de marear a perdiz, como fixo anteriormente co Concello da Coruña noutras actuacións. E, iso si, de aí pasar a imputarlle responsabilidades á Xunta para desenvolver plans de actuacións en materias de carácter exclusivamente municipal a nós si que nos parece pouco rigoroso e obedece unicamente a intereses partidistas.

Aclarada esta posición, hai que abordar o problema de fondo que motivou este problema de abastecemento de auga potable na cidade de Vigo e sobre todo da calidade da auga de Vigo. Porque ese é o problema que orixina todo isto, e claro que aí se tiveron que tomar medidas.

Pero o cúmulo de improvisacións, disparates, mentiras e manipulacións en que incorreu o Goberno de Vigo en relación con este tema son francamente intolerables. Fagamos memoria.

En setembro de 2016 a Xunta de Galicia activou a prealerta na comarca de Vigo. Despois de once meses de prealerta por seca, en declaracións de agosto de 2017, o alcalde de Vigo asegura: «A cidade nin ten un problema de seca, ningún problema de auga», e, consecuentemente, decide celebrar a Festa da Auga, dilapidando un ben valioso e naquel momento moi escaso e enviando unha mensaxe nefasta aos cidadáns. Á señora Vilán non lle gustou a campaña de concienciación que fixo a Xunta; tal vez cambiando un guepardo por un dinoseto chegaba mellor a mensaxe a algúns cidadáns, sobre todo ao que goberna en Vigo.

Dous meses despois desa festa o Concello activa o plan de emerxencia por seca. E quince días máis tarde, ignorando a prealerta activada un ano antes pola Xunta, o alcalde acusa a Xunta de negligencia, para uns días máis tarde, despois de corenta e oito horas de choiva, declarar rematada unha das peores secas da nosa historia. E no medio desta delirante espiral de disparates a Xunta acordou tramitar pola vía de urxencia o transvasamento do Verdugo a Eiras, efectivamente, para garantir o abastecemento da comarca. O alcalde, nunha situación que el mesmo cualificaba de alerta vermella, tardou un mes en aceptar esa proposta, prazo suficiente para que os encoros recuperasen un nivel por encima do 80 %, o que motiva que desapareza a situación de emerxencia.

Este vodevil, escrito e protagonizado polo señor Caballero, ten un único obxectivo, que é que ocultar aos vigueses que lles están vendendo a prezo de auga mineral a auga dos floreiros. E para isto vale todo: ocultar informes, ocultar investimentos, negar análises á oposición — que tivo que acudir á Valedora do Pobo — e incluso purgar masivamente as tuberías xusto ao lado dun dos colexios nos que a Xunta prohibiu o consumo de auga polo seu altísimo contido en ferro. E todo isto sabéndoo o alcalde. *La Voz de Galicia*, 22-12-2017: «Abel Caballero desveló ayer que conocía el informe del Colegio Ría de Vigo, en Canido, justificando que no era necesario alertar a la dirección del centro ni a la Xunta porque el laboratorio municipal de análisis no está homologado. Culpó a la Xunta de los niveles en el agua por no renovar las tuberías o por no dejar correr el agua lo suficiente». Agora xa entendemos o que é deixar correr a auga en Vigo.

Pero todos estes problemas deveñen dunha única cuestión, que é que os cartos que están pagando os cidadáns de Vigo, os cidadáns de Cangas, os cidadáns de Moaña, os cidadáns do Porriño, os cidadáns de Redondela ao Concello de Vigo a cambio da súa auga o señor alcalde de Vigo gástaos en autopromoción en vez de investilos no ciclo da auga. E non o di o Partido Popular, dí un informe da propia concesionaria; cito literalmente: «A ETAP do Casal actualmente presenta un deseño claramente obsoleto e unhas carencias no tratamento que imposibilita o cumprimento das limitacións establecidas no real decreto. As instalacións actuais non permiten o cumprimento da lexislación actual nin garantir o tratamento para os caudais de demanda». E engade: «A decisión sobre a renovación é sensible á aparición de acontecementos imprevistos ligados á deterioración de tuberías. Esta deterioración pódese clasificar en tres tipos: estrutural, hidráulica e da calidade da auga». E sobre esta di: «a terceira causa que pode...» —eu diría que debe— «...impulsar a renovación das tuberías é a imposibilidade de cumprir os criterios da calidade das augas, que fundamentalmente se

manifestan a través dun aumento de turbidez, elevadas concentracións de ferro e manganeso xeradas por vellas tuberías de fundición... », etc., etc.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: Remato xa, señor presidente.

Señorías, están xogando vostedes coa saúde dos vigueses e coa saúde de todos os cidadáns da comarca de Vigo. Basta de mentiras, basta de manipulacións. Fagan públicas as análises que ocultan. Basta de purgas e trucos para ocultar a realidade aos vigueses. Basta de parteres, basta de aceras, basta de lucerío e invistan na saúde dos vigueses. Porque en Vigo, desgraciadamente, hai dúas cousas demasiado turbias: a auga que sae polas billas e a actuación do Goberno do señor alcalde. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: O BNG lamenta que o Partido Popular non apoie estas medidas, que serían medidas positivas tanto para o río Verdugo como para Vigo e a súa área.

Din que van tramitar pola vía ordinaria; non lles queda outro remedio, porque non se dan as circunstancias para unha tramitación por emerxencia. E di que o van tramitar por consenso; gustaríame que me explique como vai ser ese consenso cando os plenos dos concellos de Ponte Caldelas e Soutomaior se pronunciaron de maneira unánime en contra desa actuación. ¿Como van vostedes...? ¿Que lles van: imponer o consenso? Terá que chegarse a un acordo e contar co posicionamento, que foi claro e unánime por parte de concellos gobernados, un, polo Partido Popular —con maioría absoluta—, o de Soutomaior, e, outro, nunha coalición de goberno do PSOE e o BNG. Polo tanto, a ver como son eses consensos que defenden vostedes.

Mire, este non é un problema exclusivamente de Vigo. Eu creo que o deixei claro na miña intervención. É un problema de país, pero é un problema de toda a área xeográfica, a área urbana de Vigo. E a Xunta ten que implicarse na solución e non converter isto nunha guerra partidista, nunha guerra entre institucións. Porque vostedes o que levan facendo estes últimos anos é confrontar e enfrontarse polo tema da área metropolitana, polo tema do transporte, polo tema das Cíes, polo tema do abastecemento. Xunta e Concello de Vigo, séntense a falar e cheguen a acordos. Porque, ademais, o plan da seca xa prevé esas medidas, e son medidas do plan da seca, non son medidas do Concello de Vigo. Son medidas de todas as administracións, que teñen que ver coa mellora do abastecemento, coa mellora da ETAP e co aforro, coa sensibilización.

Mire, dígolle máis con respecto ao transvasamento. No ano 2012 —abril do ano 2012— a Xunta de Galiza desbotou o transvasamento. Unha nota da propia Xunta de Galiza: «Augas de Galicia está a pechar nestes momentos a proposta para a mellora do abastecemento a toda a área metropolitana de Vigo...», —estamos falando de abril de 2012, está pechada a proposta e aínda non a coñecemos hoxe— «...que será presentada no mes de maio. A solu-

ción técnica aportada polo Concello de Vigo para captar auga no río Verdugo non é viable desde o punto de vista ambiental. E así se demostrou no pasado verán nos meses de febreiro e marzo, nos que o caudal do Verdugo era inferior á demanda necesaria para reforzar Eiras». Polo tanto, xa foi desbotado.

Goberno do Estado e Xunta pactan a mellora da planta do Casal para asegurar a calidade da auga. A Xunta de Galiza e o Goberno do Estado prevían facer un investimento. Eu non digo que teña que ser só responsabilidade destas dúas administracións —tamén do Concello, porque a planta abastece máis concellos que a Vigo—, pero téñense que poñer de acordo para facer estes investimentos.

O propio Plan hidrolóxico de Galiza–costa, aprobado no mes de febreiro de 2016, prevé, no artigo 17, «os caudais ecolóxicos en condicións de seca». ¿Sabe o que di o artigo 4?: «A Administración hidráulica de Galiza poderá autorizar non respectar os caudais mínimos ecolóxicos, deixando no río como mínimo o 25 % do caudal circulante. Non obstante, a Administración hidráulica de Galiza poderá non autorizar a dispensa cando considere que hai solucións aceptables para atender as demandas sen aceptar os caudais ecolóxicos», que é o caso; hai solucións sen ter que afectar os caudais ecolóxicos do río.

Por certo, que o propio Plan hidrolóxico de Galiza–costa inclúe un cadro de investimentos, un anexo de investimentos —eu non sei para que fan os anexos de investimentos— que di: «período 2008–2015, actuacións de abastecemento no sistema Eiras–Vigo, 7 millóns de euros». Non se viu un can, un patacón —como di o señor Feijóo—. «Período 2016–2021, abastecemento no sistema Eiras–Vigo, 20 millóns de euros». Dedíquense a investir, póñanse de acordo co Concello de Vigo e co Estado para facer estes investimentos, para facer obras necesarias.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: Eu creo que xa lles demostramos a nosa vontade de chegar a acordos sobre esta cuestión. En vez desa guerra da auga, porque hai algúns aos que lles gusta moverse en augas turbias e en augas turbulentas, pois o que temos é que chegar a acordos, implicar toda a sociedade e implicar todas as administracións e dunha vez por todas resolver un tema que se coñece desde hai quince anos e ao que non se lle puxo remedio...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor BARÁ TORRES: ...pola irresponsabilidade do Concello de Vigo e da Xunta de Galicia.

O señor PRESIDENTE: A emenda do PSOE, por favor. ¿Vai aceptar a emenda? Señor Bará, ¿acepta a emenda do PSOE?

O señor BARÁ TORRES: Fixémoslle unha proposta xenerosa de incluíla como emenda de engádegas, pero aquí hai dúas cuestións centrais, que son: non ao transvasamento e resolver o problema de Vigo e a súa área.

O señor PRESIDENTE: Vale, perfecto, xa está. ¿Como engádega? ¿Vai como engádega?

O señor BARÁ TORRES: Aceptariámolo como engádega, cousa que non acepta o Grupo Socialista. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Moi ben. Grazas.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Dolores Toja Suárez e D. Julio Torrado Quintela, sobre a elaboración e remisión polo Goberno galego ao Parlamento de Galicia dun plan de actuacións e medidas concretas destinadas a afrontar as dificultades que presenta o sector pesqueiro para propiciar o seu relevo xeracional

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Popular e outra do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Teresa Egerique Mosquera, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a debater o problema do cambio xeracional co sector nas xornadas que sobre pesca deban ter lugar ao longo deste ano, e trasladar as conclusións ao Parlamento de Galicia no prazo de seis meses, así como continuar coas accións e medidas concretas que permitan afrontar as dificultades que presenta o sector pesqueiro para propiciar o seu cambio xeracional.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Engadir, despois de «medidas concretas», o seguinte texto:

«coas contías orzamentarias precisas, nas que sexan de competencia da Xunta.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición ten a palabra a señora Toja.

A señora TOJA SUÁREZ: Grazas, señor presidente.

Bo día.

Señor Pazos, ¡como pode vostede falar de «turbidez» cando o señor Ricardo Costa acaba de confesar que o PP de Valencia se financiaba con diñeiro negro! ¡Como pode vostede vir aquí falar de «turbidez»! (Aplausos.)

Indo ao tema... (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, silencio!

Silencio, por favor... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Silencio, estamos noutro tema e está no uso da palabra a señora Toja. Vamos respectala.

A señora TOJA SUÁREZ: Si, agora vaime case un minuto. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor! (*Murmurios.*)

A señora TOJA SUÁREZ: Hoxe traemos, dende o Grupo Socialista, unha iniciativa que consideramos que merece toda a atención desta Cámara: o cambio xeracional no sector do mar —ou, máis ben, a falla precisamente dese cambio xeracional, a ausencia de quen tome as rendas de máis de 4.000 embarcacións que a día de hoxe non teñen garantida a súa continuidade—, dun sector do mar que, como saben, é un dos máis importantes de toda Europa, que sempre foi, tradicionalmente, un sector central na economía e na sociedade galega. *O Farelo*, de Muxía; *o Baldomar Santos*, de Camariñas; ou *Hijos Romero* e *Temerario*, de Fisterra, son exemplos de barcos despezados da longa lista dos últimos anos, de palangreiros, de volanteiros... Todos eles convertidos cunha compensación de miles de euros que está moi por debaixo da actividade económica que xeraban: postos de traballo, actividade económica, como dicíamos, nas vilas costeiras e múltiples intanxibles.

A situación actual é que o número de persoas afiliadas ao réxime especial de traballadores do mar a finais de 2009 era de 24.630 persoas. A finais de 2016 era de 21.035, é dicir, un 15 % menos. No caso das mulleres, este número decreceu ata un 22 %, de 6.533 a 5.088. Se colleramos os datos de finais do ano 2017, o resultado sería aínda peor, posto que o número de afiliados baixou ata 20.741, é dicir, case un 16 % menos. A isto hai que engadir, ademais, que as mulleres van perdendo peso no sector do mar. Se antes supoñían un 27 % do total de afiliados, agora supoñen unicamente un 25 %.

E ¿que hai que dicir da situación da mocidade?

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. Hai moitos murmurios na sala.

A señora TOJA SUÁREZ: É que así é moi difícil concentrarse.

O señor PRESIDENTE: Si, eu enténdoa perfectamente a vostede. E, ademais, é que hai un murmurio moi grande. Por iso lles prego aos invitados, se poden, que sigan conversando fóra.

Non se preocupe que será compensado o seu tempo.

A señora TOJA SUÁREZ: Grazas.

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

A señora TOJA SUÁREZ: Grazas, señor presidente.

Como dicíamos, hai unha redución no número de afiliados ao réxime do mar.

¿E que dicimos da situación da nosa mocidade? Pois ata os 26 anos a media do que cobran os mozos e as mozas galegas non chega nin sequera ao salario mínimo interprofesional. Estamos falando de 6.311 euros brutos anuais, e a nosa mocidade non chega. Dúas de cada tres persoas de entre 18 e 35 anos aínda viven na casa familiar, e houbo un récord de contratación con contratos de duración inferior a unha semana nos mozos e mozas.

Polo tanto, esta é a situación actual: máis de 4.000 embarcacións galegas que non teñen unha garantía de continuidade porque non hai quen tome relevo, non hai xente que queira continuar nesta actividade, unha mocidade nunha situación de elevada precariedade e o réxime do mar que non para de perder afiliados.

¿Cales son as causas desta ausencia de cambio xeracional? As causas son múltiples. Por un lado, a propia penosidade desta profesión, a dureza, a perigosidade mar dentro, e tamén a falla de descansos adecuados a este esforzo, os longos horarios laborais, os longos períodos de afastamento familiar ou a falla tamén de profesionais cualificados. Varias veces foron propostas medidas polo Grupo Socialista, como o seguro de mal tempo, investimentos en seguridade —concretamente sistemas antifundimento para que, no caso de que se produza un sinistro, as embarcacións se poidan manter a flote, sistemas de localización, sistemas de sinalización de bateas—. Todo isto faría que nesta profesión, con esta elevada penosidade, dalgunha maneira a situación mellorara.

Fronte a esta penosidade non existe unha compensación económica suficiente en relación con este esforzo. É dicir, os custos que xera esta actividade non teñen a cambio un ingreso suficiente. E isto é debido a que hai uns TAC insuficientes, unhas cotas non suficientes. España ten unha capacidade pesqueira enorme, pero non chega nin ao 10 % dos cupos. Únese a estas cantidades insuficientes a mala xestión dos peches das pesqueiras, os peches improvisados que obrigan ás veces a tirar ao mar as capturas, mentres o sector asume o incremento dos gastos da actividade sen axudas suficientes, sen a execución dos fondos europeos, os fondos FEP, do que se vén queixando o sector porque non se executan. Simplemente unha repartición máis xusta de cotas, unha negociación de convenios que favoreza a frota galega —estivémolo dicindo onte en relación con Portugal— xeraría maior estabilidade do sector. Polo tanto, como dicíamos, temos causas varias, unhas asociadas ás propias características da profesión —penosidade—, e, por outro lado, a falla de seguridade e a falla dunha compensación económica de acordo co esforzo que se realiza.

E nesta situación ¿que fai o Goberno galego? Pois acabamos de ver nos orzamentos do ano 2018 que, lonxe de axudar a que esta situación mellore, a reverter esta situación, reduce as asignacións para estas partidas. Teñen un plan estratéxico galego para 2015-2020 que comeza cunha frase estupenda que di: «Unir con criterio o presente e o futuro». Soa ben, soa ben, pero nós non podemos atopar conexión, dado que a realidade mostra un futuro incerto

para o sector do mar. As partidas importantes, como dicíamos, que podían revertir esta situación descenden no ano 2018; do seguro de mal tempo xa lles dicíamos que non queren oír falar del; investimentos en seguridade, pendentes; sinalización de bateas, pendente —pendente dende o ano 2015—; as dragaxes —e non me cansarei de dicilo neste Parlamento, da dragaxe de Laxe, por exemplo—, pendentes. Todos os temas de seguridade cando hai mal tempo, cando teñen que abandonar os seus portos porque non son refuxios seguros, todo iso, incrementa a penosidade desta profesión e, polo tanto, ¿que está facendo o Goberno?, ou, máis ben dito, ¿que é o que non está facendo o Goberno?

¿Que pasa entón? ¿Cal é o problema disto? O problema é que a situación demográfica do noso país exige a adopción de medidas activas que se integren de xeito fundamental nas políticas públicas. Entre 2016 e 2017 perdemos case 11.000 persoas. Poboación entre 20 e 64 anos perdemos aproximadamente 16.000. Ante a situación de despoboamento que sofre o noso país sería necesario impulsar medidas que eviten que as persoas máis mozas emigren fóra da comunidade. Pero para iso hai que dotar recursos, non se poden reducir as partidas de formación, de eficiencia enerxética, de modernización de embarcacións. Hoxe en día non se pesca igual que hai vinte anos, nin sequera igual que hai dez anos. A xente nova naceu e creceu rodeada de tecnoloxía, non imaxina pescar se non é con ferramentas e con tecnoloxía, creceron rodeados de tecnoloxía. Polo tanto, non se entende que esas partidas orzamentarias diminúan.

As mulleres, as redeiras, as mariscadoras, as mulleres do mar deben mellorar as súas condicións e os seus dereitos para que inflúan positivamente aumentando o número de traballadoras. Polo tanto, ten que haber uns obxectivos perseguidos, un deseño estratéxico, ante unha cuestión que exige unha proposta de longo alcance, unha proposta firme, deixando a un lado as abordaxes partidarias e centrarse en obxectivos e en instrumentos operativos que xeren acordos para deste xeito poder revertir esta situación.

Hai que mudar a política do PP, que son brindes ao sol, declaracións de intencións. Cando existen compromisos, compromisos de recursos, nunca aceptan. Cando hai recursos, que se executen e que non queden sen executar. En definitiva, medidas cifradas e medidas calendarizadas.

En definitiva, como lles dicíamos, falamos do relevo xeracional no sector do mar, pero en realidade, como ven, hoxe estamos falando dun tema que afecta a outros sectores, que é o do despoboamento en Galicia, con vilas enteiras baleiras, vilas costeiras baleiras, nunha lexislatura, como vostedes din, do rural

E, por rematar, recórdolles a situación actual: diminuíu un 16 % o número de afiliados ao réxime do mar —no caso das mulleres, un 22 %—, temos unha elevada precariedade na nosa mocidade; as causas, como saben, son a penosidade desta profesión, unida, ademais, a que non existe unha seguridade suficiente e que non hai unha compensación económica proporcional a este esforzo, e unha actuación dun goberno que non é suficiente, que non está tomando o problema en serio e que non está tomando as medidas necesarias. Polo tanto, precísase dun xiro de 180 graos, un xiro que reverta esta situación.

Por este motivo, hoxe, dende o Grupo Parlamentario Socialista, traemos esta iniciativa que insta o Goberno a elaborar un plan que será remitido ao Parlamento —isto é importante, porque logo non sabemos se o fan— nun prazo de seis meses, no que se establezan accións e medidas concretas que permitan afrontar as dificultades que presenta o sector pesqueiro para propiciar o seu cambio xeracional.

Teñen que se comprometer de maneira firme —non con brindes ao sol, como lles dicíamos— con medidas concretas, calendarizadas, con dotación de recursos e coa súa execución. E isto é o que plantexamos hoxe. Como lles dicíamos na intervención, é preciso deixar a un lado a ideoloxía e procurar un consenso mirando polo sector, porque o relevo, a supervivencia de máis de 4.000 embarcacións e, polo tanto, o futuro do sector do mar está en xogo.

Grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Toja.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Vai permitirme a deputada do Partido Socialista, a propoñente desta iniciativa, que non siga a súa recomendación e non deixe ao lado a ideoloxía. Laméntoo, pero é que, precisamente pola ideoloxía do Partido Popular, neoliberal, pola aplicación de toda a normativa, e por atacar por mar e aire en beneficio dos grandes *lobbys* e do capital, é polo que o sector do mar está nas condicións en que está. Estamos falando de medidas e de situacións porque hai un proxecto ideolóxico que, dende logo, non aposta por Galiza, un proxecto ideolóxico ao servizo do gran capital, ao servizo do que vén de Madrid, ao servizo do que vén da Unión Europea e, dende logo, dun proxecto ideolóxico que non ten nin a cabeza nin o corazón nin as actuacións postas no desenvolvemento dun sector estratéxico do noso país como é o sector do mar. E por iso estamos nestas condicións.

E a pesca en Galiza dá traballo directo a máis de 40.000 persoas, é o 52 % do total do sector do Estado e o 10 % do conxunto da Unión Europea. Estamos falando de palabras maiores, incluso neste contexto de acoso e derribo. Porque se fixeramos a comparativa destes datos que estou dando con cales eran os datos cando o Estado español se inseriu na Unión Europea, e con el Galiza, case nos botaríamos a chorar. Entrouse na Unión Europea sendo unha potencia e estamos neste momento sendo o posto non sei cantos.

Estamos falando, polo tanto, dun sector estratéxico na economía galega e cun enorme potencial de futuro se se deran as condicións políticas precisas para o seu desenvolvemento. Mais ese é precisamente o problema. Cada ano temos malas noticias para o sector en Galiza, nunca veñen boas novas da Unión Europea para o sector. E isto ten tamén unha explicación. Ten unha explicación na lóxica política, que é que quen negocia pola pesca galega sempre é o Goberno español, un goberno para o que a pesca precisamente non é estratéxica. E sempre —¡que casualidade!— acabamos sendo moeda de cambio. Para Galiza non veñen laboratorios de moluscos pero resulta que para Madrid si van outras cuestións. Acabamos sendo sempre moeda de cambio.

E é evidente, e aí concordo coa deputada do Partido Socialista, que teñen que darse dúas condicións básicas para que haxa relevo xeracional, para que haxa persoas que queiran desenvolver a súa actividade profesional na pesca. E é que esta sexa rendible, que se poida facer nunhas condicións minimamente dignas, que sexa rendible e que haxa certa estabilidade, que as persoas que se dedican a unha actividade teñan un pouco de estabilidade e saiban o que vai pasar con nós dentro de seis meses, o que vai pasar para o ano que vén, e non estar sometidos a unhas normativas que cada ano —case cada mes— varían.

Estamos a falar dun sector que dá emprego directamente a 40.000 persoas; destas, dous terzos na pesca artesanal. E é precisamente na pesca artesanal, que é esa pesca máis sustentable, esa pesca que fixa máis poboación nas nosas vilas e, polo tanto, máis xeradora de emprego, onde está máis en risco esa posibilidade de relevo xeracional. E isto vén dado, primeiro, porque, cada vez que se renova a política pesqueira común, non hai xeito co principio de estabilidade relativa, que estaba xa en vigor antes da entrada do Estado español na Unión Europea e que mantén unhas cotas para moitos Estados moi por encima das súas posibilidades mentres para Galiza cada ano pois son menores. Hai unha política pesqueira común que impón medidas incluso á pesca artesanal. E a Xunta de Galiza, o Goberno galego, ten competencias exclusivas en augas interiores, o Estatuto de autonomía de Galiza, no seu artigo 27, establece que a pesca nas rías e demais augas interiores, o marisqueo, a acuicultura, a caza e pesca fluvial e lacustre son competencia exclusiva de Galiza. E vemos un goberno que non ten —que non tivo nin ten— a máis mínima intención de exercer as súas competencias para defender este sector estratéxico.

Vemos que no que se refire ao sector marisqueiro, desde o ano 2009, se perderon practicamente 300 pérmex, a pesar desa promesa da conselleira de que ía multiplicar os pérmex. É dicir, vemos que hai unhas condicións específicas do sector, de dureza, pero fundamentalmente o que hai é unha posición política dun goberno que non está nin se espera, un goberno pregado ás decisións da Unión Europea, pregado ás decisións do Goberno español. Acabamos de ver como se asina un convenio bilateral con Portugal e como a nosa frota ten que pescar nunhas condicións inferiores...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...á frota portuguesa e como o Goberno galego non fixo ningún tipo de presión para que isto fose doutro xeito.

Co cal presentamos unha pequena emenda a esta iniciativa do Partido Socialista, para que, nas cuestións dese plan que dependan da Xunta, leven aparelladas recursos; e logo, evidentemente, pois sería necesario, en todas estas outras cuestións, ter un goberno dende logo disposto a implicarse na defensa dun sector, o que desgrazadamente de momento non temos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Popular, señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente.

Bos días, a señora Toja dixo unha frase: que hoxe non se pesca igual que hai corenta anos. A min gustoume, pois iso é comezar xa recoñecendo algo, algunhas cousas que non recoñeceu ao longo desta lexislatura, no que levamos desta lexislatura, na Comisión 8ª. Porque, cando se vai explicar a política de pesca, cando se van explicar as liñas de traballo da Consellería do Mar na Comisión 8ª e sempre defendemos as PNL, isto é un factor que ata o de hoxe eu non escoitara que vostede recoñecera. Polo tanto, iso xa é un paso bastante positivo para que vostedes traballen na liña e na dirección de que temos que ir mirando cara ao futuro e non mirando cara ao pasado.

Tocou vostede tres teclas moi importantes, que son a seguridade, a modernización e o cambio xeracional, os principais obxectivos polos que estivo estes dous días pasados a conselleira do Mar traballando en Bruxelas. Estivo defendendo alí, diante de todos os comisarios europeos, o cambio xeracional aquí en Galicia, a modernización dos sistemas e dos barcos das frotas galegas e, por suposto, a mellora na seguridade. Neses tres factores está traballando agora a Consellería do Mar. É o que temos que conseguir e polo que temos que pelexar e traballar dende este Parlamento e dende o Goberno galego. E nós, polo tanto, vimos cunha emenda que ten algún matiz ao que vostedes propoñen hoxe nesta Cámara.

Benvidos, polo tanto, señores da oposición, a esta problemática que é a do cambio xeracional, benvidos porque dende o Partido Popular levamos tempo traballando neste tema e facendo as xestións e os traballos necesarios para que isto non sexa un drama.

Eu teño que comezar dicíndolles tamén que os datos —falando de datos—, os verdadeiros datos, son que desde xaneiro de 2016 gañamos en Galicia afiliados ao Instituto Social da Mariña, e que o saldo, respecto de decembro de 2017, é positivo en 259 persoas. Iso tamén é un dato real que vostede aquí maquillou, non foi precisa nese dato.

Como a única referencia que temos da súa xestión —que sexa antes de corenta anos— é do período do Bipartito, entre 2005 e 2009, temos que lembrarilles que neses catro anos se perderon máis afiliados que nos oito seguintes, gobernados polo Partido Popular: 3.877 fronte a 3.866. Polo tanto, a política pesqueira do Partido Popular, e a que vén realizando esta conselleira do Mar en concreto, é moi positiva e moi beneficiosa para o sector. Polo tanto, recapaciten coas súas fórmulas máxicas coas que ás veces veñen aquí, non lle dean as costas ao sector do mar. Porque se fixeramos caso do que dixeron co sector naval non sei onde estaríamos hoxe, non sei onde estaríamos hoxe. Os comisarios europeos socialistas que representaban a Galicia no sector naval o único que fixeron foi poñerlle trabas e impostos. Polo tanto, o sector estivo apoiado e hoxe temos no sector naval 27 barcos en carteira e posiblemente a creación de 1.500 postos de traballo. E hai cinco anos aquí só tiñamos que escoitar as falacias, as críticas permanentes e as fórmulas máxicas que non nos levarían a este resultado hoxe en día.

Fala vostede, señora Toja, da escaseza de profesionais cualificados. Si, é verdade, ninguén lle vai negar que haxa falta, escaseza, de persoal cualificado. Pero non é certo que non se estea afrontando esta problemática dende a Consellería e que non haxa partidas para a formación.

Porque temos que destacar que dende que o Partido Popular está no Goberno, dende 2009, estivemos preocupados por este tema. E nunca tantas matrículas houbo nos centros dependentes da Consellería do Mar. Porque, por exemplo, para este curso 2017-2018 hai sobre 500 alumnos matriculados entre o Instituto Marítimo-Pesqueiro de Vigo, a Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol, a Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ribeira e o Igafa. E a iso temos que incluírlles, ademais, os 2.200 alumnos que recibiron formación non regrada nos portos ao longo de 2017. Polo tanto, temos un incremento dun 197 %. É un problema que se está atallando dende a raíz. Esta Consellería do Mar, este Goberno, estes deputados do Grupo Parlamentario Popular están traballando nesa liña. Polo tanto, non podemos permitir que vostede diga aquí que nós miramos para outra parte, cando estamos totalmente da man do sector.

En canto á falla de cotas pesqueiras suficientes, temos que dicirlle que, dende o ano 2009 ata o ano 2018, a cota de Galicia aumentou nun 80 %, que supuxo un aumento en 212,7 millóns de euros de valor estimado. Iso é certo, iso é certo, porque as orientacións e as cousas varían, pero isto segue en pé, e hai que manter este sector en pé. E, como dixo a señora Toja, non se pesca hoxe igual que hai corenta anos.

En canto ao incremento dos gastos da actividade, entendo que se referirán tamén ao gasoil, por exemplo, que mantén o prezo dende o ano 2009, é o mesmo prezo. E en canto aos orzamentos do mar, que di vostede que se reducen en formación, iso non é certo. O montante global destinado á incorporación da xente nova medra nun 50 %. Aténdense as axudas para mercar barcos para menores de 40 anos, para reformar embarcacións para menores de 30 anos, para formación en menores de 30 anos. Nós queremos máis mariñeiros e mariñeiras, queremos achegar as axudas ás xentes do mar para que ese sector non quede anquilosado e haxa relevo xeracional. O único que verán por parte dese Grupo Popular e por parte do Goberno galego é compromiso co sector do mar e, ademais, poñer enriba da mesa e explicar en Europa a necesidade que temos —como vostede dixo aquí e explicou moi ben na súa exposición de motivos— dese relevo xeracional.

Polo tanto, nós vimos cunha emenda que ten un matiz respecto do seu texto, que di: «O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a debater o problema do cambio xeracional co sector nas xornadas que sobre pesca deban ter lugar ao longo deste ano e trasladar as conclusións ao Parlamento de Galicia nun prazo de seis meses» —como din vostedes— «así como continuar coas accións e medidas concretas que permitan afrontar as dificultades que presenta o sector pesqueiro para propiciar o seu cambio xeracional».

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Merlo.

O señor MERLO LORENZO: Moitas grazas, presidente.

Señorías, a progresión do emprego no sector nos períodos comprendidos entre o 2009 e o 2016 sáldase cun balance negativo de 3.595 persoas empregadas menos no sector, das cales

1.445 son mulleres. A isto sumemos o aumento da sinistralidade laboral no sector e sumemos tamén a presión administrativa e fiscal á que se está a someter o sector. A día de hoxe, cunha concentración de máis dun 63 % da poboación na franxa costeira de Galicia —indo a unha proporción maior se isto o facemos dende o punto de vista da análise da media de idade de entre os 18 e os 26 anos, cunha concentración maior de poboación—, vemos que a mocidade plantexa como alternativa de futuro a emigración moito antes que outras cuestións como traballar no sector do mar, un sector que foi, dende o punto de vista do emprego, un punto de apoio importantísimo durante moitísimos anos, incluso naqueles nos que o noso país sufriu a tediosa reconversión naval. Moitas familias subsistiron grazas, precisamente, á actividade neste sector. A día de hoxe iso non é así, e o futuro pinta que vai ser aínda peor.

Vemos con moita preocupación como, tras o debate orzamentario e as achegas feitas ao borrador dos orzamentos de Galicia de 2018 que non foron aceptadas, nos situamos novamente nun escenario que claramente é minguantante para o emprego no sector do mar. Eu non sei se as estatísticas e os datos que se verteron aquí por parte da señora Egerique hai un momento sería capaz de defendelos con tanta vehemencia diante do propio sector, nunhas xornadas que se fagan cara á cara. Porque penso que o sector co cal vostedes din que van da man non pensa o mesmo. E os números dino así. Non sei de onde saen esas estatísticas, francamente. Parécenme, en certo modo, incluso desconcertantes.

Ademais, temos que ter en conta outro factor, que é a integración laboral e igualitaria da muller no sector da pesca. Existen xa leis e decretos a respecto disto, como o Real decreto 849/2017, do 22 de setembro, por exemplo, que se integraron incluso na teoría —e falo de teoría— nun plan para a igualdade de xénero no sector pesqueiro e acuícola 2015-2020, elaborado polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, que lamentablemente non se están a aplicar tampouco e que contemplan, entre outras cousas, a adaptación das embarcacións a tripulacións mixtas e unha serie de cuestións que facilitarían unha aposta pola igualdade e pola continuidade da actividade do sector, tendo en conta esa débeda histórica dende a óptica da igualdade para coas mulleres, cuxo papel no sector está máis aló de toda dúbida pero que realmente segue sen ser igualitario en moitas partes, sobre todo no referido á pesca.

En consecuencia, esta iniciativa, tanto na necesidade de facilitar medios para a substitución xeracional como na necesidade de buscar a igualdade na composición desa substitución, ten sentido. Non tería sentido esta proposta que trae hoxe o Grupo Socialista se as políticas adoptadas non estivesen mal enfocadas e afondando na destrución e desmantelamento da nosa frota pese a esas axudas. Non tería sentido se a defensa do Goberno da Xunta do sector non fose sinónimo de asimilación de continuos recortes das exiguas cotas de pesca, esas que dicimos que aumentan. Non tería sentido tampouco se o obxectivo perseguido non fose a reconversión encuberta dun sector de cara a outros modelos falsamente sustentables de explotación. Pero isto, evidentemente, non o defende ningún grupo. Polo tanto, por todo isto, que aporta unha inseguridade xurídica e pon en cuestión a viabilidade económica da actividade para aqueles que invisten os seus recursos e o seu esforzo nestas profesións, pois ten sentido. E moito máis se plantexamos o futuro profesional vinculado ao sector da pesca. É dicir, estamos vendo que o sector da pesca non está sendo un motor nin un referente para toda esa poboación xove que vive na costa e na que hai incluso unha tradición familiar, unha

aposta económica importante por parte de xeracións das súas familias. Non é a súa alternativa de futuro. Iso é o que está en perigo e iso é no que trata de afondar un pouco esta pequena iniciativa.

A maiores, a realidade a día de hoxe é que non se garante esa igualdade dun mozo e dunha moza á hora de poder concorrer á ocupación dunha praza nun buque pesqueiro. Esa é outra cuestión na que me parece importante afondar e que temos que atallar xa con urxencia.

A realidade é que a flutuación e a diminución das cotas, e a indefensión da nosa frota fronte a outras de maior tamaño e importancia da Unión Europea, tampouco axuda a que se naturalice ese natural cambio xeracional. Aínda que estean a traballar niso na Xunta, nos últimos anos o Goberno é totalmente incapaz de frear os continuos peches nas rías na actividade do marisqueo. É incapaz tamén de garantir uns medios óptimos en materia de saneamento integral das nosas augas nas nosas rías. É totalmente incapaz de frear a mortalidade de certas especies ou a diminución cuantitativa e cualitativa doutras tantas. Son cuestións difíciles de resolver. Evidentemente, un goberno non pode facer cuestións que tecnicamente moitas veces están superando estas cuestións, pero si pode ter un certo tipo de vontade política. Iso non pode ser excusa para prolongar a perda de competitividade do sector. Debe ser excusa para dotar presupostariamente nos orzamentos a investigación e as infraestruturas necesarias para logralo canto antes.

Polo tanto, entendemos desde o noso grupo a necesidade de apoiar, dentro do que si é posible mesmo para a Xunta, iniciativas que veñan aportar seguridade e continuidade do sector e que busquen colocar o sector de novo como unha alternativa solvente para a mocidade, e, sobre todo, que amosen que existe unha certa aposta polo sector máis aló das prácticas e políticas desenvolvidas nos últimos anos, que parecen mirar cara a outro horizonte ben diferente.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Merlo.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Toja.

A señora TOJA SUÁREZ: Grazas, señor presidente.

Eu non sei de que datos nin de que orzamento veu vostede falar hoxe aquí, non o sei, de verdade. Pero o que si sei é que a axuda inicial a xoves era o ano pasado de 500.000 euros, e este ano eran 315.000; na formación en menores de 30 eran 800.000, e este ano, 435.000; o seguro de adversidades, nada, este ano non aparece, e o ano pasado eran 200.000; en investimentos en eficiencia enerxética, 185.000 euros, o ano pasado eran 1.300.000.

Eu non sei como pensan garantir o cambio xeracional desta maneira, non o sei, de verdade. *(Aplausos.)* Nin sei como teñen a cara de vir falar aquí dando uns datos incorrectos. Non o sei. Paréceme... En fin...

¿De que vale o que están vostedes dicindo de que van a Bruxelas a falar de seguridade se teñen, por exemplo, o plan de sinalización de bateas pendente dende 2015? Desgraciadamente vivimos sinistros, están ocorrendo. Houbo perda de vidas humanas. Non executan ese plan tan importante de sinalización de bateas —polo menos, vostedes vendérono como importantísimo, importantísimo—.

Tamén lle dou as grazas pola clase que nos veu dar aquí. Vexo que están todos na mesma liña que a do conselleiro de Facenda, a de considerar a todos os que lles levan a contra de papanatas intelectuais. Vexo que todos van na mesma liña, vexo que si. Moita grazas, moitas grazas.

Vostedes, como lles digo, veñen aquí a facer de oposición da oposición, a falar dos datos do ano 2009. Non lle prestou atención á nosa iniciativa. A nosa iniciativa vai de cambio xeracional, de futuro, ¡futuro! Non sigan falando do ano 2009, falen do futuro, que é o que dicía.

En canto á formación, tamén veñen falar aquí de formación. No ano 2016 había 60 persoas admitidas en cursos e 120 —que é o dobre— en listaxe de espera. Eses son os datos. Esa é a vosa política. Perdón, a súa política. Eses son os orzamentos: redución. Iso é o que vostedes hoxe nos veñen emendar: continuar coa súa política.

Non sei se estivo atenta á intervención anterior á nosa, pero aquí diciámoslles claramente que tiñan que mudar, que tiñan que comprometerse, que tiñan que comprometer recursos e que logo os tiñan que executar, con medidas concretas, medidas cifradas, con medidas calendarizadas.

Tal e como estableceron a súa emenda, sentímolo, pero non a podemos aceptar. Recordo os datos: unha redución dun 16 % de persoas —homes— no réxime do mar, e un 22 % no caso das mulleres; e unha mocidade nunha situación precaria que non se vai reverter deste xeito.

Respecto da emenda do BNG, podémola aceptar perfectamente, parécenos que enriquece a nosa. Pero laméntome pola intervención do PP, porque me parece que o cambio xeracional tampouco lle importa.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Toja.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Procedemos, polo tanto, ás votacións das proposicións non de lei.

Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da señora Prado Cores.

Non hai emendas. Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación de saturación que padecen os servizos de urxencias dos centros hospitalarios, así como de atención primaria, do Sergas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa da señora Egerique. Non se aceptaron as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque e do Grupo Socialista.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Carlos Enrique López Crespo e seis deputados/as máis, sobre a continuación polo Goberno galego co desenvolvemento de actuacións para a posta en común con outras rexións e frotas pesqueiras das experiencias e dos coñecementos obtidos en relación coa problemática dos descartes, con especial atención á súa refundición e ao traslado á Comisión Europea das demandas para a adaptación da normativa.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 18; abstencións, 12.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa da súa deputada Luca Chao. Non se aceptaron as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Socialista.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda e D^a Luca Chao Pérez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir o dereito do alumnado con trastorno do espectro do autismo a unha educación inclusiva no sistema público de ensinanza.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo..

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de don Gonzalo Trenor. Non se aceptou a emenda do Grupo Parlamentario de En Marea.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e once deputados/as máis, sobre as actuacións da Xunta de Galicia tendentes á construción dun centro de saúde no edificio do mercado da Santa Lucía, no barrio da Falperra, na cidade da Coruña.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 12; abstencións, 18

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa da señora Pierres. Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, e hai unha transacción coa emenda do Grupo Parlamentario Popular.

¿Pódenola ler?

A señora PIERRES LÓPEZ: A verdade é que nesta ocasión case prefiro que a lea vostede porque eu non a teño aquí, xa lla facilitei. Era unha engádega simplemente de aclaración do ano.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Si, é unha emenda de engádega pola que o Grupo Parlamentario Popular modifica e pon «afondar durante o ano 2018».

A señora PIERRES LÓPEZ: Efectivamente, soamente é iso.

O señor PRESIDENTE: E mantense o texto da emenda.

Entón votámola coa emenda de engádega, con esta modificación. Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Luisa Pierres López e seis deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia destinadas á realización de campañas de concienciación e sensibilización sobre a violencia de xénero no ámbito rural.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 68.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este texto transaccionado.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de dona Paula Vázquez.

Hai unha proposta de transacción. ¿Pode lela?

A señora VÁZQUEZ VERAO: Finalmente só hai proposta de transacción coas emendas do PSOE; polo tanto, son os 9 puntos da moción, pero o 1, o 2 e o 8 son os que están transaccionados co PSOE. Xa se lles pasou o texto aos servizos da Cámara.

O señor PRESIDENTE: De acordo.

Votamos, logo, esa transacción.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Vázquez Verao, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar a accesibilidade en todas as áreas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Agora votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Luís Bará.

Foi aceptada a emenda, como engádeba, do Grupo Parlamentario Socialista. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Foi aceptada, dixo el. Outra cousa é que vostede diga que non.

Vostede tiña pedida a votación por puntos. Entón, ¿vostede acepta a votación por puntos? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Entón queda todo como estaba.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de transvasamento de auga do río Verdugo ao encoro de Eiras que está a tramitar Augas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 38; abstencións, 12.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Por último, votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa da señora María Dolores Toja. Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Popular e acéptase a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Dolores Toja Suárez e D. Julio Torrado Quintela, sobre a elaboración e remisión polo Goberno galego ao Parlamento de Galicia dun plan de actuacións e medidas concretas destinadas a afrontar as dificultades que presenta o sector pesqueiro para propiciar o seu relevo xeracional.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

Declaración institucional

O señor PRESIDENTE: Paso a lerlles unha declaración institucional que me fan chegar, por acordo dos grupos, en relación coas vítimas do Holocausto.

«O 1 de novembro de 2005, a Asemblea Xeral das Nacións Unidas, na súa cuadrexésima segunda sesión plenaria, reafirmou que o Holocausto, que tivo como resultado que un terzo da poboación xudía e innumerables membros doutras minorías morreran asasinados, será sempre unha advertencia para todo o mundo dos perigos do odio, o fanatismo, o racismo e os prexuízos. E tamén decidiu designar o 27 de xaneiro como día internacional da conmemoración anual en memoria das vítimas do Holocausto, todas elas vítimas do nazismo, entre as que se contan tamén galegos e galegas.

O Holocausto é o resultado dun programa de persecución, encarceramento e exterminio levado a cabo polo nazismo e que asasinou a máis de 6 millóns de persoas. Tivo a súa orixe no intento de eliminación da disidencia política e ideolóxica e derivou nun xenocidio que contou coa colaboración da ditadura franquista. Perseguiu a miles de homes e mulleres que fuxiron do Estado español despois da derrota da República en 1939 e tras a instauración do réxime fascista.

En particular, este Parlamento quere lembrar os máis de 10.000 republicanos españois que terminaron deportados nos campos nazis pola colaboración do ditador Francisco Franco co nazismo alemán e o fascismo italiano. Segundo algunhas fontes historiográficas, preto de 200 deles eran orixinarios de Galicia. E morreron alí ou foron liberados, pero nunca puideron regresar porque a ditadura franquista, que lles retira previamente a nacionalidade, negoulles o dereito a regresar ao seu país de orixe.

Por todo isto, o Parlamento de Galicia fai súa a declaración da Asemblea Xeral das Nacións Unidas na que rexeitou toda negación, xa sexa parcial ou total, do Holocausto como feito

histórico, e condenou sen reservas —condena que tamén este Parlamento fai súa— todas as manifestacións de intolerancia relixiosa, incitación, acoso ou violencia contra as persoas ou comunidades baseadas na orixe étnica ou nas crenzas relixiosas, teñan lugar onde teñan lugar.

O Parlamento de Galicia constata coa Asemblea Xeral das Nacións Unidas que o descoñecemento e o menosprezo dos dereitos humanos orixinan actos de barbarie aldraxantes para a conciencia humana.

O Parlamento de Galicia, un ano máis, e de acordo coa letra e co espírito da Declaración do 1 de novembro de 2005, da XLII Asemblea Xeral das Nacións Unidas, chama a Xunta a traballar arreo contra os posibles brotes do racismo, xenofobia e discriminación baseados na orixe étnica ou nas crenzas relixiosas, e os cidadáns e as súas organizacións, e a permanecer vixiantes para que nunca máis un réxime como o que produciu o Holocausto poida nin asentarse entre nós nin en ningún lugar do mundo.>>

Moitas grazas pola súa atención. (*Aplausos.*) (*Asentimento.*)

Continuamos coa orde do día. Agora corresponde o turno de interpelacións.

Interpelación do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e D. Marcos Cal Ogando, sobre a política do Goberno galego en relación coa suba das tarifas nas peaxes da AP-9

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Lago.

O señor LAGO PEÑAS: Bo día.

Señora conselleira, Audasa vai bater un récord mundial, ¡vai incrementar as peaxes da AP-9 catro veces nun ano! Subiunas o 1 de xaneiro un 1,9 % porque as autopistas teñen garantido por lei que as peaxes suban o mesmo que a inflación; un dereito que non teñen os pensionistas, pero si as empresas das autopistas de peaxe. A segunda será do 1 % durante vinte anos como consecuencia do acordo de novembro de 2011 entre o ministro Blanco e Audasa. A terceira será un 0,9 % en todas as peaxes como consecuencia do acordo de 2013 entre a ministra Pastor e Audasa. E a cuarta —da cal aínda non sabemos nin cando nin canto— polo acordo entre Feijóo, de la Serna e Audasa.

¡É un escándalo subir catro veces nun ano os prezos xa abusivos da AP-9! O incremento acumulado estará, posiblemente, na contorna do 5 %. Escándalo, roubo, atraco a punta de peaxe. Señora conselleira, déixolle elixir o nome que queira.

Audasa é un poder fáctico enorme, dá igual quen estea no Goberno, a que manda é ela. Ata foi quen de contratar de figurante a M. Rajoy para a pantomina de Rande do 30 de decembro.

A estratexia de Audasa é inaceptable e por iso está rexeitada pola inmensa maioría do pobo galego. Unha estratexia inaceptable que só se pode entender dende a complicidade do bi-

partidismo rotatorio que gobernou o Estado español. Audasa primeiro conseguiu prolongar ata o máximo legal, setenta e cinco, o período da concesión para explotar a AP-9. Todos sabemos quen foi: Aznar en 2003 deulle vinte e cinco anos máis para explotar nós ata o ano 2048. E —hai que dicilo— Audasa é a autopista de peaxe que ten o maior período concesional de todo o Estado.

Para que se entenda ben, antes do ano 2026 van rematar as concesións de todas as autopistas de peaxe da primeira xeración: as licitadas antes de 1976. Todas agás unha, ¿cal? A AP-9. Cando xa teñan pasado trinta e un anos de que a AP-9 remate a súa concesión, os galegos e as galegas seguiremos pagando as peaxes de Audasa.

Unha vez que se asegurou o negocio Audasa mudou de estratexia, e, a partir de aí, de ter o período legal máximo a súa estratexia foi subir as peaxes garantíndose incrementos por riba do resto das empresas con acordos co Ministerio do Fomento.

As peaxes máis caras, conselleira, na peor autopista do estado. Porque Audasa é a empresa que ten o maior número de reclamacións presentadas polos usuarios, é a empresa que ten o menor número de empregados por quilómetros e é —na provincia de Pontevedra— a autopista con maior sinistralidade.

A AP-9 supón o 3 % do total dos usuarios da rede de autoestradas estatal —o 3 % dos usuarios—, pero ten o 19 % das reclamacións presentadas. Un mal servizo que ten como causa a súa política laboral. Audasa é a empresa, señora conselleira, que ten a peor ratio de persoal por quilómetro. Non entre as peores, ¡a peor!, e non por unha pequena diferenza. Audasa ten 0,37 empregados por cada quilómetro, e a media das autopistas españolas é de 1,05. Habería que triplicar a plantilla de Audasa para que tivera unha ratio similar á media do Estado.

Audasa é un negocio redondo para os seus accionistas, a fórmula é simple: ser un monopolio que explota unha concesión pública dun goberno amigo, con tarifas abusivas e custos reducidos. Nos últimos vinte anos Audasa recadou 2.344 millóns de euros en peaxes, que se transformaron en 1.900 millóns de euros —a un economista prodúcelle, en fin, certo escalofrío dicir esta cifra—, en *cash flow*, en beneficios antes de impostos e amortizacións; de cada 100 facturados 81 beneficio bruto.

Nesta sala hai algúns empresarios en ambos lados, o 81 % de beneficio sobre facturación. Unha vez que dota amortizacións e paga gastos financeiros, Audasa gañou dende o ano 1997 1.181 millóns de euros, isto é beneficio neto —¡neto!—; no peto o 50 % do que factura. Unha empresa só pode gañar o 50 % do que factura se actúa en réxime de monopolio *de facto*, porque esta rendibilidade non se corresponde cunha empresa que está nun mercado competitivo.

A Central de Balances do Banco de España di que a rendibilidade media sobre venda, sobre facturación dunha empresa en España, é do 7 %. Audasa ten unha rendibilidade que multiplica por 7 veces, o 700 %, a rendibilidade media dunha empresa en España.

Vou facer un xogo teórico. Se Audasa tivera a mesma rendibilidade, por exemplo, que Inditex —unha das mellores empresas do mundo—, podería baixar as súas peaxes un 30 %. Se Au-

dasa gañara o mesmo que Inditex —o 14 % sobre a súa facturación—, podería baixar as peaxes un 30 %. Por iso as peaxes son abusivas e veñen demostrar que existe unha ampla marxe para que Audasa poida ter unha política tarifaria diferente con prezos máis baixos. Coa única condición de ser unha empresa que teña un beneficio normal, bueno, ¡normal non!, o dobre do das empresas de media en España e o mesmo que unha das mellores empresas do mundo.

Bueno, pero o debate sobre o futuro das autopistas ten que ir máis alá das peaxes, este é un tema urxente hoxe, pero ten que ir máis alá, porque levamos tanto tempo pagando peaxes que, ás veces, esquecemos a anomalía que supón a existencia de autopistas explotadas por empresas privadas. Isto é, tramos privatizados da rede estatal de estradas explotados por grandes grupos do *lobby* bancario construtor, que converten en negocio privado o que debería ser unha infraestrutura pública de transporte por estrada.

Sen embargo, situacións como a do colapso da AP-6 pola neve recórdannos que son anomalías privatizadoras do mesmo tipo que os colexios e os hospitais concertados co público. Son infraestruturas de propiedade pública que o Estado privatiza a través dunha concesión. Negocio privado explotando servizos públicos, porque a mobilidade é un dereito máis da cidadanía e o Estado ten a obriga de proporcionalo.

Hai algunha noticia positiva, e é que no ano 2018 se abre a posibilidade de que acabemos con esta anomalía. No ano 2018 o Estado ten que rescatar os 600 quilómetros das radiais de Aznar, que xa son públicas. Entre o ano 2018 e o ano 2021 hai 1.000 quilómetros de autopistas —a primeira a A-6, que supoño que o seu Goberno non terá a vergoña de volver privatizar logo do colapso da neve— que pasan a ser públicas. E é aí onde temos que inserir as nosas propostas e ideas sobre a AP-9, que se sintetizan nunha idea: recuperar a AP-9 para o público.

Porque non estamos só a falar de peaxes abusivas que transforman a explotación dunha concesión na extorsión a un país. Non falamos só da mala calidade do servizo que fai de Audasa a autopista con máis reclamacións dos usuarios, nin da xestión insultante para a cidadanía, con colas nas barreiras das cabinas provocadas, en parte, pola inaceptable política laboral da empresa, que ten reducido o seu cadro de persoal en 150 persoas nos seus tres últimos anos, ata ser a empresa coa peor ratio de empregos por quilómetro de toda a rede estatal. Ese é un debate urxente, necesario, nós propoñémolo.

Pero hai que ir máis alá, porque hai que debater como resolvemos esa anomalía que supón que a arteria principal do transporte de Galicia sexa explotada por unha empresa privada con lóxica de mercado e non de interese xeral. Isto é, que prime a maximización dos beneficios sobre o interese xeral da cidadanía. Ese escenario de rescate das radiais de Aznar e de recuperación para o público, porque vencen as concesións e se abre o escenario para rematar coa absurda situación de que un fondo de investimento domiciliado en Nova York sexa o propietario da concesión para explotar a AP-9, a vía de articulación principal do noso país.

Nese sentido, señora conselleira, nós sintetizamos estas ideas en cinco preguntas —que vostede coñece na interpelación— e que eu sintetizo en dúas: ¿que vai facer a Xunta de Galicia diante do roubo á peaxe armado que supón esta política de Audasa? E, segundo, ¿por que se nega a facer un estudo sobre a viabilidade e o prezo de rescatar a AP-9 para o público? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lago.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Bos días.

Grazas, presidente.

Bueno, vexo que preparou o señor Lago a súa intervención lendo a prensa de hoxe, polo tanto, déalle a volta á folia e poderá ver: «*Fracasa el plan estrella de las Mareas de anular concesiones municipales*». Polo tanto, leccións de xestión creo que moi poucas. (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Bueno, déanlle volta á folia, xa que prepara a intervención de hoxe coa prensa de hoxe. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Polo tanto, dicir, por suposto, que a nosa proposta nunca é a suba das peaxes. Eu agradézolle que traia hoxe ao Parlamento volver falar da AP-9, que xa tiveron a oportunidade de facelo o pasado mes de decembro cos seus compañeiros do Bloque Nacionalista Galego. E creo que todos estamos de acordo en que é unha arteria fundamental en Galicia. Discorre por onde vive o 60 % dos galegos, o 50 % da poboación utiliza esta autoestrada. Polo tanto, é unha iniciativa acaída para aclarar algunhas cuestións, para facer algúns matices do que hoxe trasladou vostede, que nalgún asunto que trasladou eu creo que está bastante errado.

Cuestións recentes en relación coa autoestrada AP-9, pois as obras de ampliación da capacidade da AP-9. O 30 de decembro púxose en servizo a ponte de Rande, un terceiro carril adicional en cada sentido ampliando a súa capacidade. É para reforzar a seguridade viaria, 56.000 vehículos ao día que discorren por ese treito, e que se vén reforzar —eses 190 millóns de euros que supuxo a ampliación da ponte de Rande— coa autovía do Morrazo, que está executando a Xunta de Galicia vía orzamentaria, libre de peaxe, con 55 millóns de euros deste Goberno galego. Isto suporá a maior transformación de mobilidade na comarca de Vigo e na comarca do Morrazo.

Posteriormente, uns días despois, púxose en servizo a ampliación de Santiago, que sabe vostede seguro que é unha circunvalación libre de peaxe, a circunvalación aquí en Santiago, 8,5 quilómetros. Nela engadiuse un carril ou, nalgúns treitos, dous carrís adicionais entre Santiago-norte e Santiago-sur, xunto co enlace de Sigüeiro, pois 80 millóns de euros para esta actuación.

Actuacións, polo tanto, de ampliación da AP-9 que están en servizo e importantes investimentos de enorme transcendencia para a mobilidade, e como todas as actuacións, señor Lago —vostede que é economista—, sabe que hai que pagalas. E para pagalas hai diferentes alternativas, e o sorprendente é que nos momentos de bonanza económica, cando o orzamento era tres veces máis que o destes anos, un goberno que se fai chamar de esquerdas o certo é que adoptou a opción máis gravosa para os galegos e prexudicial para Galicia. Decidiu

e autorizou financiar esas obras de ampliación da AP-9 coa suba das peaxes. Polo tanto, ese goberno foi o que blindou —eses gobernos que se chaman de esquerdas blindaron— esa suba da peaxe de parte da autoestrada para financiar esas obras, asinado a escasas horas, case, das eleccións, e autorizou un incremento extraordinario do 1 % acumulativo cada ano. O 1 % acumulativo cada ano e pagando —vostede que é economista— un 8 % a Audasa de interese fixo. Polo tanto, creo que vostede, estou segura, non precisa ningunha explicación máis, dado que é economista, pero para que non haxa ningunha dúbida.

Incrementábase o IPC como todas as autoestradas no estado, e grazas ao ministro Blanco durante vinte anos á parte dese IPC cada ano se incrementa o 1 % acumulativo: no ano 2018 o 1 %, no 2019 o 1 % do que se incrementou no 2018, no ano 2020 o 1 % do que se incrementou no 2019, e no 2020..., así vinte anos máis. E, por riba, esa porcentaxe de gastos financeiros, que é ofrecerlle un depósito a prazo fixo do 8 % anual. Xa quixeramos os galegos ter ese depósito, ¡dende logo!

Polo tanto, estamos a falar dunha proposta ruínosa para Galicia, redonda para Audasa, e que lle traslade esa responsabilidade á Xunta de Galicia —que non lle corresponde nin foi a que adoptou esa decisión— dende logo que non me parece correcto, en absoluto.

Critica algunha medida. Eu non sei se vostede quere que os veciños de Pontevedra e Vigo que teñen esa subvención do 50 % na viaxe de ida perdan esa subvención, pero, dende logo, o que é evidente é que quen amarrou os intereses da concesionaria e quen blindou ese incremento das peaxes para pagar as obras de ampliación non foi esta Xunta de Galicia —e vostede ben o sabe—, senón que foi un goberno que se fai chamar de esquerdas. E, dende logo, dende a Xunta de Galicia o que viñemos defendendo foi —e seguiremos defendendo— que as obras non se financien con cargo ás peaxes, senón que se financien con cargo aos orzamentos do Estado. E tamén defendemos que non se aplicaran eses incrementos antes de que se acabaran esas obras, porque o certo é que hai outras fórmulas.

E, señor Lago, eu díxeno moitas veces e vólvoo repetir: a este Goberno galego non lle gustan as peaxes, por suposto que non lle gustan as peaxes.

E matices da súa intervención. Na AG-57 e na AG-55, autoestradas de titularidade da Xunta de Galicia, foi este Goberno o único e o primeiro que bonifica os desprazamentos, as bonificacións para abaratar o custo, para empregar a diario estas autoestradas, que son das peaxes máis baixas de España; a AG-57 é a primeira máis baixa de toda España e a AG-55 a terceira máis baixa de toda España. E sabe vostede perfectamente que en momentos durísimos de crise económica foi este Goberno da Xunta de Galicia o que executou e puxo á disposición de todos os galegos 200 quilómetros de vías de altas prestacións sen unha soa peaxe. Iso foi o que fixo este Goberno galego: nos peores anos de crise económica incrementamos nun 67 % as estradas libres de peaxe en Galicia. De 313 quilómetros, pasamos a 521 quilómetros de vías de altas prestacións libres de peaxe. Unha situación clamorosamente oposta ao Goberno bipartito, que nese tempo de moita máis bonanza económica pois moitísimos menos quilómetros de estradas; pero máis aínda, deixáronnos unha herdanza de 1.500 millóns de euros como consecuencia deses contratos de concesión materializados durante anos con máis bonanza económica que a que tivo que xestionar este Goberno.

Polo tanto, na Xunta de Galicia apostamos por obras vía orzamentaria. Creo que temos exemplos moi recentes, temos aí a autovía do Morrazo, a mellor fórmula é executala vía orzamentaria, por fases, e a autovía do Morrazo xa a está a financiar a Xunta de Galicia: 55 millóns de euros, vía orzamentaria e libre de peaxe, sen recorrer ao réxime concesional. Defendemos, polo tanto, e pedimos que as ampliacións futuras e as actuacións futuras en relación coa AP-9 non se custeen coa subida das tarifas na peaxe e que se executen con cargo aos orzamentos do Estado. E foi o que abordamos na xuntanza do día de onte na comisión bilateral entre Xunta e Ministerio de Fomento, e así o ratificamos nesa comisión da AP-9, que no futuro todas as obras relacionadas coa AP-9 se financien cos orzamentos do Estado, non repercutir sobre as peaxes esas novas actuacións, senón a través dos orzamentos do Estado.

Podemos falar, por exemplo, de Alfonso Molina. Cando consigamos ter ese proxecto de forma definitiva e non ter ningún cambio de criterios, ou que non plantexen novamente as mareas de Podemos da Coruña unha pista de patinaxe —como propoñían— para Alfonso Molina, pois conseguir licitar Alfonso Molina a través dos orzamentos xerais do Estado.

O enlace orbital en Santiago, que sabe que é unha actuación importantísima para conectar de forma directa coa futura autovía de Lugo. Fundamental a aprobación dos orzamentos do Estado para licitar esta actuación que xa iniciamos, xa se iniciou por parte do Ministerio de Fomento a actuación, eu agardo que apoiem os orzamentos do Estado para poder facer estas infraestruturas relacionadas coa AP-9 e que non se volvan imputar ao incremento das peaxes.

E o certo é que comentaba vostede o futuro, pero é que despois de seis anos hai quen se quere subir tamén ao carro e dicir que agora o ministerio —que xa están as obras pagadas e rematadas— que asuma o custo desas obras do pasado. Dende logo, non se pode estar en misa e repicando, polo tanto, dende a Xunta de Galicia seguiremos traballando e non nos conformaremos co máximo, que dende logo é a transferencia da AP-9, e coido que é de xustiza recoñecer o traballo da Xunta no último ano, que temos avanzado moitísimo nesa comisión tendo voz, e conseguimos que eses 400 millóns de euros que asignou o Bipartito deixen de pagalos os galegos e os pague en solitario o Ministerio de Fomento.

Polo tanto, que o ministerio faga as actuacións relacionadas coa AP-9 e seguiremos traballando na comisión bilateral entre Xunta e Ministerio de Fomento.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Ten a palabra, na rolda de réplica por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Lago Peñas.

O señor LAGO PEÑAS: Señora Vázquez, ¿por que se mete en líos? Quero dicir, eu fago unha interpelación branca, digamos, falando de autopistas e vostede fáleme de periódicos. E entón iso lévame a min a falar de periódicos.

«Ricardo Costa confiesa que el PP se financió con dinero de empresarios». Falemos de periódicos. (Aplausos.) Sae na páxina seguinte do seu periódico, sae isto, (Murmurios.) e creo que algunha das empresas, presuntamente, se dedica á xestión de autopistas de peaxe.

Vaiamos ao noso, señora conselleira, vaiamos ao noso. Eu comparto absolutamente a súa crítica sobre o acordo do ano 2011, ten toda a razón. ¡toda a razón! ¿Por que non aplica esa lóxica ao resto dos acordos? O acordo do 2013, ou o acordo que acaba de firmar Feijóo con De la Serna e con Audasa co seu acordo onte. ¿Por que vai ser no futuro que o Ministerio de Fomento asuma as obras, asuma a liberación de peaxes, no futuro, pero non hoxe en Redondela?

Fracasei nunha idea, señora conselleira, vou intentalo facer outra vez. Eu digo que quen ten que soportar o custo das obras e das liberacións de peaxe non é —o que fan vostedes— o resto dos usuarios das autopistas, nin é o resto da cidadanía pagando impostos para que o Estado financie esas obras públicas.

Señora conselleira, vostede non é capaz de velo, pero eu voulo intentar explicar outra vez. A marxe abusiva de beneficios de Audasa, que ten un negocio asegurado xestionando un monopolio de concesión pública ata o ano 2048. Audasa non pode gañar o 50 % da súa facturación, Audasa ten que ter unha política tarifaria diferente que libere peaxes no sentido exacto desa palabra, que libere peaxes, non que lles transfira as peaxes ao resto dos usuarios nin que lles transfira as peaxes ao resto da cidadanía. A marxe abusiva que ten a compañía.

Déixeme que lle faga un lixeiro exercicio. Subir o 1 % da peaxe para liberar, por exemplo, a de Redondela supón darlle á empresa 1,4 millóns de euros, o 1 % do que factura, 1,4 millóns de euros. Como Audasa gaña a metade do que factura, 700.000 euros. Pero, ademais, é que Audasa se libera a peaxe non ten que ter empregados, non ten mantemento e, polo tanto, con esa medida Audasa gaña un millón de euros. Presumir no país dicindo que se libera un tramo da peaxe cando en realidade o que se fai é que soporte o conxunto da cidadanía galega ese sobrecusto e que a empresa se aforre o traballador e o mantemento, ¿iso que é?

Señora conselleira, o que eu lle estou plantexando é algo diferente, é que o seu Goberno teña a valentía de sentarse diante dese especulador e negocie unha baixada das tarifas, contra a súa marxe, que sexa unha empresa normal, que gañe o mesmo que Inditex, 14 % da facturación. Faga iso, para iso si que hai que ter valentía, decisión, capacidade de convencemento; pero coller e liberar a peaxe de Redondela subíndolles a tarifa ao resto dos galegos, ¿iso que mérito ten? Vostedes non forzan a Audasa a ter ese acordo, Audasa está encantada con ese acordo, como estivo co cambio, e ten razón outra vez a conselleira, cando se lle paga a liberación da peaxe da Barcala, encantada, saca os traballadores, saca as cabinas, cobra o mesmo e asegurado por parte do Estado.

Unha segunda idea, porque non quero..., gustaríame escoitar a súa opinión. As radiais 600 quilómetros, estafa de Aznar, teñen que ser rescatadas polo público, 600 millóns de euros.

As autopistas de Franco, digamos, as concesionadas antes de 1976, rematan no 2021 o seu período concesional. ¿Que imos facer? ¿Que vai facer o Goberno? ¿Vai volver licitar as radiais

para que se queden con elas os mesmos, os seus primos, os seus amigos que provocaron a quebra dese modelo?

Señora conselleira, ao final de xaneiro remata o período concesional da AP-6. ¿Vaillo volver conceder a Iberpistas, a culpable —segundo o ministro— do colapso da autopista pola neve?, ¿vai volver ser a explotadora desa concesión? Estes son os elementos.

Remato cunha idea. Existe unha oferta pública, vostede coñécea pola compra de Itínere, unha oferta pública coñecida, Globalvía. Ofrece por Itínere —está negociando un prezo por Itínere— 1.000 millóns de euros. Por todo Itínere, que é a AP-6, e moitos máis quilómetros noutras explotacións, 1.600 millóns de euros.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor LAGO PEÑAS: ¿Canto vai custar construír a A-57? ¿Canto nos custan todas as auto-vías que, segundo vostede, e é certo, o Goberno da Xunta de Galicia fixo que nacen da AP-9 e que pagamos con peaxes na sombra? ¿Non é posible que o Goberno galego se plantexe realmente demandar que o Estado recupere para o público a AP-9 e que acabemos con ese espolio que hoxe fai Audasa sobre a cidadanía galega? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lago.

Peche desta interpelación. Señora conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Señor Lago, boa tarde.

Non sei por que marcha tan lonxe coa prensa, porque temos prensa na Coruña. «*El ayuntamiento compra dos pisos para uso social a un afín das mareas*». Polo tanto, non marche vostede tan lonxe, *(Murmurios.)* que temos prensa aquí na Coruña. *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O que conseguiu a Xunta de Galicia onte foi que o Ministerio de Fomento... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): ...ratificara o compromiso firme de que as novas obras... *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

Non se crucen aí porque molestan. Se están cun cruzamento aí... *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

O que a Xunta de Galicia conseguiu no día de onte co Ministerio de Fomento foi ratificar un compromiso firme de que todas as novas obras relacionadas coa AP-9 —non lle gusta, quererá repercutilas na peaxe, nós non apostamos por ese modelo, non apostamos— que se fagan con cargo aos orzamentos do Estado e non máis con recargos ás peaxes e aos usuarios. Esa foi a aposta doutros gobernos, financiar as obras de ampliación de Santiago e Vigo, e o certo é que vai ser o motivo fundamental do incremento da peaxe neste ano 2018, e vostede estou segura de que o sabe.

Na xuntanza de onte trasladamos ao ministerio unha forte demanda social, unha forte demanda social e empresarial do sur de Galicia, que é a eliminación da peaxe entre Vigo e Redondela, —que parece que a vostede non lle gusta—, pero esa demanda, aceptada polo Ministerio de Fomento, permite equiparar os usuarios de Redondela e Vigo co mesmo sistema que a día de hoxe está funcionando. A circunvalación de Santiago sabe vostede é que libre de peaxe, en Fene tamén é libre de peaxe, en Lalín tamén; pois é o mesmo sistema. Polo tanto, parece, señor Lago, que non comparte que os veciños de Redondela e de Vigo non teñan esta mesma equiparación á circunvalación de Santiago e de Fene.

Polo tanto, nós a seguir nesa comisión da AP-9, que consideramos que é útil, e o que resulta verdadeiramente sorprendente é que queira culpar a Xunta de decisións que non tomamos na Xunta de Galicia, unha decisión que non é nova, coñecida, dende logo, hai seis anos no *Boletín Oficial do Estado*, adoptada e asinada polo Goberno socialista de Rodríguez Zapatero. E nós, dende o Goberno galego, respondemos polas nosas decisións, polos nosos actos, non polos actos doutro.

Polo tanto, permítame tamén aclarar e matizar algunhas outras cuestións. Os beneficios maiores da AP-9 foron no 2005 e no 2011, polo tanto, gobernaba o señor Rodríguez Zapatero. Tampouco é certo que a AP-9 sexa a máis cara de todo o Estado. Se collemos todo o treito e itinerario da AP-9, dende logo que está por debaixo da media das peaxes. Non nos gustan as peaxes, e sabe vostede que en plena crise económica fixemos 200 quilómetros de vías de altas prestacións libres de peaxe, pero o certo é que este dato non o terxiverse e diga a verdade.

Mire, que as peaxes parece que soben polo Partido Popular, e non é certo. Eu creo que hai evidencias de que non é consecuencia, e menos aínda do Goberno da Xunta de Galicia. Polo tanto, permítame unha reflexión ¿canto subían as peaxes da AP-9 no 2009, 2008, 2007?, pois cando gobernaba un goberno que se chamaba de esquerdas. E mira que subían, mira que subían, no 2009 un 4,49 %. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Permítame facer a miña intervención e explicarme, para que os que nos estean escoitando vexan a verdade e saiban todo o que veu pasando e o que pode pasar coa AP-9. Polo tanto, foi un goberno socialista quen blindou ese 1 % acumulativo anual que nos deixou esa hipoteca, unha decisión gravosa que non queremos que se volva repetir e por iso demandamos ao Goberno central que as novas ampliacións sexan con cargo aos orzamentos xerais do Estado. Polo tanto, responsabilidade; eu agardo a que non condenen a que Santiago estea sen enlace orbital e se poida licitar cos orzamentos do Estado.

E creo que con esa comisión da AP-9 conseguimos que fose verdadeiramente útil, aforrando 400 millóns de euros dos petos dos galegos, e conseguimos que sexa o ministerio e Audasa os que asuman a subvención da peaxe do Morrazo e da Barcala, que foi o Bipartito quen obrigou a que a Xunta de Galicia financiara 7 millóns de euros anuais. E seguimos, nove anos despois, coas desfeitas de anos do Goberno bipartito. ¡Por suposto que si!

Na reunión de onte agardamos diferentes fórmulas para bonificar esa peaxe Vigo-Redondela. Cremos que é unha reivindicación xusta. E nós dende a Xunta seguiremos defendendo os galegos, pero non con demagogia, non con pancartas, non con que o imos facer e logo que é imposible facelo, senón con responsabilidade, plantexando alternativas e plantexando solucións.

E, como lle dicía, a maior subida da ampliación da AP-9 é como consecuencia dese real decreto do ano 2011, cando o orzamento era o triplo que o de agora. E dende o Goberno galego loitamos porque Vigo e Redondela teñan unha circunvalación libre de peaxe.

O seu grupo apoiou hai poucas semanas unha proposición non de lei aquí, co Partido Popular, en relación coa subvención de Vigo e Redondela. Cando votou, ¿é que non era certo?, ¿foi postureo?, ¿era para quedar ben?, ¿cre que non teñen dereito a unha circunvalación libre de peaxe como Lalín ou Santiago?, ¿foi postureo esa votación que fixeron vostedes dunha iniciativa para liberar a peaxe, unha reivindicación xusta que conseguimos ratificar co Ministerio de Fomento? Dende logo, digan a verdade, e eu pídolles sentidiño e seriedade.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Interpelación de D^a Paula Vázquez Veroa e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre a política da Xunta en materia de servizos sociais

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Vázquez Veroa.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Trataremos de formular, coma sempre, con sentidiño e responsabilidade esta interpelación.

Dereitos sociais de papel. Así cualifica o Informe do desenvolvemento dos servizos sociais —elaborado pola Asociación Estatal de Directoras e Xerentes de Servizos Sociais— o sistema público en conxunto dos servizos sociais de Galicia, o sistema público de Xunta e concellos que mide este índice, o desenvolvemento das estruturas e orzamentos deste sistema, tendo en conta unha serie de indicadores que teñen que ver con dereitos, orzamento ou cobertura, quedando así, no conxunto do Estado, o noso país no número décimo terceiro.

Ademais, tamén temos aí os datos do Imsero en relación coa situación das persoas maiores no ano 2016, que confirman este panorama de baixa cobertura social e que amosan, neste caso, que somos a segunda comunidade autónoma co maior copago nos servizos.

Para nós, para En Marea, é unha evidencia que o investimento social da Xunta é insuficiente. En primeiro lugar, porque temos que ter en conta a situación social de que durante a crise se agravaron as desigualdades, pero tamén a nivel relativo. E prodúcese nun contexto xeral de caída do orzamento da Xunta no conxunto da economía galega, porque pese a que no 2014 —como temos relatado en numerosas ocasións— se inicia unha fase alcista do ciclo económico, pese a que no 2018 o PIB galego supera nuns 7.000 millóns de euros o que había no 2009, os orzamentos da Xunta quedan por debaixo dos 10.000 millóns de euros, e apenas representan un 14,8 % do PIB, fronte ao 18,4 que representaban no ano en que Feijóo chegou á Xunta.

Isto está no contexto do brutal recorte do gasto público tanto en Xunta como en concellos, recrudescido no 2011 coa reforma exprés da Constitución, recrudescido no 2012 coa Lei de estabilidade presupostaria, e son políticas que son —foron— mal chamadas de austeridade e que van no sentido contrario das necesidades das maiorías sociais, porque se recorta investimento social en Xunta e concellos, pero en concellos tamén, porque aproban esa lei que lles limita a capacidade de aplicar políticas sociais, recórtase o investimento social —dicía— cando aumenta a taxa de paro. Sendo o emprego hoxe o principal factor de inclusión das nosas sociedades, o resultado, como é evidente, é a desprotección social.

Volveremos repetir unha e mil veces que se usou a crise como escusa tanto para reducir o peso do sector público na economía como para consolidar, desgraciadamente, un modelo social de desigualdade. Está aí ese informe recente de Intermón, que xa non imos citar, pero si imos poñer o foco no absoluto predominio —despois desgranaremos un por un os distintos elementos da cobertura e dos servizos sociais galegos— do sector privado, no sector das residencias da terceira idade en Galicia. Aquí podemos enlazar coa interpelación anterior, negocio privado cos servizos públicos. Ese é o modelo do Partido Popular.

Así, o investimento en servizos sociais por habitante e ano no conxunto da Administración galega autonómica e local en 2016 era de 274,91 %, inferior ao que se rexistrara en 2011. É bastante por debaixo da media do conxunto do Estado, 339,69. Novamente, non se recuperan os niveis previos á crise, á estafa, pero aínda persistindo unha situación dun 20 % de poboación en risco de exclusión social —o que é estrutural xa, desgraciadamente—, un 4 % da poboación en pobreza severa, familias que non chegan á fin de mes máis de metade, máis da metade das familias declaran non poder chegar, unha quinta parte dos fogares non poden permitirse ningún gasto extra, esta realidade social, como sempre dicimos, é máis negativa para as mulleres galegas, que, ademais, precisamente, son as que de xeito maioritario asumen os coidados e atenden as necesidades ás que esta falta de despregamento de servizos sociais non chega.

Así, vendo o conxunto do PIB, o investimento en acción e promoción social apenas pasa do 1 %, 1,15. É certo que a súa consellería é a única que aumentou levemente o seu orzamento, 0,15 tendo en conta o PIB con respecto ao 2009. Pero cómpre indicar aquí que é particularmente nefasto para a protección social —xa o dixemos, o que significa o emprego para a protección social— o recorte nas políticas de promoción de emprego, que caeron máis do dobre do que aumentaron as políticas sociais; caeron un 0,35 % menos do PIB. Representan, perdón, un 0,35 % menos do PIB que en 2009.

Así, sendo o noso país o que peor evolución laboral ten no conxunto do Estado, é tamén un dos que peor parados sae neste índice que mide o desenvolvemento dos servizos sociais.

Como xa me vai quedando pouco tempo, vou analizar un por un os indicadores que analiza este índice.

En primeiro lugar, na ratio por habitante de traballadores/ traballadoras técnicas de servizos sociais é un dos escasos indicadores nos que o noso país presenta mellores datos que o conxunto do Estado. Aquí este informe non ten en conta o feito de que se recortou tremendamente o persoal público e o feito de que a Consellería de Política Social —na que as carteleiras de traballo nos distintos centros están moi axustadas— acumula case a metade dos accidentes laborais da Xunta nos últimos anos, e case a metade destes se deben ao sobreesforzo; o 41 % dos accidentes con baixa laboral na Xunta debéronse a esta causa. Aí terán oportunidade de apoiar unha proposta de lei de En marea que pide derrogar as reformas, tamén, en virtude desa estafa de crise que se foron aprobando para recortar dereitos ao persoal público.

Ademais, hai que ter en conta que o Servizo de Axuda no Fogar é un sector moi precarizado, cando se atopa privatizado e altamente feminizado. Na dependencia, leve mellora con respecto ao 2012, pero totalmente insuficiente e lonxe, segue lonxe, da media estatal en cobertura de poboación potencialmente dependente, o 6,4 % en Galicia fronte ao 8,5 % no conxunto do Estado, datos do Imsero.

Ademais, as persoas dependentes aboan no noso país o 25 % da prestación, uns 60 euros ao ano de media fronte á media estatal do 43 %, cando temos tanto as pensións como os salarios dos máis baixos do Estado.

Así, as persoas recoñecidas, pero que non teñen ningún tipo de prestación, seguen aínda no 18,9 %. Outro dato, por exemplo, que amosa desigualdade respecto do resto de Estado é o gasto público medio por persoa dependente atendida, que en 2016 se situaba en 6.041 euros, 791 euros menos que a media estatal.

Poderíamos seguir nomeando algunhas características, detémonos na teleasistencia, que é unha das prestacións que si que medra no conxunto das prestacións que presta a Xunta na dependencia, pero, claro, é que é unha das prestacións cualificadas de baixo custo, e aínda así a extensión da teleasistencia é moi inferior á rexistrada no conxunto do Estado, porque a porcentaxe de maiores de sesenta e cinco anos que reciben este servizo era no 2015 de 2,74 % fronte ao 8,89 % estatal. Isto, tendo en conta, ademais, que no noso país hai unhas 120.000 persoas maiores vivindo soas, é claramente un indicador negativo.

Rendas mínimas de inserción, as que peor cobertura teñen de todo o Estado. A Risga apenas chegaba ao 6,1 % das persoas por debaixo do limiar da pobreza en 2015, fronte á media de 8,7 % de todo o Estado. Acábase de publicitar ese decreto que non vai corrixir as graves eivas da Risga. En primeiro lugar, as contías ínfimas das máis baixas do Estado, e non creo que se corrixan dada a política dos últimos anos da incapacidade da Risga como elemento de inclusión social, por non conectarse debidamente coas funcións de emprego.

Prazas de residencias públicas para persoas maiores, o índice de cobertura é moi inferior ao do resto do Estado. A ratio de prazas residenciais por cada cen persoas de sesenta e cinco ou máis anos é de 3,2 contra o 4,3 da media estatal.

Neste eido, como xa dixemos antes, afóndase nun modelo privatizador, porque o noso país é a comunidade autónoma —agora xa estamos de campións— coa maior porcentaxe de prazas privadas no conxunto das prazas de residencia da terceira idade, o 67 %.

É unha cuestión de modelo, porque no conxunto do Estado as prazas públicas pasan do 50 %. E estas prazas privadas, ademais, custan un 8 % máis, un 8 % máis unha praza privada en Galicia que unha praza xestionada directamente pola Xunta. É certo, as persoas maiores galegas pagan menos de media que no Estado por unha praza nestas residencias, pero é que está claramente apostando a Xunta por un modelo privatizador. Aínda habendo 1.700 persoas en lista de agarda, a grande aposta estrela son as residencias nas 7 cidades cidades en 2018, nin chega a 1 millón de euros o orzado, non sabemos cando van estar esas residencias das 7 cidades, pero é que ademais só prevén 900 prazas.

A esta situación hai que engadirlle, como sempre tamén sinalamos, un desigual despregamento no territorio das prazas públicas, algo especialmente grave en Lugo e Ourense, onde nestas provincias máis envellecidas predominan as situacións de concerto de prazas.

Escoito moitísimo rebumbio, pero agora que só me queda un minuto, xa terminarei sen que lle chame a atención a ninguén o presidente.

Ben, axuda a domicilio para persoas maiores de sesenta e cinco anos. O índice de cobertura achégase á media estatal, en intensidade do servizo a media de horas mensuais é superior. Aquí o que sempre comentamos, tamén con relación a este servizo, é que se está priorizando un modelo de axuda no fogar meramente de axuda das tarefas do fogar, fronte ao carácter de desenvolvemento da autonomía persoal que debe ter este servizo, pero é que ademais os galegos e galegas somos dos que máis pagamos por este servizo, 45 % do custo anual, que é o dobre da media estatal.

Como xa queda pouco tempo, imos ir, por exemplo, ao acollemento familiar de menores, que sobre o total de acollementos se achega á media estatal, pero neste punto cómpre reseñar que o acollemento familiar e, en xeral, todas as políticas de menores da Xunta están moi privatizadas, e asumindo entidades privadas e de iniciativa social programas que deben de ser Xunta de Galicia.

En canto á ratio de prazas residencias para persoas con discapacidade, son baixas tanto a media estatal como a galega, e aquí acumúlanse necesidades e promesas, que agardo que non vaian camiño de converterse en promesas incumpridas, como o Centro de Atención para as Persoas con Diversidade Funcional de Ourense, ou a posta en funcionamento total do Cegadi.

E no relativo a prazas en centros de acollida de mulleres vítimas de violencia machista, en relación co número de mulleres con orde xudicial de protección, só acadan un 10 % estas prazas fronte ao 14,7 % estatal. Insuficiente en ambos casos.

En fin, o conxunto dos datos, que xa remata o tempo, lévanos a afirmar que é escandaloso o nivel de desprotección social en Galicia, tendo en conta a situación social e a desigualdade que se agravou coa crise. Polo tanto, a nosa alternativa é o incremento significativo de investimento social, no que ten que ver coa Xunta, e tamén a derogación das normas que lles impiden aos concellos desprezar na súa totalidade as políticas sociais. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.

Resposta do conselleiro de Política Social.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Vázquez Verao, señorías.

O mantemento e fortalecemento do sistema galego de benestar é, sen dúbida, un compromiso que vincula a todos os presentes desta Cámara. Un compromiso que lles quero dicir que é un compromiso importante do Goberno, e é un compromiso do presidente compartido co conxunto da sociedade.

Ese é o motivo polo que hai case tres anos nacía precisamente a consellería que dirixo, unha consellería que trata de que o diálogo e a colaboración, así como a coordinación, as tres «C» —que son tan importantes en materias sociais—, presidan a nosa actuación.

Os compromisos —como teño manifestado en numerosas ocasións e como está manifestando vostede neste momento— non só poden ser palabras. Sobre todo eses compromisos en materia social, senón que teñen que estar baseados, efectivamente, en impulsos orzamentarios.

Un dos obxectivos da creación da consellería non só era que, precisamente, unha consellería, como está valorado no índice DEC, se encargase dos asuntos de política social, senón tamén que nun momento de recuperación económica puidésemos destinar eses maiores recursos públicos, eses maiores recursos económicos, precisamente ás familias que máis o precisan, ás persoas e ás familias que máis o precisan. E iso é o que estamos facendo, o que se fixo en épocas difíciles e con moita máis intensidade dende a recuperación das contas públicas no ano 2015.

Galicia disporá por terceiro ano consecutivo —estamos dispoñendo neste 2018 de orzamentos expansivos— de 9.478 millóns de euros. Trátase do nivel orzamentario máis alto dende o ano 2010, consolidándose a etapa de crecemento dos orzamentos iniciada no ano 2016.

O orzamento xeral da Xunta de Galicia neste ano 2018 medra un 2,9 %, e o orzamento da Consellería de Política Social medra un 9 %. Polo tanto, estamos triplicando o crecemento económico destinado á política social con respecto a todo o gasto público autonómico.

Fálame vostede na súa interpelación do produto interior bruto, do crecemento entre o real e o estimado do PIB. Pois mire, o real e o estimado do PIB é entre os anos 2015 e 2018 un incremento do 10,5 %, xa digo, estimado, porque non temos o dato do ano 2018.

O incremento de gasto social en Galicia, de gasto xestionado pola Consellería de Política Social, é dun 25 %, polo tanto, temos un incremento sobre o produto interior bruto de máis do 250 %. É dicir, no peor dos casos duplicamos o crecemento do produto interior bruto.

Neste caso, súmase neste informe o crecemento da Comunidade Autónoma e o crecemento das corporacións locais. O crecemento da Comunidade Autónoma de gasto social é de 141 millóns de euros, ao que despois teremos que sumarlle o das corporacións locais, pero tamén quería pararme un momento neste dato, porque tamén lle podo dar o dato do incremento financeiro que a Comunidade Autónoma, para prestar uns mellores servizos sociais, está transferindo ás corporacións locais.

No ano 2016, o primeiro ano da existencia desta consellería, incrementamos as nosas transferencias para servizos sociais aos concellos nun 15 %, e no ano seguinte, no ano 2017, un 9 %. Polo tanto, nós estamos colaborando moi activamente en que os concellos tamén, igual que nós —porque isto non é un tema da Xunta ou dos concellos, este é un tema de todos—, poidan mellorar as súas políticas sociais.

Polo tanto, xa lle digo, moita tranquilidade con respecto a que nós, precisamente ese crecemento económico, ese incremento do produto interior bruto, se está destinando moitísimo máis á política social que noutros territorios de España. Porque mire, a maior parte deses datos do índice DEC que se están analizando, que é un índice que quero dicir que é moi interesante, moi importante, que é un aliciente para nós, para poder mellorar en moitos dos indicadores, están referidos a datos do ano 2015, concretamente os do financiamento e os do esforzo investidor son do ano 2016.

Moitos outros, como os que pasarei a comentar a continuación, aos que se referiu vostede bastante, son do ano 2015. Todos os datos de dependencia que acaba de dar aquí son do 31 de decembro do ano 2015. E vostede sabe, como todos os integrantes desta Cámara, que estamos a 31 de decembro. Perdón, que os últimos datos oficiais son do 31 de decembro do 2017.

Con respecto ás corporacións locais, non teño tempo, de verdade, para darlle datos de crecemento dos gastos de política social das cidades. Non o vou facer, porque, xa digo, este é un tema de todos. Si que lle darei algún dato do 31 de decembro, que vostede coñece perfectamente, do 2017. É que non temos os beneficiarios de dependencia que dixo vostede, temos 55.370 beneficiarios, unha ratio de atención do 82,36 %. Dime de converxer, dime vostede na súa iniciativa converxer coa media estatal.

A media estatal está no 75,4 %, é que estamos 7 puntos por riba da media estatal, ¿como imos converxer se converxer sería ir para abaixo?, e nós queremos ir para arriba, porque non estamos tampouco satisfeitos, tampouco, coa media das comunidades autónomas en toda España. Non estamos satisfeitos porque a nosa aspiración non é estar por riba da media, a nosa aspiración é ser os mellores, que Galicia tamén sexa a mellor comunidade en atención aos seus maiores.

Dos datos DEC que vostede reproduciu nesta Cámara, naquel momento, o 31 de decembro do 2015, eramos a décima terceira comunidade autónoma en atención. Neste momento

somos a quinta de toda España. Imos por diante de Baleares, por diante de Castela-A Mancha, por diante do País Vasco, por diante de Navarra, por diante de Madrid, por diante de Cantabria, por diante de Aragón, por diante de Extremadura, por diante de Andalucía, por diante de Cataluña, por diante da Rioxá e por diante de Canarias.

Polo tanto, xa digo, nós non aspiramos a converxer, aspiramos a acadar o obxectivo de lexislatura no ano 2018, para o cal van ser moi importantes non só os orzamentos da Xunta de Galicia, que xa se coñecen e que presentan un importante incremento en atención á dependencia, senón tamén os orzamentos do Estado.

Despois fáleme, efectivamente, do Servizo de Axuda no Fogar; eses datos, insisto, tamén están moi desfasados. Mire, na última estatística do Imsero a ratio de atención de Galicia é do 32 %, a ratio de atención do Estado é do 16 %. Polo tanto, estamos o dobre en ratio de atención no servizo de axuda do fogar.

En canto a prazas, temos un incremento moi importante, un incremento moi importante en prazas de centro de día, en prazas de residencia de maiores, centros de alzheimer, prazas de discapacidade, e tamén en libranzas residencias, libranzas para que a xente poida ir á residencia que queira, e en prazas para centros de día.

Concretamente, o incremento en libranzas vinculadas para residencias de maiores e centros de día, entre os anos 2015 e 2017 é do 41 %. Polo tanto, unha realidade importante, por iso non lle vou falar dos proxectos, que como dixos vostede os temos e os imos a cumprir nesta lexislatura de novas prazas públicas en residencias de maiores, e de novas prazas públicas en discapacidade, que o faremos.

Faloume, tamén, das rendas mínimas, da renda, neste caso, de inserción social de Galicia, porque as outras rendas municipais son ciencia ficción; as que temos en Galicia, afortunadamente, son as da Comunidade Autónoma. Tamén me dá un dato do ano 2015.

Pero mire, entre o dato do ano 2015 e o orzamento do ano 2018 temos un incremento orzamentario do 30 %. Xa lle digo, neste caso o triplo do crecemento do produto interior bruto, porque nós, señora Vázquez Verao, queremos diminuír as desigualdades sociais, e iso faise con investimento público, e iso faise de que con maiores marxes orzamentarias somos capaces de chegar a máis xente dunha maneira mellor.

Polo tanto, seguiremos traballando, pero xa digo que, afortunadamente, os datos de Galicia do ano 2018 non teñen nada que ver cos datos do ano 2015.

Estamos nunha boa dirección, sabemos que temos aínda moito por facer, e eu o que espero e desexo é a colaboración de todos os grupos parlamentarios, de todas as administracións para continuar nese obxectivo, que Galicia sexa un lugar onde brillen as súas políticas sociais.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Repiten que trasladan o crecemento da economía aos orzamentos, pero a realidade é a que lles sinalei, e a respecto do produto interior bruto a caída do que representa o sector público da economía galega é dun 18,4 % no 2009 e dun 14,8 %. É unha cuestión de modelo, de redución do peso do conxunto do sector público. Non me estou referindo só á súa consellería, e xa dixen que, ademais, o importante, que son, tamén, as políticas de emprego, que son importantes para a protección social, foron unhas das que máis se recortaron nos orzamentos da Xunta.

En canto aos datos de dependencia, eu os que sinalei foron precisamente eses do Imsero, e confirmoume vostede, pero é que as persoas sen atender son o 18,9 %, non soamente sinalei os datos do índice DEC. E segue habendo unha falta de compromiso coas persoas dependentes, e tamén co seu Goberno do Estado, que non acaba de asumir o 50 % do financiamento da dependencia, que foi unha das cuestións que máis sufriu con estes recortes enmarcados nesa política xeral da falsa austeridade.

Cualifícaos como dereitos de papel os dereitos sociais galegos este informe, porque hai un ordenamento normativo legal moi importante, pero os orzamentos, como dixen, non se acompañan co que debería de ser, porque a alternativa orzamentaria de En Marea, igual que este informe, indica que se precisarían uns 176 millóns de euros máis para os servizos sociais. Nós propoñemos un aumento de investimento da Xunta nuns 180 millóns de euros só para a súa consellería, entre os cales consignamos unha importante cantidade, precisamente, para as residencias de terceira idade xa neste ano 2018, porque a realidade está aí, a realidade do modelo polo que aposta a Xunta de Galicia.

E as prazas onde máis medraron foron nas residencias privadas. O modelo de concerto é polo que se aposta. Vólvolle repetir os datos —vostede non me dixo que estaban mal—, case o 70 % das prazas dispoñibles é en prazas privadas. Nin tampouco me sinalou que lle parece que custe máis manter unha praza privada pagada con fondos públicos que xestionala directamente pola Xunta. É unha cuestión de modelo. A ver cando está ese programa das 7 residencias nas 7 cidades, pero cos orzamentos que hai este ano, pois, malamente se poderá cumprir ese compromiso no 2018. Ademais que —repito— non chegan para cubrir a lista de agarda.

En canto á Risga. A Risga —é certo— medrou nos últimos anos, medrou porque medraron as persoas que precisaban acceder a esta prestación; medrou porque medrou a desigualdade; medrou porque —xa que falamos de datos, do que medra a súa consellería— o poder adquisitivo das familias, en xeral, en termos reais, caeu un 20 % dende o 2009; polo tanto, é obvio que medra este programa. O orzamento para a Risga —con todo, neste 2018— só medra uns 5 millóns de euros a respecto de 2017, quedando por debaixo do orzamento final que a Risga tivo en 2017, logo das modificacións orzamentarias. Non sabemos como con este orzamento —que é igual ao de 2017, máis ou menos— se vai poder desenvolver o decreto no que ten que ver cos tramos de transición e emprego da Risga, que é unha das novidades

que trae o decreto, que, en realidade, xa debería estar impulsada esa cuestión en 2014 atendendo ao que di a lei.

En canto aos concellos, houbo programas que aumentaron e houbo programas que descendieron. Seguen sendo fondos insuficientes e, sobre todo, segue habendo un marco normativo que os limita. E as rendas sociais municipais non son ciencia ficción, son rendas que chegan a bastantes familias, as cales non son cubertas pola Risga. Son rendas que seguen sendo un modelo precario, porque nós apostamos por outro modelo distinto. E teremos ocasión, seguramente, neste ano de presentarlle unha proposta de lei diferente para unha verdadeira renda social que realmente sexa inclusiva. Para a cal, por certo, de En Marea xa presentáramos para este proxecto, de iniciar unha renda mínima digna na comunidade galega, 100 millóns de euros máis nestes orzamentos que vostedes rexeitaron.

En definitiva, teremos ocasión na moción de poñer por riba da mesa medidas, medidas que teñen que ter cuantificación orzamentaria. E non escape dos datos, hai datos nos que no Informe DEC queda mellor parada a Comunidade Autónoma galega. Pero hai outros que son inapelables, como é o modelo de privatización escollido para as prazas nas residencias da terceira idade.

Para nós, non cabe outra alternativa que impulsar, realmente, o investimento social no noso país, e que a Xunta, realmente, traslade o crecemento a nivel macroeconómico da economía ás familias, para o cal son fundamentais as políticas de emprego e é fundamental aumentar os fondos da súa consellería. Pero moito máis, non aumentalos con pequenas subidas, que non chegan para paliar a gravísima situación social galega. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.

Peche desta interpelación. Señor conselleiro de Política Social.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Vázquez Verao, señorías.

Cando falamos de políticas sociais, falar de estatísticas ás veces desprázanos un pouco da realidade. A verdade é que incluso podería dicir que me sorprende o seu interese economista levando todo ao produto interior bruto. Eu vou aproveitar que vostede o fai — como se pode imaxinar — para dicirlle que sen crecemento do produto interior bruto non podemos ter crecemento orzamentario. E que ademais, despois de ter o crecemento orzamentario, hai a decisión política de a onde destinamos ese crecemento orzamentario. Poderíámolo destinar a cemento, poderíámolo destinar a bicicletas ou podémolo destinar a incrementar a nosa política social, que é o que está facendo o Goberno de Alberto Núñez Feijóo. *(Aplausos.)*

Porque, mire, hai, de verdade, unha realidade. En termos de produto interior bruto, subida en tres anos aproximada do 10 %; crecemento en política social, 25 %. Polo tanto, máis do dobre con respecto ao crecemento do produto interior bruto. ¿Crecemento dos orzamentos da Xunta de Galicia? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Estou falando. Se me permite,

estou no uso da palabra eu. *(Pausa.)* Xa me perdín, desculpe, *(Risos.)* porque estaba falando coa señora Vázquez Verao. *(Risos.) (Murmurios.)*

Crecedemento da Xunta de Galicia, —moitas grazas— *(Risos.) (Murmurios.)* tamén, aproximadamente, un 10 % en tres anos, que, por fin, estamos nun momento no que crecen os orzamentos da Xunta de Galicia. Crecedemento dos orzamentos de política social, un 25 %. Polo tanto, señora Vázquez Verao, señorías, non podemos vir aquí utilizar datos do ano 2015 no ano 2018. Convirá comigo en que iso non é moi serio. Temos que ir a datos actuais, xa lle digo. Iso en canto a compromiso orzamentario, que —xa lle digo— é o compromiso real.

Despois estatísticas de atención á dependencia. Mire, é que teño aquí os datos do 2017, e teño escritos a man os datos do 2015, que son os datos que están no Informe DEC e os datos que vostede deu como actuais neste momento. É que, claro, naquel momento tiñamos recoñecidos 1.667 dispositivos de teleasistencia e agora temos 4.049. Por certo, tamén lle matizo, nós non somos outra comunidade autónoma que incrementa teleasistencia para quitar outros servizos máis caros —tamén llo quero dicir con moita claridade—. Este duplicámolo, pero hai moitos que creceron moito máis do dobre.

Mire, por exemplo, o seguinte, que é o servizo de axuda no fogar. É que, mire, a 31 de decembro do 2015 había 12.340 persoas beneficiándose deste servizo, e agora son 20.465 persoas. Naquel momento tiñamos unha ratio de atención do 22 %, e é que agora temos unha ratio de atención do 32 %. E así, señora Vázquez Verao, podería seguir dándolle as diferenzas entre aquel momento e este momento. Porque este Goberno, o Goberno do que formo parte, precisamente tomou nota de que era importante facer un cambio social, facer máis políticas sociais. E é o que vimos facendo con máis intensidade, con moitísima máis intensidade, dende que existe, precisamente, a Consellería de Política Social.

Voulle dar outro dato —non o da Risga, que non o vou repetir—, poderíalle dar o dato da renda universal das cidades. Claro, é que a min me falan como solución aos problemas deste país da renda municipal da Coruña con 120 persoas, e entenderá que creo que non cumpríu os obxectivos que moita xente tiña en expectativa. Porque a Xunta de Galicia destina máis de 10 veces máis, concretamente no concello da Coruña. Ou o Concello de Santiago de Compostela, que o que fixo foi cambiarlle o nome. Mire, antes creo que era —creo, porque non o sigo con moita atención— Santiago «+», —cun símbolo de sumar—, e agora é Santiago «Suma» —e en vez de co símbolo de sumar con «Suma», en letras—. Pero, mire, 80 destinatarios no ano 2017, cando en Galicia, afortunadamente, temos programas e política para miles de persoas que, desgraciadamente, temos que atender. *(Aplausos.)*

Vou rematar con outro dato. Un dato que non nos permite estar satisfeitos, porque queda moita xente aínda en situación complicada. O último dato público coñecido é o do 2016 do INE de carencia material severa para Galicia, un 4,90 %. É moitísima xente aínda, pero coincidirá comigo que estamos na boa dirección, que esta estatística vai baixando. Que, polo tanto, todo ese incremento orzamentario dos últimos anos, e sobre todo o altísimo incremento orzamentario do ano 2018, vai ter os seus resultados. E poderá ver comigo ao longo do ano 2018 como todo este orzamento que estamos empezando a gastar neste mes de xaneiro do ano 2018 nos vai ir permitindo mellorar en todos os indicadores. Xa digo, co ob-

xectivo non de que Galicia estea na media, senón de que Galicia estea entre as mellores comunidades en gasto social.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

Modificación no desenvolvemento da sesión plenaria

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Antes de suspender a sesión debo comunicar unha alteración na orde do día, que xa foi falada cos interesados, que é que a pregunta que figura co número 3 será substanciada en primeiro lugar; a 6.3 pasa a ser a 6.1.

Suspendemos a sesión ata as catro e media. Hai aviso de temporal.

Suspéndese a sesión ás tres e once minutos da tarde e retómase ás catro e media.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Retomamos a sesión.

Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os problemas producidos pola saturación dos servizos de urxencias dos hospitais ante o aumento dos casos de gripe

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Iniciamos hoxe un novo debate sobre urxencias e a resposta das urxencias hospitalarias ao pico da gripe producido nos finais dos meses de decembro e de xaneiro. E así poderíamos comezar, practicamente, calquera interpelación no mes de xaneiro de calquera ano.

A realidade é bastante demoledora, existe un problema no que consideran a cidadanía, os usuarios, especialmente, e os profesionais na xestión da asistencia do pico da gripe. A gripe habitual é igual do habitual á ineficiencia do Goberno da Xunta para xestionala. A gripe non é culpa da Xunta de Galicia, é importante sinalalo, é importante, pero si é a súa responsabilidade a xestión do sistema.

Nós temos unha dúbida, a verdade, e é que despois de debater sobre este tema o ano pasado, ou debater sobre problemas que teñen que ver con esta cuestión durante practicamente todas as comisións e todos os plenos, nos preguntamos que nota se pon a consellería a si mesma sobre a xestión. Sería de interese para saber se avalía se o fixo ben, mal, regular, suficiente, insuficiente, notable, ben, sobresáinte, matrícula de honra... Porque creo que nos podería dar unha pista sobre se é posible mellorar o sistema ou non, sobre se hai espazos para mellorar ou non; gustaríanos saber que nota se pon.

Non sei se me vai responder, seguro que igual non é a miña pregunta a máis adecuada. Eu vou ser bastante brando, seguro, comparativamente coa durísima e incisiva pregunta que lle van facer hoxe dende os escanos do PP na sesión de control ao Goberno. Ten todo o noso apoio, porque lle van facer unha intervención durísima e moi agresiva, seguro, pero terá oportunidade naquel momento, seguramente, de contestar, e hoxe nós podemos facer un debate máis sosegado.

Hai unha realidade no sistema que é a das saturacións, realidade que moitas veces se nega, pero é unha realidade. Houbo camas nos pasillos, houbo enfermos que foron demorados na asistencia vinte e catro horas, corenta e oito horas, setenta e dúas horas ás veces, que non tiveron unha posibilidade de ingresar porque non había espazos habilitados. E hai uns profesionais superados por unha política ineficiente, cicatera, especialmente, na cuestión dos recursos humanos. Hai unha consellería superada pola súa propia ineficiencia, e froito diso ocorre —e xa é sistemático e, polo tanto, entendemos que é planificado, isto si que se planifica— a desaparición do conselleiro, de vostede, señor conselleiro, durante as semanas en que hai estes problemas de gripe. Habilmente, para o que supón a imaxe, desaparece, pero é ineficiente no que ten que ver coa xestión dos problemas.

E ademais esa desaparición permite que o Partido Popular —de maneira ás veces un pouco abstracta e a Xunta tamén de maneira un pouco abstracta— ofrezca algunhas escusas ou o que é a realidade do PP. Dise, ultimamente, que hai unha sobrecarga asistencial, que non hai colapso, non hai colapso porque o colapso implica parálise. Digamos que, polo menos, temos un debate lingüístico interesante. Ás veces resulta interesante. Ben, é posible que houbera un colapso, non polos profesionais, pero cando o sistema rebenta por arriba de saturación, prodúcese unha parálise porque non se pode avanzar máis, e o que funciona está funcionando, pero non pode dar máis, hai unha saturación, unha sobrecarga.

Prodúcense tamén diatribas, incluso aquí no Parlamento, contra non se sabe quen, como se estivera alguén pasando algunhas contas persoais.

Dáse a escusa de que hai pouca xente vacinada. Curioso cando se pasan o ano presumindo dos programas de vacinación, había que avaliar entón que responsabilidade ten a Xunta sobre os propios programas de vacinación, se é que ese é un tema que consideran importante, que dende o noso punto de vista si o é. Incluso se di que hai unha utilización excesiva dos servizos de Urgencias. A culpa é da xente que malevolamente acode aos servizos de Urgencias, probablemente como unha conspiración xudeu-masónica que dirixe, por suposto, o Partido Socialista, de que a xente se poña enferma a propósito todos xuntos para ir aos hospitais para saturalos. Probablemente, esa sexa unha explicación.

En todo caso, a realidade é a que é das persoas acumuladas nos hospitais, tratadas con toda a vontade boa dos profesionais, pero que son incapaces de tratar tanta xente e que non existen recursos para tratalos adecuadamente.

E os profesionais demandan maior atención ás súas reivindicacións, moitas veces aquí se apela á necesidade de escoitar os profesionais, e nós plantexámonos se se apela sempre a iso ou só ás veces, porque hai un problema estrutural evidente, que o que produce é un pro-

blema grave cando existe unha situación circunstancial como é o pico da gripe, que ademais se pode prever.

O ano pasado neste mesmo debate dicíamos que en xaneiro do 2018 habería pico de gripe e habería problemas de saturación porque non hai unha política de contratación de persoal e de recursos materiais necesaria, ou a que necesita a sanidade. Dixémolo hai un ano. Temos a triste sensación de que podemos aventurar que o ano que vén en xaneiro haberá pico de gripe e —como consecuencia da nefasta política de persoal e dos recursos materiais e humanos que ten esta consellería— de que haberá un problema de sobrecapacidade que sería resoluble se o fixeramos un pouco mellor, ou moito mellor.

Xa que falarons de profesionais e dalgunhas realidades que vostedes argumentan, permíttinme recoller algunhas novas dos diarios. Jesús Sueiro, presidente da Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria, Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria, algo saberá do tema. Centros de saúde e PAC tamén están desbordados. Di: «A poboación» —explica Sueiro— «fai un uso racional do sistema». Supoño que vostedes están en contra disto. Pregunta: «¿Acoden os enfermos aos centros de saúde? Si. É dicir, ¿fai un uso racional do sistema? Si.» Pero engade, «temos compañeiros vendo a 50 ou 70 pacientes diarios, non hai cobertura para substitutos ou hai mala planificación, e os contratos fanse de maneira salteada.»

Xefes de Urgencias de hospitais reprenden o Sergas polas esperas para os ingresos, xefes de Urgencias, profesionais que están día a día alí. Piden implicación efectiva das direccións e das xerencias. «*Los médicos de Pontevedra se suman a las críticas por el colapso en urgencias.*» E apuntan. «*Es consecuencia de una falta de adecuación de la política de planificación sanitaria de la consellería. Los médicos proponen reforzar Primaria para aliviar Urgencias.*» Medicina Interna pide máis plantilla en Vigo. A maioría de facultativos do Servizo de Medicina Interna piden a contratación de 4 médicos, incluso poden facer unha análise exacta de cantos. «*Los jefes de servicio exigen solución a las continuas saturaciones de Urgencias. Al sindicato médico Omega no le convencen las explicaciones del Sergas. Los profesionales han elaborado un documento.*» Elaboran documentos, fan propostas. A Xunta asegura que está avanzando no texto. Xa llo podíamos dicir nós, que a resposta sempre é: «*Estamos trabajando en ello.* »

«*Crespo confirma la financiación ilegal del PP.*» Esta non é, perdón.

«*El Meixoeiro habilita todas sus camas por primera vez desde que abrió el Cunqueiro.*» Habilita todas as súas camas. Iso é que non estaban habilitadas.

Ricardo Costa: «*Es cierto que el PP se financiaba con dinero negro.*» Ben, é que ás veces cando falamos da ineficiencia do PP saltan noticias diversas, escapóuseme, non ten nada que ver. Perdón. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Ben, a vostede parécelle gracioso, a min que o PP se financie con diñeiro negro paréceme moi grave, (*Murmurios.*) paréceme moi grave, pero moi grave, jeh! Incluso que Pablo Crespo sexa ex-dirixente do Partido Popular de Galicia e vostedes o tomen a risa me parece moi grave. Pero, se me permite, estou falando de urxencias.

O señor PRESIDENTE: Imos ás urxencias, imos ás urxencias.

O señor TORRADO QUINTELA: Se me permite, señora Prado, estou falando de urxencias. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Xa sei que vostede igual pode aportar moito a este debate...

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio, silencio.

O señor TORRADO QUINTELA: ...pero estou falando de urxencias.

O señor PRESIDENTE: Imos ás urxencias. *(Murmurios.)*

O señor TORRADO QUINTELA: Non, a verdade, eu falo de Pablo Crespo, e a verdade é que non sei. Igual lle deben algo, pero non. Cousas súas, é dicir, resolvan vostedes con Pablo Crespo, pero eu estou aquí falando de urxencias hospitalarias. *(Murmurios.)*

Si, si, vou ao tema pero...

O señor PRESIDENTE: Non, non, pero non interrompan e imos ao tema. Imos terminar coas urxencias, a ver se as deixamos...

O señor TORRADO QUINTELA: Pero na vontade de dialogar, eu se quere...

O señor PRESIDENTE: Non, non, non dialogue. Non, non dialogue. Silencio, por favor. Non dialogue. *(Murmurios.)* ¡Silencio!

Por favor, señora Prado, silencio. Paremos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non dialoguen, porque se non isto...

O señor TORRADO QUINTELA: Se non é un diálogo, eu non estou falando.

O señor PRESIDENTE: Silencio, á cuestión.

O señor TORRADO QUINTELA: Urxencias hospitalarias. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Imos suspender o pleno un momentíño. Imos suspender o pleno un momentíño, porque non é de recibo isto. Porque se non isto é un problema. Entón, a quen estea no uso da palabra respécteno, se non, de verdade que lles digo que suspendo o pleno.

Prosiga, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: Moitas grazas, señor presidente. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Para todos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, non, xa sei que é para todos, sempre é para todos.

Termino, se soamente se me colou unha noticia, porque as noticias do día se colan ás veces. Para que non se colen o único que hai que facer é non dar as noticias, e algunhas todos que-
reríamos que non se souberan.

En todo caso, señor conselleiro, volvendo á cuestión, hai un problema de persoal e hai un problema de recursos. Este problema o que fai é saltar en Urxencias, pero non é un problema de urxencias. Hai un problema de falta de substitucións de médicos en atención primaria, dio o señor Sueiro e dicímolos moitos grupos políticos aquí moitas veces, e dino moitos usuarios e dino moitos profesionais. Hai un problema de substitución, non se substitúen médicos e, polo tanto, satúranse as consultas, porque hai poucos médicos e, polo tanto, o mesmo persoal traballando para máis persoas ten máis dificultades. Pero menos persoal traballando para máis persoas, ten moitas máis dificultades, é unha conta que se pode facer incluso en A. Menos persoal, traballa menos facilmente para máis persoas. Unha conta que non fai falta facela en B, para que non se me molesten.

E por iso temos este problema, porque despois na atención especializada temos outro problema igual, que é a falta de persoal e, polo tanto, non temos a capacidade de ter todas as camas dispoñibles. A día de hoxe, xa lle dicía esta noticia, o Meixoeiro habilitou todas as camas dispoñibles, ¡por fin!, pero a día de hoxe. Se as habilitou a día de hoxe é que non estaban habilitadas antes, ou, polo menos, iso, dende o noso habitual papanatismo intelectual —como di o señor conselleiro de Facenda—, entendemos que se se habilitaron hoxe non estaban habilitadas antes. Pero, en fin, será o noso papanatismo intelectual, en A sempre.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor. Remate, por favor. Remate xa.

O señor TORRADO QUINTELA: Vou rematando.

O que dicimos é que isto nos leva a estar valorados como vostede sabe como a terceira peor comunidade autónoma da sanidade española segundo os usuarios, ou facendo un truco dialéctico —que vimos onte— a 14ª mellor, que é unha maneira bastante habitual de dicir as cousas aquí, pero a 14ª mellor neste país segue sendo a terceira peor. E, polo tanto, nós o que lle pedimos é que non se esconda cando hai problemas, que poña recursos, porque non hai maxia, non hai pastillas máxicas para isto, por falar facilmente. Non se agache e non se agoche. E, polo tanto, nós o que lle propoñemos é que poidamos, dunha vez, ter un protocolo real de actuación contra estas situacións, que son difíciles sempre e que non vai poder ser atendido de maneira perfecto o sistema cando hai unha saturación.

O señor PRESIDENTE: Grazas, moitas grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: Polo tanto, nós propoñemos iso para que poidamos chegar a un acordo que avalen os profesionais e que poidan...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado, terminou o seu tempo.

Moitas grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: Para que todos teñamos un debate máis construtivo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Para ser exactos, o conselleiro de Economía non falou de papanatismo intelectual, falou de papanatismo político. (*Murmurios.*) É outra cuestión, ¡eh! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Non, non, se imos ser exactos, exacto foi así. É outra cuestión.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, presidente.

Señores parlamentarios, señor Torrado, moitas grazas.

A verdade é que eu vou falar da asistencia sanitaria en Galicia, non vou falar doutras cousas, que creo que hai moito tempo para falar, pero cando faltan argumentos hai que recorrer ao diario do día.

Di a consejera de Salud de Andalucía: «*La alarma del colapso de Urgencias se debe a los partidos y a los sindicatos*». Suecia: «*El hospital Karolinska, uno de los mejores de Europa, en crisis por la gripe de invierno*». *Heraldo de Aragón*: «*Los pacientes de Urgencias del Servet tardan una media de quince horas en ser ingresados en planta*». Euskadi: «*La gripe avanza y satura las Urgencias*». Asturias: «*El HUCA agota las camillas*».

Como pode ver, o que é o pico de asistencia nos hospitais e na atención primaria nos diferentes países e comunidades autónomas é xeral. Pero tamén hai que dicir que a onda de gripe presenta características diferentes en cada temporada, por iso é necesario facer un seguimento puntual da súa evolución.

A vixilancia da gripe estacional faise a través de cinco sistemas diferentes: o número de chamadas semanais ao 061, de gripe e de infeccións respiratorias agudas; o sistema de vixilancia microbiolóxico, no que participan catro dos grandes hospitais de Galicia, que permite coñecer o virus gripal que predomina en cada tempada; o sistema de vixilancia de ingresos con gripe confirmada, que permite coñecer a gravidade... O obxectivo fundamental é obter unha visión ampla do comportamento da enfermidade e dos virus gripais circulantes.

O Servizo Galego de Saúde conta tamén coa información elaborada e remitida polo Servizo de Epidemioloxía da Dirección Xeral de Saúde Pública sobre a vixilancia da gripe en Galicia, no que se recolle, entre outros, a información da actividade gripal con intensidade, tendencia, difusión da onda de gripe e informe que se publica semanalmente mentres dure a mesma, así como tamén o informe de ingresos nos hospitais por gripe confirmados na semana anterior.

A vixilancia da gripe na tempada 2017-2018 iniciouse na semana corenta do 2017. O inicio da onda nesta tempada foi, segundo o sistema de vixilancia dos rexistros de gripe de atención primaria, R-80, na semana corenta e oito de 2017, que rematou o 3/12/ 2017.

Nese momento anunciouse que de seguir a evolución esperada o cume sería entre as semanas segunda do 2018 e terceira. A velocidade de desenvolvemento da onda desta tempada foi algo maior do esperado e o cume acadouse, finalmente, na semana cincuenta e dúas do 2017, cuns niveis de intensidade moi parecidos aos das semanas primeira do 2018 e segunda deste mesmo ano.

Nestas tres semanas o número de gripe, se cadra, roldou os 4.108 por semana. Cos datos obtidos desde o inicio da tempada, na semana trinta e nove do 2017 —datos observados na semana segunda do 2018, que rematou o día 14/1—, o número de chamadas atendidas no 061 por gripe e demais descenderon por segunda semana consecutiva, e cremos que os resultados nesta terceira semana vaia ser decrecente tamén para chegar —agora mesmo estamos na intensidade media—, no que se vai publicar este venres, á intensidade baixa.

O sistema de vixilancia de microbioloxía permitiu identificar como virus predominante na tempada estival actual o virus da gripe B, predominando a «liñaxe Yamagata» sobre a «liñaxe Victoria». Esta liñaxe non circulou con certo predominio en Galicia dende a tempada 2012-2013.

¿Que medidas temos para estas situacións? O primeiro é a campaña de vacinación. No primeiro semestre do ano comezamos a preparar a tramitación dos expedientes de compra da vacina a través dun proceso centralizado para toda España. Tamén proporcionamos información sobre gripe tanto antes do comezo da tempada como unha vez iniciada. Despois deberán iniciarse a difusión de información e concienciación, tanto da cidadanía como dos profesionais, de cara á campaña de vacinación e da onda epidémica. Dámoslle difusión a través dos distintos medios de comunicación escritos e audiovisuais e tamén a través da páxina web do Sergas, na que poñemos á disposición dos usuarios toda a información sobre a enfermidade da gripe e sobre a campaña de vacinación.

Nesta campaña vacinamos a 537.453 persoas, 25.428 máis que na campaña anterior, señor Torrado; incrementamos a vacinación nesta tempada. Dos maiores de sesenta e cinco anos vacinamos a 385.074, un aumento na cobertura de dous puntos porcentuais.

E respecto dos profesionais, este ano vacinouse un 18 % máis que o ano pasado, superando a cifra dos 11.000. Creo que tamén é algo importante o sinalar que os profesionais están incrementando de forma importantísima a súa actuación e de forma activa nesta vacinación, que ao final, xa que atenden moitos pacientes, é fundamental.

O importe, o que se gastou ou se investiu nesta campaña, foi de 2 millóns de euros. Ademais diso, ademais do que estamos falando, primeiro o que é a vixilancia, o que é a prevención, creamos os plans de continxencia. Dado que o impacto desta patoloxía e os cadros de infeccións e patoloxías respiratorias invernales teñen a demanda asistencial e o aumento da frecuentación dos servizos de Urxencias hospitalarias, todos os anos se poñen en marcha

unha serie de medidas cara á campaña da gripe, ademais das medidas de prevención e dos dispositivos desenvolvidos en atención primaria por mor desta patoloxía. Porque, evidentemente, o centro fundamental para nós do inicio de atención á prevención é en atención primaria.

O Servizo Galego de Saúde elabora anualmente os plans de continxencia para a época da gripe, que se elaboran no mes de outubro para cada xerencia de xestión integrada. Témosos aquí, teño os plans de continxencia de toda Galicia, concretamente na miña man os da EOXI de Lugo, Cervo e Monforte, e aí parece toda a planificación de actuación desde a atención primaria, pero tamén hospitalaria, cos profesionais que firman, os xefes de servizo que están integrados e que firman este documento.

Este documento o que busca, fundamentalmente, é organizar todas as actuacións que imos ter ao longo da tempada. Nestas recollía as planificacións e accións a levar a cabo nas distintas EOXI como fin de controlar as consecuencias de vida, a propagación da gripe, evitar que se produzan abrochos, planificar os posibles picos de demanda, prestar a mellor asistencia posible aos pacientes con gripe e describir os procedementos alternativos á orde habitual da organización, co fin de permitir ao máximo o normal funcionamento.

Hai que ter en conta, ademais, que aos servizos de Urxencias hospitalarias acoden tamén pacientes con outras patoloxías non respiratorias, polo que aínda que é posible planificar a demanda pola onda de gripe, as entradas dos servizos de Urxencias están sempre suxeitas a cambios e circunstancias non previstas, co que engadido á descontinuidade das características de demanda urxente pode provocar momentos punta de demanda, como nos ocorre, por exemplo, co accidente que ocorreu na empresa Finsa de Padrón o día de onte. Loxicamente, son imprevistos que estamos en condicións de atender.

Ademais, diariamente desde a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria se elaboran informes coa situación dos servizos de Urxencias de cada hospital e o servizo e o global do Sergas.

A importancia da atención primaria é moi, moi importante para desenvolver, tamén, este tipo de actuación, esta situación de onda epidémica, tanto nas consultas do centro de saúde como nos puntos de atención continuada, os PAC. Nestes dispositivos a media ao día de urxencias atendida no ano 2017 foi de 4.242, cunha porcentaxe de resolución do 91,25 %. É dicir, que das persoas que deciden ir ao PAC só 8,75 son derivadas posteriormente ao hospital. Dende o 25 de decembro do ano 2017 ata o 17 de xaneiro do 2018 o número de urxencias atendidas foi de 127.990, cunha media diaria de 5.333 urxencias, e a porcentaxe de resolución segue sendo moi elevada, o 93 %.

Nestes momentos contamos con 469 centros de saúde de atención primaria, ou PAC, cunha actividade de 26 millóns de consultas no ano 2017 e case un millón entre o 1 e o 12 de xaneiro.

Señorías, hai que ter en conta, ademais, que aos servizos de Urxencias hospitalarias, como dicíamos antes, acoden tamén pacientes doutras patoloxías, non só as respiratorias, senón calquera outra necesidade que o paciente precise.

A situación de incremento da demanda prodúcese de forma episódica nos servizos de Urxencias hospitalarias de todos os servizos de saúde, tanto no ámbito nacional como internacional —como sinalaba ao principio—, dende hai décadas por distintos motivos, entre os que están as ondas epidémicas de gripe; o que non quere dicir que os servizos de saúde, e dentro destes os de Urxencias, non evolucionaron de forma moi importante nestes anos.

A forma de mellorar a resposta a estas situacións pasa por dous piares, situar en cada nivel segundo a complexidade de atención sanitaria e mellorar ano a ano os plans de continxencia tras unha revisión ao final desta tempada. Atención áxil de calidade, diminuindo os tempos.

Señorías, seguimos a traballar para que os nosos servizos sanitarios continúen prestando a asistencia sanitaria que nos demanda a sociedade. Somos conscientes de que poden xurdir complicacións sobre cuestións que en principio parecen previsibles, pero non caeremos na situación de que non encontramos solucións. Temos solucións, imos seguir traballando e, como digo, revisando os plans de continxencia que temos, imos ir evolucionando todos os anos coa creación de novas infraestruturas e fortalecendo tamén a nosa plantilla.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señor presidente, pola aclaración previa tamén, así xa sabemos que somos papanatas políticos e non intelectuais; sempre está ben saber que cando a un o insultan, polo menos, o insultan axeitadamente. (*Aplausos.*)

Ben, dende o noso papanatismo político, que —para vostede non, pero é que a vostede non lle chamaron papanatas, claro... (*Aplausos.*)—, obviamente, se ve iluminado sempre pola habilidade e o brillo da iluminación nos queima as córneas aos papanatas, comprobamos que a realidade é que o problema é que a gripe era moi forte, que os cidadáns usan malamente os servizos hospitalarios, que a oposición somos todos moi malos e que en Suecia tamén había gripe. E punto. Non hai nin unha serie de autocrítica, ningunha valoración sobre o sistema. Entendemos que todo perfecto.

Bueno, a verdade é que nós —manteño a idea que defendín aquí no nome do noso grupo— cremos que este é un problema global —xa o dixemos nós—, pero cremos que os sistemas están diferentemente preparados para afrontar o problema. Algúns teñen moita máis sensibilidade ante o estrés e outros teñen menos. E o noso ten un problema habitual, estrutural de recursos, que fai que ao mínimo problema rebente, e ese sempre cae sobre os profesionais, que se desloman por facer un gran traballo, pero que non poden, e o que nós dicimos é que é necesario dotar o sistema de maior número de recursos para que poidamos estar mellor preparados.

¿Iso vai resolver todo o problema da gripe? Non, non. Outros anos, cun sistema mellor preparado, había menos casos e había moita máis capacidade de absolución. E nós hoxe vimos

propoñerlle que valoremos a posibilidade de sacar isto dun debate no que teñamos que botalle a culpa ao Instituto Karolinska para traelo a un debate de Galicia, porque nós cremos que este é un debate que en Galicia pode ser mellorable, con maior número de recursos. E eses protocolos —por certo, que agradezo que os teña, agora xa só queda a oportunidade de que os poidamos ver todos, porque nós pedímolos aquí, pero votaron en contra, pero xa que están feitos... Na prensa dicían que os estaban facendo, pero xa que están feitos— consideramos que sería interesante que os poidamos ver todos.

Se vostede cre que non hai que compartir información, é unha posición coa que nós, evidentemente, non estamos de acordo, pero é a súa, pero gústame que recoñeza que teña información e non a queiran facilitar. Polo menos, recoñéceo.

Nós o que propoñemos aquí é compartir certa información para ser quen de construír un sistema que poida afrontar mellor problemas habituais de todos os anos. Porque logo existen problemas circunstanciais, que cada quen afrontará dende o modelo sanitario ou ideolóxico que considere, pero hai problemas que son habituais todos os anos e é posible construír un modelo común. Nós vimos propoñer iso.

Con sistemas que funcionaban mellor vostedes pedían destitucións de conselleiras, pedíanas. E por certo, falaban de colapso asistencial, falaban de colapso asistencial, e o que están dicindo na comisión, o que dixeron onte aquí do colapso, é que non se pode falar de colapso asistencial, porque iso é ir en contra dos profesionais, díxose aquí. O PPdeG recomenda a Touriño que deixe de cambiar cromos e que reemprace o conselleiro responsable do colapso asistencial. E eu, que son un papanatas, para poder traer aquí este debate o que fago é copiar voces, valoracións de persoas moi válidas, como son as do portavoz de Sanidade en 2008, que facía esta valoración (*Aplausos.*) pedindo dimisións e falando de colapsos asistenciais.

E nós non pronunciamos ese termo, nós o que lle estamos é propoñendo un acordo. Xa ve que o papanatismo ás veces é tan así que propón acordos. Nós propoñémolles entendernos sobre isto, e vostedes consideran que a culpa é nosa por traer este debate aquí, e nós consideramos que nin é nosa por traelo —xa nos gustaría non ter que traelo— nin é culpa dos que van a Urgencias.

¿Como se entende que sanidade lles pida aos enfermos que non acudan a Urgencias cando moitas das persoas tardan varios días sen conseguir cita co seu médico de cabeceira? Alarmábanse vostedes en 2008 de que dende a consellería se chamara a non acudir a Urgencias con calquera problema. Alarmábanse diso, e hoxe parécelles que iso é un ataque partidista, interesado, alarmista, ¡papanatas!

En 2008 hai unha nota de prensa do Partido Popular. Sexamos realistas coa cuestión, se temos un problema de que non afrontamos ben este problema da gripe, nós valoramos que é un problema de recursos, se hai outros elementos, valorémolos. Pero o que non pode ser é que hoxe consideren que somos uns desalmados nós cando unicamente estamos propoñendo acordos que vostedes non só rexeitaban, senón que pedían dimisións por ineptitude, dicían, por ineptitude falando de colapso.

E di, recriminando, que se falara coa cidadanía dicindo que non se podían utilizar as Urxencias para calquera cousa. Que, obviamente, non se pode, pero, claro, había médicos en atención primaria, e hoxe non. Hoxe hai moi poucos médicos en atención primaria para o que necesitamos. E temos 35.000 persoas contratadas no Sergas segundo os orzamentos, pero non é certo, hai 7.000 desas prazas que non están contratadas.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: Polo tanto, o que temos é un sistema mermado, tramposo e que ten poucos recursos, e un sistema con poucos recursos atende mal, e iso é unha verdade absoluta, non hai maxia, é un problema prosaico, é de recursos.

Se vostedes queren resolver este problema, nós estamos encantados de afrontalo e sacar este problema deste debate. Pero para iso hai que poñer recursos, doutra maneira poden botarlles a culpa aos usuarios, pero nós cremos que nin é da gripe nin é dos usuarios, é da xestión. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Peche da interpelación, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Señor presidente, moitas grazas.

Bueno, por alusións, señor Torrado, só vou facer un comentario. Este conselleiro non estivo perdido, non tivo ningún día libre, non estivo bailando nos colexios, estivo traballando, loxicamente, co seu equipo e no que ten que facer, que é tratar de mellorar a situación da atención sanitaria, que creo que non é tan mala como vostede di. *(Aplausos.)*

Dáme a oportunidade, tamén, de falar, porque é moi fácil falar —o falar non ten cancelas e pódese dicir o que se queira—, pero, realmente, eses datos que sempre nos dan, de que o presuposto é inferior, que se perdeu un 18 % dese presuposto, que hai menos médicos...

Pois mire, vou falar de catro datos, simplemente. Número de profesionais que había no ano 2008 —último ano do Goberno bipartito—, 36.506. Neste momento, no 2017, hai 38.050. Hai 1.500 profesionais máis que había no 2008.

Médicos de familia, había 2.434 e neste momento hai 2.600; un 7 % máis de médicos de familia.

Persoal de enfermería, no ano 2008 había 9.800 e neste momento son 10.400; un 6 % máis que no ano 2008.

Orzamento en capítulo de persoal, no ano 2008 había 1.431.000 e neste momento 1.567.000; polo tanto, 136 millóns máis de euros que había no ano 2008.

Aínda que repitamos as cousas, se son mentira, son mentira, creo que hai que tratar de ser un pouquiño máis rigorosos no que tratamos.

Miren, nós, actuación importantísima, a diferenza de calquera outro servizo público é o tema de que nós non só damos un servizo público por orde de chegada, senón que os clasificamos, e priorizamos as actuacións. Por iso, nos servizos de Urgencias temos un sistema, que é a triaxe Manchester, dende hai uns anos, dende o ano 2013, e clasificámoslos. E hai unha porcentaxe de entre o 40 % e o 50 % que é o que se clasifica como, digamos, prioridades de menor importancia, e que podían ser perfectamente resoltas no ámbito de atención primaria e non deberían de estar no hospital.

Non é culpa dos cidadáns, estamos dando información e queremos tratar de poder colaborar, que dirixamos de forma adecuada a actuación asistencial no ámbito que mellor resolución ten. Se podemos resolver en atención primaria, dende logo, non debemos resolver en Urgencias. Desprazamentos superiores e ás veces, loxicamente, tamén ocupamos espazos que deberían de ser para xente con situacións moito máis graves.

A actividade nos servizos de Urgencias, o número de pacientes atendidos en Urgencias do Sergas dende o 25 de decembro ata o 17 de xaneiro foi de 72.470, cunha media diaria de 3.020 urxencias; 3.020 urxencias hospitalarias neste período tan curto. E ingresamos un 17,67 %, que é unha porcentaxe un pelín alta, tampouco demasiado. Polo tanto, hai moita urxencia e, polo tanto, hai incremento de ingresos hospitalarios.

Pero para iso temos as condicións que temos, e xa que se fala do Meixoeiro —é moi típico falar do Hospital Meixoeiro—, e como o coñezo bastante ben, había unha crítica de que o Meixoeiro non se estaba aproveitando. O Meixoeiro aprovéitase, ten unha actividade grandísima en todo o ambulatorio e tamén na hospitalización, e neste momento estamos utilizando moitas camas do Hospital Meixoeiro, que en épocas anteriores —como co Bipartito— eses pacientes non ingresaban no Meixoeiro, senón que eran derivados a hospitais privados. (*Murmurios.*) Por iso, tamén, neste momento o presuposto da Consellería de Sanidade é dun 10 %, 10 millóns menos en centros concertados que na época do Bipartito.

E por suposto que facemos reforzos de plantilla, claro que facemos reforzos de plantilla. A idea nosa é facer unha estabilización e é practicamente o único servizo da comunidade autónoma que ten feita a OPE todos os anos; polo tanto, estamos avanzando na estabilización do persoal e seguiremos, pero sempre en sanidade ten que haber unha porcentaxe de eventuais.

Ten que ser así, pero facemos reforzos. Nestes momentos estamos falando de 1.246 reforzos nos servizos de Urgencias en diferentes categorías, ou de 1.895 reforzos na hospitalización. Tamén —como digo— en diferentes categorías.

Pero para iso tamén estamos desenrolando novas formas de acción para a cronicidade e para o envellecemento da poboación, como é o Programa Telea, que é fundamental. Ou a hospitalización a domicilio, que tamén está colaborando e ten que incrementar a colaboración.

E temos o 061, un aliado fundamental, porque non só clasifica, senón que dirixe tamén, en moitos casos, cara a onde teñen que ser atendidos os pacientes.

Nós imos seguir traballando. ¿Como? Pois, evidentemente, planificando...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...mellorando os plans de necesidades ano a ano. Ao acabar a tempada temos unha reavaliación do acontecido neste ano, e imos, loxicamente, facer os cambios necesarios para mellorar. Pero tamén mellorando as infraestruturas con máis centros de saúde, máis de vinte centros novos de saúde.

Tamén a ampliación de hospitais. As últimas obras de hospitais, tanto no Chuac como no Salnés, como o que temos provisto en Gran Montecelo, ou no hospital de Ferrol, inflúen de forma importante incrementando espazos. E tamén, como digo, estabilizando plantillas, facendo que os nosos profesionais estean traballando e colaborando en todo con nós.

Un total de 415 camas reforzaron os servizos nestes momentos, 415 camas a maiores que non teriamos, e que, loxicamente, cos plantexamentos de infraestruturas no futuro imos seguir mellorando.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Continuamos co punto 6 da orde do día.

Pregunta de D. Francisco Casal Vidal e dous deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da suspensión cautelar das sondaxes mineiras e demais labores que está a realizar a empresa Sociedad Cobre San Rafael nos concellos de Touro e do Pino, mentres non se garanta o abastecemento de auga na zona

O señor PRESIDENTE: Déanlle voz ao escano do señor Casal. Grazas.

O señor CASAL VIDAL: Boa tarde.

Grazas, señor conselleiro, pola súa presenza.

Como imaxino que saberá, a empresa Sociedad Cobre San Rafael está a realizar sondaxes e prospeccións mineiras nos concellos de Touro e do Pino en carreteras locais, en camiños públicos e, tamén, en propiedades particulares.

Segundo nos traslada a Plataforma Veciñal Mina Touro-O Pino Non todas estas sondaxes se están a desenvolver sen ningún tipo de autorización oficial, e nin sequera con autorización dos concellos para actuar en propiedades públicas, nin dos propietarios nas fincas privadas, que moitas veces non teñen nin idea de que fan alí eses señores coas perforadoras.

Este tipo de actuacións xa evidencia a maneira de traballar da compañía, que ten opción de compra sobre os dereitos mineiros. E estase a constatar o seguinte: a ausencia dun estudo ideolóxico e xeotécnico que permita identificar claramente as fontes, cauces e cursos de auga existentes na área de realización dos labores mineiros de prospección.

A falla destes estudos implica un risco inminente para os acuíferos subterráneos e a capa freática, coas posibles implicacións para fontes, mananciais, pozos, etc., que dan servizo á cidadanía e aos animais das explotacións da zona.

E hai que ter en conta, ademais, que non son pequenas perforacións, senón que son sondaxes de moitos metros de profundidade, segundo se pode apreciar. Bueno, aquí temos un nó dos camiños cunha das sondaxes no medio do camiño, non sei como pasarían os coches por aí. E aquí, por exemplo, pódese apreciar unha das sondaxes. As sondaxes teñen un diámetro de 20 centímetros e aí hai máis de 60 sacos de teóricos restos estériles do que se sacou dese buraco, pois imaxínese a profundidade que ten a perforación para que dunha perforación de 20 centímetros se poidan sacar 60 sacos de áridos, teoricamente estériles.

Hai —segundo nos comentan na zona, e disto non teño garantía porque pedín a información pero non a conseguín— ausencia de autorización de Augas de Galicia para o emprego de auga nas sondaxes que se están a realizar. Como sabe vostede, para poder facer sondaxes desa profundidade hai que inxectar auga a presión, ademais que se taladra.

Falla de seguridade na realización das sondaxes e ausencia dun perímetro de seguridade, o que implica a existencia dun risco inminente de calquera accidente; falla dun estudo xeotécnico, que supón un risco de desprendemento de noiros e taludes; ausencia de medidas correctoras de mitigación de desprendementos e accidentes; falla de sinalización adecuada dos labores mineiros; abandono nas beiras dos camiños —como tamén se evidencia nesta foto— dos, teoricamente, inertes escombros. Aquí vese gando pastoreando na zona e os sacos rotos con todos os áridos, que teoricamente son inertes, pero sabemos que poden ter —e para iso é o que se vai extraer alí— arseniato de cobre...

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas.

O señor CASAL VIDAL: Vou facer a pregunta.

O señor PRESIDENTE: Non, xa a coñece o conselleiro.

O señor CASAL VIDAL: Non, a pregunta non a fixen. Un momento.

O señor PRESIDENTE: Si, xa a coñece o conselleiro.

O señor CASAL VIDAL: ¿Pensa a Xunta de Galicia suspender cauteladamente as sondaxes mineiras que se están a realizar sen autorización e demais labores en tanto e canto non se garanta a viabilidade dos acuíferos, pozos, cauces, etc.?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Casal, temos celebrado moitos debates nesta Cámara, e sempre creo que coincidimos cun obxectivo claro de traballar para favorecer a industria, para favorecer o emprego, e nese sentido eu creo que é onde temos que traballar.

Pero eu pediríalle..., ou trasládolle que cando vostede e o seu grupo falan do sector mineiro, automaticamente o debate xa colle outras derivadas, que non é o emprego, que non é o favorecemento do sector mineiro en Galicia. Eu pediríalle, dalgunha forma, que cando falemos aquí da minería e do sector mineiro reconduciramos o debate e falemos de datos concretos, falemos de datos certos, falemos de legalidade, señor Casal, e falemos, tamén, loxicamente, da valoración da profesionalidade pública.

Ningún deses elementos, lamentablemente, se introducen na súa pregunta por escrito, nin tampouco na súa intervención, e iso lévame a pensar que as críticas que vostede traslada aquí á Cámara teñen como único fundamento a ideoloxía do seu grupo e, polo tanto, a posición do seu grupo en contra do sector mineiro e en contra do emprego da minería.

Parece que vostedes veñen aquí dar opinión, incluso, sorprendentemente, sen datos, simplemente «*por lo que les dicen*», e, polo tanto, simplemente veñen aquí trasladar opinións.

Eu creo que, sinceramente, o sector da minería merece outro tipo de plantexamento, outro tipo de debate máis rigoroso, centrado na legalidade, centrado na veracidade e centrado, tamén, na responsabilidade.

Vostede afirma, señor Casal, sen concretar, que as sondaxes mineiras que se están a realizar non están autorizadas, e que se están afectando recursos hídricos da zona. E faino, simplemente, con base, como xa lle dicía, nunha opinión sen fundamento, e ademais pide que a Xunta suspenda esas sondaxes; sondaxes nas cales a empresa ten os permisos correspondentes, e tamén sabe que son sondaxes que se levan realizando durante máis de trinta anos.

Ademais, o equipo de inspección de minas, señor Casal, non ten rexistrado ningún tipo dos perigos que vostede trae a esta Cámara. Polo tanto, creo sinceramente, señor Casal, que non cabe facer denuncias sen aportar datos concretos, e por suposto nós, dende o Goberno, non imos paralizar unha actividade que a lei permite e que, ademais, se realiza conforme as autorizacións que teñen neste caso.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Silencio, por favor.

Replica, señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Moitas grazas.

A verdade, defráudame, señor Conde. Eu viña preguntarlle... Non viñemos aquí falar de industria mineira en Galicia, non sexa demagogo, non; en tres minutos non lle vou falar nin podemos falar da industria mineira en Galicia, ¡por favor! Cando queira podemos ter un debate amplo e profundo do que aporta a industria mineira. Sabe vostede o que aporta, ¿non? ¡Sábeo! Sabe que o 85 % dos rendementos da industria mineira en Galicia saen a empresas de fóra de Galicia, iso tamén o sabe. Cando queira falaremos da industria mineira.

Nós fixemos unha pregunta concreta: ¿fixéronse os estudos hidrolóxicos?, ¿déronse os permisos en función de estudos xeotécnicos, hidrolóxicos, de que a profundidade se ían facer as catas? E con base neses estudos, ¿viuse se afectaba os acuíferos, as augas subterráneas e se podían afectar os mananciais ou os pozos? Iso é o que lle preguntei. ¿Fixéronse eses estudos? Contésteme agora, contésteme concretamente a iso. Non imos falar nun minuto de todo o que plantexa de En Marea para a industria da minería.

E agora, con permiso do presidente, teño a obriga moral de pedirlle por un tema de urxencia inmediata que traslade á conselleira de Medio Ambiente, e é que non se pode permitir que o próximo día 3 de febreiro se produza en Galicia unha matanza de raposos como a que está a promocionar e a patrocinar a Xunta de Galicia. (*O señor Casal Vidal móstralle á Cámara un cartel.*) Pídolle, por favor, que llo traslade. Eu xa sei que non é oportuno, pero o tema é tan grave... Para que o saiban: hai medios internacionais de prensa e de televisión que van vir a Galicia, e van transformar vostedes Galicia nun fito de vergoña para todos os galegos. Non permitan que o día 3 de febreiro se faga unha matanza de raposos co Campionato de España de Caza de Raposos, que se leva facendo desde hai máis de dez anos só en Galicia, porque noutros sitios xa non se atreven nin a facelo e moito menos a promocionalo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

Peche desta pregunta, señor conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Lamento, señor Casal, que vostedes sigan coa súa ideoloxía. A súa ideoloxía, lamentablemente, nin xera riqueza, nin xera emprego, e o único que queren trasladar é que parece que non lles interesa falar da minaría.

Eu voulle contestar de forma concreta. Vostede veume aquí trasladar simplemente «o que lle comentan», esa foi a súa expresión literal. Creo que ese non é o debate, pero, en calquera caso, eu voulle contestar:

Vostede, no caso dos permisos de investigación e das sondaxes que se están a realizar, sabe que teñen os permisos oportunos; primeira información que eu lle traslado. Polo tanto, estas a realizar segundo os plans e os proxectos presentados. Debería saber —por iso pediríalle que veña a esta cámara con coñecemento e con datos— que non precisan unha

autorización de Augas de Galicia, porque non usan a auga do contorno, pois realízanse en circuíto pechado. Ese é o dato, señor Casal.

E ademais vostede sabe —e se non o sabe, debería sabelo, non polo que lle din, senón polo que debería ter preparado— que os estudos para a cunca Galicia-Costa si teñen datos sobre os recursos hídricos da zona. Polo tanto, creo que isto, sinxelamente, non é un estudo de debate. Isto é o Parlamento e, polo tanto, temos que vir aquí con datos, temos que vir aquí falar da legalidade e temos que vir aquí falar, polo tanto, da realidade, neste caso do sector mineiro.

Polo tanto, eu o que lle traslado é que este goberno, dende logo, si que confía na minaría. De En Marea claramente está simplemente en contra por un motivo puramente ideolóxico. Dende logo, nós estamos aplicando a legalidade en todos os ámbitos, tamén neste caso nas propias sondaxes, porque vostede sabe que a lei do Bipartito, que aprobou o Bipartito, é a que estamos a aplicar en Galicia, e reúne todas as garantías. E nós cremos, loxicamente, no Estado de dereito, e esta lei promove un aproveitamento racional e compatible. Polo tanto, creo que temos que falar con máis rigor.

E, señor Casal, cando veña falar da minaría, por favor, eu pediríalle que non veña falar do que lle comentan; veña con datos, porque este goberno contéstalle sempre con datos, coa legalidade, coa veracidade e sempre respectando tamén a actuación dos funcionarios públicos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Silencio! Silencio, por favor. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Silencio!

Pregunta de D. Martín Fernández Prado e catorce deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia con respecto ás estacións intermodais e as datas previstas para a súa realización

O señor PRESIDENTE: Pregunta de don Martín Fernández Prado, do Grupo Parlamentario Popular.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Grazas, presidente.

Boas tardes, señora conselleira.

Moi brevemente. Polas súas comparecencias nesta cámara sabemos que o Goberno galego está a apostar pola intermodalidade e leva anos traballando xa neste sentido, coordinando ademais con outras administracións —con Fomento e cos concellos— as actuacións necesarias para acadar a intermodalidade na nosa comunidade, para o que xa ten conseguido o financiamento comunitario.

O Grupo Popular —e tamén o Goberno, por suposto— sabemos da importancia de que os medios de transporte se complementen entre si e que teñan eses puntos de contacto estes distintos medios de transporte. Por iso, estamos nun dos momentos importantes para Galicia. Ademais, neste momento no que se produce, por unha parte, un horizonte próximo da chegada do AVE á Meseta, con todos os tramos do AVE xa en execución, xa en obras todos os que quedan, e cun pulo importante do transporte público por estradas con esa reforma global do transporte. Entendemos que é un momento moi importante para que avancemos con paso firme na intermodalidade e na construción destas estacións intermodais nas nosas cidades.

Segundo puidemos saber nalgunha das últimas comparecencias —en concreto, tamén a de orzamentos—, a consellería está traballando para licitar xa este ano algunha destas primeiras terminais intermodais, para o que tamén entendemos que é imprescindible que se cumpran unha serie de prazos previos antes da licitación.

Como temos algunhas dúbidas tamén de como van estas obras e se de verdade existe esa colaboración, especialmente no que é a posta en servizo, a posta á disposición do solo e os traballos urbanísticos, e como van tamén os proxectos destas intermodais, facémoslle esta pregunta oral: ¿cal é o balance da Xunta con respecto ás estacións intermodais e cales son as datas previstas para acadar estas infraestruturas?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Prado.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señor Fernández Prado —como nos comprometemos no Goberno galego—, queremos que esta sexa a lexislatura do transporte, non só traballando e mellorando os servizos, co novo Plan de transporte público de Galicia, adaptando as necesidades e as demandas dos nosos veciños en Galicia, senón tamén modernizando as infraestruturas. A modernización das infraestruturas pasa por actuar nas estacións intermodais, establecer conexións sinxelas para permitir intercambios de modos de transporte áxiles e seguros, e tamén contribuír a facer cidade.

Estamos traballando nas grandes cidades galegas nestes proxectos de estacións intermodais, infraestruturas estratéxicas para aproveitar ao máximo a oportunidade que nos dá a alta velocidade, o potencial da alta velocidade, unha oportunidade para facer cidade. Dispoñemos dos fondos europeos despois dunha importante xestión ante a Unión Europea.

E, como saben, as estacións intermodais requiren dun traballo conxunto entre tres administracións: a Xunta de Galicia, o Ministerio de Fomento e tamén as entidades locais. Imprescindible o traballo dos concellos para sacar adiante a totalidade da posta en servizo

destas estacións intermodais. Foi imprescindible, e é unha peza básica, a Lei 3/2016, a Lei de medidas urxentes, a Lei exprés, para axilizar os trámites urbanísticos e a falta dos plans especiais, e darlles seguridade xurídica a estas actuacións.

Dende a Xunta de Galicia estamos a avanzar na parte do que nos toca, nas terminais de autobuses integradas en estacións de ferrocarrís. Nos orzamentos da Xunta de Galicia prevese neste ano 2018 sobre 7,2 millóns de euros. Polo tanto, permitíranos comezar as obras da intermodal de Santiago, a de Ourense, a de Pontevedra e a de Vigo, rematar o proxecto da Coruña e avanzar en Lugo e en Ourense.

Con respecto á intermodal de Santiago, esta é a que está máis avanzada. Temos xa licitado as obras da estación da nova terminal de autobuses, 10,4 millóns de euros da Xunta de Galicia.

No caso da intermodal de Vigo, xa en marzo de 2015 licitamos o proxecto construtivo. O certo é que tardou o Concello de Vigo máis de dous anos en asumir que era o responsable do deseño dos accesos. E dous anos e medio despois trasladou un deseño de accesos, por iso o atraso da estación intermodal de Vigo, na que prevemos investir 12,3 millóns de euros.

A intermodal de Ourense, en decembro, xa aprobamos o trámite urbanístico da terminal de autobuses, do novo aparcamento. Nas próximas semanas licitaremos esta nova terminal de autobuses.

E en Pontevedra estamos xa traballando no proxecto que conecta coa estación de ferrocarril, e pendente de adjudicar —xa en valoración— o proxecto da reforma integral da estación de autobuses e de toda a súa contorna. Uns 4 millóns de euros para a estación intermodal de Pontevedra.

Polo tanto, avanzando para responder a esa demanda de facilitar os modos de transporte e tamén contribuír a facer cidade.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Réplica, señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Moi brevemente tamén.

Grazas, señora conselleira, por eses datos.

Vexo que van a distinta velocidade algunhas das estacións. E, se me permite, na miña condición de deputado pola Coruña, pois a especial preocupación. Vexo que a de Santiago vai algo máis avanzada, pero parece que a que vai máis atrasada é a da Coruña. Non sei se podía darnos algún detalle máis destas dúas estacións, de como van avanzando e, especialmente, o porqué deste atraso cando o proxecto xa debía estar feito.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Prado.

Peche da pregunta, señora conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Pois o certo é que a Xunta de Galicia e o Ministerio de Fomento estamos traballando coa mesma intensidade en todos os proxectos e en todas cidades. O nivel de progreso pois non é o mesmo en todas e varía moito porque está moi condicionado á vontade de colaboración e de traballo, por suposto, dos concellos.

Na cidade da Coruña houbo moitos cambios de criterio, que afectaron de forma importante o proxecto e, polo tanto, as obras da estación intermodal. É que é certo e hai que dicilo todo: o Goberno local, primeiro, pedía un proxecto moi ambicioso, apostaba por reurbanizar toda a avenida da Sardiñeira, e mudou de criterio de forma substancial un ano despois, cunha actuación moito máis modesta, renunciando a esa remodelación da avenida da Sardiñeira. O certo é que o fixo cando xa tiñamos o proxecto elaborado. E neste caso solicitamos un acordo de bases mínimas para que non se volvera mudar de criterio. Non estamos por perder cartos e perder tempo, dende logo, e menos dos empregados públicos. Por iso propuxemos a firma dun acordo, que se asinou o pasado 2 de novembro, que obriga a redefinir a totalidade do proxecto que xa tiñamos feito e, polo tanto, volver licitar o proxecto construtivo. Polo tanto, importante atraso na Coruña.

E noutras cidades, en Ourense, Vigo, Pontevedra e Santiago queremos iniciar as obras este mesmo ano.

En calquera caso, en Santiago temos licitadas as obras: 10,4 millóns de euros, dezaioito meses de prazo, e o que nos gustaría era poder comezar as obras. Queremos, xa que as temos licitadas, comezar as obras e poñelas en servizo. Para comezar as obras agardamos que o Concello de Santiago poña os terreos á disposición para poder iniciar esas obras e tamén que execute os accesos, que vaian eses accesos á nova estación de autobuses. O certo é que nos falta información totalmente polo Concello de Santiago. Isto xera incerteza, xera preocupación, non temos información concreta ningunha dos accesos. O que máis me sorprende é que o concelleiro do Concello de Santiago nos traslade que os proxectos de acceso están en licitación, e non é certo porque no Perfil de contratante do Concello de Santiago non está, así como que incluso diga publicamente que sabe e que coñece o prazo de execución dunha obra cando o proxecto non está nin licitado —debe ser o costume polas mareas coñecer os prazos das obras moitísimo antes—. Polo tanto, ao que estamos aquí acostumbrados é á regra do embude das mareas de Podemos.

Na Xunta de Galicia traballamos ao máximo, transparencia ao máximo, permitimos opinar ao máximo e, dende logo, posibilidade de opinión e información ao máximo. ¿Os concellos das mareas? Traballo mínimo, información mínima, transparencia mínima, opinión mínima, para que opinemos os demais. E, polo tanto, eu teño que lamentar que se diga publi-

camente que hai uns proxectos de accesos en licitación e non o estean. E que, por favor, que-remos todos que a estación intermodal de Santiago...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): ...poida estar en servizo no ano 2019. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira. Grazas.

Pregunta de D. Marcos Cal Ogando, do G. P. de En Marea, sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da seguridade das novas pasarelas da ponte de Rande

O señor PRESIDENTE: Pregunta de don Marcos Cal, do Grupo Parlamentario de En Marea.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Boa tarde, conselleira.

Voulle facer unha pregunta sobre a AP-9. A AP-9 pasa por Compostela, pasa pola Coruña... Eu creo que non vai ter ningunha posibilidade de responsabilizar o Concello de Compostela nin o Concello de Coruña, pero, ben, podemos agardar calquera cousa vendo como marchan as súas intervencións de hoxe. *(Aplausos.)*

O pasado 30 de decembro, os máximos representantes do Goberno central e da Xunta de Galicia, Mariano Rajoy e Alberto Núñez Feijóo, participaron no simulacro de inauguración da obra da ampliación da AP-9 na ponte de Rande. Un acto no que tamén participaron os máximos responsables en materia de infraestruturas das dúas administracións, vostede mesma e Íñigo... *(Murmurios.)* ...¡Presidente!... *(Pausa.)* ...así como a presidenta da Mesa do Congreso, Ana Pastor, ou o vicepresidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda. O máximo despregue para que pareza que si que era verdade que a obra estaba rematada. Non recordamos un despregue de apoio institucional destas dimensións, pero con Audasa *hemos topado*. Todos os esforzos do PP son poucos para que Audasa poida incrementar as peaxes e así ampliar aínda máis os seus inaceptables beneficios á conta dos galegos e das galegas.

Segundo acordo do Ministerio de Fomento e Audasa, estas obras que se están a realizar corren a cargo da concesionaria, mentres que o Goberno central autoriza un incremento do prezo das peaxes durante vinte anos, os vinte anos seguintes ao ano de finalización da obra de ampliación. De aí o despregue feito polo Partido Popular para inaugurar unha obra sen rematar o 30 de decembro.

Baixo o noso punto de vista, ademais do inaceptable de que a Xunta de Galicia e o Goberno do Estado se poñen ás ordes de Audasa novamente para participar nun simulacro de inauguración, e así poder subir as peaxes ás galegas e aos galegos, e así seguir incrementando o seu espolio. Vostedes saberán a cambio de que; alguén gaña con isto ademais de Audasa, dende logo que non é a cidadanía. E vendo a Feijóo falar das zonas grises do financiamento,

vendo o que están dicindo tanto no eido da xustiza como nos corpos de seguridade do Estado sobre o financiamento ilegal do seu partido, pois entenderá que, vendo como se cadran para favorecer os intereses de Audasa, esteamos algo preocupados.

Como dicía, ademais do inaceptable do seu servilismo diante de Audasa, participando no simulacro de inauguración, ou podemos chamala a «inauguración da subida das peaxes», que a vostedes os fixo moi felices, ademais diso, tamén entendemos que os viais adicionais da ponte de Rande supoñen unha estafa que nin solventa os problemas de fondo deste tramo nin se poden considerar unha ampliación da autoestrada. Os viais adicionais que se acaban de abrir ao tráfico na ponte de Rande non cumpren coa explotación dun carril de autoestrada, e están separados do corpo da ponte, sendo uns viais illados que non poden ser considerados como ampliación, non poden ser considerados como parte da autoestrada, porque non reúnen as condicións de seguridade nin experiencia e condición que xustifican que se chame «autoestrada».

Nestes dous novos carrís non se pode circular como se fose parte dunha autoestrada, non se pode adiantar, non ten comodidade de uso...

O señor PRESIDENTE: Formule a pregunta, por favor.

O señor CAL OGANDO: ...non ofrece ningunha circulación segura, tal como están asegurando nestes primeiros días os usuarios e representantes municipais.

O señor PRESIDENTE: Formule a pregunta, por favor.

O señor CAL OGANDO: Formulo a pregunta: señora conselleira, ¿parécelle acaído á Xunta de Galicia que Audasa incremente as peaxes da autoestrada por unha obra de ampliación da autoestrada, despois de abrir dous carrís adicionais que non ofrecen a prestación de autoestrada? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Cal.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, señor presidente.

Non lle debeu convencer a intervención do seu compañeiro, porque as peaxes foron tratadas pola mañá; a pregunta vén dos carrís exteriores na ponte de Rande. Non lle debeu convencer a intervención do seu compañeiro Lago pola mañá cando lle dei resposta eu... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Eu estoulle dando a resposta. Polo tanto, vimos abordar o que toca nesta pregunta, que é a ampliación da ponte de Rande e os carrís exteriores, e do tema das peaxes xa falamos esta mañá.

Trae vostede aquí unha pregunta que concreta e que traslada a inseguridade dos carrís exteriores na ponte de Rande, pero o certo, señor Cal, é que esta pregunta chega tarde. Chega

tarde porque vostede ben sabe que as obras están rematadas. Polo tanto, se tanto dubidaban vostedes da inseguridade, ¿non sei por que non fixeron alegacións ao proxecto, ou antes das obras? É como se fan as cousas. Dende logo que son vostedes todo previsión para arranxar problemas.

As obras están planificadas dende hai moitísimo tempo; proxectadas desde hai moitísimo tempo; decidido e acordado o financiamento, como xa expliquei esta mesma mañá; e licitadas, adxudicadas, executadas, rematadas... Tiveron tempo e tempo e tempo vostedes para trasladar se tiñan algunha inxuedanza, e non chegar tarde, tarde non, tardísimo, unha vez que estean en servizo.

En calquera caso, a ampliación das obras da AP-9 en Vigo, a ampliación de Rande, era necesaria por temas de competitividade e seguridade viaria, de capacidade, porque é a única entrada en Vigo polo norte. Uns 56.000 vehículos ao día, 56.000 v/d, 70.000 practicamente no verán, e do que se trata é evitar o futuro colapso.

Distintas configuracións foron as que se analizaron. Finalmente, adoptouse o carril, carrís exteriores, por sentido, aumentando así un 42 % a capacidade da ponte con ese terceiro carril, mellorando o nivel de servizo, mellorando a comodidade e tamén coa previsión de facer fronte ás incidencias con esas tres zonas de conexión entre os carrís exteriores e centrais, limitándose a velocidade a 80 quilómetros/hora. Poderalle gustar máis ou menos, pero o certo é que as decisións e os deseños son dos técnicos. E, polo tanto, eu o que lle podo garantir é que a ponte de Rande é unha infraestrutura executada polo Ministerio de Fomento, na que os técnicos do Ministerio de Fomento por suposto que verificaron e verifican o cumprimento dos protocolos seguro que estritos en materia de seguridade viaria.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Réplica, señor Cal.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Non sei a que vén o da interpelación. Esta é unha pregunta moi concreta sobre o tramo de Rande, e a interpelación ía moito máis alá. Nada ten que ver, non entendo este argumento.

Señora conselleira, ¿as obras estaban rematadas o día 30? Vostede di que as obras estaban rematadas. O día 30 as obras non estaban rematadas. Se estiveran rematadas o día 30 as obras, ¿por que días despois Audasa limitou a utilización dun dos carrís? Porque estaba todo rematado, estaba todo perfecto. Polo tanto, limitou un deses carrís porque as obras estaban rematadas, ¿verdade, señora conselleira?

Mentres vostedes facían a foto e felicitaban o 2018, o día 30 de decembro aínda se estaban a instalar algunhas plataformas na ponte de Rande. E, señora conselleira, se a obra estaba rematada o día 30 de decembro, ¿por que eu pasei o día 6 de xaneiro, festivo, e atopei operarios

na obra? (*Aplausos.*), ¿por que eu o día 6 de xaneiro pasei por esa autoestrada e estaban os sinais de obra por todo o tramo?, ¿por que o día 6 eu me acheguei a unha zona e me botaron porque era unha zona restrinxida por obras? Porque estaba a obra rematada, ¿verdade, señora conselleira?

O día 30 a obra non estaba rematada. Vostedes fixeron unha inauguración para que Audasa poida subir as peaxes este ano. ¿Que interese tiñan vostedes en precipitar a inauguración desta obra? En plenas vacacións ou en plenos días de Nadal xuntaron vostedes M. Rajoy, o señor Feijóo, vostede mesma, De la Serna, a presidenta do Congreso, o ministro de Fomento... Todos alí xuntos para facer un simulacro dunha apertura dunha obra que, evidentemente, non estaba inaugurada. Vostedes volvéronse poñer do lado de Audasa para beneficiar os seus intereses, prexudicando así os intereses dos galegos e das galegas.

Señora conselleira, calan diante do espolio e xustifican cada inxustiza. Redondela é un claro exemplo, señora conselleira. De todas as opcións que tiñan vostedes nesa comisión, ¿de todas as opcións vostedes cren que a mellor é subirlles a peaxe a todos os galegos e ás galegas? Esa non é a pregunta...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Cal, grazas.

Terminou o seu tempo. Grazas.

O señor CAL OGANDO: Nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Turno de peche desta pregunta, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Teima nos seus argumentos, señor Cal.

O certo é que —insisto— non lle convenceu a intervención do seu compañeiro pola mañá para que teña que... (*Murmurios.*) Eu aquí non atopo nin peaxes, nin Redondela, pero, en calquera caso, volve confirmar que non lle gustou a intervención do seu compañeiro.

En calquera caso, e pódello confirmar o propio Ministerio de Fomento: hai obras de conservación ordinaria, que se soen facer. Polo tanto, están a facerse, e estaba facéndose (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) a conservación habitual que se soe facer nas infraestruturas e nas obras unha vez rematadas. Polo tanto, conservación ordinaria en vez do que está a dicir vostede.

Dende logo que descoñece absolutamente o traballo dos técnicos e tamén dos empregados públicos pola súa pregunta que temos aquí rexistrada. Estamos a falar dunha obra de enxeñería moi complexa, onde os técnicos analizaron e estudaron moitísimas alternativas, e polo miúdo detectáronse e avaliáronse diferentes alternativas e cumpríronse, por suposto, os protocolos de seguridade, escollendo a solución que se entendeu máis eficiente, compatible e sen ter que cortar o tráfico da ponte de Rande nin un só día. Isto foi o que se adoptou.

E antes de colocar os novos carrís executáronse 80 tirantes —supoño que o saberá—, ampliáronse os dous carrís laterais exteriores, que son 3 quilómetros, os pasos de emerxencias, medidas adicionais, a limitación de velocidade de 80 quilómetros/hora, as colocacións de barreiras dunha altura similar á dun camión para evitar esa sensación que di vostede que existe nos carrís exteriores, que se acorda agora tarde, tarde, mal e arrastro.

Se algún usuario, polo motivo que sexa, quere empregar o carril central ou o carril exterior pode facelo. Iso pode facelo grazas á Xunta de Galicia en colaboración co Ministerio de Fomento. Si, indistintamente, señor Cal, que non se acordou vostede hai tempo cando podía facerse, non unha vez rematada. Porque non sei que día foi o que dixo vostede pero xa era tarde, non, tardísimo. Pode ir polo carril exterior ou polo carril interior independentemente. Iso grazas a que a Xunta de Galicia cando alega, alega con tempo e temos planificación e previsión. Propuxémolo ao inicio das obras.

E insístolle: poderá gustarlle máis ou menos o deseño, pero cumpre a normativa de seguridade, e está creando unha alarma social por creala, ademais verificando o Ministerio de Fomento os requisitos de seguridade.

Eu creo que está poñendo en dúbida a profesionalidade dos técnicos. Non sei se é cousa de criticar os empregados públicos tamén como o alcalde da Coruña e as mareas de Podemos. Eu recoméndolle que se informe máis, dende logo... Xa lle digo: chegan tarde; deben de ter unha vista de lince para anticiparse aos problemas, para resolver problemas.

En calquera caso, por rematar, si que toda precaución aos condutores...

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas...

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): ...que cumpran as normas de circulación e respecten...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira, grazas.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Vale. *(Aplausos.)*

Pregunta de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as xestións realizadas pola Xunta de Galicia desde o 17 de outubro de 2017 para garantir a viabilidade e a continuidade da empresa Maderas Iglesias, S. A., na zona sur da provincia de Pontevedra

O señor PRESIDENTE: Pregunta de don Luís Bará, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, señor presidente. *(Murmurios.) (Risos.)* ¡Alto aí!, calma. Hai que poñer un pouco de emoción a isto.

Ben, grazas, señor presidente. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Risos.)*

Grazas, señor presidente.

Ben, «non vos riades, que o conto é triste», diría Castelao.

Eu, señor conselleiro, veño aquí trasladarlle a preocupación, non xa a preocupación senón a angustia, a desesperación do persoal do comité de empresa, que compartimos desde o BNG, pola situación que está atravesando a empresa Maderas Iglesias, que se dedica —como sabe— ao ámbito da tarima flotante, que foi unha empresa punteira no sector no Estado e en Europa, que tivo máis de oitocentos postos de traballo en 2006, máis de 113 millóns de facturación no ano 2007, e nestes momentos está facturando 16 millóns de euros e viu reducido o seu cadro de persoal a 250 persoas. Aínda así, estamos a falar dunha das empresas máis importantes da zona sur da provincia de Pontevedra, que sabe vostede que no ámbito do sector industrial está especialmente castigada nos últimos anos. Ademais, temos que ter en conta un factor importante que ten: o 80 % do seu emprego son mulleres; emprego feminino que, polo tanto, é moi importante defender.

A situación límite da empresa ten que ver con distintos factores: factores externos, por suposto, polos problemas que se produciron no mercado, na contracción neste sector, e, sobre todo, tamén pola mala xestión do empresario, como o demostran distintos estudos que se fixeron sobre a situación da empresa. E iso a pesar dos enormes sacrificios que fixo o seu cadro de persoal, como xa dixemos aquí no debate que fixemos da PNL, con sete ERE e dous procesos concursais ao longo dos últimos oito anos, soportando abusos e restricións de dereitos por parte do empresario, renunciando a incrementos salariais, para chegar —como dicimos— a esta situación crítica, coa ameaza dun ERE extintivo e ademais con manobras sospeitosas por parte do empresario, descapitalizando a empresa, vendendo a familiares a prezo de saldo bens da empresa e coa desaparición tamén de maquinaria e de material.

E todo isto, o que nos parece grave, coa ausencia, coa pasividade absoluta da Xunta de Galicia, que non estivo presente en todo este proceso ao longo de todos estes anos, e tamén queremos recordarlle, despois de que se aprobase neste pleno unha proposición de lei do BNG, na que se pedía literalmente «instar o Goberno galego a facer xestións ante a propiedade de Maderas Iglesias coa finalidade de procurar a viabilidade e continuidade da empresa» e «velar polos dereitos laborais e polo mantemento do emprego». E vostedes non fixeron nada ao longo de todo este tempo, tiveron que mobilizarse de novo os traballadores e traballadoras no Nadal, vir a este parlamento de novo, presionar nos medios, buscar o apoio das alcaldías, para que vostede se dignase recibilos a semana pasada, é dicir, tres meses despois deste acordo parlamentario —nese tempo non fixo absolutamente nada—. E nesa reunión vostede manifestouse moi sorprendido pola situación da empresa e dixo descoñecer o que estaba pasando nesta empresa. Parécenos, desde logo, moi grave. E por iso, señor conselleiro...,

O señor PRESIDENTE: Formule a pregunta.

O señor BARÁ TORRES: ...este é un tema extraordinariamente urxente, porque o tempo aquí conta moito. Xa sabemos que vostede estivo moi ocupado neste tempo poñéndolles a alfombra a empresas...

O señor PRESIDENTE: Formule a pregunta, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...como Elnosa.

Queremos preguntarlle, señor conselleiro, sobre que xestións fixo ao longo destes anos a Xunta de Galicia e ao longo destes tres meses desde que se aprobou a iniciativa neste Parlamento do BNG por unanimidade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Bará, dous comentarios previos:

En primeiro lugar, compartimos a preocupación —como non pode ser doutra maneira— da situación da empresa, e compartimos a preocupación, loxicamente, dos traballadores. E, nese sentido, trasladeilles, loxicamente, todas as actuacións que levou a cabo a Xunta de Galicia.

Eu o que lamento é que en todo o seu discurso, que eu comparto, no momento en que ten que falar do Goberno automaticamente transforma ese discurso, cualifícao, e simplemente trasladada unha opinión e datos que son incorrectos. Porque non lle podó aceptar que vostede fale da pasividade da Xunta de Galicia, e moito menos lle podó aceptar que vostede fale do descoñecemento deste conselleiro sobre a situación de Maderas Iglesias. E voulo demostrar.

Porque, mire: a Xunta de Galicia está apoiando esta empresa dende o ano 2009, señor Bará. A Xunta de Galicia foi no 2009 cando tivo que intervir por primeira vez, e vostede sábeo. Por iso creo que no debate parlamentario simplemente o BNG se transforma cando ten que falar da Xunta de Galicia, pero transfórmase simplemente para falar de opinións, non para falar de datos concretos. No ano 2009 vostede sabe que a Xunta de Galicia axudou ao refinanciamento desta empresa, e sábeo. E sabe que, efectivamente, lle concedeu un aval, e que grazas a ese aval se puido afrontar o refinanciamento da empresa e, polo tanto, seguir nunha situación de dificultade, pero seguir coa actividade da empresa.

A Xunta de Galicia ten recoñecido en todo momento aos traballadores de Maderas Iglesias o seu compromiso e a súa profesionalidade. E dende o ano 2009 a estes momentos estamos ao seu lado porque somos conscientes de que a situación é de enorme dificultade.

Señor Bará, cando este parlamento tomou esa decisión, a Xunta de Galicia xa estaba traballando para aprobar unha modificación do aval do Igape e, polo tanto, contribuír coa súa decisión, no mes de novembro do ano 2017, a que os traballadores puideran recibir o pagamento das nóminas. Esta xunta de Galicia, tanto o Igape como a Secretaría Xeral de Emprego, no mes de decembro reuniuse cos traballadores. Eu persoalmente reuníme o martes da semana pasada co comité de empresa e reuníme esta mesma semana co propio administrador. Polo tanto, a Xunta de Galicia está a traballar.

O que non pode facer este goberno, señor Bará, é nin impoñer unha solución, nin tampouco asumir unha situación que non sexa sustentable, como, por certo, fixo o BNG con Alfageme, que malgastou...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): ...e derrochou 32 millóns de euros cun aval que sabían que non era viable.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Señor conselleiro, non son opinións, son feitos, e vostede acaba de confirmalos aquí. Efectivamente, hai un aval do Igape, e nós non os negamos. Pero o que lle estamos dicindo é que vostede nestes tres meses non moveu un dedo; estaba moi ocupado en defender os intereses de Elnosa, (*Aplausos.*) vostede e dous conselleiros máis. Tres conselleiros do Goberno para defender a empresa Elnosa, para forzar a lei, para beneficiar esta empresa. Mentres que están deixando que se vaia a pique Madeiras Iglesias, que ten cinco veces máis postos de traballo que Elnosa. Polo tanto, dedíquense ao que se teñen que dedicar.

Efectivamente, como ten o aval do Igape, están vostedes comprometidos no futuro desta empresa, na viabilidade desta empresa, porque puxeron cartos públicos nela e porque teñen, ademais, a obriga de defender o emprego industrial e a viabilidade desta empresa, que ten viabilidade no sector, e así o din os estudos. Porque a pesar da mala xestión é unha empresa que ten experiencia, que ten coñecemento do sector, que ten un cadro de persoal moi comprometido e que pode ser absolutamente viable.

E, desde logo, hai que facer cambios estruturais na empresa, hai que renegociar a débeda, e vostedes teñen que reunirse con todas as partes. Pero non reunirse á última hora porque non lle quedou máis remedio, como fixo vostede ou como fixeron no Igape, senón implicarse de verdade co empresario, cos acredores e tamén co cadro de persoal. E, ademais, teña en conta unha cousa que é moi importante: o tempo neste caso é ouro, estamos contra o reloxo, non poden andar a paso de tartaruga como están intervindo vostedes neste tema. Polo tanto, implíquense, póñanse a traballar, póñanse as pilas e busquen unha solución porque poden e deben facelo, é a súa obriga.

E teñan en conta unha cousa: se esta empresa ten que pechar, será unha catástrofe para o sector industrial da zona sur de Pontevedra, xa devastado pola crise e pola deslocalización, pero será, sobre todo, un drama social e humano para máis de duascenas familias que teñen esta espada de Damocles pendendo das súas cabezas.

Polo tanto, señor conselleiro...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor BARÁ TORRES: ...actúen xa dunha vez neste tema.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche desta pregunta, señor conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Eu constato que falar co BNG de emprego e de industria é un eufemismo. E laméntoo profundamente, porque son simplemente vostedes partidarios; parece que vostedes teñen a lista dos proxectos que teñen que saír adiante e dos proxectos que non teñen que saír adiante. E, polo tanto, Elnosa hai que pechalo e Madeiras Iglesias hai que defendelo. Mire: nós defendemos a todos, ¡a todos!, señor Bará (*Aplausos.*); defendemos a Elnosa, defendemos a Madeiras Iglesias e defendemos o emprego e a industria en Galicia. Isto non é un tema ideolóxico, é un tema de economía, de emprego e de industria. E cando veñan con este debate á Cámara, loxicamente, poderemos falar en serio.

En calquera caso, o que xa lamento é que simplemente non escoiten o Goberno. Eu trasladeille que este goberno, no mes de outubro e no mes de novembro, estivo renegociando as condicións do aval coa empresa e, polo tanto, xa estivo actuando precisamente para garantir a viabilidade da empresa. E esa modificación do aval adoptouse no mes de outubro. Que vostede non o crea, pois eu laméntoo. Polo tanto, este goberno dende o mes de outubro xa está traballando coa empresa.

Este goberno estivo traballando cos propios traballadores, ofrecéndolles a mediación, ofrecéndolles loxicamente todo o soporte. E este goberno está traballando dende hai meses coa propia empresa, para poñer á súa disposición todos os requirimentos que poidan permitir a viabilidade da empresa.

Eu o que espero do Bloque Nacionalista Galego é que non pretendan que o Goberno imponha unha solución, espéroo. Porque, loxicamente, como vostede sabe, calquera solución para Maderas Iglesias —os traballadores sábeno, o Goberno sábéo e a empresa sábéo, parece que o BNG non o sabe— vai depender precisamente do diálogo, do consenso, entre os acredores, a empresa, a administración e os propios traballadores. E este goberno está traballando nesa dirección, intentando promover un acordo entre todas as partes para garantir a viabilidade.

Señor Bará, os traballadores o que non precisan é que vostede veña a esta cámara simplemente á confrontación. O que precisan os traballadores é que veña vostede a esta cámara falar en serio da viabilidade da empresa e que non veña falar simplemente dos proxectos que lle gustan e dos que non lle gustan. E se centra aí o debate, creo que aí, dende logo, lles estará facendo un favor aos traballadores e ao Goberno, porque o Goberno —como lle dicía— está tomando a iniciativa, está traballando coordinadamente cos traballadores, coa propia empresa, e tamén estamos en contacto, señor Bará, cos acredores, porque nesa variable é onde está o futuro da empresa.

Eu espero que, sinxelamente, o BNG —como lle trasladaba na pregunta anterior— non veña aquí plantar unha solución tipo Alfageme, porque vostedes sabían a situación que tiña Alfageme, deron o aval con toda a irresponsabilidade de 32 millóns de euros, que os galegos tivemos que pagar euro a euro, por unha irresponsabilidade do Bloque Nacionalista Galego.

Polo tanto, esa non é a posición do Goberno, esa non é tampouco, señor Bará, a posición dos traballadores; non a é porque eu falei cos propios traballadores. E, dende logo, a Xunta de Galicia vai actuar con responsabilidade, porque, efectivamente, nós somos responsables de xestionar os cartos de todos os galegos. Polo tanto, imos traballar para que haxa un plan de negocio realista, para que haxa un diálogo fluído, e, dende logo, nós trasladámoslle á empresa a súa responsabilidade de atopar unha solución...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): ...e, dende logo, trasladámoslle a posición do Goberno para darlle toda a axuda que precise, tanto á empresa como aos traballadores.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D^a María de la Concepción Burgo López e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para recuperar as dúas pías medievais pertencentes á igrexa de San Xián de Moraime, no concello de Muxía

O señor PRESIDENTE: Pregunta de dona Concepción Burgo, do Grupo Parlamentario Socialista.

A señora BURGO LÓPEZ: Moita grazas, señor presidente.

Permítanme que comece dicindo e lembrando que un día como hoxe, 24 de xaneiro, de fai corenta e un anos se produciu a matanza de Atocha. (*Aplausos.*) Creo que non está demais lembralo agora que imos falar da familia Franco, porque a ditadura de Franco morreu matando, como se demostrou aquí, e porque ademais de bens, a familia Franco, a ditadura de Franco, usurpou vidas de persoas.

Pero hoxe o que queremos falar é duns bens, uns bens que foron expropiados pola familia Franco, porque non soamente é o pazo de Meirás e as esculturas do Pórtico. Neste caso son dúas pías de pedra medievais, seguramente do século XII: unha pía bautismal e outra de auga bendita, que estaban na igrexa de San Xián de Moraime, no concello de Muxía.

Sabemos que sobre 1960-1961 Carmen Polo, muller do ditador Franco, pasou por Moraime e encaprichouse das pías, e sen máis levounas. Sabémolo porque hai unha acta notarial de 1980 onde o párroco de Moraime nese momento, en 1960, o relatou. Di exactamente esta declaración notarial —está en castelán—: «*Alrededor de 1960, doña Carmen Polo de Franco, esposa del entonces jefe del Estado, visitó la parroquia de San Julián de Moraime y pidió las dos pilas descritas para llevarlas al pazo de Meirás, advirtiéndole al párroco que obtuviera los correspondientes permisos*». Fago un inciso: isto quere dicir que Carmen Polo sabía que debía pedir un permiso, sabía o que estaba facendo. Cerro o inciso, e di a acta notarial: «*Al día siguiente de la petición apareció en la parroquia un camión cuyos ocupantes manifestaron que venían por encargo de la aludida señora para llevar las pilas, lo que así hicieron, no habiendo dejado, por tanto, tiempo para obtener los permisos. Don José Barrientos, el párroco en aquel momento, permitió entonces la actuación de los ocupantes del camión*». Cousa que a todos nos parecerá, dada a época, que era normal. Foi chamado polo arcebispo de Santiago e o vigairo, que non estaban de acordo con dar ese permiso, pero non houbo maneira de negalo, e din o arcebispo e o vigairo que: «*deciden no reclamar en este momento las pilas dada la identidad de la persona*».

Ben, isto, que pode ser entendido en 1960, non pode ser entendido no ano 2018. Estas pías pertencen á igrexa de Moraime, ao concello de Muxía, e como tal...

O señor PRESIDENTE: Formule a pregunta, por favor.

A señora BURGO LÓPEZ: ...teñen que volver.

Polo tanto, a pesar de que son da Igrexa, creo que ten que dicir algo tamén a Consellería de Cultura ao respecto, e direino tamén no segundo turno.

Grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Burgo.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moi boas tardes, señor presidente.

Señora deputada, quizais polo afán de manter o foco parlamentario sobre a familia Franco —cuestión que aconteceu no pasado período de sesións, e que nos parece moi ben— haxa un esquecemento pola súa parte de dúas cuestións, dunha serie de cuestións que entendemos que son moi relevantes en relación coas dúas pías medievais que vostede cita aquí, pertencentes á igrexa de San Xián de Moraime:

O primeiro que hai que apuntar é que, segundo a información que chegou aos nosos días — e que vostede tamén citou aquí—, é que as pías foron retiradas do seu emprazamento orixinal na igrexa arredor do ano 1945, aproximadamente. Algunhas testemuñas apuntan que foi o párroco o que decidiu cambiar as pías bautismais e trasladar as pezas orixinais ao patio da casa reitoral.

A Xunta coñece —vostede tamén o puxo enriba da mesa— pois a existencia dun documento notarial no que se explica que arredor do ano 1960 houbo unha visita á igrexa da esposa do ditador, e que a instancias de Carmen Polo as pezas foron trasladadas, para o que se recomendou —vostede citouno tamén— a obtención dos oportunos permisos. O mesmo documento expón que, tras permitir a retirada das pezas, o párroco informou o arcebispo de Santiago de Compostela, e ao parecer, nese momento, pois a igrexa católica, como propietaria das pías, non adoptou ningunha medida.

As pezas estaban inventariadas, efectivamente, pola igrexa católica, mais non estaban incluídas naquel momento en ningún catálogo ou en ningún inventario de bens mobles; bens mobles protexidos polo seu valor cultural.

Tamén hai que sinalar que as pezas naquel momento non estaban singularmente protexidas —xa que foron retiradas antes de 1972— ao non formar parte de ningún ben inmovible protexido. Hai que ter en conta que este mosteiro e a súa igrexa foron declarados conxunto histórico polo Decreto 2641, do ano 1972, do 18 de agosto, e, polo tanto, ten a consideración de ben de interese cultural a posteriori desta data, estando sometido ao réxime xurídico de protección que para estes bens establece tanto a lei estatal do ano 1985 como a lei autonómica do ano 2016.

Neste contexto cremos que a Xunta debe manter unha actitude prudente, e xa, como aconteceu noutros casos, respectar que sexa a lexítima propietaria destas pezas a diocese de Santiago de Compostela, que é a propietaria orixinal, a que decida se executa ou non unha reclamación aos herdeiros da familia Franco. De facelo así, a Xunta de Galicia —e houbo casos recentes— por suposto que apoiará neste caso a igrexa católica como lexítima propietaria para reclamar uns bens —enténdese da igrexa— que foron subtraídos dun xeito absolutamente irregular, cousa que, por certo, tamén fixemos nun caso semellante, aínda que non idéntico, respecto do Concello de Santiago, cando está reclamando as estatuas do mestre Mateo que no seu momento foron subtraídas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señora Burgo.

A señora BURGO LÓPEZ: Grazas, señor presidente.

Que son da Igrexa católica está probado polos libros de fábrica, que a Igrexa católica ten que facer algo, non me cabe dúbida, pero agora con quen estou falando é co conselleiro de Cul-

tura, que tamén ten unha responsabilidade neste asunto, señor conselleiro, porque vostede é o maior garante deste país da protección e da conservación do patrimonio artístico. Eu quero pensar —e, se non, preguntolle— que a vostede lle preocupará como conselleiro de Cultura, e como home culto tamén, que estean en mans de quen non debe unhas pezas medievais. Preocuparalle, e, se lle preocupa, creo que o mínimo é falar na Comisión Mixta Xunta-Igrexa Católica, que acaba de constituírse, deste tema. Se a Igrexa católica quere facer algo, creo que é a súa obriga colaborar, e, se non quere facer nada, creo que aínda vostede ten maior responsabilidade, que é a de convencer a Igrexa católica de que ten que facer algo. O que vostede non pode é poñerse á marxe dun problema desta envergadura, señor conselleiro, porque este non é soamente un problema dun propietario privado, este é un problema de interese xeral. Esta é unha propiedade de todos os habitantes e veciños de Muxía, de Moraimo, e, por extensión, de todos os galegos e de todos aqueles que estamos cercanos e queremos defender o patrimonio cultural.

Por iso vostede non pode poñerse á marxe, como parece que está dicindo, e non pode poñerse á marxe, señor conselleiro, nin sequera se a Igrexa non quere facer nada. É a súa obriga falar coa Igrexa e establecer —dende o meu punto de vista— unha estratexia para que a familia Franco, por unha parte, non poida seguir á marxe da lei, como estivo en moitas cousas, e segue estando despois de oitenta anos, e non poida manterse á marxe da conservación e da salvagarda, señor conselleiro, dun patrimonio moi importante para todos os galegos e todas as galegas.

Polo tanto, ten que facer algo, señor conselleiro. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Burgo.

Peche desta pregunta, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Efectivamente, señora deputada, son moi lexítimas as críticas e as opinións; sen dúbida, son moi lexítimas, pero os feitos que vostede aquí describe son previos a que este ben tivese algún tipo de protección cultural, e por suposto anteriores a que a Xunta de Galicia asumise as competencias en materia de patrimonio cultural, de moito antes. Estamos a falar dunhas pezas que non son propiedade da Administración autonómica, senón que o seu lexítimo propietario, hipoteticamente..., bueno, hipoteticamente non, foi no seu momento a Igrexa católica, e, obviamente, se a Igrexa católica, a través da diocese e da parroquia, quere iniciar un procedemento para recuperar e reclamar esas pezas, igual que se fixo co Concello de Santiago, a Xunta de Galicia vaina apoiar absolutamente, pero iso correspóndelle ao lexítimo propietario, que neste caso é a Igrexa católica.

Obviamente, como xa dixen, de poder xustificar e probar que non existe ou que non existiu no seu momento unha doazón máis ou menos legal, discutible ou non á familia Franco, pois as pezas retornarían a ser propiedade da diocese e da parroquia, que, obviamente, tería que decidir sobre a súa localización. Pero, claro, aquí parece que estamos falando do que nos interesa só, señora deputada, e vostede, na súa exposición de motivos, fala dun particular que fixo unhas protestas, que fixo unha serie de alegacións. A verdade é que estes feitos foron

denunciados por un particular, efectivamente. Pero non é menos certo —e tamén é certamente sorprendente que vostede non o cite— que o expediente que se abriu con base na denuncia deste particular foi pechado no ano 2007; é dicir, pechouse e arquivouse o expediente, por certo, por instancia do particular.

Claro, dá a sensación de que agora lle interesa moito este asunto, neste caso, ao Partido Socialista, e de que no ano 2007 non lle importaba nada, porque lle recordo que no ano 2007, aínda que vostedes non dirixían esa área, que era unha área do BNG, vostedes naquel momento pecharon unha reclamación dun particular orientada, precisamente, a que estas pezas volvesen pasar á Igrexa católica.

Co cal, señoría, eu creo que a posición da Xunta é moi clara, é moi diáfana, e é simplemente respectar a decisión dos lexítimos propietarios. E se o lexítimo propietario —que é a Igrexa católica— quere recuperar eses bens, por suposto que a Xunta, na medida das súas posibilidades, lle vai axudar no que poida, igual que fixemos e estamos a facer cun caso, como xa dixen antes, semellante, aínda que diferente, respecto do Concello de Santiago coas estatuas do mestre Mateo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Debatemos agora de xeito acumulado tres preguntas, unha do Grupo Parlamentario Socialista, outra do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e outra do Grupo Parlamentario Popular.

Pregunta de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e catro deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que ten previsto adoptar o Goberno galego para preservar o patrimonio artístico, documental e bibliográfico do Centro Gallego de Buenos Aires

Pregunta de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que adoptou ou prevé adoptar a Xunta de Galicia para garantir a titularidade galega do patrimonio cultural do Centro Galego de Bos Aires, así como para a súa protección e posta en valor

Pregunta de D^a Raquel Arias Rodríguez e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto da situación actual do Centro Galego de Bos Aires

O señor PRESIDENTE: Formula a pregunta, en primeiro lugar, don Juan Manuel Díaz Villoslada, do Grupo Parlamentario Socialista.

Cando queira.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Grazas, presidente.

Señor conselleiro de Cultura, como sabe perfectamente, na asemblea extraordinaria celebrada o pasado 18 de decembro de 2017, os socios do Centro Galego de Bos Aires decidiron autorizar o inicio de conversas para a próxima venda do edificio histórico e da xestión sanitaria á sociedade formada polo grupo español Rivera Salud e pola Fundación Favalaro.

Fundado en 1907, o Centro Galego de Bos Aires podemos dicir que quizais sexa o máis senlleiro centro da diáspora galega no mundo. Ademais das súas instalacións sanitarias e cirúrxicas —onde faleceu, por certo, Castelao en 1950—, o centro conta cunha importante biblioteca, unha importante fonoteca, o teatro Castelao e unha pinacoteca, con obras de pintores galegos de alto valor artístico e patrimonial, desde Seoane, Castelao, Laxeiro, Sotomaior, Maside ou Colmeiro, entre outros moitos.

En 1933 —e hai que lembralo— os seus asociados manifestaron publicamente o seu apoio á autonomía galega, apoio reiterado en xuño de 1936, como ben nos lembra o propio Consello da Cultura Galega.

Nos anos sesenta, a mutual chegou a contar con máis de 100.000 asociados. E en 1990 o Goberno galego concedeu a Medalla de Ouro de Galicia por todo o seu labor ao longo da historia e por manter viva a representación de Galicia no exterior.

Tras máis de cinco anos de intervención desta entidade por parte das autoridades arxentinas, por mor da súa grave crise económica e asistencial e logo das sucesivas achegas da Xunta de Galicia, asistimos a unha posible venda do Centro Galego de Bos Aires que pode poñer en risco non só o valor inmaterial e afectivo que este centro representa para a nosa emigración, senón que xera tamén preocupantes incertezas na asistencia sanitaria aos seus asociados, e, polo que agora nos toca, señor conselleiro, na preservación deste importante patrimonio cultural, que contén vencellada con intensos lazos a colectividade na Arxentina, transcendendo as súas fronteiras.

O propio Plenario do Consello da Cultura Galega, como sabemos, na súa sesión do pasado día 9 de xaneiro deste ano 2018, con asistencia, por certo, do presidente da Xunta, e con base no disposto nos artigos 27 da Lei de galeguidade e no artigo 4 da Lei do patrimonio cultural de Galicia, vén de propoñer que se adopten todas as medidas que resulten precisas para salvagardar a integridade deste legado, outorgándolle a consideración e protección xurídica e institucional, análoga á que tería de estar ubicado no territorio de Galicia.

Señor conselleiro de Cultura, non só está en xogo un legado cultural, senón, precisamente, a memoria histórica das galegas e dos galegos emigrados, e por iso, desde o Grupo Parlamentario Socialista lle preguntamos: aínda que esas conversas, esas negociacións, non están aínda claras, pero pode ser a oportunidade de facer este traballo, ¿que medidas ten previsto adoptar ou está xa adoptar o Goberno galego para preservar este importante patrimonio artístico, documental e bibliográfico que contén o Centro Galego de Bos Aires?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Díaz Villoslada.

Formula agora a pregunta dona Olaia Rodil, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas, e boa tarde, señor Rodríguez.

Desde o Bloque Nacionalista Galego tamén quixemos preguntarlle hoxe polo futuro, como xa se explicaba agora, dun dos emblemas da diáspora, casa da emigración e do exilio galego na Arxentina; un lugar fundamental na historia deste país e para a colectividade galega na outra banda do Atlántico.

O futuro do Centro Galego de Bos Aires é cada vez máis incerto —tiñamos novas recentemente—, e con el o futuro, como tamén se dicía, do patrimonio cultural, que garda cadros, esculturas, antigüidades, unha importante biblioteca, fotografías, arquivos sonoros e documentais; un conxunto fundamental para coñecer e comprender a nosa historia, a deste pobo, desde comezos do século XX, e especialmente a partir de 1936.

Aínda que moitas veces se poña o foco nos inmobles, nos cadros, non son só obras pictóricas. Falamos dun importantísimo fondo documental, fotográfico e sonoro, no que se atopan rexistradas conferencias de Blanco Amor, Otero Pedrayo, Risco ou Castelao. O Centro Galego garda unha parte fundamental e inmensamente valiosa da memoria do galeguismo e do nacionalismo deste país.

O que vai acontecer co Centro Galego, co seu patrimonio cultural, co futuro dos servizos asistenciais e sanitarios que presta, preocupa na Arxentina a colectividade galega, máis tamén a Galiza territorial, no só ao Bloque Nacionalista Galego, senón tamén a institucións estatutarias —xa se falaba con anterioridade—, que se pronunciaron ao respecto recentemente, como o Consello da Cultura, que, ao igual que queremos facer hoxe nós, lle lembran á Xunta de Galiza a súa obriga legal; obriga legal disposta no artigo 4 desa Lei de patrimonio, que os obriga a protexer o patrimonio no exterior, especialmente o localizado e radicado en Latinoamérica, e nese artigo 27 da Lei de galeguidade, no que se contempla mesmo o traslado a Galiza daquel patrimonio que de forma especial —caso do documental, sonoro e inmaterial— así o requira para a súa conservación e preservación. Recae, polo tanto, esa obriga de protexelo, de salvagardalo, de conservalo, de difundilo e de poñelo á disposición para o seu estudo e coñecemento, alén e aquén mar, tamén na Xunta de Galiza.

Por iso nós queremos preguntarlle hoxe, conselleiro, que van facer para protexelo, para conservalo, se mantiveron algunha reunión, algún encontro con representantes non só da directiva do centro, senón tamén das autoridades arxentinas e cal é a proposta que están a defender vostedes para dar cumprimento ás súas obrigas legais.

Vostedes dixeron, ao longo dos acontecementos que se foron sucedendo, que actuarían no caso de que o patrimonio do centro estivese ameazado. Nós cremos que o está, e agora queremos saber que van facer vostedes ao respecto. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Formula agora a pregunta dona Raquel Arias, do Grupo Parlamentario Popular.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde, conselleiro.

A débeda de Galicia cos emigrados é innegable. A interdependencia emocional, cultural e económica entre galegos, residan onde residan, mantívose, mantense e de seguro se vai manter no tempo, independentemente do espazo.

Arxentina, e nomeadamente Bos Aires, é, ademais, un lugar especial nesta interdependencia, e os centros galegos, que en todos os sitios do mundo son un punto de referencia fundamental para os emigrados, sono, se cabe máis, en Bos Aires.

O Centro Galego de Bos Aires é referente especial, talvez por ter sido un referente da emigración no eido da sanidade, cando en 1907 se fundou e lle deu esa parte asistencial que doutro xeito os emigrados alí non terían. Éo tamén por chegar a ter, nos momentos de esplendor, arredor de 120.000 socios, aínda que nestes momentos son só 6.000 os que quedan; e, deles, preto de 700, son os únicos que son galegos.

Pero quizais unha das máis importantes razóns deste carácter especial que ten o Centro Galego de Bos Aires sexa a inmensa aportación á galeguidade, á cultura e á historia de Galicia que fixeron os emigrados galegos que alí coincidiron ou que por alí pasaron; entre eles, cítanse e cóntanse ilustres intelectuais como Otero Pedrayo, Cunqueiro e Blanco Amor, dos que temos a voz reservada en arquivos sonoros que ten o propio centro, e dos que tamén temos o arquivo fotográfico. Obras de escritores como Castelao, Cabanillas ou Vilar Ponte, entre outros, que conforman parte deses 20.000 volumes que ten a biblioteca do Centro Galego de Bos Aires, sen contar —ou contando tamén— cadros dos persoeiros máis importantes como Seoane, Laxeiro, Maside, Dolores Freixas; e, ademais, numerosas obras escultóricas.

Unido a todo iso tamén está a colección de partituras musicais orixinais e mesmo a colección enteira da revista que alí se edita dende 1913 ata o día de hoxe; obras moitas delas que foron adquiridas e outras que foron doadas, pero que están alí e que forman parte da nosa cultura, da nosa historia.

Sabemos do interese que con nós comparte a Xunta de Galicia, que comparte tamén —xa se dixo aquí— o Consello da Cultura Galega e que comparten os grupos que aquí formularon a súa pregunta. Sabemos que dende o presidente ata vostede mesmo e o secretario xeral de Emigración se interesaron por este tema, pero queremos que hoxe aquí, en sede parlamentaria, nos conteste: ¿como valora o Goberno galego a situación actual na que se atopa o Centro Galego de Bos Aires? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Arias.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, estamos falando dunha das entidades máis emblemáticas da nosa emigración, da nosa diáspora, como é o Centro Galego de Bos Aires; unha entidade, unha institución, que leva aproximadamente 110 anos, que comezou a andar no ano 1907, o 2 de maio, é dicir, hai máis de 110 anos, e que naquel momento tiña un clarísimo obxectivo, que era cubrir as necesidades das sociedade galega, dos galegos que estaban en Bos Aires, que tiñan unha especie de debilidades, xa que non había asistencia sanitaria e, obviamente, había unha serie de problemas que este centro paliou en gran medida.

Dende o primeiro momento esta institución o que fixo foi contribuír a paliar as dificultades —moi serias dificultades— ás que se enfrontaban unha parte significativa dos emigrantes galegos que naquel momento estaban na capital do río da Plata. E a verdade é que foi tamén grazas á colaboración social e ao pulo da emigración galega naquel momento como se foi construíndo unha institución, unha entidade, dunha enorme relevancia. A súa aportación á galegitude, neste caso en Bos Aires, é inmensa, ten tido moitos recoñecementos, e sobre todo o máis importante é que é unha entidade senlleira, neste caso en Arxentina e en Bos Aires.

Esta entidade —tamén é coñecido, citouse aquí— non só se limitou a prestar servizos asistenciais ou servizos sanitarios, senón que tamén traballou dun xeito decidido no eido cultural; no eido cultural no máis amplo senso da palabra, que foi albergando ao longo da súa historia un importante patrimonio pictórico, artístico, bibliográfico e documental, que, sen dúbida, é básico para comprender a nosa historia contemporánea nun período onde Galicia, por desgraza, non gozaba das cotas de liberdade e de progreso que ten a día de hoxe.

Obviamente, este goberno, a Xunta de Galicia —non hoxe, senón calquera Xunta de Galicia e calquera goberno de Galicia—, recoñeceu sempre o enorme papel, o gran traballo feito por esta institución. Obviamente, tamén é certo que —e creo que non digo nada novo, que hai que dicilo— hai que, dalgún xeito, centrar ben do que estamos a falar para non levarnos a equívocos ou para, dalgún xeito, non errar na diagnose e, por tanto, errar tamén na solución.

O interese e a preocupación do Goberno galego polo patrimonio cultural desta entidade ten sido evidente ao longo dos anos da nosa autonomía tamén. Despois do actual proceso de intervención, que tivo lugar no ano 2012, os responsables de Emigración da Xunta de Galicia —todos os responsables de Emigración da Xunta de Galicia— reuníronse —tamén os delegados da Xunta de Galicia en Bos Aires— cos interventores deste centro, e sempre, en todas as ocasións, manifestaron unha preocupación pola situación, neste caso, do patrimonio artístico e cultural e tamén unha disposición plena a colaborar co Centro Galego, cos seus propietarios, para poder dinamizar, pór en valor e conservar todo este amplo e rico patrimonio.

Nesta liña hai moi pouco o propio presidente da Xunta trasladoulle persoalmente estas mesmas ideas ao presidente da República Arxentina, ao señor Mauricio Macri, e tamén, recentemente, o propio presidente ao embaixador do país en España.

Pero non debemos esquecer unha cousa que é moi importante, non a debemos esquecer: que todo este proceso se está resolvendo noutro país e que todos os elementos culturais dos que estamos a falar —que son moi importantes desde o punto de vista cultural para Galicia— están sometidos, neste caso, a unha lexislación estranxeira —por dicilo dun xeito rápido—, pese a que, obviamente, teñen para nós unha significancia, sen dúbida, importantísima.

Dáse, ademais, o feito de que a lexislación arxentina no eido do patrimonio é semellante á española; é bastante garantista en todo o que ten que ver coa protección do patrimonio e en todo o que ten que ver con aqueles elementos de interese artístico e cultural; obviamente, cunha razón que todos compartiremos, que é protexer e manter o seu patrimonio no seu territorio, pese a que sexa patrimonio que, desde o punto de vista cultural, para os galegos poida ter e teña unha significancia cultural e histórica significativa.

Dito isto, o Goberno galego —tamén o temos dito— respecta absolutamente a vontade dos galegos de Bos Aires que están dentro do Centro Galego. Creo que é algo que tamén aí compartiremos todos. Despois de 110 anos xestionando e prestando un servizo a milleiros de galegos atópanse agora nunha situación ben difícil. Pero son eles, os galegos de Bos Aires, os que dalgún xeito teñen ou lles corresponde velar e ter en consideración as referencias culturais do Centro Galego. Os galegos de alí téñeno dito: queren seguir mantendo o valor patrimonial, os bens patrimoniais, ao seu amparo, dentro do seu amparo. Por suposto, a Xunta de Galicia vai respectar absolutamente esa decisión dos galegos que están dentro do Centro Galego; ao revés —compartirano comigo— sería faltarlles ao respecto aos galegos que están neste momento vivindo en Bos Aires, vivindo en Arxentina. Co cal, respectamos absolutamente a vontade destes galegos de seguir xestionando este valor cultural.

Obviamente, tamén quero deixar moi claro que o Goberno galego non está á marxe destes acontecementos e que está moi atento a todos os pasos que se están dando neste proceso de negociación, por suposto, para actuar en caso de que este importantísimo patrimonio cultural chegue realmente a estar ameazado ou chegue a estar fóra da xestión directa dos galegos de Bos Aires.

Por suposto, quero insistir en que imos respectar sempre a decisión dos galegos de Bos Aires, dos emigrantes de Bos Aires, porque son os seus propietarios. E tamén vostedes saben que houbo unha reunión en decembro do pasado ano na que se adoptaron unha serie de decisións no eido económico e de condicións de venda —nas que, obviamente, non imos entrar, xa que estamos falando doutras cuestións—, pero no eido específico dos bens bibliográficos, artísticos e documentais a propia Asemblea de Socios do Centro Galego plantexou que estes bens culturais se mantivesen na xestión directa, neste caso, dos herdeiros galegos e dos propietarios galegos que están en Bos Aires.

Por iso creo que os galegos que están neste centro quixeron deixar dende o primeiro momento moi claro —e así o manifestaron dende o principio— ao futuro comprador —en caso de que se produza a venda—, sexa quen sexa, que queren seguir mantendo a xestión directa, a propiedade directa e a responsabilidade directa sobre os bens culturais e patrimoniais desta entidade. E, obviamente —tamén é certo que están nun proceso negociador e nese proceso negociador sempre hai tiras e afrouxas—, van ter o apoio, neste caso, da Xunta de Galicia en caso de que este proceso non chegue a bo porto.

En definitiva, señorías, os galegos de alá, de Bos Aires, anunciaron claramente a todos aqueles que os queiran escoitar que van defender ata o final o seu obxectivo de lograr un espazo que aglutine, preserve e permita gozar a todos os galegos do rico patrimonio cultural: cadros, esculturas, gravacións, pezas bibliográficas, etc. E dende a Xunta de Galicia dicimos claramente que temos un seguimento constante desta negociación. Hai un coñecemento constante dos pasos que se están dando a través do delegado da Xunta e a través do secretario xeral de Emigración. Por suposto, imos respectar absolutamente a decisión dos nosos irmáns de alá, dos galegos de Bos Aires, e imos contribuír a salvagardar os valores culturais do Centro Galego —bibliográficos, pictóricos, artísticos e documentais—, porque somos conscientes —e creo que todos coincidiremos— de que unha parte significativa da nosa historia e da nosa cultura está aí depositada. E se está aí depositada ou está en mans de galegos é coma se estivera en Galicia, porque Galicia é moito máis que as catro provincias nas cales temos a sorte de vivir os galegos que estamos aquí. Tamén en calquera cidade —Bos Aires ou calquera outra cidade— onde haxa galegos que se sintan galegos e respecten a nosa cultura aí está Galicia, e eles queren seguir mantendo dentro da súa Galicia o seu rico patrimonio cultural.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Si, señor conselleiro, precisamente porque Galicia non se limita ás catro provincias é polo que eu creo que traemos esta pregunta os diferentes grupos parlamentarios á Cámara.

Evidentemente, dámonos conta de que estamos nun ámbito das relacións internacionais — estamos operando con lexislación arxentina—, de que parece que —polo que nos di— hai conversas do presidente Feijóo co Goberno Macri e de que hai colaboracións entre as embaixadas. Aproveitemos esas especiais relacións que hai coa República Arxentina para facilitar todas esas cuestións.

Eu non creo, señor conselleiro, que esteamos aquí plantexando faltarlles ao respecto, precisamente, aos nosos irmáns galegos e galegas de Arxentina cando o que estamos é demandando e poñendo encima da mesa a problemática de axudarlles a defender este patrimonio. Nas condicións, precisamente, que estaban impoñendo os socios no proceso de venda, como creo que dalgunha forma relataba, eles estaban incluso establecendo a necesidade de que a entidade compradora cedera como dato gratuíto e permanente precisamente á mutual todo o fondo patrimonial. Eu creo que, precisamente, a lexislación propia de Galicia nesta materia —como o é tanto a Lei de galegitude como a Lei de patrimonio cultural de Galicia— está establecendo un plus de obriga ao Goberno galego tamén nesta ocasión.

Nese sentido, eu creo que precisamente o que ten que facer o Goberno galego é non estar só atento, senón que ten que aproveitar esta oportunidade para poder rexer este proceso de negociación e fortalecer as condicións nas que os nosos irmáns en Bos Aires poidan asegurar

a conservación para eles e para o conxunto do patrimonio de Galicia, que non está só dentro das nosas fronteiras, precisamente, deste amplo patrimonio.

É unha cuestión persoal, pero durante as festas deste Nadal o meu sogro —que estivo traballando naqueles anos, durante dez anos, na década dos cincuenta, en Bos Aires, e eles sentíanse acollidos pola mutual— díxome unha cuestión que creo que temos que ter en conta —el xa está aquí—: o único que esperamos...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: ...é que non se trate dun pelotazo en plena avenida Belgrano.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: É unha cuestión a ter en conta, conselleiro. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Díaz Villoslada.

Réplica, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, conselleiro.

Eu imaxino e case dou por certo que vostede sabe que romperon as negociacións entre a empresa que estaba interesada en mercar o Centro Galego de Buenos Aires e as representantes, as distintas figuras e os distintos axentes que estaban inmersos nese proceso de negociación, e que esa situación —que tampouco imos analizar aquí nós agora— aboca, en boa medida —e así o afirmaban os representantes da comisión desa directiva do Centro Galego, que facían parte do proceso de negociación—, na quebra do centro. E xa digo que non imos analizar aquí nós agora polo miúdo, ou debruzar polo miúdo, a situación económica do centro, pero o que é certo é que esa ruptura nas negociacións, neste caso con Ribera Salud, o que nos sitúa é nun punto, se non crítico —no que nos acolle aquí hoxe, que é o futuro dese patrimonio—, moi complexo, polo que supón, de que ese patrimonio, como outras cuestións que conforman o Centro Galego, pode pasar a mans dos acredores ou mesmo do Goberno arxentino porque, como vostede xa indicaba tamén nas intervencións anteriores, o Goberno arxentino interveu o Centro Galego de Bos Aires no ano 2012.

Nós, nese sentido, preguntámonos e insistimos na pregunta que formulabamos; é dicir, ¿cales son as propostas que ten o Goberno galego diante deste escenario para garantir, por exemplo, que se respecte a vontade das persoas, das galegas e dos galegos, que integran ese Centro Galego de Buenos Aires, que o patrimonio non se disperse, que quede todo xunto, e que poida ser musealizado quizais? ¿Hai algunha proposta? ¿Ten algunha proposta o Goberno galego para musealizar ese patrimonio? ¿Teñen algunha proposta para salvagardar a súa integridade, para conservalo, para protexelo, para poñelo en valor?

Nós pedirémoslle —e con isto xa remato, presidente—...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...que nos vaian informando. Solicitaremos que se vaia remitiendo información periódica...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...a esta Cámara tamén para saber que medidas van adoptando...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...e cales son os resultados das medidas que adopten.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Réplica, señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Si, grazas.

Na súa primeira intervención, conselleiro, quedou claro que o Goberno galego segue moi de preto a situación que está a vivir o Centro Galego de Bos Aires, velando para protexer e conservar os fondos que alí hai ante a situación de crise que está a vivir, pero vostede dixo tamén que había que ter en conta que se trata dunha situación duns fondos privados, e que son os donos destes fondos os que, en definitiva, teñen que ter a última palabra. Este aspecto é moi importante, dende o noso punto de vista, posto que aínda que non hai dúbida do interese que suscita en todos o futuro que agarda os fondos patrimoniais que atesoura —ante esa posible venda da mutua, que non do que son os propios fondos, senón da mutua, que é do que se está a falar—, hai que ter moi presente —insisto— que é unha propiedade privada, con todo o que isto conleva.

E neste contexto tranquiliza tamén saber e escoitalle que os propios propietarios, os propios socios do Centro Galego, diferencian e queren preservar en todas as negociacións o que é a parte cultural, a parte de patrimonio cultural que ten gardada alí de todos os seus fondos.

É tamén importante destacar que están protexidos pola lei arxentina; unha lei que é, neste caso, moi garantista respecto da protección do patrimonio de interese. E tamén considero que hai que salientar que, en todo caso, os galegos que alí están e que teñen necesidade van estar atendidos asistencialmente en todo caso.

Pero, sen embargo, a pesar de todo isto, eu dou por feito que vostedes van seguir dende o Goberno moi de preto as negociacións, van seguir a situación, e seguro que teremos oportunidade de saber como van tamén aquí, en sede parlamentaria. Dende logo, dende o Grupo Popular tamén imos seguir de preto esta situación, e agradecemoslle o traballo que levan feito...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: ...ata o de agora. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche desta pregunta, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): En primeiro lugar, agradecemos as coincidencias bastante amplas que os grupos parlamentarios están tendo, neste caso, coa acción da Xunta de Galicia. Vemos que todos desexamos o mesmo, que todos temos a mesma preocupación; quizais haxa diferenza nos tempos, porque iso é tamén debido, por unha parte, á responsabilidade que ten que ter a acción de goberno, e non vou dicir responsabilidade por parte dos grupos da oposición, pero si vou falar dunha maior alegría por parte dos grupos da oposición para plantexar unha serie de aspectos, xa que, obviamente, se estiveran no ámbito do Goberno, pensarían absolutamente dun xeito diferente, non me cabe a menor dúbida.

Creo que hai unha coincidencia importante. Esa coincidencia é que o que temos que facer dende Galicia é respectar a vontade dos galegos de Bos Aires. Non facelo sería practicamente expropiar a súa vontade ou expropiar a súa forma de ser galegos, neste caso en Bos Aires.

Digo isto porque en todo este proceso de negociación, que é un proceso complexo, duro, supoño que con tiras e afrouxas, obviamente, os galegos de alí sempre dixeron que querían poñer, á marxe de todo este proceso, o rico e importante patrimonio cultural aí depositado, para xestionalo, como fixeron ao longo destas décadas, directamente eles. Creo que esa é unha peza importante e que é algo no que lle agradecemos que pensen igual que pensamos nós.

Tamén creo que é positivo que sexan conscientes —e creo que tamén o acaban de dicir— de que isto está sometido a unha lexislación estranxeira, a lexislación arxentina, e que pese a que sexa un valor cultural innegable para Galicia, para o noso sentimento como galegos, non é menos certo que hai unha lexislación arxentina que ten os seus procedementos e os seus pasos.

A señora Rodil dinos que xa racharon as negociacións. Creo que é unha afirmación francamente, polo menos, atrevida. O que si é certo é que estes bens patrimoniais están rexidos polas leis arxentinas. Son bens privados, dun colectivo privado; e o que tamén é certo é que as mensaxes que temos din que existe unha certa comunión de ideas entre os que queren vender e os que queren comprar respecto, neste caso, dos bens patrimoniais. Noutras cuestións económicas non entramos, non me corresponden a min, pero no eido patrimonial, cultural, do cal vostedes están formulando as preguntas, pois así é.

Como xa dixen, o Goberno galego vai estar moi atendo, está sendo moi atendo e está seguindo moi de preto todas as negociacións tanto a nivel de delegación da Xunta de Galicia, como dos órganos da secretaría xeral, neste caso, de Emigración, coa embaixada. Eu mesmo

tamén acabo de enviar hai moi pouco unha carta, unha misiva, ao ministro de Cultura da nación arxentina manifestando a nosa preocupación sobre este tema e plantexando que este legado cultural goce da máxima protección xurídica para garantir a súa conservación. Tamén tivemos..., eu persoalmente tiveron reunións tamén co Consello da Cultura Galega, e sei perfectamente cal é o seu plantexamento, porque me reunín con eles, a través tamén do Arquivo da Emigración. Eu resumiría a postura da Xunta de Galicia —que creo que é a postura coherente para Galicia, a postura que respecta a vontade dos galegos de Bos Aires e a postura que permite protexer este valor cultural— nunha serie de palabras: a primeira, preocupación; a segunda, prudencia; e a terceira, atención. Atención e acción, pero esa acción non debe, dalgún xeito, adiantar acontecementos nin debe tampouco adiantarse a estratexias. Preocupación, prudencia, atención e acción, e todo isto tendo en conta, primeiro, o respecto á vontade dos galegos de Bos Aires e, segundo, tendo en conta o marco xurídico no cal nos movemos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta de D^a Eva Solla Fernández, do G. P. de En Marea, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do recoñecemento das competencias profesionais e a formación necesaria para a adquisición do título de técnico ou técnica superior en Electromedicina Clínica

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde, señor conselleiro de Educación.

O Real decreto 835/2015 regula o título de técnico ou técnica superior de Electromedicina Clínica, dándolle carácter oficial e validez en toda España. Foi unha demanda pelexada por parte de diferentes profesionais para poder favorecer a formación e a profesionalidade, pero sobre todo para que o servizo que temos nos centros sanitarios sexa o mellor.

Así que, dende que existe este real decreto, temos en España un ciclo formativo para preparar os traballadores e traballadoras que se fan cargo do mantemento e das instalacións dos sistemas e equipos de tecnoloxía sanitaria, pero isto aínda non se aplica ou non hai formación en todas as comunidades autónomas. Esta maquinaria é maquinaria moi especializada, falamos de incubadoras, de mesas cirúrxicas, de electrocardiógrafos, de equipos de TAC, de equipos de radiografía, de maquinaria que non é simple, que é complexa, e que necesita unha formación específica.

Son cinco xa as comunidades autónomas que imparten esta formación de formación profesional, que aposta por unha mellora na cualificación e na calidade asistencial tamén que se ofrece aos pacientes; obviamente, mellores servizos de mantemento e mellores servizos repercuten tamén na calidade asistencial. En Galicia non se imparte esta formación. Gustaríanos que fose así. Pero hoxe nin sequera lle preguntamos por esta circunstancia nin pola oferta pública de emprego —está tamén aquí o conselleiro de Sanidade, que é outra cuestión

que, evidentemente, nos preocupa e que xa a levamos á comisión—, senón que lle preguntamos pola ausencia por parte da Xunta de Galicia desta cualificación profesional.

O Real decreto 581/2017 supuxo a incorporación ao ordenamento xurídico español, ademais, da Directiva europea de recoñecemento das cualificacións profesionais, e é de obrigado cumprimento; polo tanto, existen ferramentas xurídicas abondo, por unha banda, para que vostedes recoñezan unha profesión que existe, e que ademais existe para todo o Estado español —é dicir, non se pode escoller—, e, en segundo lugar, para que vostedes habiliten os mecanismos para recoñecer esas cualificacións profesionais —hai moitísimo ruído...—. Sen embargo, a pesar de estar regulado o recoñecemento desas competencias profesionais e de estar regulada a profesión, en Galicia seguimos sen ter recoñecida esa profesión para estes traballadores e traballadoras, que ademais sofren a externalización.

Polo tanto, temos profesionais formados, temos persoas que teñen capacitación suficiente, incluso experiencia profesional de anos, pero que non poden traballar nos centros do Servizo Galego de Saúde con esa capacitación e, polo tanto, ofrecendo esa formación que xa teñen para a mellora da nosa sanidade. A realidade é que son outros profesionais sen titulación específica os que se están facendo cargo deses aspectos, desas maquinarias, tan sensibles dentro do noso sistema de saúde.

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Polo tanto, señor conselleiro, queremos que nos diga se van recoñecer as competencias profesionais desas persoas, deses profesionais, para que poidan traballar...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: ...no sistema público de saúde. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Boas tardes de novo, señora deputada.

Tentarei darlle resposta a algo que, no fondo, vostede xa sabe, xa que esta cuestión, moi semellante, foi debatida na Comisión 5ª, e tamén porque vostede conta cunha resposta escrita, neste caso da Consellería de Sanidade, que foi entregada en outubro do ano 2017.

Certamente, esta é unha cuestión moi técnica, que abrangue dúas consellerías, e intentarei ser o máis didáctico posible, pero mantendo e gardando o rigor técnico que merece esta pregunta.

Neste caso, hai un real decreto que foi aprobado polo Ministerio de Educación no ano 2015, o Real decreto 838, do 21 de setembro, onde, efectivamente, se establece o título de técnico superior en Electromedicina Clínica, e tamén se plantexan os aspectos básicos do currículo que dá lugar a esta titulación.

E hai un feito que non pode ignorarse. O propio decreto incardina o dito título na familia profesional de electricidade electrónica, e non na familia de sanidade, cuestión que está en relación co previsto na Lei 44/2003, de ordenación das profesións sanitarias. Polo tanto, equiparar esta titulación de FP con outras referidas a profesións sanitarias non se corresponde coa realidade. Vostede, se mo permite, amosa un certo descoñecemento neste ámbito do sector, xa que un técnico superior en Electromedicina Clínica traballa fundamentalmente en mantemento —por así dicilo, de xeito resumido— de máquinas. A competencia xeral do título de técnico superior en Electromedicina Clínica consiste na xestión, montaxe, mantemento de instalacións, sistemas e equipamento de electromedicina clínica, considerando, obviamente, as recomendacións do fabricante, os requirimentos necesarios de calidade e, por suposto, todo o que ten que ver coa seguridade e co mantemento da normativa aplicable.

Pero tamén parece que vostede se esquece doutra cuestión que aparece na disposición adicional cuarta deste real decreto, no que se alude á regulación do exercicio da profesión. A propia norma do Ministerio fala de que o título establecido non constitúe regulación do exercicio da profesión regulada —é unha cuestión, insisto, moi técnica, e estou intentado ser o máis didáctico posible—, porque, dito isto, é posible, dende logo, adaptar o currículo regulado polo Ministerio no real decreto ás características e necesidades de Galicia. Dende a Consellería de Educación poderíase facer; estaríamos á disposición da Consellería de Sanidade para facelo, se é preciso, que é necesario facelo e afrontalo xa. Pero, como xa lle digo, as cuestións que lle acabo de dicir, que son cuestións moi técnicas, sitúan isto fóra, desde o punto de vista profesional e de titulacións, do ámbito puramente sanitario.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Señor conselleiro, hai traballadores, técnicos de Electromedicina na tribuna, e están esperando escoitar unha resposta favorable pola súa banda, porque imaxine vostede por un momento unha cousa: eu mesma, que estudo enfermería, e poñen a facer o meu traballo a calquera outro profesional, poñamos, por exemplo, a un fisioterapeuta, ou poñamos, por exemplo, a un de categoría superior ou de categoría inferior. Non é esa profesión ou non é esa responsabilidade a que se ten que facer cargo das competencias profesionais que eu teño coa miña formación.

Iso pásalles a esas persoas que están na tribuna. Hai persoas que están formadas, que teñen recoñecida a súa titulación por parte do Goberno do Estado e, polo tanto, é de aplicación tamén en Galicia, e, non obstante, non poden traballar da súa profesión. E o que é peor: hai outras persoas sen esa formación facéndose cargo de elementos de mantemento, de ele-

mentos que son sensibles; e estamos falando de maquinaria específica que se utiliza en UCI, en quirófanos e noutros servizos dos servizos públicos de saúde, neste caso.

Polo tanto, non é de recibo que non se lles permita ás persoas titularse en Galicia pero noutras comunidades autónomas si e que despois non se lles recoñezan as súas competencias, e, polo tanto, non poidan traballar do que teñen formación. Hai persoas arriba que están nesa situación. E que noutro caso non se dea a posibilidade de que o noso servizo público de saúde poida ter profesionais específicos. Creo que non se trata dun problema de comprensión lectora —eu creo que vostede tampouco o ten—, senón de que vostedes cumpran coa normativa europea, e evidentemente a do propio Estado español, que regula, por unha banda, as competencias profesionais e, por outra, a profesión de técnico/técnica de electromedicina.

Levamos moito tempo con isto e, ademais, xa temos falado do que supuxo a privatización dos servizos de electromedicina no noso país, con ese contrato falido con Iberman, ese desastre que se fixo por parte da Consellería de Sanidade. E eu creo que xa é hora de que os nosos servizos teñan a posibilidade de ter profesionais titulados e informados, porque os temos, e creo que bastante bos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Peche desta pregunta, señor conselleiro de Cultura.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Señora Solla, na súa segunda intervención creo que no fondo lle vén dar a razón á postura do Goberno, porque vostede está dicindo que unha profesión ten que ter unha regulación e unhas competencias propias atribuídas e que iso está regulado. Vostede citou a enfermería, como calquera das outras, e, efectivamente, hai unha regulación, hai unhas competencias, e así debe ser.

E, neste caso, pois o título de técnico superior en electromedicina clínica pertence á familia profesional de electricidade electrónica e non á familia de sanidade. Creo que iso é moi importante. E queda claro tamén todo isto tanto pola regulación das competencias que vostede citou —e aí coincidimos— como dos contidos que están dentro do propio currículo e por suposto pola atribución docente neste caso.

Vou tirar dunha resposta por escrito que vostede ten, que foi dada pola Consellería de Sanidade en outubro do ano pasado, hai uns meses. Aí dise —dío Sanidade— que carece de fundamento situar este colectivo no que se refire ás súas expectativas de emprego —de emprego futuro, refírome— baixo a dependencia do Servizo Galego de Saúde, nun mesmo plano que os profesionais da área sanitaria de formación profesional, porque se corresponde con outro ámbito absolutamente diferente e que está regulado, como vostede di, por un ámbito xurídico.

Ademais, tamén nesta resposta por escrito se di claramente que non se constata que as institucións sanitarias teñan a necesidade de incorporar aos seus cadros de persoal técnicos cunha titulación da área de electricidade electrónica. E iso vostede sábeo porque lle foi entregado por escrito.

Co cal, no que se refire nese caso ás competencias educativas, a Consellería —como xa lle dixen antes— estaría á disposición, igual que acontece noutras titulacións de formación profesional, de adaptar o marco normativo estatal ás características do ensino galego, sempre e cando dalgún xeito houberse unha necesidade ou unha demanda solicitada ou planteada polos que vostede di que son os potenciais empregadores neste ámbito educativo ou dos estudantes que saben deste ámbito educativo.

Co cal, eu creo que, tendo en conta as competencias, tendo en conta o real decreto e tendo en conta o que lle acabamos de dicir, que vostede xa coñecía, porque lle foi entregado en outubro do ano 2017, a familia profesional e a competencia profesional destes profesionais —que non dubido en ningún momento da súa capacitación nin da súa profesionalidade— está regulada como está regulada, e, por suposto, nós estaríamos sen ningún problema á disposición de facelo sempre e cando pois se precise.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D^a Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns do Goberno galego para acordar a redución do número de camas no novo edificio do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

O señor PRESIDENTE: Déanlle voz ao escano da señora Blanco, por favor.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Agora creo que si.

Moitas grazas, presidente.

Moi boa tarde, señor conselleiro. O avance das tesoiras do seu Goberno en materia de sanidade nótase de maneira especial na provincia de Ourense e, en concreto, no Complexo Hospitalario. Os problemas, que xa viñan acumulados por estas políticas de retallos, a saturación nos servizos de urxencia, esa lista de agarda insoportable en atención primaria, non ter un servizo de cirurxía pediátrica as 24 horas, non telo tampouco de hemodinámica, a falta de camas —provocada tamén polo peche do Hospital de Piñor—, véñense acumular ao que deberan ser solucións e que son os problemas que está a xerar a ampliación do Complexo Hospitalario, por certo, cun ano e medio de atraso e pola que este grupo parlamentario preguntou en numerosas ocasións.

¿Que problemas? Pois moitos e moi difíciles de expoñer en tres minutos. Unha folga de limpeza do servizo de mantemento que se acaba de convocar; problemas nas unidades de coidados paliativos e de psiquiatría; e o que nos trae hoxe aquí: a diminución da dotación orzamentaria de 41 camas a 36. Eu xa sei que non hai unha diminución de camas, que segue e que vai haber 41, pero é certo que os recursos humanos que se van empregar para coidar eses pacientes, para atender eses pacientes, vai ser de 36, o que vai implicar, señor conselleiro, un novo sobreesforzo do persoal ao seu servizo —non sei por que nega coa cabeza,

porque iso é así—, unha merma continua da calidade do propio servizo. E eu o primeiro lle quero preguntar é por que esa redución orzamentaria e cales son os motivos.

Mire, vostede seguramente nega coa cabeza, como está facendo agora mesmo, porque non fala nin escoita o persoal que depende do seu departamento; vímolos esta última semana. O comité de centro estivo pechado unha semana, señor conselleiro, sete días, no *hall* do Complexo Hospitalario, facendo turnos as 24 horas do día, pedindo reunirse co conselleiro de Sanidade, e vostede non fixo absolutamente nada, non se puxo en contacto con eles, non recibiron nin unha soa chamada do Goberno galego nin da delegada da Xunta, nin do alcalde de Ourense, nin do presidente da Deputación, de ningún cargo do Partido Popular institucional, que son os que están a ocupar todas as institucións na provincia de Ourense.

Vostede, señor conselleiro, ¿por que despreza este persoal?, ao que hoxe lle quero agradecer especialmente que estean aquí, porque levan moitos días sen durmir e esgotados, que recolleron exactamente 17.000 sinaturas. Porque está claro que vostede non está co persoal ao seu servizo, pero a cidade de Ourense e a provincia si que o está. E estes días viuse, porque —repito— nunha semana, 17.000 sinaturas.

E eu quérolle preguntar, ademais do porqué desta redución: ¿cando ten previsto reunirse co persoal do centro hospitalario de Ourense?

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, presidente.

En primeiro lugar, dicir que eu non levo no pantalón ningunha tesoiras, pero vostede si leva sempre unha cámara de fotos.

Mire, dicir que a Xunta de Galicia non está implicada coa sanidade en Ourense, despois de facer un investimento de practicamente 50 millóns de euros entre o centro de saúde O Couto e o novo hospital de Ourense, paréceme que é demagóxico, totalmente demagóxico.

Desde logo nós cremos na sanidade, na sanidade pública, cremos e defendémola, e defendémola onde temos que defendela, e para iso temos equipos directivos que estiveron en contacto con todo o persoal e tamén coa mesa, tratando de chegar a acordos, e creo que unha moi boa noticia é que hoxe decidiran deixar ese peche. Creo que é importante que poidan falar, negociar e tratar de coordinar co equipo directivo. Por certo, que xusto antes do peche tiveron unha reunión onde, segundo se di, houbo moi boa resposta por parte da dirección, da xerencia do hospital. Polo tanto, loxicamente nós temos un equipo, que é o que ten que facer ese tipo de labor. Non creo que fagan nada cargos do Partido Popular e por suposto o alcalde de Ourense, que ten outras competencias pero non son as sanitarias.

A realidade é que temos un hospital que coa súa ampliación gañou en funcionalidade e integración, aumentou a súa capacidade asistencial, na confortabilidade, eliminando definitivamente as habitacións triplas, pasando todas elas a dobres e individuais, cunha capacidade máxima de 900 camas.

Vostede mesma, no argumentario que facía, contradí a pregunta que fai, os motivos que levaron o Goberno a tomar a decisión de reducir o número de camas. E dime: non, xa sei que as camas non se reduciron. Entón, ¿por que pregunta isto, se vostede di concretamente que non é así? Estou de acordo con vostede. Non se reduciron, non se reduciron.

A apertura do novo hospital, edificio de hospitalización, o pasado mes de outubro permitiu reordenar a distribución espacial dos distintos servizos do Hospital Universitario de Ourense, agrupando e centralizando as áreas de hospitalización nun único núcleo, formado pola ampliación e os edificios Cristal, cirúrxico e materno-infantil, dedicando o edificio Santa María Nai en exclusiva á atención ambulatoria sen ingreso.

A nova distribución de espazos partiu das propostas da dirección e do grupo de traballo formado por profesional facultativo, sanitario e non sanitario, co obxectivo de centrar e priorizar a funcionalidade e as necesidades asistenciais dos pacientes, en base á proximidade dos servizos que comparten áreas de coñecemento e interdependencia funcional, promovendo a sinerxía entre eles para o mellor funcionamento integral de todo o complexo.

Esta reordenación de espazos permitiu dar resposta a demandas históricas como a unificación nun mesmo bloque de hospitalización de medicina interna, durante anos separada en tres edificios, coa creación de neurociencias, que integran neurocirurxía e neuroloxía,...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro. *(O señor Vázquez Almuíña pronuncia palabras que non se perciben.)*

Grazas, conselleiro. Ten outro turno despois.

(Aplausos.)

Réplica, señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Mire, señor conselleiro, cando queira, pásolle as fotos, vendo que vostede non vai aos centros sanitarios nin ten ningún tipo de contacto, porque teñen que ser outros os que o fan, porque temos un conselleiro que non ten a suficiente humildade nin a suficiente capacidade para escoitar, para baixar —para baixar, e así o digo, na súa linguaxe— ao centro hospitalario a falar co persoal ao seu servizo. Pois mire, esa xerencia coa que vai negociar é que resulta que foi a mesma que chegou a un acordo coa comisión de centro de 41 camas e a propia xerencia bota a culpa á Consellería de Sanidade; entón, póñanse de acordo vostedes en se é culpa da xerencia, se é culpa da Consellería, e deixen de botar a pelota de pimpón dun lado para outro.

E repito: vostede non se puxo en contacto nestes sete días, nin unha chamada para interesarse de cales eran os motivos polos que estes traballadores e traballadoras estaban protestando, igual que a Plataforma da Sanidade Pública, nin unha chamada.

E, si, menciono tamén, por suposto, o alcalde de Ourense, posto que isto está acontecendo na cidade de Ourense, e sinto que o moleste porque sexa do Partido Popular; se fora doutra forza política, noutro momento do que se falou aquí doutro hospital, era día tras día escoitar falar do alcalde de Vigo, señor conselleiro; (*Aplausos.*) co cal, permítame, por favor, que hoxe fale do único alcalde do Partido Popular de toda a Comunidade Autónoma galega.

E dígolle, señor conselleiro,... (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Cidade, perdón, perdón, señorías. Señorías, desculpen. Eu tamén me equivoco, como todo o mundo, señorías, por suposto que si.

E este hospital que fixo vostede, señor conselleiro, que ten wifi, que ten un amplo xardín na terraza, estaría moi ben se se tratara dun complexo hoteleiro, pero non deixa de ser un exemplo máis de cosmopaleitismo deste goberno. (*Murmurios.*) Si, si, si, señorías, non fagan así, porque toda a modernidade do mundo e despois o persoal sanitario sobrecargado cuns esforzos tremendos que teñen que estar facendo. E eu vólvolle preguntar, señor conselleiro...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: ...¿cando ten previsto reunirse co persoal sanitario que está hoxe aquí?

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Peche desta pregunta, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): A verdade, señora Blanco, quitou definitivamente a careta. Está claro que non a preocupa o tema sanitario senón o tema político de Ourense, iso si que a preocupa. (*Risos.*) (*Aplausos.*)

A nós preocúpanos o tema sanitario. E mire, o paletismo que estamos empregando resulta que é recoñecido pola Unión Europea, que nos deu fondos de innovación en Hospital 2050, e somos a primeira comunidade en innovación sanitaria de España; algo teremos; e resulta que en Ourense é a porcentaxe máis alta. Eu creo que non é paletismo, é tratar de coller unha certa estratexia clara. Temos unha poboación envellecida e temos que dar respostas. Europa sabe que somos unha rexión que está imitando e que vai dar seguramente resposta sanitaria ao que vai pasar na Unión Europea dentro de moi poucos anos.

A ampliación do Chou supuxo un investimento de máis de 41 millóns de euros, que permitiron xerar unha nova superficie de 52.000 metros cadrados, dos que máis de 24.000 co-

rresponden á área de hospitalización, con sete plantas e quince unidades, cun total de 472 camas, ben comunicadas co resto das áreas de ingreso, quirófanos, probas diagnósticas...

¿É certo que estes días houbo un pico de atención pola gripe e outros trastornos respiratorios? Si, como no resto de Galicia, como no resto de España e incluso —como dicíamos ao principio desta tarde— tamén en Europa. Pero, curiosamente, en Ourense temos máis instalacións, máis metros cadrados e tamén máis persoal que hai un ano, cando había unha epidemia de gripe, como ocorre todos os anos. E hai tamén incremento de persoal, non só son metros cadrados; porque seguimos dicindo e seguimos agradecendo o magnífico traballo que fan os profesionais todo o día no Servizo Galego de Saúde. E, loxicamente, claro que incrementamos, incrementamos de forma importante esa estrutura, ese persoal, cun incremento do 6 % no que é a contratación que se corresponde exactamente para esas 123 camas a maiores, 105 profesionais contratados máis para atender esta ocupación nun momento de pico de sobreaforo, como utilizamos en calquera outro centro.

Estamos dotando Ourense para os próximos anos, pero non imos quedar aquí, queremos seguir avanzando. E queremos seguir avanzando no Plan director, e quedanos aínda moito que traballar, e queremos mellorar a hospitalización antiga do bloque que estamos utilizando ata este momento. E para iso necesitamos un bo proxecto, que estamos a poñer en marcha, e tamén, evidentemente, poder actuar nun momento en que baixe a ocupación, que non é este momento en ningún ano dos que coñecemos.

Eu creo que hai que deixar esa demagogia e dicir que, desde logo, en Ourense estamos avanzando por unha implicación da Xunta, e que tamén estamos avanzando nas cuestións de persoal, coa estabilización do persoal a través das OPE,...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O conselleiro de SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...que —como digo— somos dos poucos servizos de saúde que as teñen anualmente.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D^a Eva Solla Fernández, do G. P. de En Marea, sobre a inforomación proporcionada pola Xunta de Galicia en relación cos convenios subscritos polo Sergas cunha empresa fabricante de equipos médicos e especializada en tecnoloxía

O señor PRESIDENTE: Pregunta de dona Eva Solla, do Grupo Parlamentario de En Marea.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Señor Almuíña, entre os anos 2016 e 2017, a Xunta de Galicia asinou un convenio marco e catro convenios específicos para as áreas sanitarias de Lugo, A Coruña, Santiago e Vigo coa multinacional estadounidense Medtronic —como vostede xa sabe—, fabricante de equipos médicos e especializada en tecnoloxía. Segundo ese convenio marco, o Servizo Galego de Saúde di que pretende mellorar a eficiencia operativa e contribuír

á xeración dun coñecemento especializado, e di tamén que esa sinatura ten como obxectivo desenvolver o seu coñecemento e capacidade.

A realidade, señor Almuíña, é que os convenios específicos das áreas sanitarias, como, por exemplo, a do CHUS, permiten á compañía reorganizar as unidades asistenciais obxecto do convenio ao seu antollo. A verdade é que vostedes nos queren meter por detrás o que non foron capaces de facer coas unidades de xestión clínica, rexeitadas por parte dos profesionais.

O conxunto global dos convenios permítelle á empresa na xestión hospitalaria das ditas unidades mediante a aplicación de criterios e principios empresariais, obviamente de negocio, avaliando as súas necesidades e intereses, cuestionar ou condicionar a atención médica que presta o Servizo Galego de Saúde nos mesmos, poñendo á disposición desta tanto o conxunto dos recursos públicos como a información do propio sistema público de saúde.

Ante esta noticia, que é absolutamente incomprensible, a Asociación de Pacientes do Hospital de Santiago, con amparo na Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno, e da Lei 19/2013, de transparencia e acceso á información, solicitoulles a vostedes a información relativa aos anexos que acompañan os convenios, tal e como aparece reflectido neles.

Esta deputada fixo o mesmo exercicio. E vostedes contestaron ademais por escrito, a pesar do mandato legal que os obriga a contestar tanto a esas persoas, a esa asociación que o solicitou, como a esta persoa, por ser deputada. Pois vostedes teñen a desfachatez, ademais, de repetir na resposta por escrito, de dicir que vostedes non están defendendo a empresa, pero ampáranse no «segredo comercial», obviando que hai artigos, como o artigo 3.1.a) e o artigo 3.3 da lei, que os obrigan a responder a esta información. E di así ademais o artigo: «No concernente ás obrigas de subministración de información, esta lei será de aplicación a calquera entidade privada que reciba ou xestione fondos públicos ou cuxa actividade teña interese público ou repercusión social nos termos previstos no presente artigo».

Preguntámoslle se vostede e a Xunta de Galicia consideran normal antepoñer os intereses privados por riba do dereito á información da cidadanía. Señor conselleiro, estamos cansos xa de que os intereses das empresas multinacionais estean por diante dos intereses da saúde. Están continuamente penetrando no noso sistema público de saúde, co seu beneplácito, e aínda por enriba temos que asumir a ocultación de información.

Queremos que nos dea resposta e saber se vai dar esa información. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Señor presidente.

Señorías, moi boas tardes a todos.

Como todos vostedes saben, a Xunta de Galicia e as entidades integrantes do sector público autonómico poden celebrar convenios ou instrumentos xurídicos asimilables con outras administracións e entidades públicas e privadas no ámbito das súas respectivas competencias.

A Consellería de Sanidade garante a cobertura pública dos dereitos recoñecidos aos cidadáns e que presta o Servizo Galego de Saúde, como organismo responsable da provisión de servizos e da súa xestión. Como tal, busca de maneira sistemática a mellora das metodoloxías e actuacións que condúzan a uns mellores resultados en saúde, a unha mellora da calidade da asistencia ou unha mellora da eficiencia. Ademais, os nosos centros son grandes xeradores de coñecemento, imprescindible para avanzar nestas melloras.

No eido da sanidade, somos conscientes de que os avances tecnolóxicos contribúen a mellores diagnósticos e tratamentos, e en moitas ocasións a través de procedementos moito menos invasivos e cruentos para os pacientes. Para desenvolver estes proxectos é preciso establecer colaboracións con distintos axentes, desde centros académicos ás empresas. Aquí temos que citar, por exemplo, as unidades mixtas de investigación. Este é precisamente o obxectivo dos citados convenios: avanzar en tecnoloxía que contribúa a mellores diagnósticos e tratamentos.

En primeiro lugar, asinamos un convenio marco que establece as condicións ás que deben axustarse as partes, co fin de articular e executar propostas que resulten eficaces para xerar innovación, co obxectivo de mellorar os resultados na atención sanitaria aos pacientes do Sistema público de saúde de Galicia. Precisamente, neste acordo marco establécese que as actuacións concretas a executar se desenvolverán a través de convenios específicos, nos que se recollerán as condicións necesarias para a súa definición, desenvolvemento, implantación e execución. Convenios que concretan os aspectos técnicos, xurídicos, temporais e as obrigas das partes. Queda explicitamente establecido que o obxecto destes convenios non poderá implicar unha contraprestación económica por materias ou prestacións necesarias para o seu desenvolvemento que poidan ser susceptibles de contratación administrativa, e que non supoñen ningunha obriga comercial nin contraprestación económica a algunha destas partes.

Polo tanto, é claro o obxecto dos convenios, e digo: non teñen por obxecto permitir participar a empresa na xestión hospitalaria. Acaba de dicir vostede que «van reorganizar os servizos sanitarios». Non, son os servizos sanitarios os que seguen dirixindo, como sempre e de acordo a eles, toda a xestión sanitaria.

Os convenios, unha vez asinados, foron publicados na páxina web, de forma que calquera persoa interesada podía coñecelos, como establece a normativa ao respecto. Curiosamente, a deputada ten moita información; polo tanto, tan escuro non debe ser. E das tres peticións que hai, só se rexeitou unha delas, que deixarei para a segunda intervención. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Unha gran resposta, señor Almuíña, da definición do que é un convenio.

Eu voulle definir o que é a empresa Medtronic. A empresa Medtronic é unha multinacional estadounidense que está vinculada aos fondos capital risco, á farmaindustria e á industria da alimentación —a súa directiva vén de General Electric, os mesmos aos que vostedes lles concederon precisamente alta tecnoloxía no Servizo Galego de Saúde—, a fondos tipo Apollo, que teñen hospitais privados, e teñen tamén na súa dirección membros de empresas privadas de oncoloxía e incluso membros de empresas de aeronáutica, tanto civil como militar. Esas son as persoas que xestionan agora parte dos nosos servizos de saúde.

Porque non é certo. Vostedes, a min mesma, respondéronme que non me podían responder e que non era por tapar —digamos— os intereses da empresa, senón que era a teor do segredo profesional.

Efectivamente, hai unha serie de acordos que están publicados ou que foron proporcionados, pero que condicionan as condicións específicas nas que o Servizo Galego de Saúde acorda coa empresa anexos dos acordos, que, ¡oh, casualidade!, son os que vostedes se negan a proporcionar. Pero temos coñecemento, porque algún medio de comunicación publicou o seu contido, que di, efectivamente, que vostedes ceden a maquinaria a esa empresa, que ceden a posibilidade de que proben a súa maquinaria cos pacientes no servizo, que ademais as obras corren a cargo da empresa, a cambio de que vostedes lles deixen utilizar os nosos hospitais públicos, e que a empresa condicionará a utilización en función dos intereses desas probas, desa xestión ou desa suposta investigación que fan nos nosos hospitais públicos.

Vostedes non só ocultan información e menten, senón que facilitan a penetración das empresas privadas. Os doentes non teñen nin idea de que están facendo cos seus datos persoais. Nós non temos nin idea, e incluso ás deputadas e aos deputados lles denegan a información, de por que están vendendo e en que condicións a nosa sanidade pública.

Podía responder e podería tamén facilitar esa información á Asociación de Pacientes. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Solla.

Turno de peche da pregunta, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): A verdade é que non sei para que me pregunta nada, se di vostede que xa coñece máis ca min. A verdade é que é sorprendente, coñece a Medtronic de arriba abaixo. De verdade que ten unha grande información, e di que coñece os anexos que dixemos que non se podía... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*, por unha cautela xurídica. Posiblemente teña vostede unha maior formación xurídica que os asesores xurídicos da Consellería, pero isto é o que din eles. E o que din é o seguinte: concederon o acceso solicitado ao acordo marco e acordo específico cos tres centros hospitalarios, e denegaron o correspondente aos anexos porque entenden que pode haber un problema en canto á confidencialidade dos datos, un segredo comercial ou industrial.

Eu, desde logo, non sei se será así ou non, pero neste momento levouse ao órgano que o ten que regular, e el diranos. De todas formas, creo que non vai ser necesario, porque vostede di que xa ten a información. Polo tanto, podía falar coa Asociación de Pacientes e pasarlle esa información, se o considera.

E dicirlle: estamos neste momento pendentes dese recurso potestativo que a Asociación presentou dentro da Comisión de transparencia e bo goberno. A nós, por un tema, a nosa asesoría dinos isto, que se deben denegar os accesos aos anexos. Se a Comisión o entende noutro sentido, pois que o faga.

De todas formas, dicirlle que todo o que di vostede non ten ningún fundamento. Nós non estamos vendendo nada á empresa privada. Temos uns controis do que son os datos sanitarios, controis totais e absolutos. E o tema máis importante de confidencialidade que hai a nivel público e privado, desde logo, son os datos sanitarios, e nós temos un comportamento de todos os organismos extraordinario, como non podía ser doutra forma. Polo tanto, é o que di.

Os servizos están de acordo e os servizos están coordinando o que sexa para mellorar o diagnóstico e o tratamento dos seus pacientes. E creo que desde a Administración debemos colaborar por mellorar isto. Nalgún momento chamáronnos «paletos», hai dez minutos, por atender á innovación e mellorar o que é a calidade dos servizos sanitarios. E eu creo que Galicia está dando mostras de que está en innovación, que está en investigación. E, desde logo, non imos pór barreiras a dar un servizo que aínda mellore o elevado nivel de calidade que xa ten agora mesmo o Sistema galego de saúde.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a situación a día de hoxe e as medidas adoptadas polo Goberno galego para afrontar a epidemia de gripe nos centros hospitalarios

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidente.

Boa tarde, conselleiro.

Coa súa venia, señor presidente, e co permiso do señor Torrado, voulle formular unha pregunta ao señor conselleiro. Non se sorprenda, señor conselleiro, pois imos falar de gripe, imos falar de sanidade, imos falar de Urgencias. Non imos falar doutras cousas.

Nestas pasadas datas temos asistido a un importante incremento da asistencia sanitaria de Urgencias nos hospitais da rede do Servizo Galego de Saúde en relación co pico anual da enfermidade gripal, que nesta semana parece remitir ata cifras normais nesta época invernal.

Como en anos anteriores, a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia tomou unha serie de medidas para facer fronte coas máximas garantías a este incremento asistencial, con plans de continxencia e reforzos de persoal para minorar no posible as dificultades que se poden presentar nos servizos de Urgencias dos hospitais galegos, do mesmo xeito que ocorre nos doutras comunidades autónomas ou inclusive noutros países desenvolvidos do noso contorno.

Sabemos que este ano tivo unha relativa importancia o adiantamento da presenza epidémica do virus, asemade da prevalencia dun virus tipo B ou Yamagata, non incluído na vacina deste ano por non ter circulado no anterior.

Como noutros anos, a consellería dispuxo unha intensa campaña publicitaria e de educación sanitaria instando as persoas maiores de sesenta anos ou con factores de risco a vacinarse contra a enfermidade. Vacínouse aproximadamente un 57 % da poboación diana, cifra que nos parece escasa diante da evidencia da gravidade das posibles complicacións da enfermidade gripal en persoas de idade avanzada ou con patoloxías concomitantes.

Eu creo que dende o Grupo Popular valoramos —e quero que o saiban os traballadores do Sergas— de forma especial todo o traballo e todo o esforzo dos profesionais, e lamentamos tamén as molestias que se lles teñen producido aos usuarios por estas aglomeracións.

A situación das urxencias dos hospitais galegos tivo unha repercusión moi importante en medios de comunicación, xerando unha importante alarma social diante das acusacións por parte de sindicatos e partidos políticos contra o Goberno da Xunta de Galicia. Por todo o exposto, formulámoslle a seguinte pregunta: ¿como está a situación da epidemia da gripe a día de hoxe?, e ¿que medidas se teñen tomado por parte das autoridades sanitarias galegas para facer fronte a esta situación de incremento asistencial nos nosos hospitais diante desta enfermidade?

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, señor presidente.

Señores deputados, señor Centeno, a verdade é que levamos un día de avaliación de todo o que estamos facendo desde a consellería creo que moi positivo, porque podemos pór enriba da mesa o excelente traballo que fan todos os profesionais do Sistema público de saúde.

Como digo, empezamos xa no primeiro semestre do ano. Empezaremos agora, proximamente xa, a preparar a campaña do ano que vén coa compra de vacinas, que son —como digo— as que se utilizan no mundo occidental, ante as iniciativas e o estudo epidemiolóxico que se soe dar no outro hemisferio para saber que tipo de virus é o que pode afectarnos na seguinte tempada. E, a continuación, empezamos a renovar os plans de continxencia falando

con todos os profesionais; os profesionais están implicados, os profesionais firman os plans de continxencia.

Evidentemente, todo é mellorable, por iso sempre hai unha reavaliación posterior; é dicir, que cousas podemos incorporar. E, desde logo, fixemos unha campaña de vacinación que creo que é exitosa, porque a incrementamos tanto nos pacientes maiores de sesenta e cinco anos, que teñen un risco especial, como tamén nos nosos profesionais: eles están en contacto con moitísimos pacientes con enfermidades crónicas; polo tanto, é moi importante que os nosos profesionais tamén estean vacinados.

E seguimos actuando: fíxose unha ampliación de maior número de camas hospitalarias; lóxicamente, tamén, unha incorporación importante de persoal, reforzos en todas as categorías profesionais.

O outro día falaba co xefe de Microbioloxía do hospital da Coruña. Fan un labor que ninguén coñece: en moi poucas horas, cando chega unha analítica, saben xa que tipo de virus é o que está afectando o paciente, e clasifícanos e hospitalízanos en habitacións determinadas para evitar contaxios. É un labor escuro que ninguén coñece, pero é un labor que leva o preventivista, o microbiólogo..., todos en cadea traballando. Non só falamos de camillas, falamos de todo o entramado que está a nivel sanitario para dar resposta ao que a poboación necesita.

Por iso, cando a xente —determinados partidos políticos— o único que describe son problemas concretos que existen —e existen, polo que temos que dar unha resposta—, non valoramos, non poñemos en valor todo o que están facendo os profesionais continuamente para mellorar esta situación. É un problema —tamén o comentamos— que afecta todas as autonomías, todos os países europeos; en temporada fría, isto ocorre. O que temos que facer é mellorar as instalacións ano a ano, e así o estamos facendo.

Antes púñase o exemplo de Vigo. Non hai moitos anos —co Bipartito— os pacientes para os que non había camas para ingresalos ían a hospitais privados. Neste momento estamos integrando, asistindo directamente cos nosos profesionais...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...tanto no Álvaro Cunqueiro como no Meixoeiro.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Creo que é o que hai que contar, porque...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...se está dando no día a día...

O señor PRESIDENTE: Ten outro turno.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Este é o único traballo dos nosos profesionais.

O señor PRESIDENTE: Ten outro turno.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Núñez.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, está claro que a situación non é a que nos queren facer ver os grupos da oposición.

Desde logo, esta xente, estas persoas destes grupos que gobernaban hai uns anos, aquí, en Galicia, non pensaban o mesmo do que din agora sobre este tema. Daquela dicíase ata que podería haber unha folga xaponesa dos profesionais, que ingresaban os enfermos segundo chegaban ao Servizo de Urxencias; ou membros destacados de plataformas sanitarias, que continúan aí, que afirmaban que os problemas da saturación viñan da falla de educación sanitaria da poboación, que acudía ás Urxencias porque tiña medo de morrer coa gripe. Claro, daquela non gobernaba o PP, non gobernaba o señor Feijóo.

O certo é que calquera hospital ten que estar, e está, dimensionado para atender as necesidades diarias de demanda asistencial, e que en determinadas épocas do ano, ou inclusive diante dalgunha catástrofe —non podemos olvidar o triste accidente de Angrois—, enfronta situacións de estrés asistencial, diante das que as autoridades sanitarias teñen a obriga de tomar medidas para mellorar no posible as molestias aos usuarios e ao sistema.

Aínda que a oposición trate de culpalo a vostede e, por elevación, ao presidente da Xunta de todos eses problemas, sabemos que vostedes non gobernan en Andalucía, nin en Aragón, nin en Valencia, nin en Cataluña, nin nas demais comunidades autónomas onde os problemas son similares aos galegos e, segundo o sindicato SATSE, maiores que os ocorridos nos nosos hospitais.

Instámolo, señor conselleiro, a seguir avanzando nas medidas que se están a desenvolver nas instalacións dos distintos servizos de Urxencias e a seguir elaborando eses plans de continxencia anuais das distintas EOXI, incorporando o persoal necesario e habilitando as camas precisas para estas situacións de aumento da demanda.

Tamén nos gustaría que se estudasen medidas para incrementar a taxa de vacinación e para axilizar as altas hospitalarias dos enfermos ingresados en planta para facilitar a drenaxe dos servizos de Urxencias.

Se vostede o desexa, gustaríanos que ampliase os datos que nos deu na primeira resposta.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez.

Peche desta pregunta, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuiña): A verdade é que cremos que temos que seguir por ese camiño.

Realmente, a utilización deste tema ten outra finalidade, que está claro que é tratar de facer un desgaste do Goberno. Pero eu creo que é un erro, porque, ao final, o que é a sanidade é a sanidade de todos, non é a sanidade dun partido político nin, incluso, dun goberno; é a sanidade de toda unha poboación que paga os seus impostos para que teñamos este magnífico sistema sanitario. Polo tanto, creo que deberíamos ter unha colaboración entre todos para seguir mellorando.

Moitas veces dinse cousas que non son reais, e quero dar algún dato. O número de profesionais traballando na nosa consellería era de 36.500 no ano 2008, neste momento é de 38.050; médicos de familia en 2008 eran 2.434, neste momento 2.600, un 7 % máis; en enfermería, incremento dun 6 % máis, tamén, de traballadoras; no capítulo de persoal, loxicamente, incremento de 1431 a 1500, 136 millóns de euros máis no capítulo I, de persoal; 6133 prazas convocadas nas OPE anuais, que non o fan noutros servizos de saúde.

Pero, tamén, falan de orzamentos e din que nalgún momento diminuíron. No ano 2008, o orzamento do Sergas era de 3.531.000; neste momento, en 2018, acabamos de aprobar un presuposto de 3.783.000 —un incremento do 7,1 %—.

Pero, curiosamente, no artigo 25, asistencia sanitaria a medios alleos —que tanto nos critica a oposición—, no ano 2008 eran 216 millóns, e neste momento 205 millóns: 10 millóns menos, un 5 % menos en gasto en medios alleos que no ano 2008.

Intervencións cirúrxicas, un 6,6 % máis, comparando os dous anos; cirurxía maior ambulatoria, un cen por cento máis, 2008-2017; un 13 % máis de consultas hospitalarias; en canto ao tempo medio de espera —como se remarcou nestes días—, segundo os datos publicados polo ministerio en xullo de 2017 somos a cuarta comunidade con menor lista de espera de tempo medio de resposta cirúrxica de toda España. Creo que é un dato moi positivo. ¿Número de TAC que se facían no ano 2008? 187.000; no ano 2017, 269.000, un incremento do 44 %. ¿Resonancias magnéticas? De 70.000 a 95.000, 34 % máis. ¿Sesiós do hospital de día? De 232.000 a 289.000, un 24 % máis.

Máis actividade, máis persoal, máis presuposto.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moi boa sanidade que creo que entre todos temos que manter.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Remata aquí...

(O señor Torrado Quintela pide a palabra.)

¿Si, señor Torrado? ¿Para que quere a palabra? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, non. Perdón. Perdóenme. Vou preguntar que é o que pasa.

¿Para que quere a palabra?

Déanlle voz ao escano.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Conforme o artigo 76.1, por algunha imprecisión sobre as miñas valoracións da pregunta feita polo deputado Núñez Centeno.


O señor PRESIDENTE: Non observei ningunha imprecisión. *(Murmurios.)*

O señor TORRADO QUINTELA: E, se me permite aclararlle cal foi, podo...

O señor PRESIDENTE: Non, non, non llo vou permitir porque é unha réplica a algo ao que vostede aludiu no seu momento, é a réplica que lle deu neste momento o deputado.

Grazas.

Remata a sesión ás sete e vinte e seis minutos do serán.



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25